

Documento distribuído por
Álbum de mulleres

Liña do tempo

<http://culturagalega.org/album/linhadotempo.php>

IIª versión (13/02/2017)



Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2º andar. 15705 Santiago de Compostela (Galicia)
Tfno.: 981957202 / Fax: 981957205 / xenero@consellodacultura.org

GALICIA

MEDIEVO

- No mundo medieval, as posibilidades que se ofrecen ás mulleres de escoller o marco en que han de desenvolver o seu proxecto de vida persoal son fundamentalmente tres: matrimonio, convento ou marxinalidade.

- O matrimonio é a base das relacións de parentesco e a clave das relacións sociais. Os ritos do matrimonio son instituídos para asegurar un sistema ordenado de repartimento de mulleres entre os homes e para socializar a procreación. Designando quen son os pais engádesse outra filiación á única e evidente filiación materna. Distinguindo as unións lícitas das demais, as crianzas nadas delas obteñen o estatuto de herdeiras.

- Século IV: Exeria percorre Occidente, á par de recoller datos e escribir libros de viaxes.

- Ata o século X danse casos de comunidades monásticas mixtas rexidas por abade ou abadesa.

- Entre os séculos IX e X destacan as actividades de catro mulleres da nobreza galega (Ilduara Eriz, Paterna, Guntroda e Aragonta), que fan delas as principais e máis cualificadas aristócratas galegas destes séculos.

- Entre os séculos IX e XII chégase á alianza matrimonial en igualdade de condicións, posto que o sistema de herdanza non distingue entre homes e mulleres; o matrimonio funciona máis como instrumento asociativo capaz de crear relacións amplas entre grupos familiares coexistentes que como medio que permite relacións de control ou protección de carácter vertical.

- Século X: Desde mediados de século, as mulleres non poden testificar nos xuízos e nos documentos déixase de facer referencia a elas. A idade de casamento para as mulleres é de 12 anos, a dos homes 14. A función básica do matrimonio é ser ferramenta de intercambio e alianza entre grupos familiares. O afán por enclaustrar as mulleres eclesiásticas é crecente. Mesmo, elabóranse escritos en que o corpo das mulleres se identifica coa contaminación.

- Século XI: Moitos mosteiros femininos son importantes centros de poder, de xeito que conformaban activas células integrantes da organización social e económica feudal. Un deses núcleos poderosos, o mosteiro de San Pedro en Ramirás, créase durante a Idade Media en Ourense, do que existen documentos coñecidos desde o ano 1021. A debilidade, a dependencia, a necesidade de custodia e do control por parte dos homes, o distanciamento e o temor son os trazos máis sobresaíntes da presentación da idea da muller que fan os *legistas*, pensadores e canonistas a finais deste século.

- Entre os séculos XII e XIII, as familias con posibilidades económicas fundan mosteiros de mulleres. Créanse así lugares axeitados para as súas fillas solteiras.

- Século XII: Reino de Galicia, participación activa da raíña Urraca neste proxecto xunto ao arcebispo Xelmírez e o conde de Traba, preceptor do rei Alfonso VII. En 1105: as mulleres gozan de estatuto de veciñanza pleno (*Fuero de Santiago*); hai presenza de mulleres no traballo artesanal con diferenza salarial respecto aos homes e a favor destes; as viúvas acceden ao traballo dos esposos, se entran nun gremio, están sometidas ás mesmas normas que os homes, sempre e cando permanezan viúvas ou casen con homes do gremio. Presenza de mulleres nos movementos de protesta pública. Primeiras composicións literarias en galego.

- Século XIII: Fronte á cultura eclesiástica, maniféstase unha cultura distinta, profana, propia das xentes de guerra, con trazos singulares como a exaltación do amor profano, do desexo masculino e do pracer que procuran as mulleres. Vive María Balteira, soldadeira que exerce o seu traballo nos reinos de Castela, Galicia e Al-Andalus. A partir de 1270 aparecen en Galicia os conventos urbanos da man das clarisas instaladas en Compostela, Pontevedra e Allariz. As disposicións civís e eclesiásticas condenan o costume de que os clérigos teñan concubinas.

- Entre os séculos XIV e XV empeora a situación das mulleres con relación ao matrimonio debido a que a organización de liñaxe e o predominio consecuente dos homes converte en escasas as herdeiras ricas.

- Século XIV: Guerra entre Henrique II e Pedro I de Trastámara na que Galicia participa activamente nun ou noutro bando. Movementos comunais contra os señores nas vilas e nas cidades galegas. A peste negra invade Galicia, alto índice de mortalidade. Presenza de mulleres nos movementos de protesta pública; destaca María Castaña, muller traballadora dun gremio en Lugo. En 1360, Pedro I xura a Declaración de Cantanhede, na que afirma que un ano antes casara con Inés de Castro; esta declaración outórgalle o rango de «raíña despois de morta». En 1380 prohíbese que as fillas e fillos de clérigos e concubinas poidan herdar os bens dos seus pais e parentes.

- Século XV: Primeira sublevación irmandiña (1431). O gremio de correeiros de Compostela prohíbelles ás mulleres pertencer a ese gremio (1442). Os acibecheiros de Compostela permiten que as mulleres desempeñen este oficio sempre e cando non casen con homes que non pertencen a este gremio (1443). Guerra irmandiña (1465-1469). Enfrontamento de Pardo de Cela cos Reis Católicos. Presenza de mulleres nos movementos de protesta pública. Fúndase un burgo mariñeiro, asentamento que co tempo dará orixe a Vilagarcía de Arousa (1461). Juana Díaz de Lemos funda en Ferrol un hospital da caridade. Vive na segunda metade de século Constanza de Castro, a filla rebelde do Mariscal Pardo de Cela. Juana Díaz de Lemos funda o primeiro centro de atención ao peregrino en Ferrol. Leonor Garrido exerce como cirurxiá en Compostela en substitución do seu esposo *maestre Fernando çurgiano*.

Século XVI

- Imposición do castelán como idioma escrito nos mosteiros, conventos, na vida legal, etc.

1504:

- Nace en Pontedeume Isabel de Castro y Andrade.

1525:

- Fúndase a Universidade de Santiago de Compostela.

1528:

- Constitúese o Reino de Galicia en Santiago de Compostela.

1533:

- O 11 de xaneiro a Xunta de Goberno do Novo Reino de Galicia acorda a creación das provincias da Coruña e Tui.

1541:

- O sínodo realizado en Mondoñedo deixa constancia do medo que os homes tiñan ao maleficio que as mulleres lles podían ocasionar e, ademais doutras leis, establece as diferenzas no vestir e no estar entre solteiras e casadas; establece, ademais, que o ensino da doutrina se dea a nenos e nenas.

1563:

- Homes e mulleres están sometidas a un dobre marco legal: o da monarquía (lei civil) e o da igrexa (lei canónica), que a partir deste ano, tras a celebración do Concilio de Trento, actúan de modo conxunto e coordinado.
- María Sarmiento crea no convento dos dominicanos de Viveiro o Colexio da Natividade para quen queira asistir a clases de gramática e teoloxía moral.

1567:

- Entre este ano e 1574 fíxase en Compostela un Tribunal da Santa Inquisición. A súa apertura ten a intención de apoiar a imposición das normas emanadas do Concilio de Trento; trátase dun tribunal tardío e menos activo que os existentes en Castela debido á actitude antiinquisitorial dos poderes locais.

1573:

- Perda dos dereitos de arribada do comercio de América.

1575:

- Primeiro auto de fe da Inquisición.

1576:

- Danse casos en que as mulleres, á falta de homes, poden bautizar os nados en caso de necesidade e perigo de morte; neste sentido, algunhas parteiras son instruídas nas constituicións sinodais.

1577:

- Proceso inquisitorial de María Rodríguez en Tui.

1580:

- Desde este ano ata 1620, endurecéanse as normas gremiais que permiten a entrada de mulleres, en especial son excluídas do proceso de aprendizaxe.

1582:

- A costureira Ana Gómez foi condenada polo Tribunal da Inquisición de Compostela a 100 azoutes por feiticeira, por invocar a demos e ler un libro de certas letras que aprendera cunha feiticeira portuguesa.

1589:

- Defensa das costas galegas fronte aos ataques ingleses; destaca María Pita.

1595:

- Isabel Barreto parte do Perú nunha expedición transoceánica e no decurso desta, tras a morte do seu marido, pasa a ser nomeada *general*, gobernadora da expedición e *Adelantada del mar Océano*.

Século XVII

- De novo as costas galegas están ameazadas por corsarios e piratas; ante esta situación, as mulleres volven ser protagonistas da súa defensa, como é o caso de María Soliña en Cangas (O Morrazo).

1602:

- Tras a batalla de Kinsale, na que Inglaterra impón o seu poder sobre Irlanda, chegan centos de exiliadas e exiliados procedentes de Irlanda.

1604:

- Isabel de Acosta, unha xudaizante portuguesa, suicídase para se defender da tortura da Inquisición.

1610:

- Introdúcese no Barbanza o cultivo do millo.

1611:

- En Laxe, unha muller da parroquia de Carantoña, acusada por trece testemuñas, é encarcerada pola xustiza civil e sometida a tortura co resultado da delación de 200 persoas.

1617:

- María Soliño é acusada de bruxaría ante o Tribunal da Inquisición.

1622:

- Galicia compra o dereito a voto en Cortes.
- As constitucións do bispado de Ourense confirman o costume de que mulleres e homes estean separados nas igrexas para oír misa e os divinos oficios.
- Os inquisidores de Compostela reclaman un caso de bruxaría aberto na Guarda contra María Fernández e Dominga do Río, ás que someteu a tormento ata facelas confesar.

1626:

- Ana de Castro é declarada feiticeira, mentireira e adiviñadora pola Santa Inquisición.
- O comisario inquisitorial suspende a sentenza de morte na fogueira de Catalina da Igrexa e Elvira Martínez, acusadas de iren a aquelarres e seren bruxas.

1633:

- Constrúese unha armada galega para a defensa da costa.

1650:

- Lucía Fidalgo pasa polo seu cuarto proceso inquisitorial.

1651:

- Ana de Castro volve ser xulgada pola Inquisición.

1651:

- Varias nobres irlandesas, como Mariana de Burg, Margarita Relly ou Margarita Black, chegan a Galicia buscando a protección e a «piedad católica de España».

1654:

- Frei Bernardo de Ontiveros prohibe a música e os bailes de monxas ou segres na portaría e nos locutorios dos conventos, tamén os disfraces e as comedias.

1685:

- Instálase en Sada a primeira industria téxtil destinada a producir velas para os navíos da armada.

1691:

- A veciñanza de Ferrol e Mugardos obtén a exención de levas de tropas a petición da raíña Mariana de Neoburgo, casada con Carlos II, en agradecemento pola boa acollida recibida en 1660.

- Nace Rosa María de Castro y Centurión, XII condesa de Lemos, unha das «damas ilustres» que nos séculos XVII e XVIII souberon manexar con habilidade as regras do xogo social e xenérico da época, demostrando un poder implícito que as habilita para adoptaren decisións de peso en todos os ámbitos da vida pública.

1694:

- Margarita Pardo de Cela funda unha cátedra pública de Artes en Viveiro.

1700:

- Entre este ano e 1808 son procesadas 74 mulleres e 372 homes por actos de bruxaría, realización de aquelarres e tratos co demo.

Século XVIII

- Existe o costume legal consistente en que as solteiras embarazadas tiñan que comparecer ante a xustiza para *espontanearse* das súas fragilidades e publicar o seu embarazo.

- Tres ilustrados galegos abordan a defensa das mulleres nalgunha das súas obras: Vicente do Seixo e os frades Feijoo e Martín Sarmiento.

- A ilustrada María Teresa Caamaño queima a súa produción escrita.

1717:

- Benita Rosenda da Roche, de Marín, xunto co francés Bartolomé Gelabert son procesados e incomunicados por ocultar libros prohibidos.

1726:

- A cidade de Ferrol é designada capital do Departamento Marítimo do Norte e nela instálase o estaleiro real.

1730:

- Dáse un dos casos de procesamento colectivo (en xeral tiñan carácter individual) a seis mulleres acusadas de realizar maleficios e bruxaría.

1734:

- Nace María Francisca de Isla y Losada, que tamén chegará a ser coñecida como «Perla negra», «Musa compostelá» ou «Filis».

1737:

- María Antonia Pereira do Campo comeza a escrita dun relato autobiográfico que terá o seu remate en 1755.

1738:

- O alto número de falsas delacións por maleficio e bruxaría levan a que o tribunal inquisitorial de Compostela pida a intervención do Consello da Suprema.

1747:

- A Real Audiencia de Galicia prohibe que as mulleres solteiras se despracen para o desempeño de traballos estacionais agrícolas.

1748:

- Por iniciativa de María Antonia Pereira do Campo, *a monxiña do penedo*, establécese en Compostela o primeiro convento carmelita.

1749:

- Comeza a construción da estrada A Coruña-Madrid.

1750:

- Créase en Ferrol unha enorme base naval, que o converte nun polo de atracción de homes inmigrantes.
- Nesta altura, o aumento do consumo alimentario potencia as posibilidades laborais das mulleres no pequeno comercio.
- Joaquina de Oca ten señorío sobre 924 vasalos (unhas 4000 persoas), María Josefa Sarmiento sobre 221 e Inés Freire e Josefa Garza sobre uns 100.

1753:

- En Tui, Rosa Francisca de Montes administra a Renda do Tabaco; en Mondoñedo Vitoria Verdes Montenegro é tesoureira de Rendas Provinciais, ambas ocupan estes cargos tras morte dos seus homes, aos que suceden.

1757:

- Estala nas vilas de Corcubión e Cee, e conta cunha alta participación de mulleres, un dos motíns ludistas máis vellos de Galicia nos sectores pesqueiro e de salgadeira, afectados pola primeira onda industrializadora.

1760:

- Existen 36 casas nobres con títulos galegos cuxas mulleres, desde o berce ou desde a súa voda, gozan de importantes privilexios.
- Falece en Santiago de Compostela María Antonia Pereira de Andrade, fundadora do convento das Carmelitas Descalzas desta cidade a mediados de século.

1761:

- Créase unha sala específica para causas criminais.
- Fúndase en Compostela o colexio da Compañía de María, que dá oportunidade de escolarización a un gran número de nenas.

1762:

- Debido á demanda de traballo procedente de Castela, a Real Audiencia de Galicia flexibiliza a prohibición de 1747 sobre os desprazamentos de mulleres solteiras e permite que tanto estas como as casadas que fosen fillas ou irmás de segadores se despracen para o desempeño de traballos estacionais.
- O mestrescola Juan de Ulloa funda un centro de primeiras letras permanente e gratuíto en San Xoán de Noceda (Lugo) para atender nenos e nenas de varias parroquias veciñas.

1763:

- Toma corpo un novo motín ludista en Redondela, mulleres e homes de mar desta vila revélanse contra os fomentadores de Vigo.

1764:

- Instálase na Coruña a Administración dos Correos Marítimos, que supuxo un importante revulsivo portuario e económico para a cidade polas posibilidades comerciais que abriu con América.

1765:

- Novos xermolos de protestas de homes e mulleres ludistas no sector pesqueiro da vila de Cangas.

1773:

- Neste ano e ata 1779 sucédense expedicións de familias galegas para poboar Uruguai.

1778:

- Por mandato de Carlos III iníciase o envío de familias pobres do *Reino de Galicia* á Patagonia para «defendela» e fomentar as salinas e as salgaduras.

1782:

- Emerxen conflitos de mulleres e homes ludistas no sector pesqueiro da cidade da Coruña.

1783:

- Créanse Sociedades de Amigos del País, nas que participan mulleres como membros activas.

1786:

- Josefa Amar y Borbón publica *Discurso en defensa del talento de las mugeres, y de su aptitud para el gobierno, y otros cargos en que se emplean los hombres*.

1788:

- María Reguera y Mondragón le ante a Sociedad Económica lucense un *Discurso* propio da Ilustración sobre o tema educativo.

1789:

- Fúndase a Xunta de Señoras de Ferrol.

1794:

- Varias leis despenalizan o abandono de crianzas e declaran o carácter lexítimo das crianzas expósitas.

1797:

- A primeira estatística oficial e xeral de escolas dá conta da existencia de 561 escolas de primeiras letras para nenos, con 567 mestres e 14 533 alumnos, e de 89 para nenas, con 94 mestras e 1699 alumnas.

1798:

- Inés Joyes y Blake escribe *La Apología de las Mujeres*.

1800:

- Publícase o primeiro xornal de Galicia: *El catón compostelano*.

Século XIX

1801-1810

1801:

- Vicente do Seixo publica *Discurso filosófico y económico político sobre la capacidad o incapacidad natural de las mugeres para las ciencias y las artes; y si en razón de su constitución, o por defecto de su potencia intelectual, y organización física, deben o no tener otras ocupaciones que las de la rueca, calceta y aguja, como pretenden algunos hombres, o deberá dárselas otra educación que las que se las da actualmente, y cuál sea ésta*.

1803:

- Isabel de Zendala, recoñecida como a primeira enfermeira da saúde pública internacional, sae do porto da Coruña coa Real Expedición Filantrópica da Vacina da Variola.

1806:

- Nace Juana María de Vega Martínez, quen chegará a participar activamente da vida política do Estado e dará corpo a novas propostas de carácter social.

1808:

- Constitución da Junta Suprema del Reino de Galicia.

1809:

- Fin da Guerra da Independencia en Galicia.
- No mes de xuño, na batalla de Ponte Sampaio, o pobo galego derrota o exército francés.

1810:

- Motín da clase obreira en Ferrol.

1811-1820

1812:

- Mulleres e homes ludistas queiman as fábricas de salgadeira das rías de Muros e Noia.

1815:

- Pronunciamento de Porlier na Coruña.

1820:

- Na Coruña, Acevedo secunda o levantamento de Riego, que dá comezo ao Trienio Liberal.
- A Coruña, Ferrol, Vigo e Pontevedra sublévanse contra o réxime absolutista.
- Nace en Ferrol Concepción Arenal.

1821-1830

1821:

- Nace na Coruña Virginia Felicia Auber y Noya.

1830:

- Homes e mulleres de Portosín, no último intento ludista, asaltan as fábricas de salgadeira.

1831-1840

1831:

- Nace na Coruña Amalia de la Rúa Figueroa y Somoza, chegará a ser «Condessa de Pardo Bazán», nai de Emilia Pardo Bazán e unha grande afeccionada á pintura.

1833:

- Coa reforma administrativa de Javier de Burgos ponse fin de xeito formal ao Reino de Galicia e pásase a unha organización en catro provincias (sete con anterioridade).

1834:

- División en partidos xudiciais.

1835:

- Instalación definitiva das deputacións provinciais.

1835-1836:

- División en concellos.

1837:

- Nace Rosalía de Castro o 24 de febreiro.

1840:

- Inicio do Movemento Provincialista, que defende a especificidade de Galicia.

1841-1850

1841:

- No mes de maio publícase o primeiro número de *El Iris del Bello Sexo: Periódico de Literatura y Costumbres*, publicación mensual para mulleres.

1842:

- Antolín Faraldo no seo da Academia Literaria de Santiago pronuncia a conferencia «Esclavas aún las mujeres, la filosofía del siglo XIX debe proclamar justa su emancipación».

1846:

- Organízase a Junta Suprema do Reino de Galicia.
- Levantamento progresista e galeguista.
- Execución dos mártires de Carral.
- Inaugúrase na Coruña o Liceo Artístico Literario.

1847:

- Debido á gran subida xeral nos prezos, traballadores e traballadoras amotínanse en Fefiñáns, Cee, Vilagarcía, Carril, Vigo, Redondela, Xuvia, Ortigueira, Santiago, Cambados, Cangas, Laxe, Rianxo e A Coruña.

1851-1860

1851:

- Nacemento de Concepción Sáiz (22 de maio), que chegará a ser unha pedagoga ligada á Institución Libre de Enseñanza e que se ocupa da defensa e promoción das mulleres.
- Nacemento de Emilia Pardo Bazán (16 de setembro), que chegará a ser unha importante novelista e ensaísta e que se ocupa da defensa e promoción das mulleres.

1852:

- Nace en Pontevedra Carmen Babiano Méndez Núñez, quen vai recibir desde ben pequena clases de debuxo e participará en varias exposicións de Arte Regional.
- Nace en Santiago de Compostela Eugenia Osterberger Luard, quen chegará a ser unha importante compositora de música culta de raíz galega.

1853:

- Sae á rúa o *Faro de Vigo*.
- Nace en Santiago de Compostela Dolores Rodeiro Boado, quen chegará a ser a primeira escultora galega da que se ten noticia.
- Nace en Xanza (Valga) Teresa Bouchet y Blanco, quen chegará a participar en varias exposicións pictóricas.

1854:

- Unión Liberal reivindica o «sufraxio universal comprensivo de todas as mulleres de probidade».

1858:

- Realízase en Compostela a Exposición Agrícola, Industrial e Artística de Galicia, a única muller que participa nela é Genoveva de A. Rodríguez.

1860-1870:

- Debate feminista na prensa, liceos e ateneos.
- Período de grande actividade literaria de mulleres. Proliferan as publicacións que contan con achegas de mulleres. Os escritos de Concepción Arenal e Emilia Pardo Bazán reclaman reformas legais, dereitos sociais e políticos, mellora e promoción das mulleres e o acceso xeral á educación. No terreo da educación a obra de C. Arenal influirá en pedagogas como María Barbeito.

1860:

- A porcentaxe de analfabetas é moi alta, só un 6% de mulleres sabe ler e escribir.

1861-1870

1861:

- Primeiros Xogos Florais de Pontevedra, estes e os seguintes contan sempre coa participación de escritoras galegas.

1862:

- Nace en Culleredo Sofía Casanova.

1863:

- Publícase a obra de Rosalía de Castro *Cantares gallegos*.
- Juana María de Vega, sendo visitadora das prisións, lelles ás reclusas cartas de Concepción Arenal.

1864:

- Congreso Agrícola Galego.
- Nace en Ferrol Emilia Quintero Calé, quen destacou pola súa calidade artística como pianista e colaborou en revistas e xornais.

1866:

- Publícase *Las literatas*, artigo de Rosalía que afonda no debate sobre o papel e o valor social das mulleres.

1868:

- Publícase a primeira gramática da lingua galega, elaborada por Juan Antonio Saco y Arce.
- Nace en Valga Carolina Otero.

1870:

- Salvador Parga Torreiro no discurso inaugural do curso académico da USC reclama o sufraxio feminino.
- Fúndase a Asociación para la Enseñanza de la Mujer.

1871-1880

1871:

- Resistencia e amotinamento contra as contribucións en varias localidades.
- Créase a Sociedad Cooperativa de Trabajadores 'El Ahorro'.

1872:

- Insurrección republicana-federal no arsenal de Ferrol entre os días 12 e 17 de outubro. Primeira folga xeral.

1873:

- Pérez Costales defende nas Cortes españolas o regulamento segundo o que Galicia debe ser gobernada por galegos.
- Inauguración do primeiro treito galego de ferrocarril Carril-Cornes.
- O grupo republicano federal de Compostela crea un proxecto para a nova organización de Galicia.
- Créase o Partido Republicano Federal Gallego.
- Folga obreira na Coruña.

1875:

- Desenvólvese a Exposición Regional de Santiago, á que concorren, entre outras, Concepción Diéguez, Dolores Rodríguez, Ramona Pérez Acedo e Purificación Rois; esta última é galardoada coa Medalla de Ouro, e Carmen Sancho obtén unha mención honorífica.
- Nace María Vinyals y Ferrés en Mos, quen participará na polémica feminista do seu tempo.

1876:

- Juan Cuveiro Piñol publica un *Diccionario gallego*.
- Convocatoria de certame literario en Ourense coa finalidade de premiar o mellor estudo crítico sobre a obra do frade Benito Jerónimo Feijoo.
- Morre na Coruña Narcisa Pérez Reollo.

1877:

- Entre outras, as pintoras Rosario Costeleiro, Elvira Mesa y Ramos e Adelaida García Ramírez participan na Exposición Regional de Lugo.

1878:

- Sae á rúa *El Correo Gallego*.
- Creación da Escuela de Comercio para Mujeres.

1879:

- Fúndase o Centro Gallego de Montevideo.
- Inaugúrase o Ateneo de Ferrol.
- Da comezo en Ferrol a construción do dique da Campá, onde traballan preto de 200 carrexadoras.
- Nacemento de Aurora Rodríguez Carballeira.

1880:

- Nace na Coruña María Barbeito Cerviño.

1881-1890

- Ao longo da década dos oitenta o movemento obreiro vai desenvolver gran dinamismo.

1881:

- Restablecemento da liberdade de asociación.
- Creación da Escola de Artes e Oficios de Ferrol, primeira destas características nunha cidade galega.

1882:

- Sae á rúa *La Voz de Galicia*.
- A Federación de Trabaxadores de la Región Española celebra o seu Primeiro Congreso Comarcal Galaico de Trabaxadores.
- Estrea da obra *A fonte do xuramento* no Liceo Brigantino da Coruña, é a primeira representación dunha obra teatral en galego.

1883:

- Vía ferroviaria que comunica Galicia co resto do Estado.

1885:

- A Escola de Artes e Oficios de Ferrol incorpora a ensinanza para mulleres.

1886:

- Nace na Coruña María Muñoz de Quevedo.

1887:

- Proxecto para o Estado galaico elaborado pola Asamblea Federal de Lugo; recolle o dereito ao voto das mulleres «como electoras», non como elixibles.
- Congreso rexional sobre educación en Pontevedra.

1888:

- Primeiras probas de iluminación eléctrica en Pontevedra.
- Créase na Coruña a Sociedad de Maestros de Obras y Talleres, de carácter patronal.
- En Ferrol a Sociedad Anticlerical de Librepensadores Martín Lutero funda unha escola para membros.
- A Deputación da Coruña outórgalle á pintora Pilar Pardiñas unha pensión para estudos de perfeccionamento do debuxo en Madrid.

1889:

- Créase en Ferrol a escola laica Miguel Servet.
- Nace na Coruña Syra Alonso e en Santiago de Compostela Juana Brocos.

1890:

- Constitúese en Compostela a Asociación Regionalista Gallega.
- Créanse as primeiras Agrupacións Socialistas e a súa publicación *El Obrero*.
- As cigarreiras da Coruña contan coa asociación Unión Tabaqueira.
- Celebracións do 1º de maio, que terán continuidade ata 1936.
- Nace Ernestina Otero Sestelo, representante da Asociación Libre de Enseñanza.

1891-1900

1891:

- En Ferrol créase a primeira asociación socialista de Galicia.
- A anarquista María Tell publica un artigo dirixido ás mulleres «víctimas de la explotación capitalista» en *O Obreiro*.
- Traslado dos restos de Rosalía de Castro a Bonaval.

1892:

- Inaugúrase o Teatro Jofre de Ferrol, que chegará a se converter nun importante centro cultural e político da cidade; entre as numerosas actrices que actuaron nel atópanse: Pilar Suárez, Carmen Teijeiro, Antonia González, Mercedes González, Araceli Fraga, Josefina Mauriz, Conchita Feijomil, Adela Gómez, Josefina Martínez, Elisa Piñeiro, Avelina Rey e Sita Romero.
- Creación do Colegio Laico de Vigo.
- Emilia Pardo Bazán dirixe a Biblioteca da Muller.

1893:

- Morre a xurista, socióloga e pedagoga Concepción Arenal Ponte.
- O grupo anarquista coruñés «Ni dios ni amo» impulsa a creación do xornal *El Corsario*.

1894:

- Fúndase en Vigo a Federación de Trabaxadores.
- Entre este ano e 1896, Sarah Lorenzana dirixe en Pontevedra a publicación periódica *El Ángel del Hogar*.

1895:

- Nace en Santa María de Guísamo María Miramontes, que chegará a formar parte das Irmandades da Fala.

1896:

- Primeira proba de iluminación eléctrica en Vigo.
- Matriculada a primeira alumna na USC.
- Primeiros núcleos de sociedades de agricultores (Lérez - Pontevedra).
- A Exposición Regional de Lugo conta, entre outras, coa participación de Asunción de Andrés y Pérez, Concepción Constela de Vega e Herminia González Morales.
- Nace en Ponte Caldelas Placeres Castellanos.

1897:

- Primeiros núcleos asociacionistas de xente do mar (O Berbés - Vigo).
- A pintora galega Elina Molíns participa na Exposición Nacional de Bellas Artes de Madrid.

1898:

- Nace en Vigo Olimpia Valencia e na Coruña María Luz Morales.

1899:

- Primeiras organizacións de mulleres nos sextos da conserva (Vigo).
- Ten lugar no Ateneo León XIII unha homenaxe a Rosalía de Castro.

Século XX

1901-1910

- Matriculadas tres estudantes en bacharelato.

- Formando parte do movemento obreiro créanse centros obreiros, ateneos populares, *casas del pueblo*. Consolídanse as organizacións de carácter patronal.

1901:

- Manuela Barreiro Pico vai ser a primeira muller licenciada na USC, concretamente en Farmacia.
- En Tui constitúese a Unión Obrera Galaico-Portuguesa.
- Créanse as Cajas de Auxilio en Beneficio del Personal Obrero de la Fábrica de Tabacos na Coruña.
- Concepción Miranda representa as Sociedades Obreiras de Ferrol nunha protesta polas mortes ocasionadas nunha folga polo imposto de consumos.
- Elisa Sánchez Loriga, convertida en Mario Sánchez, casa con Marcela Gracia Ibeas na Coruña.

1902:

- Créase en Ferrol a escola laica da sociedade Antorcha Galaica de Libre Pensamiento.
- Nace Maruja Mallo en Viveiro, chegará a ser unha das pintoras galegas máis recoñecidas a nivel mundial.
- Morre na Estrada a literata Avelina Valladares.

1903:

- Créase a Escola Rexional Galega de Declamación, primeira compañía teatral dedicada á realización de espectáculos en galego.
- A pintora Dora Salgado remata os seus estudos na Escola de Artes e Oficios de Vigo.
- Nace Pilar Escudero, quen chegará a ser unha debuxante cunha técnica moi depurada.

1904:

- Nace en Carril María Araújo.

1905:

- Créase a Unión de Fabricantes de Conservas de la Ría de Vigo, primeira de carácter patronal.

1906:

- A Real Academia Galega creada na Habana un ano antes é recoñecida publicamente; e, Filomena Dato, Carmen Beceiro de Pato, Sofía Casanova, Emilia Calé, Sarah Lorenzana, Clara Corral Aller, Rita Corral Aller, Elisa Lestache de Caramelo, Ramona de la Peña y Salvador, Mercedes Vieito, Hipólita Moño (Valentina Lago Valladares), Fanny Garrido, Carolina Michaëlis de Vasconcelos, Mercedes Tella e María Vinyals son nomeadas académicas correspondentes.
- Créase a publicación periódica *La Antorcha Galaica*.
- O Centro de Sociedades Obreras de Ferrol pide autorización para crear unha escola laica.
- Créase na Coruña unha Universidade Popular.
- Folgas no sector da construción da Coruña reclamando xornada laboral de oito horas e xornal mínimo de tres pesetas.
- María Araújo, que chegará a ser coñecida como *María a Guerrilleira*, emigra coa súa familia a Cuba.
- A artista galega María Gor Atienza participa na sección de arte decorativa da Exposición Nacional de Bellas Artes de Madrid.

1907:

- Aumentan as organizacións agrarias.
- Creación de Solidaridad Gallega e do seu voceiro oficial *A Nosa Terra*, que vai ser editado por esta organización ata o ano seguinte.
- Fúndase o Centro Gallego de Bos Aires.
- Nace en Noia María Mariño.

1908:

- Sae á rúa *El Progreso* de Lugo.
- Créase na Coruña a Unión Campesina.

1909:

- Gran mitin rexional en defensa da escola laica en Santiago de Compostela.
- A pintora e ceramista Oria García Ramírez é galardoada coa Medalla de Prata na Exposición Regional de Santiago de Compostela; nesta exposición participan tamén as pintoras Mercedes Noya, María Sanmartín e Elvira Santiso; esta última é galardoada coa Medalla de Ouro.
- A pintora Herminia Guerrero é premiada na exposición colectiva celebrada no Teatro Romea de Ferrol; outras participantes desta exposición son Felisa Elvira, Eladía de la Iglesia, María Vázquez, Mercedes Rey Pardo, Concepción Constela de Vega e Antonia Rodríguez.

- Créanse en Ferrol: a Unión Feminina, a Sociedade de Cargadoras e Descargadoras do Peirao de Ferrol, a Sociedade de Augadoras e Augadores.
- A Agrupación Librepensadora de Orense crea unha escola laica neutral.

1910:

- Sae á rúa o primeiro número de *La Región*.
- Felisa Elvira obtén o premio de fin de curso da Escola de Artes e Oficios de Ferrol.
- Jesusa Prado chega a Cuba con 13 anos.
- Nace en Castroverde Enriqueta Otero.

1911-1920

1911:

- Pilar Castillo comeza a súa actividade concertística.
- Nace en Cambados Nieves Fariza Alonso, que chegará a ser coñecida como «A Pasionaria Blanca» polo seu traballo no campo laboralista.

1912:

- Créase en Ferrol o grupo anarquista feminino A Antorcha, entre as súas membros están Amalia Fraguera, Emilia Cora e Rosario Sardina.
- Desde a Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago de Compostela desenvólvese unha incipiente promoción artística, con presenza de produción de mulleres, nos eventos convocados ata 1930 baixo o nome de «pintura gallega».
- A Exposición de Arte Regional celebrada na Coruña conta, entre outras, coa participación das pintoras María del Carmen Corredoyra y Ruiz de Baro e Severina Martínez Cereceda.

1913:

- Creación do Sindicato Católico de Obreras de Santiago.
- Créase na Coruña o Centro Integral para Nenas.

1914:

- Debuta a soprano lírica compostelá Ofelia Nieto.
- Nace en Ferrol Elvira Menéndez, chegará a ser escritora de teatro e narrativa e a intervir en programas de televisión española como *Barrio Sésamo*, *La bola de cristal* ou *Los mundo de Yupi*.

1916:

- Edítase o primeiro número de *A Nosa Terra*.
- Fúndanse as Irmandades da Fala. Desde este momento e ata 1936, calcúlase que un total de 200 mulleres puideron formar parte destas organizacións. Ningunha delas chegou a ocupar postos directivos nin de alta responsabilidade na estrutura das ditas organizacións.

- A pintora Elena Olmos y Mesa participa no Concurso de carteis organizado pola revista *Blanco y Negro* e queda nos primeiros lugares.
- Loitas contra o sistema foral.
- No mes de outubro, na parroquia de Nebra, a veciñanza amotínase e négase ao pago dos tributos extraordinarios impostos polo concello de Porto Son, a resposta da Guardia Civil tradúcese en varias mortes, entre outras a de Francisca Carou, Rosa Cadórniga, Generosa Vidal e a de Ramona Suárez.

1917:

- Sae á rúa o primeiro número de *El Ideal Gallego*.
- En Ourense as Irmandades da Fala promoven a publicación da terceira época de *O Tío Marcos d'A Portela*.
- Efectúase unha nova Exposición de Arte Gallego na Coruña; participa, entre outras, Montserrat Rodríguez García.

1918:

- No mes de agosto créase a Sección Feminina da Irmandade da Fala da Coruña.
- No mes de novembro as Irmandades da Falan organizan a súa I Asamblea Nacionalista en Lugo, que recoñece no seu articulado a igualdade de dereitos para as mulleres e reclama a cooficialidade do galego e castelán.
- Fúndase o Instituto de Estudios Gallegos.
- Créase na Coruña a Sociedad de Obreras Cigarreras 'La Nueva Aurora'.
- Fundación da Liga Española para el Progreso de la Mujer, sociedade constituída por redactoras de revistas feministas e mulleres de grupos feministas cataláns, valencianos, madrileños, galegos e andaluces.
- Ángela Ruíz Robles obtén praza de mestra en Santa Uxía de Mandiá (Ferrol).

1919:

- Créase en Ferrol o Padroado Feminino Concepción Arenal, será Elvira Novo quen asuma as tarefas de secretaría.
- Creación do Centro Obrero de Cultura en Ferrol.
- A presidenta da Liga Mutua de Señoras de Beneficencia presenta no concello de Santiago de Compostela unha solicitude para a construción do Salón Teatro.
- Jimena e Elisa Fernández de la Vega licéncianse en Medicina pola Universidade de Santiago de Compostela.
- No mes de novembro na parroquia carballeza de Sofán, a Garda Civil carga contra a poboación, que quere seguir facendo uso do antigo cemiterio; sáldase cun balance de varias persoas feridas e catro asasinadas: Josefa Bolón Mato, María Caamaño Pallas, Carmen Veira Souto e María Serrano Paz.

1920:

- Matriculadas 427 alumnas en bacharelato.
- Consolídanse grandes organizacións sindicais como a UXT e a CNT.
- En Ferrol, o Grupo Feminino Socialista convoca mitins para reclamar o abaratamento de subsistencias e contra a subida do prezo do pan.

1921-1930

Entre os anos vinte e trinta nacen unha gran cantidade e variedade de asociacións de mulleres, tanto de carácter político como cultural, vencelladas ás Irmandades da Fala, ao PSOE, a organizacións anarquistas, a organizacións republicanas e ao PC.

1921:

- A cantante María Valverde trasládase a Cuba.
- No mes de xaneiro Josefa Parada, Cipriana Oujo e María Fernández, habitantes da illa de Sálvora, realizan labores de salvamento da pasaxe do vapor Santa Isabel, que naufraga na entrada da ría de Arousa.

1922:

- Exposición de Arte Galega en Ferrol.
- A sociedade de mariñeiros da Coruña El Despertar Marítimo crea unha escola racionalista.
- Nace en Oza dos Ríos María Antonia Dans, na Coruña María Casares e en Ferrol Olga Cotovad García, que desenvolverá o seu oficio de xornalista e escritora en revistas e diarios como *A.O.E. de Sidi ifni e África*.
- Nas loitas pola abolición dos foros morre asasinada Cándida Rodríguez, «Mártir de Sobredo».

1923:

- Créase o Seminario de Estudos Galegos.
- As Irmandades da Fala fundan Escolas do Insiño Galego.
- Ten lugar en Santiago de Compostela a Exposición Regional de Bellas Artes na que, entre outras, participan as pintoras María del Carmen Torres González, Lola García Rodríguez, Ermitas Prado, María Rivadulla e Asunción Núñez.
- En Ferrol, a celebración do Segundo Salón Ferrolano de Pintura, conta con carteis publicitarios elaborados por María Cabo.
- María Luz Morales dirixe a revista *El Hogar y la Moda*.
- Créase o Sindicato de Empacadoras 'La Razón'.

1924:

- Fúndase o Museo Provincial de Belas Artes da Coruña.
- Luisa Cuesta Gutiérrez comeza a impartir clases na Universidade de Santiago de Compostela.
- Primeiras cooperativas leiteiras en Pontedeume.
- Ruth Matilda Anderson chega a Vigo para fotografar traxes, costumes e xentes de Galicia para a Society Hispanic.

1925:

- A mestra Concepción Pérez Iglesias é elixida alcaldesa de Portas.
- A pintora María Vázquez intégrase na Sociedade de Amigos del Paisaje Gallego na súa Sección de Pintura.
- A CNT traslada a Compostela a súa sede rexional; as irmás Fandiño, *As Marías*, teñen importantes vínculos con esta organización.

1926:

- O Goberno de Primo de Rivera aproba o Decreto-lei de redención forzosa dos foros.
- Créase na Coruña o Sindicato de Obreros y Obreras Cerilleras 'Unión Cerillera'.
- María Espinosa Arias, Oria García Ramírez (Oria Moreno), entre outras, participan na Exposición de Arte Gallego de Santiago de Compostela.
- Corona González publica os seus primeiros artigos en *A Nosa Terra*.
- A debuxante Josefa Ferrón Sueiras remata os seus estudos na Escola de Artes e Oficios de Ferrol.
- A Deputación de Lugo concédelle unha bolsa de estudos a Ana María Gómez González (máis coñecida por Maruja Mallo) para ampliar a formación en pintura fóra de Galicia.
- Nace en Ferrol Elvira Lacaci, escritora que pertenceu á Xeración poética do 27.

1927:

- Mercedes López Ruzo e Teresa García Cortés son nomeadas concelleiras de Ferrol polo gobernador xeral da provincia.

1928:

- As pintoras Dolores Maristany, Concha Vázquez Martínez e Concha Padín Botana participan na Exposición de Arte Regional de Vilagarcía de Arousa.
- Carmen Cornes emigra á Arxentina con 16 anos.
- A Deputación de Ourense concédelle unha subvención á pintora Vicenta Pérez López.

1929:

- María Victoria Díaz Riva aproba as oposicións de ingreso no corpo de inspectores de educación primaria.
- María de los Dolores del Adalid y González Garrido é nomeada Académica de Honra da RAG.
- Sara Leirós Fernández ingresa no Seminario de Estudos Galegos.
- A pintora María Taboada Deus expón a súa obra na Sociedade de Amigos do Arte de Santiago de Compostela.
- Créase a Organización Republicana Gallega (ORGA).
- Francisca Morlán Ramos monta unha escola en Sada.

1930:

- Matriculadas 956 alumnas en bacharelato.
- Pintoras como Carmen Liñares ou Carmen Novo de Alcaide levan a cabo unha exposición na Sociedade de Amigos do Arte de Santiago de Compostela.
- Créanse a Federación Republicana Galega.
- Créase o Sindicato de Arte Textil 'La Primeira Coruñesa'.
- Reorganízase o Sindicato de Conserveras y Salazoneras 'El Porvenir Femenino' (logo chamado 'El Porvenir Social').
- Nace en Santiago de Compostela Aida Méndez Miaja, que chegará a ser química e investigadora da USC e do CSIC.

1931-1940

1931:

- Os deputados galeguistas votan maioritariamente a favor do dereito ao voto das mulleres.
- Fundación do Partido Galeguista en Pontevedra. No seu tempo de actividade, o número de afiliadas oscilou entre o 3,7 % e o 6% do total e en Ourense chegan a contar con grupo propio dentro da organización. *A Nosa Terra* pasa a ser o voceiro desta formación política e conta cunha sección en que falan as mulleres.
- Créanse na Coruña: o Sindicato de Chavoleras y Mozos de Campo 'El Progreso del Puerto', o Sindicato Profesional de Teléfonos, a Sección de Mandaderas do Sindicato de Profesiones Varias e o Sindicato de Jornaleros y Jornaleras Sastres 'La Progresiva'.
- Constátase a participación de numerosas traballadoras nas manifestacións producidas neste momento de cambio de réxime político, moitas delas forman parte de sindicatos obreiros.
- Pasamento da soprano lírica compostelá Ofelia Nieto.

1932:

- Redacción do Estatuto de autonomía de Galicia.
- Publícase o *Método de lectura*, de Xosefa Vilarelle.
- A Confederación Regional Galaica (CRG) conta con máis de dúas mil afiliadas.
- Créanse na Coruña o Sindicato de Construcciones Litográficas e o Sindicato de Porteros y Porteras.
- Créanse en Vigo o Sindicato de Modistas, Sastras e Sastres e tamén a Sociedad de Empacadoras.
- Créase en Carril o Sindicato de Estibadoras de Carril.
- Créase en Mugardos a Sección de Aguja do Sindicato de Pescadores y Oficios Varios de Mugardos.
- Comeza a se articular no seo do Partido Galeguista a Federación das Mocidades Nacionalistas.

1933:

- Galicia é recoñecida como nación no IX Congreso das Minorías Nacionais de Europa organizado pola ONU.
- O Manifesto de Intelectuais a favor do Estatuto de autonomía para Galicia conta con dúas mulleres na lista de asinantes: María Cruz Pérez e Ernestina Elena Otero Sestelo.
- Créase a Escola Racionalista de Ferrol, inspirada nos criterios pedagóxicos e educativos da Escola Moderna inaugurada por Francisco Ferrer y Guardia.
- Créase na Coruña a Sección de Fábricas de Pastas, Galletas, Azafrán, Carameleros y Bomboneros do Sindicato de Industria de la Alimentación.
- Pasamento de Elisa Fernández de la Vega.

1934:

- A viguesa Emilia Docet, Miss España 1933 e afín ao Partido Galeguista, participa no Mitin das Arengas realizado na Quintana, é a primeira vez que unha muller ocupa un lugar entre as autoridades neste acto.
- A Federación das Mocidades Nacionalistas realiza a súa I Asemblea Nacional.
- A Asociación de Artistas da Coruña inaugura a súa sala de exposición cunha mostra da obra de cinco pintoras galegas baixo o título I Exposición de Artistas Femeninas.
- Isabel Ríos Lazcano afliase ao Partido Comunista.

1935:

- Inaugúrase o aeródromo de Lavacolla, nun futuro será Aeroporto de Santiago.
- As pintoras Guillermina Búa e Concha Padín Botana, a debuxante e humorista Felisa Baudot e a escultora Ana Villa participan no II Certame do Traballo de Galicia de Ferrol, Sección Belas Artes.
- Constitúese a Sección de Empacadoras de Bous do Sindicato de Industria Pesquera (SIP).
- Rita Amparo López Jean intégrase no Partido Galeguista.

1936:

- Apróbase o Estatuto de autonomía, grupos de mulleres farán unha campaña específica no seu apoio.
- O día 14 de marzo, o Pleno do Concello da Cañiza elixe como alcaldesa a María Purificación Gómez González, militante de Izquierda Republicana.
- Manifesto de mulleres nacionalistas ourensás dirixido a todas as galegas.
- CRG conta con preto de 6000 afiliadas.
- Créanse o Sindicato de Conserveras y Atadoras 'La Reivindicadora' de Cangas, a Sociedad de Mariscadoras de Lourizán, a Sección Fábricas de Conservas y Atadoras do SIP de Aldán e a Sección Fábricas de Conserva y Manipuladoras de Pescado do Sindicato General de Trabajadores de Ribeira.
- Rita Amparo López Jean preside a Agrupación Republicana Feminina da Coruña.
- A mediados de xullo a sublevación militar fascista domina Galicia en poucas semanas. Entre as súas prácticas represivas máis sanguentas destacan os fusilamentos e paseos de homes e mulleres.
- Creación das Milicias Gallegas no bando republicano.
- Gran cantidade de persoas foxen para organizar a resistencia e escapar da represión fascista; as mulleres participan directamente na loita e no apoio ás partidas.
- Maruja Mallo participa na Exposición Internacional do Surrealismo celebrada en Londres e Pilar Escudero na Exposición de Arte Moderna da Coruña.
- Juana Capdevielle é paseada no monte da Gándara.

1937:

- Nace en Ferrol Ester Benítez Eiroa. O seu traballo vaise centrar na tradución de obras italianas e francesas.
- Pasamento da debuxante Alejandra Murguía Castro.

1938:

- Carmen Corredoyra e Dolores Díaz Baliño son nomeadas académicas da Real Academia de Belas Artes «Nuestra Señora del Rosario», é a primeira vez que mulleres acadan este título.
- Reparición da cabeceira *A Nosa Terra* en Arxentina.
- Pasamento de Carmen López-Cortón, mestra e escritora vinculada á Institución Libre de Enseñanza.

1939:

- Inicio da guerrilla galega antifranquista.
- Co inicio da II Guerra Mundial, moitas persoas vense na obriga de se exiliar. Algunhas participarán na loita de resistencia, colaboración que, ás veces, vai ter como consecuencia a reclusión en campos nazis de traballo e exterminio. Moitas outras no seu paso por Francia sufrirán reclusión en campos construídos nas praias.
- Pasamento de Joaquina García García, creadora do traxe de augas para os e as mariñeiras.

1940:

- Fundación da Irmandade Galega en Bos Aires.
- Aparecen Hermandades de Labradores y Ganaderos, variante do sindicalismo vertical no agro.

1941-1950

- No traballo a prol de Galicia en América vai ser moi intensa a actuación de mulleres galegas, como Mariví Villaverde, Maruxa Seoane ou Maruja Mallo.

1941:

- Aparición da revista *Galeuzca* en Bos Aires.
- Julia Minguillón gaña o Premio Nacional de Bellas Artes con *A escola de Doloriñas*.

1942:

- Publícase a revista *Saudade* en México.
- Isabel Ponte é encadeada pola súa participación na reorganización clandestina da CNT.
- Pasamento de Amparo López Jean, quen en 1936 fora integrante da Executiva do Partido Galeguista.

1943:

- Créase na Coruña o comité CRG-CNT.

1944:

- Creación do Consello de Galiza en Montevideo.
- Constitución do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento.
- Fundación do Bloque Nacional Republicano Galego en Francia.

1945:

- Emisión de Radio Pirenaica de Ribadeo a Tui.
- Publícase a revista *Posío*.
- Morre en Lugo a activista antifascista Urania Mella.

1946:

- Protestas obreiras coñecidas como «Folgas de brazos caídos».
- Comeza en Lugo a Revolución Progresista Galega.

1947:

- Primeiras emisións en galego da BBC.

1949:

- Francisca Herrera Garrido é elixida membro numeraria da Real Academia Galega; é a primeira vez que unha muller obtén este nomeamento.
- Creación do Padroado Rosalía de Castro e de Cerámicas do Castro.

1950:

- Fundación da Editorial Galaxia.
- O sete de xaneiro morre Castelao en Bos Aires.

1951-1960

1952:

- Sofía Casanova é nomeada Académica de Honra da Real Academia Galega.

1954:

- Inaugúrase o aeroporto de Peinador-Vigo.

1955:

- Inaugúrase na Coruña o novo edificio do Arquivo Histórico do Reino de Galicia.
- Nace en Silleda Marisa Soto.

1956:

- A escritora Elvira Lacaci é galardoada co Premio Adonais de Poesía, é a primeira muller que recibe este galardón.
- Primeiro Congreso da Emigración Galega en Bos Aires.

1958:

- Créase o grupo Brais Pinto en Madrid, composto unicamente por homes.

1959:

- Pasamento de Amalia Méndez Fernández, a fundadora do Cine Quiroga en Marín.

1960:

- Pasamento na Coruña da pintora Florentina Brocos.

1961-1980

1961:

- Antía Cal, recoñecida vangardista na renovación pedagóxica, funda o Colexio Rosalía de Castro en Vigo.
- Nace na Coruña Belén Feliú.

1963:

- Inaugúrase o aeroporto de Alvedro na Coruña.
- O 17 de maio celébrase por vez primeira o Día das Letras Galegas, dedicado a Rosalía de Castro.
- Inauguración da Biblioteca Penzol en Vigo.
- Dispútase a primeira Liga Feminina de Baloncesto.
- Creación do Consello da Mocidade e do Partido Socialista Galego.
- Fundación da asociación cultural O Facho na Coruña.
- Primeiras mobilizacións do estudantado universitario.

1964:

- Decreto polo que se crea o Museo Arqueolóxico Provincial da Coruña.
- Creación en Montevideo do Padroado da Cultura Galega.
- Fundación na Coruña do Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses.
- Creación da Unión do Povo Galego.

1966:

- Estabilízanse as Comisións Obreiras que se veñen desenvolvendo desde 1962.
- O Medina, equipo feminino de baloncesto da Coruña, gaña a liga.

1967:

- Creación da Unión Sindical Obrera.

1968:

- Revoltas estudiantís na Universidade de Santiago.
- Fundación do Partido Comunista Galego e da súa sección de mulleres Movimento Democrático da Muller Galega (MDMG), estas últimas promoven a edición de revistas como *Alborada* ou *A Muller e a loita*.
- Creación da Agrupación de Mujeres Empresarias y Profesionales, que ofrece asesoramento en cuestións fiscais e xurídicas e promove a creación de bolsas de formación para mulleres.

1969:

- O galego é declarado lingua litúrxica.
- Comeza a súa actividade o Movimento Democrático da Muller Galega (MDMG) en Vigo.

1970:

- Naufraxio do petroleiro Policommander na ría de Vigo, que provocou un importante desastre ecolóxico.
- Fúndase en Sada o Museo Maside de Arte Contemporánea.
- Creación do Instituto Argentino de Cultura Gallega en Bos Aires.
- Esposas de traballadores da Bazán encérranse na igrexa de San Xulián para reclamar melloras laborais para eles.

1971:

- Fúndase en Santiago de Compostela o Instituto da Lingua Galega.
- O 25 de xullo comezan as emisións da delegación de TVE en Galicia.
- O Movimento Democrático da Muller Galega (MDMG) de Vigo publica o primeiro número do seu voceiro *A Muller e a Loita*.

1972:

- O galego é declarado lingua litúrxica.
- Grandes folgas e mobilizacións obreiras en Vigo e Ferrol; a do 10 de marzo nos estaleiros de Bazán é reprimida violentamente e remata con dúas mortes e un gran número de feridos; para conmemorar esta xornada establécese o Día da Clase Obreira Galega.
- Creación da Organización Obreira, de Galicia Socialista e de Estudantes Revolucionarios Galegos (ERGA).

1973:

- Primeira Mostra de Teatro Galego en Ribadavia.
- Fundación das Comisións Labregas (CCLL).
- Creación da Fronte Obreira na UPG.

1974:

- En Bretaña representantes de organizacións independentistas de Irlanda, Bretaña, Galicia, Euskadi e Gales asinan a carta de Brest; trátase dunha declaración sobre a loita contra o colonialismo na Europa occidental.
- Edítase o primeiro número da revista *A Fouce* das Comisións labregas (CCLL).

- Fundación da Unión Social-Demócrata, que constituirá máis adiante o Partido Galego Social-Demócrata.
- Pasamento da transportista Celia Rivas Casais, unha das poucas mulleres que desempeñaron esta tarefa na súa época.

1975:

- Creación da Xunta Democrática de Galicia.
- Mobilizacións nas Pontes pola instalación da central eléctrica de ENDESA.
- Fúndase o Sindicato Obreiro Galego (SOG).
- Créase a Unión de Traballadores do Ensino Galego (UTEG).
- Fúndanse a Asamblea Nacional Popular Galega (ANPG).
- Creación do Partido Demócrata Galego.
- Comeza a súa actividade o Movemento Democrático da Muller Galega (MDMG) de Ourense.
- Ascensión Concheiro García, *Choncha*, retorna a Tui logo do seu exilio en México.
- Pasamento no exilio en Estados Unidos de Norteamérica da actriz libertaria galega Aurora Rodríguez, colaboradora das Sociedades Hispanas Confederales.

1976:

- O 31 de xullo créase en Santiago de Compostela a asociación Padroado do Museo do Pobo Galego (MPG); ten como obxectivos investigar, conservar, divulgar, defender e promover a cultura galega en todos os seus ámbitos; e, concretamente, crear e manter un museo ao servizo destes obxectivos.
- O 5 de xaneiro fúndase o Consello de Forzas Políticas.
- Embarranca na ría da Coruña o petroleiro Urquiola e provoca grandes danos ecolóxicos.
- Creación da Intersindical Nacional Galega (INTG) coa confluencia de varios sindicatos sectoriais.
- A organización CCOO conta no seu seo cunha Asamblea de Mulleres das Comisións Obreiras da Cruña.
- Formando parte do Frente Revolucionario Antifascista e Patriota (FRAP) constitúese a Unión Popular de Mujeres de Galicia.
- Comeza a súa actividade o Movemento Democrático da Muller Galega (MDMG) de Lugo.
- Presentación no mes de maio en Compostela da Asociación Galega da Muller (AGM). Conta cunha xunta xestora provisoria e con organizacións en Vigo, A Coruña, Ferrol, Lugo, Compostela, Vilagarcía, Pontevedra e Ourense. Entre abril e decembro desenvolven campañas demandando a despenalización do adulterio e do aborto, e amnistía para as mulleres encarceradas por estes «delitos», organizan charlas e debates arredor da desigualdade legal, traballo, opresión das mulleres, matrimonio e familia, sexualidade, aborto, anticoncepción... A partir de novembro comezan a se coordinar con outras organizacións feministas do Estado.
- Mulleres vinculadas á USC articulan a Asociación Universitaria para o Estudio da Problemática da Muller e a Asociación Universitaria Pro Estudio do Problema da Muller (AUPEPM).

- Créase en Vigo a Asociación de Amas de Casa de Hogar (Zona Centro).
- Fúndase en Vigo a Asociación de Amas de Casa (As Travesas).
- Créase en Vigo a Asociación de Mujeres de Barrio del Calvario y Santa Cristina de Lavadores
- Créanse en Ourense Asociacións de Mulleres de Bohome-Mansilla.
- Fúndase en Vigo a Asociación de Mujeres de Barrio Ciudad Vieja-Berbés.
- Créase en Pontevedra a Asociación de Promoción Cultural de la Mujer.
- Fúndase a Asociación de Mujeres Trabajadoras de La Coruña.
- Fundación en Vigo da Coordinadora Galega de Asociacións Legais da Muller, que aglutina as seguintes organizacións: Mulleres Traballadoras da Cruña, Mulleres de Hogar da Cruña, Mulleres do Ferrol e Comarca, Amas de Hogar das Travesas e da Zona Centro, Mulleres do Barrio do Calvario, Mulleres do Barrio de Santa Cristina de Lavadores, Mulleres do Barrio Ciudad Vieja-Berbés, Asociación de Mulleres do Barrio de Bonhome, Asociación de Mulleres do Barrio de Mariñamansa, Asociación de Mulleres do Barrio do Couto e Asociación Galega de Consumidoras.
- No mes de decembro constitúese en Compostela a Comisión Ciudadana de Santiago Proabstención no Referendo do Día 15.
- Ante as próximas eleccións xerais, no mes de decembro a Asociación Galega de Consumidoras, a AGM, a xunta xestora da AUPEPM e o MDMG (que conta desde este ano con programa propio) inician unha campaña pola abstención.
- Son prohibidos os actos programados pola AGM en Vigo e Ferrol dedicados, respectivamente, á «Discriminación da muller ante o decreto de amnistía» e á «Muller e sexualidade».
- Edítase o primeiro número da revista *Teima*.

1977:

- O catro de xaneiro apróbase a Lei sobre a reforma do Rexistro Civil, pola que se autoriza a imposición de nomes e a tradución dos xa rexistrados en calquera idioma do Estado.
- Inaugúranse, no antigo convento de San Domingos de Bonaval, as primeira salas do Museo do Pobo Galego.
- As organizacións AGM e MDMG publican os cadernos: *Sexualidade feminina e Información sobor dos métodos anticonceptivos*.
- Publícase *A muller en Galicia*, libro teórico feminista de M.^a Xosé Queizán.
- Creación da Asociación Democrática da Muller Galega Concepción Arenal (ADMG). Esta organización, ante as eleccións xerais, apoia o programa do PSOE.
- Fundación da Coordinadora Galega de Asociacións Legais de Muller, que agrupa a Asociación de Mulleres Traballadoras da Coruña, Asociacións de Mulleres do Fogar da Coruña, Asociación de Mulleres de Ferrol e Comarca, Asociación de Amas do Fogar das Travesas (Vigo), Asociacións de Amas do Fogar da Zona Centro de Vigo, Asociación de Mulleres do Barrio do Berbés (Vigo), Asociación de Mulleres do Barrio de Bonhome-Mariñamansa (Ourense), Asociación de Mulleres do Barrio do Couto (Ourense), Asociación de Mulleres de Ribadavia e Asociación Galega de Consumidoras.
- Mobilizacións agrarias.

- Mobilizacións labregas nas Encrobas.
- Folgas en diversos sectores produtivos e en diferentes puntos do país.
- Olivia Posse é ferida pola Garda Civil ao se opor á extracción de area en Baldaio.
- Con motivo do Día Internacional da Muller Traballadora, grupos, colectivos e organizacións feministas maniféstanse o día 6 de marzo en Vigo e o día 8 do mesmo mes en Compostela baixo o lema «Traballo si, abusos sexuais non». Nos dous casos os actos foron interrompidos pola policía.
- Fortes campañas de grupos e colectivos feministas a favor do divorcio.

1978:

- Constitúese a primeira Xunta de Galicia.
- Emma González Bermello asume a Alcaldía de Vigo e permanecerá no cargo ata o ano seguinte.
- Constitúese en Santiago de Compostela a Academia Galega de Ciencias.
- Institúense os Premios da Crítica e, nesta primeira edición, María Uriz é galardoada no apartado Ciencias e Artes da Representación.
- Sae á rúa o primeiro número de *El Correo Gallego*.
- Folgas en diversos sectores produtivos e en diferentes puntos do país.
- Creación de Feministas Independentes Galegas (FIGA).
- Fundación da Asemblea Feminista de Lugo.
- Creación das Secretarías da Muller de CCOO.
- Formando parte da Coordinadora de Organizaciones Feministas del Estado Español (COOFFEE), créase a Coordinadora Feminista Galega (CFG), tamén coñecida como Coordinadora de Organizacións Feministas de Galicia (COOFFG), Coordinadora Nacional de Organizacións Feministas (CNOOFF), Coordinadora de Organizacións Feministas Galegas ou Movemento Feminista Galego (MFG).
- Ten lugar en Vigo unha reunión constituínte da Coordinadora de Frentes de Liberación Homosexual del Estado Español (COFLHEE).
- Intensas campañas de grupos e colectivos feministas a favor do divorcio.
- Campañas e manifestacións públicas de denuncia de violacións por parte de grupos e colectivos feministas
- Forzas da policía deteñen catro mulleres de Cecebre que intentaban impedir os traballos que Autopistas del Atlántico estaban a levar a cabo en Piñeiro e Orto.
- A ADMG «Concepción Arenal», mediante un escrito presentado á Xunta de Galicia, chama a atención sobre a necesidade de fundar unha secretaría da muller dentro do citado organismo autónomo.

1979:

- En Vigo os núcleos feministas das MDMg, FIGA, AGM e ADMG e mulleres independentes únense para crear a Coordinadora Feminista de Vigo (CFV).
- AGM edita un folleto sobre o «Día internacional de loita pola liberación homosexual».
- As ADMG realizan en Compostela o seu Primeiro Congreso Nacional, no que ratifican o seu carácter independente respecto das restantes ADM do Estado.
- Fortes campañas de grupos e colectivos feministas a favor do divorcio.

1980:

- Referendo do Estatuto de autonomía.
- Galicia é recoñecida como nacionalidade histórica con competencias limitadas.
- Olga Gallego Domínguez ingresa na Academia da Historia.
- María Xosé Queizán publica *Recuperemos as mans*.
- O 29 de xuño desenvólvese un Festival feminista en Vigo, neste contexto faise a presentación pública da Coordinadora de Colectivos Gais de Galicia (CCGG), na que tamén participan lesbianas.
- Na praza do Toural de Santiago e no Bispado de Ourense, mulleres feministas encadéanse reclamando unha lei de divorcio máis xusta que a recentemente aprobada polo Goberno.
- Na primavera, AGM-SC elabora o dossier *Aborto: sexualidade non é maternidade, anticonceptivos libres e gratuítos* para todas as organizacións da COOFFEE.
- A CFG celebra o 14 de febreiro como día de san Violentín.
- En Lugo e Vigo disólvese a ADMG. Neste último caso, algunhas das súas compoñentes intégranse como independentes na CFV.
- Pasamento en Vigo da pintora Carmen Rodríguez de Legísima.

1981-1985

1981:

- Primeiras eleccións ao Parlamento autonómico; a primeira lexislatura conta cun total de tres deputadas.
- Josefina López Serantes é finalista do Premio Pérez Lugín de Xornalismo.
- Creación do Colectivo Feminista Independente Galego (CFIG).
- Fundación da Asamblea de Mulleres da Coruña (AMC).
- Creación de Grupos de Mulleres da Universidade (GMU).
- Créase no seo da ANPG unha Comisión da Muller.
- Reorganización da Coordinadora Feminista de Vigo.
- No mes de xuño realízanse en Vigo as II Xornadas de feministas independentes.
- A CCGG publica catro números de *O Aturuxo. Boletín de la Coordinadora de Colectivos Gais de Galicia*.

1982:

- Eleccións xerais, co triunfo do PSOE.
- No mes de maio, a oposición presenta no Parlamento autonómico unha interpelación ao Goberno galego sobre a creación duns medios públicos de comunicación; este feito interprétase como a orixe da RTVG.
- No mes de marzo sae á rúa a revista feminista *A Saia. Boletín do Colectivo Feminista Independente Galego*.
- As organizacións feministas da CFV (MDM, AGM e independentes), a AMC, AGM-SC, AGM-F e AGM-O publican a *Unidade Didáctica 8 de marzo*.
- Créanse as Secretarías da Muller da INTG.

- Encontros sobre o aborto na Coruña.
- A CFV, a AMC, AGM-SC, AGM-F e AGM-O xestionan unha táboa reivindicativa cos deputados do PCG, EG, UPG e PSG, para que estes presenten unha moción ao Parlamento Galego esixindo cursos de coeducación para ensinantes, creación de centros de información sexual e anticonceptiva, gardarías, lavandarías e comedores públicos nos barrios, traballo para as mulleres, regulamentación laboral para as traballadoras do servizo doméstico e comisións de control nas oficinas de emprego.
- Os días 4, 5 e 6 de xuño as organizacións feministas CFV (MDM, AGM e independentes), a AMC, AGM-SC, AGM-F e AGM-O organizan na Coruña os Primeiros Encontros Feministas Galegos sobor do Aborto.
- En Compostela, o caso de violación dunha muller por parte de dous policías municipais leva a que mulleres de organizacións feministas da cidade acudan ao Pleno Municipal do 28 de xuño, no que se vai tratar o caso. As protestas das feministas teñen como resultado o seu desaloxo e a apertura de expediente gubernativo para varias delas.

1983:

- Decreto 222/1983, do 24 de novembro, polo que se asumen e asignan funcións e servizos traspasados polo Estado á comunidade autónoma en materia de protección á muller.
- Creación do Consello da Cultura Galega.
- Mari Luz Villar funda o Estudio de Artes Escénicas de Ourense, unha academia de teatro que ata 1996 representará obras en Ourense, Galicia e Portugal.
- No mes de xaneiro publícase o segundo e último número de *A Saia*.
- Publícase o n.º 0 de *Andaina. Revista do Movemento Feminista -Galicia-*.
- Publícase o n.º 0 de *Festa da Palabra Silenciada*.
- Publícase o boletín *Lúa nova* da AGM-Ferrol.
- A Associação Sócio-Pedagógica Galega (AS-PG) publica a Unidade didáctica *A Mulher hoje*.
- Presentación pública da Asamblea de Mulleres de Pontevedra (AMP).
- O 15 de abril ten lugar en Vigo unha gran manifestación contra a reconversión naval, na que participan grupos, colectivos e organizacións integrados na Coordinadora de Organizacións Feministas de Galicia.
- Grupos, colectivos e organizacións —integrados na Coordinadora de Organizacións Feministas de Galicia apoiados por EG, MCR, PST, UPG, MCG, MGR, ERGA, BNG, PCG, ANG e UMG— presentan unha moción no Parlamento e propostas en diferentes concellos na que piden: 1. derogación do artigo do Código penal referente ás prácticas de aborto e prohibición de medidas anticonceptivas; 2. amnistía para as persoas procesadas e encarceradas por aborto; 3. creación de centros municipais de información sexual nos que se facilite información sobre métodos anticonceptivos e aborto; 4. investigación sobre anticonceptivos eficaces e non prexudiciais para homes e mulleres; 5. lei de aborto libre, gratuíto e sen restricións.
- As organizacións feministas AMC, AMP, AGM-SC, AGM-OU, CFV e SM-CCOO elaboran unha «Carta dos Dereitos da Muller Traballadora» na que se pide a eliminación de todas as formas existentes de discriminación legal e

medidas que potencien a igualdade de trato e de oportunidades entre homes e mulleres.

- AGM-SC acusa publicamente de machista o conselleiro de Sanidade da Xunta polas ilustracións empregadas pola dita institución nunha campaña de vacinación antitetánica.
- Sucédense en diferentes cidades galegas as manifestacións feministas en defensa do aborto.
- Acción feminista en Compostela o 17 de maio, Día das Letras Galegas. Cóbrese cunha tea branca a estatua de Rosalía de Castro, situada na Alameda, cun cartel co lema «Rosalía é nosa».
- Grupos, colectivos e organizacións integrados na CFG participan na manifestación do Día da Patria en Compostela co lema «Sen feminismo non hai solución».
- Os días 12 e 13 de febreiro ten lugar no Pazo de Mariñán o I Primeiro Congreso de Xornalistas de Galicia.

1984:

- Polémica volta dos restos de Castelao a Galicia.
- O 11 de xullo queda aprobada no Parlamento de Galicia a Lei de creación da Compañía Radio-Televisión de Galicia, que dá soporte legal a todo o proceso de posta a punto da Radio Galega.
- Desenvólvense en Vigo as II Xornadas Feministas Galegas.
- Fundación de Mulleres Nacionalistas Galegas (MNG) no seo do BNG.
- Un grupo de mulleres reúnen en Vigo, xermolo dun colectivo feminista que se presentará publicamente ao ano seguinte co nome de Colectivo de Mulleres Feministas Donicela.
- No mes de xaneiro mulleres feministas organizan en Vigo unha Toma da noite contra as violacións.
- «Libertade para andar soias. Traballo remunerado para ser independente» é o lema da manifestación de 8 de marzo convocada por AGM-F, AMC, GMP, GMM, AGM-SC, AGM-OU, AMP, CFV.
- Con motivo do Día Internacional pola Liberación de Lesbianas e Homosexuais (28 de xuño), as Comisións de lesbianas da AMC e da AGM, a AMC, AGM-SC, AGM-OU, AMP, CFV e AMA convocan o día 1 de xullo unha concentración na praza de María Pita da Coruña.
- Pasamento: de Aurora Liste Froján, leiteira e militante comunista; de Eugenia Pereira Rodríguez, a primeira muller en acadar o título de Oficial de Farmacia na USC; de Jimena Fernández de la Vega.

1985:

- Segunda lexislatura do Parlamento autonómico (Goberno do PP); conta cunha deputada.
- O 24 de xullo emite por vez primeira a Radio Televisión de Galicia.
- Con motivo do centenario da morte de Rosalía ten lugar en Compostela o Congreso Internacional de Estudos sobre Rosalía Castro e o seu Tempo, organizado polo CCG e a USC.
- Outórgaselles o Premio da Crítica de Música a Dorothé Schubart.

- Publícase en Ediciones Xistral a obra coral *Rosalía de Castro, unha obra non asumida*.
- *Encrucillada. Revista Galega de Pensamento Cristián* inclúe no seu número de marzo-abril un semimonográfico dedicado ás mulleres.
- Créase o Seminario Galego de Educación para a Paz.
- Fundación de Mulheres Livres.
- Créanse as primeiras organizacións de Mulleres Rurais.
- Mulleres de Ferrol vinculadas con traballadores de ASTANO protagonizan varias accións en contra do peche do estaleiro.
- As denuncias das agresións sexuais centralizan os actos do 8 de marzo baixo o lema «Muller organízate e loita contra os despidos e contra as agresións sexistas».
- O 31 de maio a CNT da Coruña organiza unhas xornadas sobre antimilitarismo. Conta cunha palestra centrada na relación mulleres-antimilitarismo.
- Os días 29 e 30 de xuño teñen lugar en Ferrol os I Encontros de Feministas Lesbianas, organizados pola CFG.

1986-1990

1986:

- Olga Gallego ingresa na RAG.
- Xela Arias publica o seu primeiro libro de poemas.
- No n.º 9 prodúcese un cambio de nome da revista *Andaina. Revista do Movemento Feminista Galego*.
- Publícase *Abrente. Voceiro da Secretaría da Muller da Intersindical Nacional dos Traballadores Galegos*.
- Mulheres Nacionalistas Galegas independízase do BNG.
- Créase en Vigo Alecrín, Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller.
- Desenvólvese en Santiago de Compostela o III Encontro polo Dereito ao Aborto, organizado pola COOFFEE.
- A Secretaría da Muller do SGTE organiza en Vigo as I Xornadas de Coeducación e Sexualidade.
- Grupos, colectivos e organizacións integrados na CFG desenvolven a campaña de autoinculpacións «Estamos facendo abortos» en diferentes cidades galegas.
- O día 5 de marzo as organización feministas do MFG constitúen un Tribunal de Mulleres Feministas contra as agresións sexuais no Auditorio da USC.
- No mes de marzo e baixo o lema «Nen guerra que nos mate, nen paz que nos oprima», ten lugar na Alameda de Compostela unha acampada feminista pola paz convocada por AGM-F, AMC, AMA, AGM-SC, AMP; CFV, SM-CCOO e GMF-SC e apoiada por SN-CCOOM, CNOP, LCR, MCG.
- No mes de decembro o xulgado número 6 de Vigo arquiva a causa contra oito mulleres autoinculpadas en prácticas de aborto.
- Pasamento en Vigo de Mercedes Núñez.

1987:

- María Xosé Rodríguez Galdo é nomeada membro do Pleno do Consello da Cultura Galega (CCG), sendo a primeira muller que forma parte deste órgano (1987-1999).
- Día das Letras Galegas dedicado a Francisca Herrera Garrido.
- No mes de maio publícase o n.º 1 de *Area. Revista das Mulheres Nacionalistas Galegas*.
- Desenvólvese en Vigo a I Bienal de Artistas Galegas; trátase dunha convocatoria organizada por Alecrín e o Concello de Vigo que terá continuidade nos anos 1990, 1994 e 1997.
- No mes de marzo teñen lugar en Compostela os II Encontros Galegos de Feministas Lesbianas.
- No mes de xuño e con motivo do Día Internacional de Liberación de Lesbianas e Homosexuais, a Coordinadora de Comisións de Lesbianas e a CNOOFF fan unha campaña cos lemas «Defendamos con orgullo o noso lesbianismo» e «Defendamos a liberdade sexual».
- Pasamento en Vigo de Olimpia Valencia.

1988:

- Creación da Comisión Interdepartamental da Muller, da que forman parte as Consellarías de Traballo e Benestar Social, Educación e Ordenación Universitaria, Cultura e Deportes, Traballo, Presidencia e Administración Pública, Sanidade, Industria, Comercio e Turismo, Agricultura, Pesca, Economía e Facenda.
- Apróbase o Primeiro plan de acción para a igualdade de oportunidades das mulleres (1988-1991).
- Iniciativa Lexislativa do PSG-EG para crear o Instituto Galego da Muller; non foi aprobada.
- Primeira edición do curso de posgrao Muller, Historia e Sociedade, da USC-IDEGA, que terá continuidade ata 1991.
- Lourdes Méndez publica «*Cousas de mulleres*». *Campesinas, poder y vida cotidiana (Lugo 1940-1980)*, obra que pon en dúbida o patriarcado con igualdade de dereitos e os traballos antropolóxicos androcentricamente nesgados e que desembocan en xeneralizacións a-históricas e esencialistas sobre a Galicia rural e a cultura galega.
- A AS-PG publica *Análise sociolóxica da obra de Rosalía de Castro*, de Francisco Rodríguez.
- Creación da Escola de Mulleres Simone de Beauvoir.
- Fundación da Secretaría da Muller da CXTG.
- Creación da Asociación dos Colectivos da Muller Traballadora (CCMT-CXTG).
- Fundación de Mulleres Progresistas en Vigo e Santiago de Compostela.
- Efectúanse en Compostela as Xornadas Feministas «Violencia machista» da Coordinadora de Organizacións Feministas do Estado Español (COOFFEE).
- No mes de marzo feministas galegas fan un tribunal público no Auditorio da USC contra a violencia sexual.
- Os días 15, 16 e 17 de decembro teñen lugar en Compostela as Xornadas da Muller Rural.

1989:

- Terceira lexislatura no Parlamento, que conta con nove deputadas.
- Lévese ao Parlamento a Iniciativa Lexislativa Popular «Nós mesmas» para a creación do Instituto Galego da Muller; non foi aprobada.
- Fórmase un equipo de traballo multidisciplinar de investigación feminista na Facultade de Filosofía da USC.
- Lidia Senra é elexida secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego (SLG).
- Fúndanse os Premios Alecrín-Alacrán; trátase dunha convocatoria con carácter anual da Asociación Alecrín.
- Publícase en Edicións Xerais de Galicia *Evidencias* de María Xosé Queizán.
- Cambios no nome da revista *Area. Revista das Mulheres Nacionalistas Galegas*.
- Creación de Mulleres Ensinantes do Rosa ao Violeta.
- Folga de traballadoras do sector téxtil na Coruña.
- Ten lugar en Compostela a manifestación de 8 de marzo co lema «As mulleres temos razóns para rebelarnos». Convócaa o MFG, no que nesta altura se integran: AMC, AMA, AMP, AGM-F, AGM-O, AGM-SC, CMFD, CFV, GMU e SM-CCOO. Conta co apoio de BNG, CCOO, LCR, MCG, SGTE.
- No mes de marzo, as organizacións feministas integradas na COOFFG maniféstanse en Pontevedra diante da Audiencia de Pontevedra en protesta pola absolución de dous mozos acusados de violación. Portan unha pancarta en que piden «Inhabilitación para os maxistrados machistas».
- No mes de abril, o MFG fai unha campaña informativa sobre o Proxecto de Actualización do Código Penal, recentemente aprobado no Congreso dos Deputados. Denuncian que o «Goberno Central non tivo a ben incluír ningunha das demandas feministas a respecto do TÍDUO NOVENO que atinxe a violación e aos outros delitos de carácter sexual».
- Pasamento de Enriqueta Otero, defensora dos dereitos civís e guerrilleira republicana, e de María Araújo, *María a Guerrilleira*.

1990:

- En maio, filtradas aos medios desde cargos da propia Xunta de Galicia, aparecen publicadas na prensa unhas «listas negras» de persoal da Radio Galega con indicación da súa tendencia política, o que provoca un enfrontamento político que durou varios meses.
- Na Radio Galega, Victoria Rodríguez sitúase á fronte do *Programa da tarde*; comezan as emisións de *Diario Cultural* con Amelia García nas dúas primeiras temporadas e continuadas logo con Ana Romaní Blanco.
- MNG publica a *Axenda Feminista Galega*, actividade que ten continuidade ata o ano 2006.
- Para conmemorar a data 8 de marzo, a Secretaría da Muller da CXTG-IN edita o libro *Traballadoras*.
- Creación da Asemblea de Mulleres de Marín.
- Fundación, pola confluencia de varios sindicatos de ensinantes de Galicia, do Sindicato de Traballadores do Ensino Galego (STEG); desde o comezo conta con Secretaría da Muller.
- Creación do Centro da Muller Vagalume.

- Fundación da Secretaría da Muller do SLG.
- Creación da Federación Galega de Mulleres Rurais.
- Feministas galegas despregan unha pancarta reclamando «aborto legal xa» no Pleno do Parlamento do 2 de abril e orixinan a suspensión deste.
- No mes de marzo a AGM-SC organiza en Compostela a Exposición Fotográfica Colectiva «Mulleres».
- No mes de febreiro, co lema «Que non se queden contigo, móvete con nós», as organizacións feministas do MFG (AMC, AMA, AMP, AGM-SC, AGM-F, AGM-OU, CFD, CFV, GMU) e a SM-CCOO convocan en Compostela unha protesta a favor do aborto e contra as agresións, violacións e todas as situacións de discriminación das mulleres en xeral.
- Cúmprense vinte anos do pasamento de María Barbeito na Coruña.

1991-1995

Na década dos noventa vai ter lugar a creación das primeiras concellarías da muller, dos primeiros consellos municipais da muller e das primeiras vogalías de mulleres en asociacións veciñais.

1991:

- Creación do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller (SGPIHOM) adscrito á Consellaría de Traballo e Benestar Social; o 10 de decembro este Servizo promove unha primeira Xornada sobre Formación e Traballo para as Mulleres; máis adiante adscríbese á Consellaría de Familia, Muller e Xuventude e pasa a chamarse Servizo Galego de Igualdade (SGAI).
- A árbitra de balonmán Cristina Fernández Piñeiro ascende á categoría internacional.
- A Xunta de Galicia edita *Muller e emigración* de Pilar Cagiao Vila.
- Publícase en Edicións Xerais *Literatura galega da muller*, de Carmen Blanco.
- Úrsula Heinze publica *Mulleres*, obra en que achega os perfís biográficos de María Casares, Margarita Ledo, Ana Kiro, Victoria Armesto, María Moreira, Mercedes Ruibal, María Xosé Queizán e Maruxa Villanueva.
- Comeza a segunda época de *Andaina. Revista Galega de Pensamento Feminista*.
- As organizacións feministas AGM, GMU, MNG, SM-CXTG e SM-CCOO, logo de solicitar unha entrevista coa vicepresidenta do SGPIHOM, son recibidas o 8 de marzo polo conselleiro de Traballo, quen as informa de que o citado servizo non ten organigrama, nin presuposto, nin medidas concretas nin prazos.
- A convocatoria do 8 de marzo das organizacións feministas AGM, GMU, MNG, SM-CXTG e SM-CCOO preséntase cos lemas «8 de marzo: as mulleres contra a guerra», «Que se escoite o noso berro contra a guerra» e «Pola igualdade que fornece a paz. Contra a opresión que alenta a guerra».
- No mes de xuño, as Comisións de Lesbianas do MFG realizan unha campaña pública co lema «Lesbiana que non te discriminen».

- O 28 de xuño, Día Internacional da Liberación Homosexual, o Colectivo Homosexual de Compostela (CHC) e a Comisión de Lesbianas de AGM convocan unha concentración na praza do Toural de Compostela co lema «Lesbianismo. Homosexualidade é natural chegará a ser normal».

1992:

- Plan para a igualdade de oportunidades das mulleres galegas 1992-1994.
- O 5 de febreiro o grupo parlamentar do BNG, a través da súa deputada María Pilar García Negro, presenta unha proposición non de lei para o seu debate no Pleno, relativa a un Plan de Igualdade para o Home, encamiñado a que os varóns recoñezan os seus deberes no tocante ao traballo doméstico.
- Camino Noia, como representante da Universidade de Vigo, é membro do Pleno do CCG e permanece nel ata 1995.
- Embarranca na ría da Coruña o petroleiro Mar Egeo con graves consecuencias para a ecoloxía costeira.
- O 7 de marzo o SGAI organiza en Lalín unha mesa redonda sobre a situación da muller en Galicia.
- A partir deste ano e ata 1996, Viti González comeza a ser a voz das madrugadas da Radio Galega.
- Outórgaselle o Premio da Crítica de Investigación a Begoña Bas.
- Primeira convocatoria do Premio 8 de Marzo de Ensaio da Secretaría da Muller da Confederación Xeral de Traballadores Galegos (CXTG).
- Publícase en Edicións Xerais *Palabra de muller*, composto por traballos literarios de varias autoras e coordinado por Camino Noia.
- Creación do Grupo María Castaña, composto por historiadoras feministas.
- Fundación da Comisión de Mulleres do BNG.
- Creación da Vocalía da Muller da Federación de Asociacións Veciñais Eduardo Chao (Vigo).
- Preséntase no Ateneo da Coruña a Coordinadora Gai-Lesbiana da Galiza.
- Os días 27, 28 e 29 de febreiro desenvólvese na Escola Universitaria de Maxisterio da USC o Simposio Internacional Muller e Cultura.
- No mes de abril, mulleres procedentes de diferentes puntos de Galicia levan a cabo en Padrón unha cea homenaxe a Rosalía.
- No mes de maio as organizacións integradas no MFG dan corpo á campaña «Traballo doméstico ao 50%».
- Con motivo da celebración do 8 de marzo, as organizacións feministas galegas AMC, AMA, AMP, AGM-F, AGM-O, AGM-SC, CMD, CME-SC, CFV, GMU e SM-CCOO convocan unha manifestación en Santiago de Compostela co lema «Mulleres somos, mulleres seremos pero caladas non quedaremos».
- Co gallo da celebración do 8 de marzo, as organizacións feministas ADM, CFD, DM-UGT, MNG, MP, SM-CCOO, SM-CXTG, SM-INTG e as Vogalías da Muller das Asociacións Veciñais de Alcabre, Cabral, Calvario, Lavadores, Sárdoma e Valadares convocan unha manifestación en Vigo co lema «Muller, no teu traballo: se te acosan, denuncia; se te despiden, mobilíza-te».
- As organizacións feministas AGM, GMU, AMC, AMA e CFV fan un chamamento a secundar a folga xeral convocada polos sindicatos para o día 2 de abril.

- Os días 21, 22, 28 e 29 de decembro a CFD organiza no Centro Cultural Caixavigo o Ciclo de cine «Mulleres no cine».
- Cincuentenario da morte da pianista Pilar del Castillo Sánchez e da activista Rita Amparo López Jean.

1993:

- A cuarta lexislatura parlamentaria conta con dez deputadas.
- Creación da Consellaría de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.
- Entre os días 5 e 9 de xullo realízase o curso de verán da USC titulado As mulleres e os cambios sociais e económicos.
- Creación do Premio Xohana Torres da Concellaría da Muller de Santiago de Compostela.
- A obra de Úrsula Heinze *Culpable de asesinato* é galardoada co Premio Blanco Amor.
- O Centro Galego de Arte Contemporánea de Santiago de Compostela abre as súas portas e da cabida a unha exposición sobre Maruja Mallo.
- A oceanógrafa Ángeles Alvariño é distinguida coa Medalla de Prata de Galicia.
- A USC edita *A vida das mulleres na Galicia medieval 1100-1500*, de Carmen Pallares Méndez, e as actas do *Simposio Internacional Muller e Cultura*, de VV.AA.
- Publícase na colección Biblioteca Gallega *As precursoras. Achegas para o estudio da escrita feminina (Galiza 1800-1936)* de Aurora Marco.
- Creación da Federación de Mulleres Progresistas.
- «O noso non é o seu Xacobeu» é o lema co que o MFG convoca a manifestación de 8 de marzo en Santiago de Compostela.
- O Departamento da Muller de UGT e as Secretarías da Muller de CCOO, CXTG, INTG e STEG realizan en Vigo o I Encontro Sindical da Muller.
- Centenario do falecemento de Concepción Arenal en Vigo.

1994:

- No Parlamento galego créase a Comisión para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres (CIDM).
- Outorgáselle o Premio da Crítica de Iniciativas Culturais a Dorotea Bárcena.
- O día 6 de xaneiro sae á rúa o primeiro número do xornal *O Correo Galego*.
- A Asociación Española de Investigación Histórica de las Mujeres (AEIHM) celebra en Compostela o seu II Coloquio Internacional Mujeres y Ciudadanía, la Relación de las Mujeres con los Ámbitos Públicos.
- O n.º 10 de *Información Teatral. Revista Galega de Teatro*, publicado no mes de setembro, é un “Extraordinario muller e teatro”.
- Creación de Mulleres Antimilitaristas.
- Fundación da CIG pola confluencia entre CXTG-INTG, conta con Secretaría da Muller.
- Creación de Inzar.
- Créase na Coruña o Colectivo Coruñés de Gais e Lesbianas (CCGL).
- Fúndase en Santiago de Compostela o Colectivo de Lesbianas Independiente Nosotras Tal Como Somos (CLI-NTCS).

- Afiliadas do SLG da Estrada inician unha serie de accións e protestas co obxectivo de conseguir o dereito á cotización na Seguridade Social Agraria. Este dereito seralles recoñecido polo xulgado dous anos despois.
- Comézase a celebrar a data 24 de maio como Día Internacional da Muller Antimilitarista.
- Ten lugar en Vigo o Ciclo Internacional de Videocreadoras «Rompendo tabús».
- Publícase o único número de *Rebelión. Revista das Mulheres Nacionalistas Galegas*.

1995:

- II Plan para a igualdade de oportunidades das mulleres galegas 1995-1997.
- O Auditorio de Galicia en Compostela acolle a exposición A Arte Inexistente. Artistas Galegas do Século XX; é a primeira vez que se leva a cabo unha revisión histórica das artistas galegas.
- O Premio da Crítica de Creación Literaria recae na obra de Marilar Aleixandre *A expedición do Pacífico*.
- Edicións Xerais publica *Nais, damas, prostitutas e feirantas*, de Carmen Blanco, e Nigra Tea, da mesma autora, *O contradiscurso das mulleres*.
- Espiral Maior publica *Escrita da certeza. Por un feminismo optimista*, de María Xosé Queizán.
- A Semana de Filosofía de Pontevedra, organizada pola Aula Castelao de Filosofía, céntrase na relación «Filosofía e Xénero».
- Creación do colectivo Donas de Nós.
- Fundación da Asemblea de Mulleres de Galiza Nova (AM-GN).
- Co lema «Igualdade» desenvólvese o 8 de marzo en Santiago de Compostela a manifestación convocada por AGM-SC, CMERV, CM-GN, M-CNT, GMU; MNG, MXA, SM-CCOO e SM-CIG.
- Pasamento da pintora Maruja Mallo en Madrid, da armadora Carmen Pérez García en Noia e da escritora Elena Quiroga na Coruña.

1996-2000

1996:

- A quinta lexislatura parlamentaria conta con 17 deputadas.
- Decreto 79/1996, do 29 de febreiro, sobre asunción da ampliación de medios producida polo Real decreto 91/1996, do 26 de xaneiro, de medios adscritos aos servizos da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 2834/1983, en materia de protección á muller e a súa asignación á Consellaría de Familia, Muller e Xuventude.
- Desde o 29 de novembro Luz Pozo Garza forma parte da RAG.
- Pura Vázquez Iglesias recibe o Premio Trasalba.
- A Xunta de Galicia publica *A prostitución no sur de Galicia* de VVAA.
- A USC edita *Mujeres e institución universitaria en occidente* de VVAA.
- Xerais publica *Álbum de Galicia. Os galegos pintados por si mesmos. A muller tradicional* de VVAA.

- O Seminario de Estudos Galegos publica *As mulleres nas cantigas medievais* de Esther Corral Díaz.
- No mes de xullo publícase o n.º 0 de *Deliberadamente. Folha informativa de activismo feminista*, editada por MNG.
- Edítase o 1º número de *Unión Libre: Cadernos de Vida e Cultura*, dedicado integramente a mulleres e literatura.
- Creación da librería María Balteira en Santiago de Compostela, que conta cun importante apartado en temas relacionados coas mulleres e os feminismos.
- Xéstase a Asociación Mulleres Cristiás Galegas.
- O SLG inicia unha serie de accións de denuncia e loita que teñen como obxectivo a consecución da titularidade das explotacións agrarias para as mulleres galegas.
- As Secretarías da Muller da CIG, CCOO e UGT organizan en Vigo os días 22 e 23 de febreiro o II Encontro Sindical da Muller.
- Pasamento en París de María Casares, en Sada de Francisca Morlán, en Lebosende de Marisa Soto e na Coruña de Carmen Pérez Gómez.

1997:

- O 17 de xuño apróbase no pleno do Parlamento os ditames propostos pola CIDM coas seguintes temáticas: política institucional, política laboral, servizos sociais, educación, cultura e medios de comunicación, saúde.
- A Asociación de Actores e Actrices de Galicia crea os Premios de Teatro María Casares, que constan de trece categorías ou apartados representativos do traballo realizado, tanto diante como detrás do pano, e do Premio de Honra Marisa Soto, que reconece a traxectoria profesional.
- Son galardoadas co Premio María Casares Casilda García (Actriz Protagonista), Mónica García (Actriz Secundaria) e Carmela Montero (Maquillaxe).
- O Premio da Crítica de Creación Literaria é outorgado a Pilar Pallarés por *Livro das devoracións*.
- Publícase en Laiovento *Corpo de muller, Discurso, Poder, Cultura*, de VVAA.
- Edicións Xerais edita *As mulleres na historia*, do Grupo María Castaña.
- O Patronato Rosalía de Castro, no cincuentenario da Fundación Rosalía de Castro, publica *Daquelas que cantan... Rosalía na palabra de once escritoras galegas*.
- Estréase a película *Inés de Portugal*, baseada na vida de Inés de Castro.
- Mulleres Progresistas convocan a primeira edición do Premio de Novela 8 de Marzo.
- Toma corpo a Coordinadora Unitaria de Apoio á Modificación da Lei do Aborto.
- Creación de Mulleres Cristiás Galegas Exeria.
- Fundación da organización de mulleres xornalistas Mulleres Galegas na Comunicación MUGACON.
- Creación na Coruña do colectivo feminista Noveluas-FEIN.
- Creación en Lugo do colectivo feminista Donas de Nós.
- Fundación da Comisión da Muller dos CAF/CAE.
- Creación da Comisión da Muller da AMI.
- Fúndase en Santiago de Compostela BOGA. Colectivo de Lesbianas de Galicia.

- Créase na Coruña a Organización Coruñesa de Lesbianas (OCLE).
- Fúndase en Lugo o grupo de autoapoio Gais e Lesbianas de Galicia (GALEGA).
- Créase en Ourense Liberdade Homosexual (LH).
- GMU, CAF e USC organizan a 1ª Xornada de Muller e Economía na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.
- «Paremos a violencia e a discriminación» é o lema da manifestación do 8 de marzo convocada en Vigo por AGM, Alecrín, MNG, CFD, SM-CCOO, SM-CIG, DM-UGT, CME, GMU, Xanela, Vocalías da Muller da Federación de Asociacións Veciñais de Vigo, MP, MXA, ML, MLU e FIGA.
- Pasamento en Santiago de Compostela de Belén Feliú e en Madrid de Isabel Ríos.

1998:

- III Plan de igualdade de oportunidades das mulleres galegas 1998-2001.
- O 13 de maio publícase no DOG a creación da Comisión Asesora de Publicidade non Sexista.
- Decreto 377/1998, do 23 de decembro, polo que se establece o réxime xeral das axudas e subvencións da Consellaría de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude en materia de medidas activas de emprego.
- Real decreto-lei 11/1998, do 4 de setembro, polo que se regulan as bonificacións de cotas á Seguridade Social dos contratos de interinidade realizados con persoas desempregadas para substituír a traballadores/as durante os períodos de descanso por maternidade, adopción e acollemento.
- A Deputación da Coruña entrega o I Premio Concepción Arenal.
- Son galardoadas co Premio María Casares Mercedes Castro (Actriz Protagonista), Carmela Montero (Maquillaxe), Belén Constenla (Actriz Secundaria) e Isabel Vázquez (Vestiario).
- A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega na súa XVI edición distingue a María Xosé Queizán co premio Escritora na súa Terra.
- O Colectivo de Lesbianas de Galicia BOGA publica a gaceta *Emboga*.
- Laiovento publica *Misoxinia e racismo na poesía de Eduardo Pondal*, de María Xosé Queizán.
- Edicións A Nosa Terra publica *Os labirintos do corpo. Manipulacións ideolóxicas, saberes científicos e obras de arte*.
- María del Carmen Pallares Méndez publica a súa investigación sobre Ilduara Eriz, aristócrata galega do século X.
- Publícase *Recuperando a nosa historia*, de MNG.
- Creación na Universidade de Vigo do grupo de investigación Feminario Teorías da Diferencia.
- Creación da Asociación de Mulleres Lilith.
- Comeza a desenvolver a súa actividade a Rede de Mulleres, que traballa na prevención e asistencia ás mulleres que sofren malos tratos.
- No período lectivo (1998-1999) e, ao mesmo tempo que se fusionan, créase a Comisión da Muller EI-FER-Agir.
- Creación da Plataforma de Resposta contra as Agresións ás Mulleres.
- En Ourense disólvese a organización de gays e lesbianas LH, formada o ano anterior, e créase o Colectivo Gai e Lésbico Ourensán (CGLOU).

- Pasamento en Santiago de Compostela da cantante e actriz Maruxa Villanueva, en Monção da dramaturga e tradutora Amparo Alvajar e en Arxentina da activista Carmen Cornes.

1999:

- Decreto 312/1999, do 11 de novembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de muller.
- Pilar Cagiao Vila é nomeada membro do Pleno do CCG e permanece nel ata 2003; esta mesma institución organiza, no mes de marzo, xunto coa Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude a xornada A Muller na Cultura Galega, e publica *Textos para a historia das mulleres en Galicia* de VVAA.
- O Premio da Crítica de Ensaio e Pensamento recae na obra de Ana Santórum Ardone *Luís Seoane, o alquimista*, e o de Investigación outórgaselle a Pilar Rodríguez Suárez.
- É galardoada co Premio Xohana Torres a obra de Mariluz González Parente e Marta Lombán Pazos por *Nais xornaleiras e emigrantes*. Son galardoadas co Premio María Casares Carmela Montero (Vestiario), Nuria Sanz (Actriz Secundaria) e Patricia de Lorenzo (Actriz Protagonista). Maruxa Villanueva tamén é recoñecida co Premio de Honra Marisa Soto.
- María Jesús Lago Rey é a terceira muller en acadar o cumio do Everest sen facer uso de osíxeno artificial.
- Publícase *Recuperando a nosa historia II. As rúas tamén teñem género*, de MNG.
- A Asociación de Mulleres Xanela publica *Mestras de Redondela 1900-1945*.
- Cristina Pato publica o seu primeiro disco, *Tolemia*.
- Susana Seivane publica o seu primeiro disco, *Susana Seivane*.
- Creación da Rede de Mediadoras.
- Fundación do Foro de Brión, formado por feministas independentes.
- Creación de Agir, sindicato estudantil que neste momento conta con Comissom de Mulheres.
- Fundación en Santiago de Compostela do colectivo TRANSGALIZA; nas súas primeiras campañas reclámanlle ao Goberno galego a atención médica necesaria para as operacións de cambio ou reasignación de sexo e medidas tendentes a paliar as discriminacións ás que se ven sometidas as e os transexuais en Galicia.
- Creación en Vigo do colectivo de Gais e Lesbianas LEGAIS.
- No mes de novembro as organizacións Alecrín, FIGA, AMC, MNG e Mulheres Livres convocan un foro de debate sobre a violencia de xénero en Compostela.
- Créase a colección Mulleres de Edicións A Nosa Terra.

2000:

- A sexta lexislatura parlamentaria conta con vinte deputadas.
- Un decreto refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia.
- Modifícanse determinados artigos do Regulamento do Rexistro Civil en materia relativa ao nome e apelidos e a súa orde.

- Son galardoadas co Premio María Casares: Susana Dans (Actriz Protagonista), Cristina Couto e Raquel F. Fidalgo (Maquillaxe), Gilda Bonpresa (Vestuario), María Bouzas (Actriz Secundaria) e Ana Vallés (Dirección).
- Publícase o primeiro número de *Fluxos. Anuario Galego de Estudos Gais e Lésbicos*.
- Edicións Xerais crea a colección As Literatas.
- Mercedes Peón edita o seu primeiro disco, *Isué*.
- Chegan a Galicia os *Diarios*, de Syra Alonso.
- Creación da Cátedra Caixa Nova de Estudos Feministas.
- Primeira edición do Máster Educación, Xénero e Igualdade da USC.
- Primeira edición do Máster Axentes de Igualdade de Oportunidades: Xénero e Educación da USC.
- Constitúese a comezos de abril a Coordinadora Nacional Galega da Marcha Mundial das Mulleres (MMM).
- Fundación de Buserana e do Colectivo Violeta.
- Pasamento da ebanista María Martínez Otero.

Século XXI

2001-2005

2001:

- O 26 de xuño apróbase no pleno do Parlamento o ditame proposto pola CIDM, relativo ao mundo do traballo, condicións e características do mercado laboral.
- Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar.
- Resolución do 14 de febreiro de 2001 pola que se crean os premios Galicia en Feminino e se aproban as bases para a súa concesión, modifícase por Resolución do 30 de xaneiro de 2004.
- O CCG organiza a mesa redonda Muller e Migración.
- O 27 de outubro Xohana Torres ingresa na RAG.
- O Concello de Oleiros inicia o programa de educación sexual Resposta Sexual Oleiros (RSO) co obxecto de proporcionar información adecuada e básica sobre sexualidade e prevención de riscos no comportamento sexual, e dirixido ao alumnado de terceiro e cuarto da ESO.
- Ángela Rodicio recibe dous galardóns: o Premio Galicia en Femenino e o Premio Galicia de Comunicación.
- É galardoada co Premio Xohana Torres a obra de Susana Martínez Rodríguez *O pensamento feminista do economista compostelán Joaquín Díaz de Rábago (1837-1898)*.
- O Premio Dámaso Alonso de Investigación Filolóxica recae na obra de Mariña Albor Aldea *O Cancioneiro de son Afonso Sánchez. Edición e estudio* e queda como finalista *El mayor monstruo del mundo de Calderón de la Barca. Estudio textual*, de María J. Caamaño Rojo.
- A obra de Marilar Aleixandre *Teoría do caos* é galardoada co Premio Xerais.

- Son galardoadas co Premio María Casares: Pilar Sanz (Música Orixinal), Ánxeles Cuña Bóveda (Iluminación), Belén Constenla (Actriz Secundaria), Ánxeles Cuña Bóveda, Begoña Muñoz e María Calleja (Texto Adaptado e Traducido), Rosa Álvarez (Actriz Protagonista) e Ánxeles Cuña Bóveda (Dirección).
- A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega na súa XVI edición distingue a Luz Pozo Garza co premio Escritora na súa Terra.
- MNG publica *O evidente non existe I* de VVAA.; Laiomento, *A mulher no nacionalismo galego (1900-1936). Ideologia e realidade*, de Noa Ríos Bergantinhos; e a USC e o CIS *Cuestiones actuales de sociología del género*, de VVAA.
- Alecrín. Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller de Vigo organiza nesta cidade o VIII Encontro de Centros de Documentación y Bibliotecas de Mujeres.
- Creación da Comissom Nacional da Mulher de NÓS-UP.
- En Lugo disólvese a organización de gais e lesbianas GALEGA e créase a Asociación pola Libertade Afectiva Sexual (ALAS).
- Pasamento da artista e empresaria Consuelo Liñeira García e da profesora e escritora María Ignacia Ramos Díez, tamén coñecida co pseudónimo *María Silgar*.

2002:

- O petroleiro Prestige afunde nas costas galegas e provoca un desastre ecolóxico de enormes dimensións.
- Decreto 249/2002, do 18 de xullo, polo que se modifica o Decreto 312/1999, do 11 de novembro, polo que se refunde a normativa existente en materia de muller.
- IV Plan de igualdade de oportunidades das mulleres galegas 2001-2005.
- Blanca Giménez Alonso, como representante da Fundación Penzol, é membro do Pleno do CCG e permanece nel ata 2008.
- O Premio de Narrativa Historias na Universidade recae na obra *O malfadado ano no que perdín a moza por culpa dun robot, porque as desgracias sempre veñen mal acompañadas*, de Ana María Galego Gen.
- O Premio Xohana Torres recae na obra *Esquecidas pola historia. As mulleres compostelás entre finais do século XIX e o primeiro terzo do XX*, de Herminia Pernas Oroza.
- A obra de Inma López Silva *Concubinas* é galardoada co Premio Xerais.
- O Premio da Crítica de Ensaio e Pensamento recae na obra de Olivia Rodríguez *Estética e teoría da cultura en Vicente Risco*.
- Son galardoadas co Premio María Casares: Elena Seijo (Actriz Protagonista), Susana Dans (Actriz Secundaria), Cristina Domínguez (Dirección), Fina Calleja, Begoña Muñoz e Ánxeles Cuña Bóveda (Texto Adaptado ou Traducido) e Carmela Montero (Maquillaxe).
- Ánxeles Alvariño publica *España y la primera expedición científica oceánica, 1789-1794: Malaspina y Bustamante con las corbetas Descubierta y Atrevida*.
- Laiomento edita *As mulleres escritoras (1860-1870). O xenio de Rosalía*, de Celia María Armas García; MNG, *O evidente non existe II. Dende a igualdade*,

dende a diferença, de VVAA; Edicións do Castro, *Mulleres e educación en Galiza*. *Vidas de mestras*, de Aurora Marco.

- Cúmprese setenta anos da publicación do libro *Método de lectura*, de Xosefa Iglesias Vilarelle, primeiro texto didáctico escrito en galego.
- O Grupo Gai da Coruña Milhomes, creado en 1997, pasa a denominarse Milhomes. Grupo de Gays, Lesbianas, Bisexuales y Transexuales.
- Créase en Santiago de Compostela unha Plataforma pola Dignificación do Emprego do Fogar.

2003:

- Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro, polo que se regula a figura do mediador familiar, o Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia e o recoñecemento da mediación gratuíta.
- Orde do 5 de xuño de 2003 pola que se establece un programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia doméstica.
- Creación do Observatorio de Publicidade no SGAI.
- A filóloga Rosario Álvarez é nomeada académica numeraria da RAG.
- O Premio Xohana Torres recae na obra *Voces da memoria. Galegas, exiliadas, emigradas e resistentes durante o réxime franquista* de Beatriz Graña Pérez.
- O Premio de Narrativa Historias na Universidade recae na obra *Singularis Domitilla*, de Eva Moreda.
- Son galardoadas co Premio María Casares: Carmela Montero (Maquillaxe), Mónica García (Actriz Secundaria) e Laura Ponte (Actriz Protagonista).
- A Plataforma pola Dignificación do Emprego do Fogar preséntalles sinaturas aos tres grupos parlamentarios en apoio ás reivindicacións básicas do sector, que buscaban equiparar a situación legal das empregadas do fogar cos demais sectores.
- Espiral Maior edita *Feminismo e coñecemento*, de Carmen Adán; Edicións Xerais, *Alba de mulleres*, de Carmen Blanco, e *Escrita de mulleres. Doce ensaios arredor de Virginia Woolf*, de VVAA.; Edicións do Castro *Anacos da vida dunha muller galega*, de María Tobío; Baía Edicións *Confusión e morte de María Balteira*, de Marica Campo.
- Centenario da identificación da monxa Exeria como autora do libro *Itinerarium*, no que narra a súa viaxe a Oriente.
- Créase a organización de gays, lesbianas e transexuais Raras Somos Todas (RST), con sede en Pontevedra e con área de influencia nas Rías Baixas.
- Toma corpo a Federación de Asociacións LGBT de Galicia ATURUXO co obxectivo de integrar todos os colectivos de lesbianas, gays, bisexuais e transexuais existentes en Galicia.
- Pasamento da escritora Xela Arias, da pintora Mercedes Ruibal e da redactora de *Galicia Emigrante* María Elvira Fernández López, *Maruxa*.

2004:

- Resolución do 9 de febreiro de 2004 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións para a creación de empresas e a integración laboral da muller como estímulo a mulleres emprendedoras de Galicia (programa Emega) e se procede á súa convocatoria.

- Resolución do 15 de decembro de 2004 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións a entidades locais e a entidades de iniciativa social para o desenvolvemento de programas destinados á promoción da muller e se procede á súa convocatoria.
- Decreto 78/2004, do 2 de abril, polo que se crea e regula o Observatorio Galego da Inmigración e da Loita contra o Racismo e a Xenofobia.
- O 15 de xuño apróbase no pleno do Parlamento o ditame proposto pola CIDM relativo á prostitución feminina.
- Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.
- Decreto 182/2004, do 22 de xullo, polo que se regulan os centros de información ás mulleres e se establecen os requisitos para o seu recoñecemento e funcionamento.
- Tarsy Carballas ingresa na Academia de Farmacia de Galicia; é a primeira muller que forma parte desta institución.
- Primeira edición do Máster en Educación en Igualdade de Xénero e Políticas de Igualdade da UVigo.
- O Premio Dámaso Alonso de Investigación Filolóxica recae na obra de María do Cebreiro Rábade Villar *As antoloxías de poesía en Galicia e Cataluña*.
- O Premio da Crítica de Creación Literaria recae na obra *Anxos de Garda* de Anxos Sumai.
- Son galardoadas co Premio María Casares: Maxo Barjas (Actriz Protagonista), Fanny Bello (Maquillaxe), Ánxeles Cuña Bóveda (Texto Adaptado ou Traducido), Teté Seoane (Vestuario), Sonia Rúa (Actriz Secundaria) e Ánxeles Cuña Bóveda (Dirección).
- Créase a colección *As Letras das Mulleres*, coeditada por Sotelo Blanco Edicións e pola SGAI.
- Publícanse: a obra de Begoña Marugán Pintos *Profesionalización das mulleres galegas* (Xunta de Galicia); *Racionalismo político e literario*, de María Xosé Queizán (Edicións Xerais); *As palabras das fillas de Eva*, de Teresa Moure (Editorial Galaxia); *Educación e socialización da muller na Galicia rural*, de Rita Gradañlle Pernas (Edicións do Castro); *Outras voces, outros mundos. Mulleres inmigrantes e prostitución en Galicia* (Andaina e o Concello de Santiago de Compostela); *A muller, ¡Que cale! Raíces do antifeminismo*, de Xosé Chao Rego (tresCtres); *A presenza das mulleres pintoras na arte galega 1858-1936*, de Fernando Pereira Bueno (Edicións do Castro).
- Créase a Asociación de Traballadoras do Fogar Xiara.
- Realízase o Primeiro Encontro Anual da Secretaría das Mulleres do SLG.
- Encontro da MMM en Vigo.
- Pasamento de Luisa Villalta.

2005:

- Sétima lexislatura parlamentaria galega, presidida por Dolores Villarino e con vinte e cinco deputadas.
- Creación da Secretaría Xeral da Igualdade. O SGAI intégrase no seu organigrama.

- Ánxela Bugallo Rodríguez forma parte do Pleno do CCG en virtude do seu cargo na Consellería de Cultura e Helena Villar Janeiro faíno como representante da Fundación Rosalía de Castro.
- Créase a Comisión de Xénero do CCG.
- Primeira edición do Máster de Xénero e Políticas de Igualdade da UDC.
- O grupo de investigación Muller e Política do Departamento de Ciencias Políticas e da Administración da USC comeza a articular xornadas arredor da data 8 de marzo.
- Ánxeles Cuña é elixida directora do Centro Dramático Galego (CDG).
- O Instituto Cervantes asina un convenio coa Real Academia Galega (RAG) para promover a presenza da lingua e da cultura de Galicia en todos os centros do Instituto.
- Toma corpo na Coruña o grupo de intervención artística e social Maribolleras precarias e a súa publicación *As + Perralleiras*.
- A obra de Luísa Villalta *En concreto* é galardoada co Premio da Crítica de Creación Literaria.
- A obra de Teresa Moure *Herba moura* é recoñecida co Premio Xerais e a de Dolores Ruíz Gestoso *Dentro da illa* co Premio Blanco Amor.
- Son galardoadas co Premio María Casares: Dolores Centeno (Maquillaxe), Rosa Álvarez (Actriz Protagonista) e Susana Dans (Actriz Secundaria).
- A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega na súa XVI edición distingue a Dora e Pura Vázquez co premio Escritoras na súa Terra.
- Publícase na rede de internet o primeiro número da revista *Foeminas. Revista virtual de xénero da Casa da Muller do Concello de Lugo*.
- Desde o mes de decembro navega o *Álbum de Mulleres* pola rede Internet.
- A Universidade da Coruña edita *Igualdade e discriminación de xénero na negociación colectiva sectorial en Galicia: vellas inercias e novos retos para a igualdade*, de Celia Pereira Porto; Edicións Xerais, *Elas e o paraugas totalizador. Escritoras, xénero e nación*, de Helena González; Baía Edicións, *O orballo da igualdade. Asociacionismo feminino progresista na cidade da Coruña*, de Ana Romero Masiá e Carlos Pereira Martínez.
- Realízase o Segundo Encontro Anual da Secretaría das Mulleres do SLG.
- O Grupo Achádeo estrea a obra *A confusión de María Balteira*, inspirada nesta destacada muller que viviu no século XIII en Galicia.
- Pasamento en San Diego de Ángeles Alvariño, en Pontevedra de María Victoria Moreno e en Ourense de Paz Parada Pumar.

2006-2010

2006:

- É declarado Ano da Memoria.
- A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar fomenta o acceso á cotitularidade das mulleres nas explotacións agrarias co obxectivo de que as labregas, que comparten explotación, contén cos mesmos dereitos que os seus compañeiros titulares.

- Creación da Unidade Muller e Ciencia de Galicia.
- Fúndase na Universidade de Santiago de Compostela o Centro de Investigacións Feministas e de Estudos de Xénero (CIFEX).
- Primeira edición do Programa Oficial de Posgrao Estudos de Xénero da UVigo.
- A RAG acorda que o Día das Letras Galegas 2007 será dedicado a María Mariño Carou.
- Ramón Villares Paz, presidente do Consello da Cultura Galega, é nomeado académico numerario da RAG.
- María Bouza é nomeada presidenta da Academia Galega do Audiovisual e Pilar Comesaña xerente.
- Cristina Domínguez é designada directora do Centro Dramático Galego.
- O Premio Dámaso Alonso de Investigación Filolóxica recae na obra *El libro de Motes de Damas y Caballeros de Luis Milán. Edición crítica y estudio* de Isabel Vega Vázquez.
- O Premio da Crítica de Ensaio e Pensamento recae na obra de Teresa Moure *As palabras das fillas de Eva*.
- Son galardoadas co Premio María Casares: Cristina Domínguez (Dirección), Marián Bañobre (Actriz Secundaria), Paloma Ucieda (Maquillaxe), Ruth Díaz (Vestuario), Alexandra Koss (Texto Adaptado ou Traducido) e Anabel Gago (Actriz Protagonista). Dorotea Bárcena tamén é recoñecida co Premio de Honra Marisa Soto.
- A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega na súa XVI edición distingue a María do Carme Kruckenberg co premio Escritora na súa Terra.
- Créanse os Premios Luís Tilve, compostos por catro apartados: Traballo Digno, Acción Solidaria, Defensa do Medio Ambiente e dos Bens Comúns e mais Investigación e Divulgación Histórica.
- A organización Mulleres Progresistas convoca a primeira edición do Premio de Relatos Mulleres Progresistas.
- A Secretaría das Mulleres do SLG inicia unha loita polo cobramento das primas de incorporación á actividade agraria para as labregas; unha campaña de recursos legais fronte á denegación ás labregas da axuda mensual por crianzas ao seu cargo, e, ademais, fan un seguimento da Lei de dependencia, que afecta, especialmente, as mulleres.
- Publícanse: *Sexo e lugar*, de Carmen Blanco (Edicións Xerais); *A memoria esquecida: Peladas, presas, paseadas*, de VVAA (Andaina e Xunta de Galicia); *As mulleres na filosofía*, de Inés Fernández Buján (Baía Edicións). As traballadoras da fábrica Selmark de Vigo convocan unha folga polo despedimento de cinco traballadoras, meses despois o despedimento é declarado improcedente. Os primeiros textos publicados por Corona González en A Nosa Terra cumpren oitenta anos. Morre en Ourense a poeta Pura Vázquez Iglesias.
- Entre os días 18 e 21 de outubro realízase en Compostela o Congreso Mundial de Mulleres de Vía Campesina.

2007:

- É declarado Ano da Ciencia.
- O Día das Letras Galegas é dedicado a María Mariño Carou.

- O 13 de abril publícase no DOG a Lei do Traballo en Igualdade das Mulleres en Galicia.
- II Plan Galego de Inclusión Social 2007-2013.
- Apróbase o V Plan do Goberno galego para a igualdade entre homes e mulleres 2007-2010.
- Apróbanse un Plan de Fomento da Corresponsabilidade e un Plan para a Saúde Integral das Mulleres.
- No mes de xullo apróbase a primeira lei galega contra a violencia de xénero.
- No mes de decembro a Xunta de Galicia aproba o decreto que crea e regula o Rexistro de parellas de feito de Galicia.
- A Xunta de Galicia crea a Unidade Muller e Ciencia e o Premio María Josefa Wonenburger Planells, que recae na física Inmaculada Paz Andrade.
- Créase na USC o Seminario Muller e Universidade (SMU).
- Rosario Álvarez Blanco forma parte do Pleno do CCG en representación do ILG.
- Créase, por unha reformulación da Comisión de Xénero, a Comisión de Igualdade do CCG; por proposta desta Comisión o Consello da Cultura Galega, organiza no mes de xuño as xornadas Xénero e Documentación e, no mes de decembro, Ano María Mariño: un Balance.
- Publícase o caderno n.º 1 da Unidade de Muller e Ciencia co título *As mulleres no sistema educativo de Galicia: situación actual*.
- Primeira edición do Programa Oficial de Posgrao Educación, Xénero e Igualdade da USC.
- A obra de Rexina Rodríguez Vega *Cardume* é galardoada co Premio Xerais.
- Coa súa novela curta *Así nacen as baleas* Anxos Sumai obtén o Premio San Clemente e o primeiro galardón do II Premio de Narrativa Breve Repsol YPF.
- Alvarellos Editora publica a ata agora inédita obra de María Mariño *Más allá del tiempo*. MNG publican o seu *Caderno Lila. Luitadoras. O género da memoria*. A Universidade de Vigo publica *O reto da igualdade. Feminismo, xénero e universidade* de VVAA.
- Despois de máis de vinte anos recompilando datos, Aurora Marco publica n'A Nosa Terra o seu *Diccionario de mulleres galegas. Das orixes a 1975*.
- Son galardoadas co Premio María Casares: Carmela Montero (Maquillaxe), Anabel Gago (Actriz Secundaria) e Luisa Merelas (Actriz Protagonista).
- Concha Abad é galardoada co Premio de Honra Marisa Soto.
- Preséntase publicamente en Santiago de Compostela Panteras Rosas Galiza. Fronte de Combate á LesBiGayTransfobia.
- Créase en Ferrol o colectivo de gays, lesbianas, transexuais e bisexuais GALENTENDO.
- Obras de artistas feministas dan corpo a *A batalla dos xéneros* no Centro Galego de Arte Contemporánea en Santiago.
- As traballadoras da limpeza do Concello de Santiago de Compostela convocan unha folga, que durará 58 días.
- A Secretaría das Mulleres do SLG realiza o seu Terceiro Encontro Anual e convoca unha concentración diante do Parlamento galego para esixir a titularidade compartida.

- Organizadas pola Fundación Galiza Sempre, teñen lugar en Compostela as xornadas O Franquismo Contemporáneo: Memoria e Secuelas.

2008:

- Apróbase o Programa Galego de Muller e Ciencia 2008-2013.
- Cúmpanse 25 anos da creación do CCG. María Xosé Agra Romero e María Luísa Sobrino Manzanares son nomeadas membros do Plenario do CCG.
- Margarita Ledo Andión é nomeada membro da RAG.
- A Xunta de Galicia crea os Premios Nacionais da Cultura Galega; constan de 10 categorías. Deles, dous galardóns son outorgados a mulleres: Margarita Ledo Andión (Cinema e Audiovisual) e Mercedes Peón (Música).
- O Premio María Josefa Wonenburger Planells recae na presidenta da Real Academia de Farmacia Teresa Miras Portugal.
- Son galardoadas co Premio María Casares: Mónica Camaño (Actriz Secundaria), Gilda Bonpresa (Vestiario) e Susana Dans (Actriz Protagonista).
- A obra de Olga Gallego *Historia da Muller. Mulleres ourensás dos séculos XIV-XVIII* é galardoada co Premio Trasalba.
- A obra de Inma López Silva *Memorias da cidade sen luz* é galardoada co Premio Blanco Amor.
- Cúmpanse 25 anos da creación da revista *Andaina*.
- A Secretaría Xeral de Igualdade publica o primeiro número da revista *Xenia*.
- Publícase a tradución ao galego de *O segundo sexo* de Simone de Beauvoir.
- Andaina de mulleres organiza na Fundación Granell de Compostela a mesa redonda-debate Diversidade Funcional.
- No mes de outubro celebrábase o VII Encontro Internacional da Marcha Mundial das Mulleres.
- Desenvólvese en Panxón o II Encontro de Outras Voces Feministas.
- Preséntase en Santiago de Compostela a Agrupación de Mulleres Xornalistas.
- Sucédense accións individuais e colectivas a favor do aborto en diferentes cidades e vilas galegas.

2009:

- Eleccións galegas, oitava lexislatura, Goberno do PP, trinta e catro mulleres no Parlamento.
- Por proposta da Comisión de Igualdade do CCG, esta institución organiza no mes de outubro unha xornada de investigación-homenaxe arredor da figura de Xohana Torres co título *Xohana Torres. A Dona dos Mapas*.
- Tarsy Carballas é galardoada coa Medalla Castelao polos seus estudos sobre os incendios forestais.
- Rosa Aneiros recibe o Premio Fundación Caixa Galicia pola súa novela *Ás de bolboreta* e o premio Xerais por *Sol de inverno*.
- O Premio María Josefa Wonenburger Planells recae na bióloga María S. Soengas Suárez.
- Son galardoadas co Premio María Casares: Teresa Moure (Texto Orixinal), Cristina Couto (Maquillaxe), Rebeca Montero (Actriz Secundaria) e María Bouzas (Actriz Protagonista).
- Ana Romaní é galardoada co Premio de Honra Marisa Soto.

- Con motivo do 78 aniversario da proclamación da República, en abril a Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña nomeou á coruñesa María Teresa Alvajar López Republicana de Honra.
- Tres mulleres son as protagonistas da oferta plástica de Caixa Galicia para 2009: Maruja Mallo, Tarsila do Amaral e Ruth Matilda Anderson.
- Créase a Rede Feminista Galega.
- Preséntase a delegación galega da Asociación de Mulleres Cineastas e de Medios Audiovisuais (CIMA).
- Constitúese en Sada a Asociación Ve-la luz. Asociación Galega para a defensa de mulleres e nen@s superviventes da Violencia de Xénero e/ou abusos.
- Uqui Permui, Carme Nogueira e Ánxela Caramés botan a andar o seu proxecto de recuperación «Contenedor de feminismos».
- A Casa-Museo Emilia Pardo Bazán organiza as xornadas Contra Vento e Marea. Verbas e Pegadas dos Feminismos.
- MNG organiza en Vigo as Xornadas «deliberadamente formadas», dedicadas ao uso non sexista da lingua e ao aborto.
- Asamblea Nacional da MMM na Residencia de Formación de Panxón.
- A organización O Parto é Noso realiza en Santiago de Compostela a III Xornada de Saúde Perinatal. Avanzando na Humanización da Saúde Perinatal.
- O 17 de outubro, por convocatoria de Maribolheras Precárias e no marco da campaña internacional «Stop Trans Pathologization» (STP-2012), ten lugar na *Queerunha* (A Coruña) unha manifestación polos dereitos trans/intersex e para esixir que a transexualidade sexa descatalogada dos manuais internacionais de doenzas mentais.
- Pasamento: da activista feminista e presidenta de Alar Galicia desde 2001 Miranda Marijé Díaz Sánchez; da escritora e documentalista Anisia Miranda; da matemática Antonia Ferrín Moreiras; de Carmela Arias y Díaz de Rábago, condesa de FENOSA; de Carmela González Ruiz, fundadora da Asociación Cultural Meigas e Trasgos en Sarria; de Amelia López, a avoa blogueira.

2010:

- A Xunta de Galicia suprime o Servizo Galego de Igualdade.
- Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio ás mulleres embarazadas.
- Concepción Varela Orol e nomeada membro do Plenario do CCG e Rosario Álvarez Blanco vicepresidenta. Por proposta da Comisión de Igualdade do CCG, esta institución organiza no mes de outubro unha xornada de investigación-homenaxe arredor da figura de María Josefa Wonenburger Planells co título *María Josefa Wonenburger Planells, na creación de coñecemento*.
- A Concellería de Cultura do Concello da Coruña, co título *Mulleres. Espello de Culturas*, organiza unha exposición etnográfica de 135 pezas procedentes de todo o mundo e cedidas polo Museo Etnolóxico de Munic.
- Prudencia Santasmarinas, Rosalina Celada e Luz Casal son galardoadas coa Medalla Castelao.
- A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega na súa XVI edición distingue a Marilar Aleixandre co premio Escritora na súa Terra.

- O Premio María Josefa Wonenburger Planells recae en Carmen Navarro Fernández-Balbuena.
- A catedrática de Literatura Galega de Universidade da Coruña, Pilar García Negro, obtén o premio Vicente Risco de Ensaio pola súa obra *O clamor da rebeldía*, na que analiza a Rosalía de Castro como ensaísta feminista.
- Iolanda Zúñiga recibe o Premio Xerais pola súa obra *Periferia*.
- Iria Presedo recibe o Premio Xohana Torres de Ensaio pola súa obra *Transfeminas ou como deconstruír o corpo co martelo*.
- Son galardoadas co Premio María Casares: Fannybell (Maquillaxe), Cloti Vaello (Vestiario), Begoña Muñoz (Texto Adaptado ou Traducido), Rebeca Montero (Actriz Secundaria), Belén Constenla (Actriz Protagonista) e Rosa Álvarez (Dirección).
- Elvira Fente publica *Parir a liberdade. O movemento feminista en Galicia*.
- Mónica Bar Cendón publica *Feministas galegas. Claves para unha revolución en marcha*.
- A poeta Chus Pato publica a antoloxía sonora da súa obra baixo o título *Nacer é unha república de árbores*.
- Teresa Moure publica *Cínicas*. Tareixa Ledo Regal publica *Lidia Senra Rodríguez. A historia dun liderato entrañable*.
- Ángel R. Gallardo e Rebeca M. Aguirre publican *La escritura femenina en reclusión. Cartas de Enriqueta Otero Blanco*.
- A Fundación Galiza Sempre publica *22 documentos do feminismo galego*.
- Cos contos *O segredo de Flora*, *O país dos mandóns* e *A urna dos desexos*, todos eles escritos por Cristina Justo e Paloma Rodríguez, comeza a colección «A igualdade conta» da editorial Embora.
- Nigra Tea edita tres volumes de *Historia das mulleres en Galicia*: Mar Llinares García é a autora do vol. I. *Prehistoria, historia antiga*; Carmen Pallarés Méndez, do vol. II. *Idade Media*; e Ofelia Rey Castelao e Serrana Rial García, do vol. III. *Historia das mulleres en Galicia. Idade Moderna*.
- Tareixa Ledo Regal publica *Lidia Senra Rodríguez. A historia dun liderado entrañable*.
- Créase en Redondela a Asociación Positivas Casa das Mulleres coa finalidade de defender os dereitos humanos e, especificamente, os das mulleres.
- No mes de novembro Andaina de mulleres organiza o 1º MUFEST, festival de cine feito por mulleres.
- Baixo o lema «Non vimos peregrinar, vimos apostatar», un grupo de mulleres fai o último tramo do camiño de Santiago amosando a súa protesta polas políticas que defende a Igrexa Católica.
- Finamento da historiadora e arquiteira Olga Gallego; da cantante e presentadora Ana Kiro; da actriz e xornalista Maruja Boga; da avogada e directora de radio Rafaela Hervada Carnerero; da escritora Dora Vázquez.

2011-2015

2011:

- Por proposta da Comisión de Igualdade do CCG, esta institución organiza no mes de abril en Lugo o ciclo de proxeccións «Creadoras galegas de imaxe» e, no mes de outubro en Santiago de Compostela, unha xornada de investigación-homenaxe arredor da figura de Olga Gallego Domínguez co título Mulleres e Historia. Olga Gallego Domínguez.
- Un grupo de mulleres galegas relacionadas coa cultura poñen en marcha unha campaña de recollida de sinaturas e o documento *O Xogo das Cadeiras*, no que critican a escasa presenza de mulleres na Real Academia Galega e reclaman un maior número de académicas.
- O Premio María Josefa Wonenburger Planells recae na historiadora Ofelia Rey Castelao.
- María del Carmen Porto, primeira radioterapeuta do Estado, é galardoada co Premio Castelao.
- Lidia Senra foi galardoada co Pedrón de Ouro na súa 48 edición.
- Ana Romaní Blanco recibe o Premio da Crítica no apartado de Creación Literaria polo seu poemario *Estremas* e Ángela de la Cruz no apartado Artes Plásticas e Visuais.
- Marta Ríos recibe o galardón María Casares como Actriz Secundaria, Iolanda Muíños o de Protagonista e Marta Pazos o de Dirección.
- A obra de Teresa Moure *Queer-emos un mundo novo. Sobre cápsulas, xéneros e falsas clasificacións* recibe o Premio Ramón Piñeiro de Ensaio.
- An Alfaya é galardoada co Premio San Clemente.
- Menchu Lamas recibe o Premio Gallegos del Año, promovido polo grupo El Correo Gallego.
- María Xosé Queizán é galardoada co Premio Voz de Liberdade.
- A Casa da Muller, do Concello de Ferrol, publica *Ferrol en Femenino II. Primeiros pasos na educación das mulleres en Ferrol do século XVIII ao XX*.
- Carmen Bouza Rey publica o libro *Izaura Gomes de Lisboa a Galicia*.
- Aurora Marco publica *Mulleres na guerrilla antifranquista galega*.
- Inaugúrase, no mes de outubro, a librería de mulleres Lila de Lilith, «un espazo de saber colectivo».
- No mes de febreiro *Andaina* organiza o 2º MUFEST, festival de cine feito por mulleres.
- No mes de abril, a Rede Feminista Galega convoca en Santiago de Compostela unha concentración contra a Lei de Familia que se quere aprobar no Parlamento galego.
- No mes de marzo, preto de 200 mulleres do SLG realizan o seu VIII Encontro en Couso.
- O grupo de investigación Cidadanía e Investigación organiza as II Xornadas sobre Información e Xénero.
- A Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo organiza o III Encontro Internacional de Mulleres.
- A organización O Parto é Noso realiza en Santiago de Compostela as V Xornadas de Saúde Perinatal.
- A escola feminista Implicadas no Desenvolvemento organiza as xornadas Centros e Periferias entre os días 11 e 14 de abril en Vigo.

- Maribolheras Precárias organiza na Universidade da Coruña o curso Suxeitos Emerxentes: Sexualidades e Feminismos Contemporáneos.
- Dando continuidade ás manifestacións do 15-M, prodúcense acampadas de indignadas e indignados en varias localidades galegas.
- Defunción de sete mulleres por malos tratos infrinxidos polas súas parellas e da xornalista María Folgueira.

2012:

- O Goberno do PP gaña as eleccións galegas na súa novena lexislatura, que conta con once mulleres no Parlamento.
- Por iniciativa da Comisión de Igualdade do CCG, esta institución organiza o 27 de xuño a xornada Xénero e Documentación II. A Recuperación da Memoria do Movemento Feminista; o 18 de outubro, a xornada Zambrano-Dieste: o Legado de Dúas Figuras Insubornables; o 25 de outubro, a xornada Tereixa Navaza. A Voz da Liberdade; e, os días 6-8 de novembro, o segundo ciclo «Creadoras galegas de imaxe. A construción do relato ideado», en Ferrol.
- O Concello de Santiago de Compostela non convoca o Premio Xohana Torres.
- A mestra Antía Cal é galardoada co Premio Trasalba polo seu traballo de renovación pedagóxica e o seu labor galeguizador.
- Aurora Marco é galardoada co Premio Luís Tilve.
- Patricia Fra López recibe o Premio da Crítica no apartado de Investigación e Carmen Nogueira, o das Artes Plásticas e Visuais.
- A asociación de renovación pedagóxica e defensa do galego no ensino Nova Escola Galega foi distinguida co Pedrón de Ouro.
- Son galardoadas co Premio María Casares: Trini Fernández Silva (Maquillaxe), María Ordóñez (Texto Orixinal), Mónica García (Actriz Secundaria) e Patricia Lorenzo (Actriz Protagonista).
- Marina Mayoral é galardoada co Premio San Clemente.
- Helena Salgueiro Gestuda é galardoada co Premio Voz da Liberdade.
- Publícase en Andavira Editora *As mulleres na historia de Galicia*, libro en que se recollen os relatorios do *I Encontro Interdisciplinar de Historia de Xénero. As Mulleres na Historia de Galicia*, realizado en Santiago de Compostela do 6 ao 8 de abril de 2011.
- María Xosé Porteiro publícase *Vine, vi y hablé! Las mujeres frente al discurso público*.
- Aurora Marco publica *María Teresa Alvajar López. Memorias dunha republicana*.
- Publícase na Editorial Sotelo Blanco *Antropoloxía das mulleres galegas. A outra ollada*, unha compilación composta por artigos de antropólogos e antropólogas estranxeiras que fixeron o seu traballo de campo entre 1975 e 2004 en Galicia.
- Sotelo Blanco Edicións publica *A visita de Isabel II a Galicia en 1858* de Margarita Barral Martínez.
- Baía Edicións publica o *Compendio de herbas máxicas* de Montse Rubio.
- Editorial Galaxia publica *Queer-emos un mundo novo* de Teresa Moure e *Morgana en Esmelle* de Begoña Caamaño.

- Edicións Xerais de Galicia publica *Valentín Paz Andrade* de Charo Portela Yáñez.
- Estréase a longametraxe *A paixón de María Soliña*.
- Co apoio da Unidade de Igualdade da UVigo, Enma Casa Giraldez organiza os días 20 e 21 de xuño en Vigo a Xornada Que Hai de Novo nos Feminismos.
- Realízanse na Facultade de Xeografía e Historia da USC as Xornadas sobre a Muller na Arte.
- No mes de outubro ten lugar en Vigo o XIX Encuentro de la Red de Centros de Documentación y Bibliotecas de Mujeres.
- Os días 30 de novembro e 1 e 2 de decembro de 2012 ten lugar en Compostela un encontro para a reflexión sobre o ecofeminismo en Galicia, por iniciativa de diferentes colectivos feministas, ecoloxistas e labregos: Verdegaia, Sindicato Labrego Galego, Rede Feminista Galega, Feminismos Compostela e Fiadeiras.
- Un grupo de mulleres do Val da Amaía dan corpo á agrupación feminista Conas Ceibes.
- Asasinato de catro mulleres por malos tratos infrinxidos polas súas parellas.
- Pasamento: da feminista e anarcosindicalista Rosa Bassave.

2013:

- O Consello da Cultura Galega organiza o congreso internacional Rosalía de Castro no Século XXI. Unha Nova Ollada, dividido en cinco xornadas espalladas ao longo do ano.
- Por iniciativa da Comisión de Igualdade do CCG, esta institución organiza o día 24 de outubro a xornada Escénicas. Mabel Ribera.
- As oficinas de igualdade das tres universidades galegas organizan as súa Primeira Xornada Universitaria Galega en Xénero, que terá continuidade anual.
- A Concellaría de Igualdade e o Consello Municipal da Muller do Concello de Vigo crean o Premio Ernestina Otero Sestelo. Na súa primeira edición recoñece a traxectoria sindicalista e feminista de Carmen Segurana.
- Entre xaneiro e marzo ten lugar na Coruña *Elas Fan Tech*, exposición que reúne artistas españolas e internacionais que nas súas producións exploran as posibilidades expresivas dos medios tecnolóxicos.
- Son premiadas co María Casares: Marta Pazos (Dirección), Marián Bañobre (Actriz Protagonista), Luísa Merelas (Actriz Secundaria), Marta Pazos (Escenografía), Ánxeles Cuña Bóveda (Adaptación-Tradución) e Raquel Hidalgo (Vestuario).
- Cristina Pato é galardoada co Premio Trasalba.
- A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega na súa XIX edición distingue a Marica Campo co premio Escritora na súa Terra.
- Dorothe Schubart é galardoada co Pedrón de Honra.
- Olga Castro e María Reimóndez publican *Feminismos*.
- Rosa María Cid Galante publica *A Escola Normal de Mestras de Ourense (1877-1970). A súa orixe e os seus emprazamentos*.
- O proxecto gañador do mes de xuño da convocatoria Process Room é o traballo realizado pola artista da Coruña Mar Cuervo titulado *The laugh of the Medusa*.
- Créase a Plataforma Galega polo dereito ao aborto, que integra as seguintes organizacións: Adiante, AGIR, Andaina, ANOVA, Asemblea de Mulleres de

Galiza Nova, Assembleia de Mulheres do Condado, Asociación CDR Virxe do Carme de Camariñas, Asociación Cultural Fuco Buxán, Asociación de Mulleres Dorna, Asociación Enriqueta Otero, Asociación Buserana, Asociación «Finisterrae» de profesionais de desenvolvemento local (AFIPRODEL), Asociación Galega de Saúde Sexual (AGASEX), Asociación Líder, AMI, Asociación Nós Mesmas, Asociación profesional de Axentes de Igualdade de Oportunidades Galega (APAIOGA), Asociación Púrpura, Asociación Teenses pola Igualdade, Asociación Ve-la luz, BNG, Briga, CCOO de Galicia, Comités, Compromiso por Galicia, Conas Ceives, Consello Municipal da Muller de Vigo, COSAL Costa da Morte, CIG, CUT, Espazo Ecosocialista, Esquerda Unida, STEG, Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia (FADEMUR), Federación de Asociacións Veciñais de Vigo «Eduardo Chao» (FAVEC), Feministas Independentes Galegas (FIGA), Foro Feminista Falando Nós, FPG, Grupo GTB 7 cores, ISCA!, Liga Estudantil Galega, Marcha Mundial das Mulleres, Médicas do mundo, Mocidade Nacionalista Galega, Mulleres en Acción do Barbanza, Mulleres Luguesas contra a violencia de xénero, Mulleres Nacionalistas Galegas (MNG), Mulleres progresistas Alba, Mulleres progresistas de Poio, NÓS-UP, Observatorio Feminista de Saúde da Coruña, Observatorio da Mariña pola Igualdade, Partido Comunista de Galicia (PCG), Plataforma Galega para a Defensa da Sanidade Pública, Plataforma SOS Sanidade Pública, PSdeG-PSOE, Rede de Mulleres contra os malos tratos de Vigo, Rede Feminista Galega, Rede Provincial Pontevedra pola Igualdade, Sindicato Labrego Galego, Sociedade Galega de Sexoloxía, UGT Galicia, Unións Agrarias-UPA Galicia, USTG, Viudas Demócratas de Vigo, Xuventude Comunista de Galiza e Xuventudes Socialistas de Galicia.

- Trixésimo aniversario da revista *Andaina*.
- Trixésimo aniversario da revista *Festa da Palabra silenciada*.
- No mes de marzo créase A Segra, unha plataforma de crítica literaria feminista co obxectivo de visibilizar as obras escritas por mulleres e realizar novas lecturas da literatura escrita en galego.

2014

- Por iniciativa da súa Comisión de Igualdade, o Consello da Cultura Galega organiza as seguintes xornadas: Xela Arias e Luísa Villalta: Letras, Interartes, Proxectos na Fin de Século (no mes de marzo), Elena Colmeiro. Espazos da Materia (outubro) e Xénero e Documentación III. Hemeroteca Feminista Galega A Saia (decembro).
- Fina Casalderrey ingresa na Real Academia Galega co discurso titulado *Viaxe á semente. Dende os refachos do corazón ata onde habita o imaxinario*.
- O CSIC publica *Escritoras na Galicia do século XIX*, obra composta por preto de 150 entradas biobibliográficas de mulleres ordenadas alfabeticamente.
- Helena Miguélez-Carballeira publica en Através editora *Galiza, um povo sentimental? Género, política e cultura no imaginário nacional galego*.
- *Andaina. Revista Galega de Pensamento Feminista* é galardoada na 1ª Edición dos Premios Luceira de Comunicación Social.
- A xinecóloga feminista Enriqueta Barranco Castillo é galardoada co Premio Trasalba.

- Teresa Soeiro é galardoada co Pedrón de Honra.
- Son galardoadas co Premio María Casares: Susana Dans (Actriz Protagonista), Patricia Lorenzo (Actriz Secundaria), Cristina Domínguez (Dirección), Trini F. Silva (Maquillaxe), Uxía P. Vaello (Vestiario).
- No mes de febreiro créase Mulleres Galegas Rebeldes Engraçadas (MUGRE).
- No mes de xuño a Plataforma Galega polo Dereito ao Aborto organiza en Vigo unha feira feminista.
- Desenvólvese o I Festival Agrogai da Ulloa.
- Pasamento da matemática e alxebrista María Josefa Wonenburger Planells, da activista galeguista Luísa Viqueira Landa, da arquitecta Milagros Rey e mais da xornalista, feminista e escritora Begoña Caamaño.

2015

- Por iniciativa da súa Comisión de Igualdade, o Consello da Cultura Galega organiza o día 29 de outubro a xornada Mary Quintero: A Luz que Alumea a Vida.
- O Foro Iberoamericano de Entidades Médicas aproba a Declaración de Santiago de Compostela, na que describen a violencia de xénero como unha manifestación inaceptable de discriminación, desigualdade e inequidade amais dun grave problema para a saúde pública.
- A agrupación de Mulleres Xornalistas de Santiago crea o premio Mención Xornalística pola Igualdade de Xénero.
- Kathleen Nora March é galardoada co Premio Cultura Galega de Proxección Exterior; Fina Casal de Rey, co das Letras, e María Bouzas, co de Artes Escénicas.
- No mes de marzo Antía Cal é galardoada co premio Ernestina Otero polo seu traballo pola igualdade.
- Créase o Arquivo do Nacionalismo Galego con fondos do Museo do Pobo Galego, Fundación Moncho Reboiras para o Estudo da Realidade Social e Sindical na Galiza, Fundación Galiza Sempre, Fundación Vicente Risco, Fundación Bautista Álvarez, *Murguía*, *Revista Galega de Historia* e Fundación Alexandre Bóveda.
- O 7 de marzo a organización do Festival de Cans impulsa un decálogo de medidas para promover a visibilidade das mulleres, particularmente as mulleres creadoras, dentro de todas as súas seccións e homenaxes. Trátase dun compromiso que comezan a pór en práctica na súa décimo terceira edición, realizada entre o 18 e o 21 de maio.
- Pasamento da filósofa Esperanza Guisán Seijas.

2016-2020

2016

- Eleccións ao Parlamento galego. Décima lexislatura con Goberno do Partido Popular, 31 mulleres no hemiciclo.

- No mes de xullo o Goberno galego anuncia para o curso 2017 a incorporación nos primeiros cursos da ESO dunha materia optativa arredor da igualdade de xénero.
- Por iniciativa da súa Comisión de Igualdade, o Consello da Cultura Galega organiza o día 27 de outubro a xornada Kathleen March, Ler como Feminista.
- Entre outubro e decembro ten lugar na Coruña o IV Curso de Historia da Teoría Feminista, organizado polo Centro de Estudos de Xénero e Feminismo da Universidade da Coruña (CEXEF).
- Dúas son as mulleres galardoadas coas Medallas do Parlamento de Galicia na súa primeira edición: Dolores Villarino Santiago e Pilar Rojo Noguera.
- A Academia Galega do Audiovisual convoca, co apoio das catro deputacións galegas, os premios María Luz Morales para a Promoción da Investigación Científica no Ámbito Audiovisual.
- María Xosé Queizán é galardoada co Premio da Cultura Galega das Letras.
- A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega na súa XXII edición reconece a Helena Villar Janeiro co premio Escritora na súa Terra.
- Carmen Mejía Ruiz é galardoada co Pedrón de Honra.
- Melania Cruz e Mela Casal reciben *ex aequo* o Premio María Casares á mellor actriz protagonista; Raquel Fidalgo, o de mellor maquillaxe; Marián Bañobre, o de mellor vestiario; Diana Mera, Merche Pérez e Teté García, o de mellor texto orixinal; Iolanda Muíños, o de mellor actriz secundaria, e Mónica de Nut, o de mellor música orixinal.
- Na primeira edición do Festival Internacional de Curtas de Verín, Marta Larralde acada o premio á mellor actriz pola súa actuación na curta *Restart* de Olga Osorio.
- O día 23 de novembro, representantes das asociacións profesionais das artes escénicas e do audiovisual de Galicia (Asociación Galega de Produtoras Independentes, Academia Galega do Audiovisual, Escena Galega-Asociación Galega de Empresas das Artes Escénicas, Asociación de Actores e Actrices de Galicia, Asociación de Directores e Realizadores de Galicia, Asociación de Mujeres Cineastas y de Medios Audiovisuales, Asociación Galega de Dramaturxia, Observatorio Galego do Audiovisual, Asociación Galega de Guionistas e Asociación de Festivais de Artes Escénicas de Galicia) presentan no Consello da Cultura Galega o recentemente creado Observatorio de Igualdade das Artes Escénicas e do Audiovisual de Galicia.
- No mes de marzo, Radio Piratona emite o primeiro espazo do seu novo programa feminista *A resistencia do dedo medio*.
- Logo do número piloto do 30 de maio de 2015, o 1 de xullo deste ano publícase o primeiro número da revista *Revirada Feminista*.
- No mes de xuño créase en Ourense a asociación Falando Nós, na que conflúen mulleres de diferentes idades, ideoloxías e profesións.
- No mes de outubro ten lugar en Pontevedra a constitución do Colectivo Feminista de Pontevedra, plataforma en que conflúen cinco organizacións feministas e mulleres a título individual. As súas integrantes proceden dos concellos de Pontevedra, Lalín, Cuntis, Caldas de Reis, Marín, Friol, Teo, A Estrada, Sanxenxo, Vilanova de Arousa, Vilagarcía ou Nigrán.

- No mes de novembro o grupo de Experiencias Feministas da Pardo Bazán coa colaboración do Concello da Coruña e da Casa Museo Emilia Pardo organiza *Laborando. Feira de proxectos de vida feministas*.
- A Asamblea Nacional de Estudantes Galegas (ANEGA) organiza na Facultade de Dereito da USC as xornadas Dereito e Xénero.
- As mulleres da organización de Vilagarcía de Arousa O Soño de Lilith organizan nesa cidade *Festivalia. Mulleres creando*.
- Pasamento de Dorotea Bárcena.

TERRITORIO ESPAÑOL

MEDIEVO

- Fillas de nobres teñen acceso a unha boa educación, recibida normalmente na propia casa da man de pais ou preceptores particulares, ou tamén asistindo ás escolas monásticas ou episcopais.

- A vida conventual é escollida como lugar-refuxio por mulleres sobre todo pertencentes á nobreza e á burguesía e que non dispoñen de dote para casar axeitadamente. A cantidade de dote requirida para a entrada no convento é menor que a necesaria para casar.

- Nos conventos e abadías xeracións de mulleres exercen a tarefa de copiar e elaborar miniaturas ilustrando códices e salterios.

- Mulleres con oficios, entre outros moitos: carniceiras, ferraxeiras, fabricantes de redes, zapateiras, fabricantes de luvas, faixeiras, camiseiras, fabricantes de carteiras, sombreireiras, comadroas, esfoladoras, encadernadoras, pintoras, fiadeiras de seda, bordadoras, salgadeiras, campesiñas, lavadeiras, creadoras de ourives. Tamén algunhas mulleres son ás veces mestres gremiais.

- A anulación matrimonial e a posibilidade de ter novas nupcias están reservadas para casos de incapacidade de reprodución.

- Nos séculos V-XI a Lex Gotica permite que as mulleres dispoñan de propiedade. A maioría dos matrimonios son civís, comezan a realizarse tamén matrimonios eclesiásticos.

- No século VII existen mosteiros con seccións separadas para monxes e monxas unidas polo Goberno dunha abadesa.

- Ata o século IX é común entre reis e nobres a práctica da polixinia.

- Século IX:

- A Igrexa comeza a elaborar as súas estratexias futuras para se inmiscir nas prácticas sexuais e matrimoniais da poboación.

- Século X:

- A monxa castelá Ende realiza unha serie de miniaturas para ilustrar un códice sobre a fin do mundo que van ser cualificadas como obra mestra.
- A condesa Ermesenda participa no Goberno dos condados de Barcelona Xirona e Osona durante a minoría de idade do seu fillo Berenguer, Ramón Primeiro.

- Século XI:

- Coa Reforma Gregoriana (1075) aumentan os referentes e referencias ás mulleres e ao corpo sexuado femia como símbolo de maldade.

- Século XII:

- A burguesía comeza a se configurar como unha clase distinta e diferenciada dos señores.
- O traballo comeza a ser definido como unha actividade pola que a cambio se recibe unha paga.
- Fórmanse e desenvólvense numerosas institucións educativas, unhas están ligadas á Igrexa, outras teñen un carácter máis independente.
- O alto clero goza de recoñecemento máximo-mítico baseándose na escritura e no ensino.
- A Igrexa ten as súas propias normas e conta con tribunais especiais.
- Coa imposición do matrimonio monogámico e indisoluble a Igrexa trata de moralizar os propios costumes eclesiásticos, transformar a nobreza e someter o resto do pobo de Deus ao imperialismo eclesiástico.
- Aumento da participación das mulleres na vida social, espiritual e intelectual medieval como oíntes, lectoras, mecenas, transmisoras de grandes herdanzas e titoras.
- Guinilda emprende a conquista de Cervera á cabeza dunha mesnada.

- Século XIII:

- Berenguela herda o trono do seu pai, Afonso VIII, e transmíteo ao seu fillo Fernando III.
- A formación das universidades supón o ordenamento, agrupación e xerarquización de oficios e unha redución das posibilidades educativas das mulleres. Créase a de Palencia en 1212, a de Salamanca en 1215, a de Valladolid en 1260 e a de Lleida en 1300.

Século XIV

- Existen dous modelos de ensino da Medicina no reino de Aragón: o das universidades cristián-escolásticas e o dos Estudos. Nas madrasas de Zaragoza, Toledo, Guadalaxara, Barcelona, etc., impártense estudos islámicos. Nas alxamas impártense estudos xudeus.
- Tense constancia de que nas universidades estudaban e ensinaban mulleres, cando menos na de Salamanca e na de Boloña.

Século XV

1474:

- Isabel I é proclamada raíña de Castela en Segovia.

1475:

- Fírmase en Segovia a sentenza arbitral, tamén chamada «concordia». Significa o nacemento dun novo concepto de monarquía, no que a figura da raíña queda equiparada á do rei.

1489:

- Morre a beata María de Ajofrín.

1490:

- Morre Isabel de Villena, quen na súa obra literaria defende a dignidade das mulleres.

1492:

- Decreto de expulsión da comunidade xudía, polo que se ditamina que nun prazo de tres meses non debe quedar ninguén co nome de Xacobe en España. Isto leva a determinadas criptoxudías acomodadas a desenvolver estratexias para salvagardar as súas crenzas da ferocidade inquisitorial.

1499:

- A escritora e erudita Beatriz Galindo escribe *Comentarios sobre Aristóteles y notas sobre los antiguos griegos*.

Século XVI

- Os autos de fe da Inquisición foron máis intensos no caso dos diferentes reinos da Península Ibérica que no resto dos territorios onde actuou.

- Reforma nos conventos de monxas coa aparición da clausura rigorosa.

1504

- Pasamento de Isabel I de Castela «a Católica» e que fora raíña de Castela desde 1474, raíña consorte de Sicilia desde 1469 e de Aragón desde 1479 polo seu matrimonio con Fernando de Aragón.
- Comeza o reinado nominal de Juana I de Castela.

1505:

- Fíxanse as Leis de Toro, ordenamento que recoñece a igualdade legal entre mulleres e homes, dispoñendo que fillas e fillos teñen dereito á lexítima e que, en caso de enviudar, as mulleres poden controlar os seus bens persoais, o usufruto dos bens do marido, herdar a xefatura familiar e a tutela legal das crianzas.

1515:

- Nace en Ávila Teresa de Xesús, que chegará a ser unha importante escritora mística, reformará a Orde do Carmelo e defenderá a idea de que as mulleres como grupo eran capaces de discernir a autenticidade da súa experiencia espiritual, comprender os evanxeos sen intermediarios e difundir as ensinanzas de Cristo.

1522:

- Na expansión trasatlántica conquístase o Imperio Mexica.

1523:

- Juan Luis Vives publica *Formación de la mujer cristiana*, que propón un modelo de feminidade e de vida conxugal que privilexia a moral, a vida retirada no interior da casa e o coidado das crianzas e do esposo.

1533:

- Na expansión trasatlántica conquístase o Imperio Inca.

1556:

- Jerónima Gales, viúva de Juan Mey e de Pedro de Huete, mantén activa a súa imprenta.

1568:

- Falecemento da raíña Isabel de Valois, que acadara esta titularidade en 1559 logo do seu casamento con Felipe II.

1572:

- Felipe II ordena inspeccionar as librarías de Castela, e atópáanse viúvas á fronte de establecementos de Burgos, Alcalá de Henares e Salamanca.

1570:

- Óbito da raíña Ana de Austria, que acadara este título desde a súa voda con Felipe II en 1570.

1584:

- Pedro Vidalo de Tortolés traduce a obra publicada en italiano por Ludovico Dolce *Diálogos da doutrina das mulleres*, na que se defende que as mulleres aprendan a ler sen distincións respecto dos varóns a partir dos sete anos.
- Logo da morte do seu marido, Ana Vélez de Salcedo rexenta a imprenta que leva o seu nome.
- María Ruiz faise cargo do funcionamento da imprenta rexentada polo seu home, despois do falecemento deste.

1587:

- Oliva Sabuco de Nantes Barrera publica a primeira edición (acadará 8) da súa obra *Nueva filosofía de la naturaleza del hombre, no conocida ni alcanzada por los grandes filósofos antiguos, la cual mejora la vida y la salud humana*. Nela

discute os métodos da medicina oficial apoiándose nunha revisión das características da natureza humana e convida a entender e tratar os pacientes como un todo: corpo, mente e ánima.

Século XVII

- Algunhas mulleres conseguen postos de relevancia e unha certa independencia nos territorios da coroa de Castela nas Indias.

- María de Zayas y Sotomayor (1590-1661), novelista do Século de Ouro, pronúnciase nas súas obras contra a misoxinia, a favor da educación das mulleres e afirma que as almas non teñen sexo.

- Obsérvanse importantes restricións na participación das mulleres na vida gremial.

- No campo da astronomía adóptase o sistema copernicano.

- Créanse as prisións para mulleres.

1605:

- Primeira edición de *El Quijote* na imprenta rexentada por Juan de la Cuesta, que é propiedade de María Rodríguez de Rivalde e que posteriormente herdará a súa filla, María de Quiñones.

1617:

- Frei Miguel Agustín, en *Libros de los secretos de la agricultura*, expresa a versatilidade que se espera das mulleres nas economías domésticas e o consolidado principio de que as súas tarefas son unha axuda ao traballo desenvolto polos homes.

1620:

- Catalina de Erauso, a monxa alférez escribe a súa *Vida e sucesos*.

1626:

- Felipe IV concédelle a Catalina de Erauso, «La Monja Alférez», unha pensión vitalicia polo seu servizo como soldado en Chile, Cuzco, Lima e Tucumán, onde matou caciques e asaltou poboacións indíxenas.

1655:

- Das corenta e unha librarías inspeccionadas pola Inquisición, catro están rexentadas por mulleres.

1656:

- Nace en Sevilla Luisa Ignacia Roldán, quen chegará a ser a primeira escultora de recoñecido prestixio na arte española e a única artista distinguida co título de Escultora de Cámara do rei de España en dúas ocasións, con Carlos II e con Felipe V.

1663:

- María de Guevara escribe *Tratado e advertencias*, no que interpela ao rei Felipe IV sobre as mulleres escritoras.

1687:

- Francisca de Aculodi publica en Donostia entre este ano e 1689 unha folla quincenal titulada *Noticias Principales y Verdaderas*.

1695:

- María Estévez preséntase como impresora da Universidad de Salamanca.

Século XVIII

Aparición dos salóns literarios vencellados ás ideas da Ilustración e presenza de mulleres nas Sociedades Económicas de Amigos del País.

1701:

- Logo do seu casamento con Felipe V, María Luísa Gabriela de Saboya convértese en raíña consorte ata a súa morte en 1714.

1713:

- Créase a Real Academia Española.

1714:

- Logo do seu casamento con Felipe V, Isabel de Farnesio convértese en raíña consorte ata a súa morte en 1746.

1724:

- Luísa Isabel de Orleáns contrae matrimonio con Luís I e será raíña consorte durante escasos meses.
- A dinastía borbónica funda na Cidade de México o primeiro convento para indíxenas de monxas cacicas de Corpus Christi.

1739:

- Publícase a obra de Benito Feijoo *La defensa de las mujeres*.

1741:

- Créase en Madrid a Congregación de Naturales y Originarios del Reyno de Galicia, primeira institución coñecida fundada pola emigración.

1746:

- Debido ao seu casamento con Fernando VI, Bárbara de Braganza será raíña consorte ata o seu pasamento en 1758.

1747:

- Nas *Cartas eruditas e curiosas*, Benito Feijoo ocúpase en combater a crenza socialmente establecida segundo a que é máis difícil parir corpos sexuados femia que corpos sexuados macho.

1749:

- Comeza a construción da estrada A Coruña-Madrid.
- Nace Josefa Amar y Borbón, unha das figuras máis destacadas da Ilustración española, que escribe un gran número de obras dedicadas a valorar o papel da muller na sociedade e a defender a súa igualdade de talentos co home.

1759:

- María Amalia de Sajona exerce como raíña consorte ata a súa morte un ano despois.

1763:

- Créase en Cádiz o xornal de crítica social *La Pensadora Gaditana*, promovido por Beatriz Cienfuegos e publicado ata 1764.

1768:

- O rei Carlos III dispón o *Establecimiento de casas para la educación de niños, y de enseñanza para niñas*, destinado ás crianzas de familias campesiñas e artesás.
- Pablo de Olavide propón crear colexios en que se lles ensine ás nenas gramática, francés, xeografía e historia, debuxo, baile e música, nocións de cosmoxía, poesía e declamación.

1769:

- Josefa Amar publica *Discurso sobre la educación física y moral de las mujeres*.

1776:

- Ábrense en Madrid as primeiras casas-escola orientadas á formación profesional de mulleres e nenas orfas.

1779:

- Real cédula pola que se manda que con ningún pretexto se impida por parte dos gremios a ensinanza a mulleres e nenas daqueles labores e traballos propios do seu sexo.

1780:

- A Sociedad Económica Vascongada discute o establecemento dun seminario de señoritas, mais a proposta non prospera.
- Finamento da matemática nacida en Zaragoza María Andrea Casamayor y de la Coma.

1781:

- Último auto de fe da Inquisición sevillana.

1783:

- Carlos III, a teor do ocorrido nunha escola de nenas en Madrid, dispón o *Establecimiento de escuelas gratuitas para la educación de las niñas, y su extensión a los demás pueblos*.
- Para desenvolver o oficio de mestra, as aspirantes tiñan que ser aprobadas polas Deputacións das materias que debían impartir: Doutrina Cristiá e Labores.
- Coa Real cédula do 18 de marzo libérase o acceso á práctica do traballo, declarando que o traballo é lícito, non é infame nin envilece.

1784:

- María Isidra de Guzmán y de la Cerda é nomeada membro honoraria da Real Academia Española e, un ano máis tarde, por orde de Carlos III obtén o grao de doutora (a primeira en España) e mestra na Facultade de Artes e Letras Humanas. Tamén será investida cos títulos de catedrática de Filosofía, conciliadora e examinadora na Universidad de Alcalá.
- A Real cédula do 12 de setembro, titulada *Facultad General de las mugeres para trabajar en todas las artes compatibles con el decoro de su sexo*, declara a facultade de traballar de todas as mulleres do reino tanto na fábrica de fíos como en todas as demais artes compatibles co «decoro e as forzas do seu sexo».

1786:

- Josefa Amar y Borbón publica o seu *Discurso en defensa del talento de las mujeres y de su aptitud para el gobierno y los otros cargos en que se emplean los hombres*.

1787:

- Carlos III autoriza a creación de Juntas de Damas segregadas dos varóns.
- Autorízase a afiliación de mulleres ás Reais Sociedades Económicas.

1788:

- María Luísa de Parma reina xunto ao seu esposo Carlos IV ata a súa abdicación en 1808.

1790:

- Publícase a obra de Josefa Amar y Borbón *Discurso sobre la educación física y moral de las mujeres*.

1796:

- Nace Cecilia Böhl de Faber, quen, como escritora e para poder publicar, empregará o pseudónimo *Fernán Caballero*.

1797:

- Apróbase o *Reglamento de primeras letras*, que establece a obriga do ensino segregado segundo os sexos a partir dos cinco anos.
- Segundo o censo, existen 50 colexios de nenas fronte a 99 de nenos.

1798:

- Inés Joyes y Blaque publica «La apología de las mujeres», opúsculo incluído ao final da súa tradución da novela *Rasselas, príncipe de Abisinia*, do inglés Samuel Johnson; o opúsculo está inscrito na tradición do debate sobre os sexos e xira arredor das desigualdades que atravesa a vida das mulleres no ámbito privado e nos espazos sociais: familia, educación, relacións amorosas e de sociabilidade, opinión e escritura e, en xeral, rexeita as exaltacións románticas das mulleres por parte dos varóns porque, na práctica, significan negarlles a elas o acceso ao saber e á igualdade.

Século XIX

- As primeiras décadas de século non son favorables á causa feminista ao triunfar os ideais de maternidade e de «anxo do fogar».

- Ao longo deste século, a existencia de desexo sexual nas mulleres vai ser negada tanto pola moral cristiá como por unha parte da ciencia. Ambas están de acordo en considerar as mulleres como seres inmateriais cunha sexualidade que só se activa para cumprir a súa «función» reprodutiva dentro do matrimonio.

1800-1850

- Arredor da intelectualidade republicana e federal de inspiración fourierista fórmanse pequenos núcleos que loitan pola emancipación das mulleres.

- Escritoras como Ángela Grassi, Faustina Sáez de Melgar e Pilar Sinués de Marco, de recoñecido prestixio nos círculos literarios propios do canon isabelino, caracterizado polo seu neocatolicismo e didactismo moralizante, emprenden empresas editoriais.

1804:

- Ata 1807 édítase en Cádiz *El Correo de las Damas*.

1807:

- Morre Josefa Jovellanos, escritora da lingua asturiana e promotora de obras sociais.

1809:

- José I Bonaparte decreta, o 29 de decembro, o establecemento en cada provincia do reino dunha casa de educación para as nenas de clase acomodada de entre 7 e 12 anos.

1810:

- Formación das Juntas Americanas, pródromo do movemento de liberación nas colonias españolas.
- Cortes de Cádiz.

1811:

- Co título «Patriotismo y heroicidad de una española», o xornal *El Conciso* dá conta do xesto da guipuscoana María Ángela Tellería, que dous anos atrás propiciara a fuga de prisioneiros, evitando que fosen enviados a Francia.

1812:

- Promúlgase unha nova Constitución, que declara a soberanía nacional fronte á monarquía absoluta e, entre outras cuestións, establece a necesidade dunha educación pública das mulleres e regula o seu funcionamento.
- O traballo das cigarreiras constitúese no primeiro oficio manufactureiro en que as mulleres traballen á marxe do campo e da terra.
- Carmen Silva substitúe o seu represaliado marido na dirección de *El Robespierre Español* de Cádiz

1813:

- Edítase en Cádiz *El Amigo de las Damas*, no que se incide na distribución diferenciada do traballo segundo os sexos.

1814:

- O Proyecto de Decreto para Arreglo General de la Enseñanza Pública, de 7 de marzo, defende o establecemento de escolas públicas nas que se lles aprenda ás nenas a ler e escribir e ás adultas os labores e habilidades «propios do seu sexo»; mais a iniciativa vai ser suspendida por Fernando VII.
- Fernando VII revoga a Constitución de 1812 e restaura unha monárquica con poder absoluto.
- Perséguese e encarcéranse moitas mulleres de ideoloxía liberal.
- Volta á Inquisición.

1815:

- Pronunciamento de Porlier na Coruña a prol dun réxime liberal.
- Accións ludistas en Alcoi e Camprodón contra as novas máquinas teares.

1819:

- Creación dos Reais estudos de debuxo e adorno para as nenas.
- Apertura de centros de ensinanza mutua lancasteriana para nenas.

1820:

- Levantamento de Riego, que dá comezo ao Trienio Liberal, no que un grupo de mulleres contraveñen a regra pola que se prohibe a asistencia das mulleres á Asemblea vestidas con roupas de varón.

1821:

- O Regulamento Xeral de Instrución Pública establece o Sistema Nacional de Educación, que inicia o ensino público e gratuíto e considera as ensinanzas de lectura e escritura para as nenas se os seus proxenitores as solicitaban.
- O regulamento das Cortes impídelle ás mulleres o acceso á tribuna parlamentaria; Emilia de Duguermeus publica un opúsculo contra el.

1822:

- Aprobación do primeiro Código penal español.
- Edítanse en Madrid *El Periódico de las Damas* e *El Correo de las Damas*, nos que se aborda a distribución diferenciada do traballo segundo os sexos.

1826:

- O 23 de outubro, Francisca Jaquinet patenta en Madrid a máquina-chimenea portátil inventada polo seu marido.

1828:

- As cigarreiras comezan a se organizar a causa das pésimas condicións laborais e os baixos salarios.

1829:

- O Código de Comercio esixe a autorización do pai ou do marido para que as mulleres poidan desempeñar unha actividade empresarial.

1831:

- A Ley de la Bolsa prohibe que as mulleres desenvolvan esta actividade se non teñen aberto un establecemento.
- Morre aforcada Mariana Pineda ao ser condenada por bordar nunha bandeira liberal «Ley, Igualdad y Libertad».

1833:

- Reforma administrativa de Javier de Burgos.
- Comezan as guerras carlistas entre os que prefiren que o trono sexa ocupado polo seu tío Carlos e os que prefiren que o ocupe Isabel II. Esta última, unha vez abolida a Lei sálica, que impedía que reinasen as mulleres, chega a ser raíña a idade de tres anos. Reinará ata os 10 anos baixo rexencia de María Cristina de Borbón, e ata os 13, cado se lle outorga a maioría de idade, baixo a de Espartero.

1834:

- As cigarreiras forman as primeiras Hermandades de Socorro Mutuo.
- Os regulamentos das Cortes eliminan a prohibición do acceso das mulleres ás tribunas públicas da cámara.

1835:

- Antonia Gutierrez publica o primeiro volume dun *Diccionario histórico y biográfico de mugeres célebres*.
- Tumultos populares que denuncian a carestía da vida con importante participación de mulleres.

1836:

- Póñense á venda as terras desamortizadas.
- Abólense os privilexios gremiais.

1837

- Antonia Gutiérrez Bueno enfróntase á discriminación das mulleres existente na Biblioteca Real, máis tarde Biblioteca Nacional. As mulleres só podían percorrela nos días festivos e Antonia, mediante petición á raíña rexente María Cristina, consegue que a admitan como usuaria a ela e a todas as mulleres que o solicitasen.

1838:

- A Ley de Instrucción Primaria insiste nas peculiaridades da educación elemental das nenas, no valor moral das ensinanzas relixiosas e na orientación diferencial e priorizada en materias de aplicación práctica como os labores, e pon menor interese nos saberes alfabetizadores.

1839:

- Remate das guerras carlistas.

- Desde comezos da década dos corenta, os textos producidos por mulleres comezan a ser cada vez máis frecuentes na prensa.

1840:

- Espartero obriga a abdicar á raíña María Cristina.
- As ideas socialistas xermolan entre a poboación traballadora e prodúcense novas formas de asociacionismo clandestino: colectivismo, mutualismo, cooperativismo e sociedades de resistencia e socorro mutuo.
- Créase a Sociedad de Tejedores en Barcelona.

1844:

- O Goberno de Narváez fusila 214 republicanos e prohíbe as organizacións obreiras.

1845:

- Gertrudis Gómez de Avellaneda lanza en Madrid unha revista feita por e para mulleres: *La Ilustración*.
- Publícase *El Vergel de Andalucía*.
- Juana María de Vega publica *Apuntes para la historia*.

- Nace Dolors Monserdà, escritora feminista catalá que escribiu un dos textos considerados fundacionais do feminismo catalán: *Estudi feminista*.

1849:

- Créase o xornal *El Huracán*, de liña socialista.

1850:

- Promulgación da Ley Moyano, que, entre outras cousas, establece a obrigatoriedade da escolarización para as nenas e a creación das Escolas Normais de Mestras de Primeira Ensinanza.

1851-1900

1851:

- A firma dun Concordato coa Santa Sé consolida o control relixioso-ideolóxico de todo o ensino.
- Primeiros números de *El Correo de la Moda*, que se vai publicar ata 1893.
- Primeiros números de *La Mujer*, que se publicará ata 1852.

1853:

- A Real Academia Española toma o acordo de non aceptar mulleres como membros de número. Este manterá a súa validez ata 1978.

- 1854-1856: Bienio progresista, contexto en que se leva a cabo a primeira manifestación de mulleres reclamando o dereito ao voto. Tamén se producen continuos alzamentos militares. Créase a Unión de Clases, primeira confederación de asociacións obreiras, con 30 000 afiliadas e afiliados.

1855:

- Primeira Folga Xeral.
- Créase o xornal *La Voz del Pueblo*.

1857:

- A Ley General de Instrucción Pública, chamada Ley Moyano, prescribe a obrigatoriedade do ensino para ambos os sexos entre os seis e os nove anos, aínda que conserva diferenzas entre eles en relación coas materias.
- A lexislación recomenda abrir Escolas Normais de Mestras.
- Josefa Zapata Cárdenas e Margarita Pérez de Celis inician a edición, dirección e financiamento do quincenal *El Pensil Gaditano*, xornal social de crítica ao capitalismo e á sociedade burguesa.

1858:

- Créase a Escuela Normal de Maestras.

- Anos 60-70: Iníciáanse os debates sobre o dereito universal á educación das mulleres, destaca a participación de E. Pardo Bazán e de Concepción Arenal.

1861:

- Créase o Ateneo Catalán de la Clase Obrera, destinado á instrución en ciencias naturais e exactas, medicina laboral e hixiene sanitaria a homes e mulleres traballadoras.
- A normativa derivada da Ley de Instrucción Pública de 1857 regula a profesión de matrona considerada auxiliar da medicina e limitada á asistencia aos partos.

1862:

- Primeiros números de *La Violeta*, que se vai editar ata 1866.
- Nace Sofía Casanova.

1864:

- Con La Obrera Mataronense arrancan as cooperativas de produción e consumo municipalistas.
- Primeiros números de *El Ángel del Hogar* e de *Los Ecos de Auseva*. Ambas publicáranse ata 1869.

1865:

- Amparándose nas correntes médico hixienistas pero baleiradas de contido social, os lexisladores incorporan ás disposicións sobre a prostitución a creación das Seccións de Hixiene Especial, organismo que obriga ás «mundanas» a rexistrarse legalmente como tales, obter a cartilla médica, pagar a atención primaria obrigatoria e os impostos e cotas pola apertura de cartillas e gastos burocráticos aos que se engaden as multas derivadas dos impagos e os incumprimentos legais.
- Fermina Orduña, natural de Madrid, obtén unha patente sobre tecnoloxía propia consistente nunha carruaxe especial para a venda ao público de leite pura de burra, vaca ou cabra.
- Varios mestres krausistas son separados das súas cátedras.

1866:

- Primeiros números de *La Mariposa*, dirixida ás mestras de escola, que se vai publicar ata 1867.

1867:

- Nace Carmen de Burgos, *Colombine*, chegará a ser mestra, novelista, correspondente de guerra, militante feminista e republicana.

1868:

- Destronamento de Isabel II.
- Comezo do Sexenio Revolucionario.
- Goberno provisional cos seguintes logros: liberdade de reunión, liberdade de asociación e sufraxio universal directo e masculino.

- Faustina Sáez de Melgar funda en Madrid o Ateneo Artístico y Literario de Señoras.
- Fernando Castro crea a Escuela de Institutrices.
- En Igualada prodúcese unha mobilización masiva de obreiros en contra do emprego das mulleres nas fábricas de téxtil da localidade.

1869:

- Constitución para artellar o estado democrático con monarquía parlamentaria (Amadeo I de Savoia), segue as coordenadas da Constitución de 1855 nutrida de moderantismo pouco conservador e progresismo pouco liberal.
- Comezo de insurreccións republicanas.
- O reitor da Universidad de Madrid organiza conferencias dominicais para a educación da muller, núcleo orixinario da Asociación para la Enseñanza de la Mujer.
- Por iniciativa de Faustina Sáez de Melgar créase en Madrid o Ateneo Artístico y Literario de las Señoras, aglutinador dunha iniciativa pedagóxica que conta co apoio e patrocinio do reitor krausista da Universidad Central de Madrid (UCM) Fernando de Castro.
- Inaugúrase a Escuela de Institutrices na Escuela Normal de Madrid.
- Rafael María de Labra defende a educación das mulleres e o dereito ao voto destas.
- Concepción Arenal publica *La mujer del porvenir. Artículos sobre las conferencias dominicales para la educación de la mujer.*
- Comeza a se publicar o *Boletín de la Institución Libre de Enseñanza.*
- Fúndase o semanario *La Bandera Roja.*
- Petronila Pellicer e Baudilia Pi exercen de profesoras no Ateneo Catalán de la Clase Obrera.
- Fundación da Federación da Asociación Internacional dos Traballadores (AIT).
- Créase a Asociación Republicana Femenina Mariana Pineda, conta entre as súas fundadoras coa canaria Guillermina Rojas y Orgis.

1870:

- A raíña Isabel II abdica do trono español.
- Primeira regulación civil do matrimonio.
- O Código civil, que logo será subsumido no de 1889, contempla o castigo do adulterio das mulleres con penas de dous a seis anos de prisión. A variante dos homes só constitúe delito se media escándalo público por amancebamento no propio domicilio conxugal ou fóra del.
- Comeza a se xestar unha cultura de consumo accesible aos sectores acomodados da clase media que habitan nas principais cidades.
- Algunhas universidades admiten mulleres con permiso das autoridades competentes.
- Preséntase publicamente o xornal *El Combate.*
- Créase a Asociación para la Enseñanza de la Mujer, encargada de poñer en funcionamento as escolas profesionais femininas de Correos e Telégrafos, Comercio ou Idiomas.

- Ten lugar o I Congreso Nacional Español da Asociación Internacional do Traballo (AIT), no que se constitúe a Federación Regional Española (FRE).

1870-1874:

- Constitúense sociedades de oficios en Cádiz, Reus e Palma de Mallorca.

1873:

- O 11 de febreiro as Cortes proclaman a I República Española.

1874:

- O 29 de decembro dá comezo a restauración borbónica.

1871:

- As Cortes declaran anticonstitucional a AIT.
- A editorial de Cristina Sáez de Melgar publica *La Mujer. Revista para la Ilustración del Bello Sexo*.
- Pasamento da internacionalista Modesta Periú a causa dunha tise contraída no penal madrileño do Saladero.

1872:

- Logo de obter o ano anterior o consentimento do rei Amadeo, Elena Maseras Ribera matricúlase na Facultade de Medicina de Barcelona; será así a primeira alumna desa universidade.
- Fúndase en Andalucía a Escuela Libertaria de Sanlúcar de Barrameda.
- Sae á rúa o primeiro xornal obreiro de tirada diaria: *El Condenado*, en alusión aos miles de persoas amoreadas nas cadeas.
- Os congresos anarquistas realizados a partir deste ano defenden que a muller é un ser libre e intelixente, responsable dos seus actos ao igual que o home, e denuncian a discriminación social, cultural e laboral, e a dupla moral da patronal que se declara católica.
- Organízanse as primeiras loxas masónicas de mulleres.
- Morte de Juana de Vega.

1873:

- I República.
- Nas novas Cortes apróbase a disolución inmediata do Exército e a conversión deste noutro de voluntarios.
- Comisión para a Reforma do Código Penal na que participa Concepción Arenal.
- Abolición da escravitude.
- A Ley del Trabajo non fai referencia ás mulleres.
- O cooperativismo, un dos eixes da Internacional, ten un desenvolvemento notorio ao contar con 600 cooperativas en todo o Estado.
- Nace Rosa Sensat Vilá quen, como mestra, chegará a defender a Escola Nova.
- Finamento de Gertrudis Gómez de Avelleda, escritora e loitadora contra a escravitude.

1874:

- Restauración da monarquía borbónica (véñse fraguando desde 1872).
- Golpe de estado dos xenerais Pavía e Martínez Campos, que proclaman novo rei a Alfonso XII: O ministro de Fomento reabre a «cuestión universitaria», decreta que a docencia non pode contravir as ordes da igrexa e pon fin á liberdade de cátedra; un grupo de profesores, en desacordo co decreto, renuncian ás súas cátedras e fundan a Institución Libre de Enseñanza.
- Decreto de disolución do núcleo obreiro marxista.

1875:

- Amais da asistencia aos partos, as matronas poden desempeñar unha actividade docente en centros privados.

1876:

- A Constitución establece o catolicismo como relixión do Estado, superponse aos códigos civil e penal, xa de seu represivos para as mulleres.
- Creación da Institución Libre de Enseñanza en Madrid.

- Entre 1870 e 1881 comezan os estudos de bacharelato 171 mulleres.

1877:

- Ao fío dun debate sobre a Lei electoral, Perier propón outorgar o dereito ao voto ás nais de familia, viúvas ou maiores de idade ás que corresponda o exercicio da patria potestade. A proposta é desestimada.
- Creación do *Boletín de la Institución Libre de Enseñanza*.
- Pasamento da literata Cecilia Böhl de Faber, *Fernán Caballero*.

1878:

- Nace Asunción Rincón Lazcano, que chegará a ser mestra e introducirá melloras no maxisterio español.

1879:

- O Partido Demócrata Socialista Obrero Español, precedente do PSOE, desenvolve o seu primeiro congreso na clandestinidade e non será ata 1988 cando engada a petición de igual traballo igual salario para os dous sexos.
- O sindicalismo católico emprega estratexias de contención do movemento obreiro.
- Sae á rúa o xornal *El Diluvio*.
- Primeiro número da publicación revolucionaria de periodicidade intermitente ata 1888 *El Municipio Libre*.
- Publícase a revista *El Porvenir*, de liña deísta-teosófica, anticlerical, defensora do racionalismo científico, da emancipación da muller e da igualdade plena entre os sexos. Dirixida por Amalia Domingo Soler, vai ter continuidade ata 1898.

1880:

- Rosario Bornas obtén a súa licenciatura en Exactas.
- A escritora Matilde Cherner y Hernández suicídase logo de pasar polo cárcere como «presa por ideas».

1881:

- Primeiro Congreso obreiro da Federación de Trabaxadores de la Región Española, de corrente anarquista, en Barcelona, no que se adopta unha resolución de igualdade de dereitos e deberes entre homes e mulleres.
- Dolores Mariano obtén a súa licenciatura en Farmacia.
- Sae á rúa o xornal satírico escrito en catalán *La Tramontana*.
- Creación da UGT.
- A Federación Regional Española pasa a chamarse Federación de Trabaxadores de la Región Española (FTRE).
- Nace en Santander a futura pintora María Blanchard.
- Nace en Arijá a futura pintora Gloria Torner.

1882:

- Primeiro Regulamento de Higiene Especial nos prostíbulos.
- Unha Real orde prohibe novas admisións de mulleres nas universidades. Permanecerá vixente ata 1988.
- As mulleres poden acceder a postos de auxiliares do Servicio de Correos y Telégrafos.
- Primeiras doutoras en Medicina: Dolores Aleu, Martina Castells e Elena Maseras.
- Emilia Pardo Bazán publica *La tribuna*, que ten como protagonista unha obreira.
- Edítase en Barcelona a publicación periódica feminina de liña emancipatoria *La Mujer*
- Segundo Congreso obreiro da Federación de Trabaxadores de la Región Española en Sevilla.
- Primeiro congreso pedagóxico da Institución Libre de Enseñanza, no que se debate e se aproba a competencia das mulleres para dirixir escolas infantís e para impartir clases nas Escolas Normais

- En 1882, 1888 e 1892 teñen lugar unha serie de congresos pedagóxicos nos que a cuestión das diferenzas educativas en función dos sexos é un dos temas principais.

1883:

- A Lei de imprenta do 26 de xullo amplía o espazo de debate público.
- A Lei do 24 de xullo prohibe o traballo das nenas menores de 7 anos e tamén o traballo nocturno ata os 17 anos.
- A Lei do 6 de xullo equipara o soldo das mestras ao dos mestres.
- Créase a Escuela de Correos y Telégrafos.
- Edítase en Barcelona a publicación periódica feminina de liña emancipatoria *La Ilustración de la Mujer*.

- Fundación da Comisión de Reformas Sociales, primeira iniciativa estatal de carácter reformista, encargada de recoller información exhaustiva sobre as condicións materiais e morais das clases traballadoras; conta cun apartado específico dedicado ao traballo das mulleres que reproduce a preocupación do pensamento social por compatibilizar o traballo en talleres e fábricas coas tarefas domésticas.
- Iníciase o proceso, que durará un ano, contra as tecedoras á man de Carme (Igalada).
- Créase na clandestinidade a organización anarcocomunista Desheredados.

1884:

- A pintora galega Juana Muñoz Zubiría participa na Exposición Nacional de Bellas Artes de Madrid.
- Constitúese a Sección Viaria de Trabaxadores Anarco-Colectivistas de Sabadell a fin de contribuír á emancipación de mulleres e homes e de loitar a prol do cuarto estado.
- Nace María Bonet; en 1936, de profesión mestra, colectivizará as súas terras e será obxecto da represión franquista.

1885:

- Despois da morte de Alfonso XII, o Goberno de Sagasta recupera algúns dereitos da Constitución de 1869.
- O Código de Comercio regula que a muller casada precisa da autorización do seu marido ou do seu pai para establecer un negocio ou practicar o comercio.
- Publícase o xornal gaditano *El Socialismo* para apoiar anarquistas de Andalucía vítimas da represión acaecida entre 1882 e 1884.
- En Madrid publícase *La Revista Social* como boletín de disidencia interna entre o anarcocolectivismo e o comunismo libertario.
- Sae á rúa a revista libertaria *Ciencia Social*.
- Moitas mulleres bótanse á rúa en masa para protestar contra a guerra e o recrutamento militar obrigatorio.

1885-1886:

- A campaña socialista a favor do cumprimento da Ley Benot de 1873, sobre o traballo infantil, sitúase nos antecedentes da elaboración dun proxecto de lei acerca do traballo das crianzas da Comisión de Reformas Sociales.

1886:

- No terreo da socioloxía, cultura e arte publícase a revista libertaria *Acracia*.
- O PSOE lanza o seu primeiro xornal co nome de *El Socialista*.
- O anarquismo lanza o seu xornal de dimensión estatal *El Productor*.

1887:

- Aprobación da Lei de Asociacións e da Lei de Xuízos por Xurado.

1888:

- Vólvese permitir a presenza de mulleres nas universidades mais con limitacións.

- Fúndase o xornal comunista libertario *Tierra y Libertad*.
- Realízase en Barcelona o congreso en que se funda o sindicato socialista Unión General de los Trabajadores.
- Segundo congreso pedagóxico da Institución Libre de Enseñanza.
- Nace Margarita Xirgú, que chegará a ser actriz e directora de escolas dramáticas.
- Nace Clara Campoamor, que se desenvolverá como avogada, sufraxista e deputada en Cortes.
- Nace Enriqueta García Infanzón, escritora asturiana coñecida como *Eugenia Astur*.

1889:

- O Código civil consagra a discriminación legal das mulleres.
- A partir deste ano e ata 1892 a vixilancia dos prostíbulos recae nos gobernos locais.
- O reformador sexual Suárez Casaña escribe a primeira serie de fascículos sobre educación sexual chamada *Conocimientos de la vida privada*.
- Fundación da Sociedad Autónoma de Mujeres en Barcelona da man de Ángeles López de Ayala, Amalia Domingo Soler e Teresa Claramunt, líderes do republicanismo librepensador, o laicismo deísta-espírita e o anarquismo.
- A comerciante canaria Candelaria Pérez obtén unha patente por un moble consistente nunha cama combinable con tocador, lavabo, mesa de noite, escritorio, bidé e mesa de xadrez ou para comer.

1890:

- Por vez primeira, unha lei electoral refírese ao sexo masculino como posuidor do dereito ao sufraxio; con anterioridade a exclusión das mulleres dábase por sobreentendida.
- Reorganización da Comisión de Reformas Sociais, que aumenta as súas competencias e inclúe a preparación de proxectos de lei que tendan á mellora da clase obreira.
- A representación do Estado español na Conferencia Internacional do Traballo de Berlín é a única asistente que non vota unha lexislación protectora para o traballo das mulleres.
- Elia Garci-Lara Catalá, natural de Valencia, patenta un lavadoiro mecánico para roupa de uso.
- Desenvólvese o 1º de Maio por vez primeira.

1891:

- Aparición de dous proxectos de lei sobre o traballo das mulleres que non van ser aprobados.
- Fúndase a Sociedad Autónoma de Trabajadoras de Barcelona y su Llano, promovida, ente outras, por Joaquina Matas, Josefa Fornells e Teresa Claramunt.

1892:

- A vixilancia dos prostíbulos e da prostitución recae nos gobernos civís.

- A Institución Libre de Enseñanza realiza o seu terceiro congreso pedagóxico, que desta volta é hispano-luso-americano, e inclínase cara a conclusións favorables ás mulleres, como o dereito a se instruír e educar igual que os homes.
- Creación da Biblioteca de la Mujer dirixida por Emilia Pardo Bazán.
- A pintora pontevedresa Carolina Alavarría e a santiaguesa Carmen Torres y Plaza participan na Exposición Nacional de Bellas Artes.

1892-1910:

- Aparecen diferentes normativas que van regulamentando o marco en que se vai producir a presenza de mulleres nos institutos secundarios e mais na universidade.

1890:

- Sufraxio universal para os homes

1893:

- Guerras coloniais: comezo das incursións imperialistas en Marrocos, que se prolongarán ata 1926.
- Unha Real orde permite que as mulleres poidan efectuar a súa matrícula nos estudos de bacharelato sen ter que pedir autorización.
- María Carbonell publica o ensaio «Algunas ideas sobre la educación de la mujer» na revista *Escuela Moderna*.
- Fúndase a revista profesional *El Eco de las Matronas*, publicación bimensual que defende un pensamento propio das matronas sobre a maternidade que choca cos criterios patriarcais dominantes.

1894:

- Créase unha brigada específica de policía: La Ronda Especial, composta por mercedarios e hampóns coa finalidade de amedrentar o anarquismo.
- A Institución Libre de Enseñanza organiza a súa primeira colonia escolar estival.

1895:

- Créase en Madrid a Asociación General para el Estudio y Defensa de los Intereses de la Clase Trabajadora, iniciativa católica que vai defender, sobre todo, os intereses da patronal e da produtividade.

1896:

- Guerras coloniais: comeza a invasión de Filipinas.
- No mes de setembro entra en vigor unha nova lei antiterrorista na que se vincula o terrorismo co anarquismo.
- Teresa Mañé, baixo o alcume de Soledad Gustavo, publica o ensaio *A las proletarias*.
- Belén de Sárraga Hernández funda en Valencia *La Conciencia Libre*, órgano de expresión da Asociación General Femenina de Valencia e da Sociedad Progresiva Femenina de Málaga.
- O cirurxián Federico Rubio y Galí pon en marcha en Madrid a escola de enfermaría para mulleres Santa Isabel de Hungría, considerada como o primeiro

intento de introducir no Estado o modelo de enfermaría laica creado pola británica Florence Nightingale.

1897:

- Guerras coloniais: invasión de Porto Rico e Cuba.
- No regulamento da Policía Minera prohíbese o traballo das mulleres no interior das minas.
- Créase a revista *Germinal*, a icona da Xeración do 98.
- Fúndase en Barcelona a Sociedad Progresiva Femenina.
- Créase en Valencia a Asociación General Femenina.
- As pintoras galegas Elina Molíns, Clotilde López, Manuela Ulloa e María Alcalá participan na Exposición Nacional de Bellas Artes de Madrid.

1898:

- Guerra colonial hispano-norteamericana.
- Publícase *La Revista Blanca* co subtítulo *Publicación Quincenal de Sociología, Ciencia y Arte*.

1899:

- *Las Dominicales del Libre Pensamiento* é o título da resolución presentada na Conferencia da Paz na Haia en nome «das mulleres españolas».
- Adolfo González Posada publica o seu estudo *Feminismo*, que versa sobre os dereitos sociais da muller.
- Pasamento de Pilar Pascual Sanjuán, pedagoga, considerada como parte da primeira xeración de feministas do territorio.

1900:

- Leis sociais sobre accidentes laborais, sobre a limitación no acceso ao traballo de mulleres e de nenos.
- Creación do Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes.
- A agricultura ocupa case dous terzos da poboación activa, o que supón máis da metade da renda nacional.
- Créase en Elx a Unión Sociedad Feminista de Resistencia y Socorros Mutuos con 1200 socias.
- Fúndase a Sociedad Progresiva Femenina en Málaga.
- Créase en Hueva a Unión Femenina de Libre Pensamiento.
- Fundación da Sociedad de Mujeres Libre Pensadoras en Mahón.
- Creación da Federación Malagueña de Sociedades de Resistencia, con actividade ata 1906; é unha iniciativa obreira que aglutina campesiñado, traballadores fabrís, artesáns, antigos aliancistas, ácratas, cooperativistas, espiritistas, masóns e feministas.

Século XX

- Na primeira década deste século convértese en lugar común a consideración de que a frixidez é algo xeral entre as casadas máis piadosas debido ao acatamento dos ditames dos seus confesores ou directores espirituais e á presión relixiosa á que están sometidas.

1901-1920

1901:

- Real decreto no que se solicita a creación de clases dominicais de adultas e se fai obrigatoria o establecemento de escolas nocturnas para adultos.
- O librepensador anarquista, republicano, federal e masón Francisco Ferrer y Guardia ultima a creación da Escuela Moderna.
- A imitación dos centros superiores femininos dos Estados Unidos de Norteamérica créase en Madrid o Instituto Internacional.

1902:

- Lei do 13 de marzo, pola que se regula o traballo de mulleres e crianzas. Dispón no seu artigo 2º que as Xuntas locais e provinciais propoñan ao Goberno os medios que consideren para que, no prazo de dous anos, quede reducida a once horas a xornada onde se exceda o dito número. Esta foi tamén unha das atribucións sinaladas ás ditas Xuntas pola Real orde do 9 de xuño do mesmo ano na súa disposición 5ª, núm. 1º.
- Sae á rúa a publicación quincenal *Humanidad Libre*, escrita e dirixida por mulleres e órgano da Sociedad Femenina de Valencia.
- *La Conciencia Libre*, creada en 1886, convértese por resolución do Congreso Universal de Librepensadores realizado en Ginebra en órgano de librepensamento internacional. Seguirá a se editar ata 1907.
- Créase en Sevilla La Escuela Laica.
- En Elx a resistencia sindical das alpargateiras canalízase a través da sociedade El Despertar Femenino, pertencente á Agrupación Socialista Femenina.
- Nace en Paniza (Zaragoza) María Moliner, que desenvolverá unha importante tarefa filolóxica e lingüística.

1903:

- Carmen de Burgos, *Colombine*, realiza nas páxinas do *Diario Universal* a primeira enquisa cidadá sobre o divorcio, á que responden desde políticos ata os máis importantes intelectuais.
- Creación do Instituto de Reformas Sociales, que vai permanecer activo ata 1924.

1904:

- Apróbase a Lei de descanso dominical.
- Unha Instrucción General de Sanidad abre a posibilidade ás mulleres de ser practicantes.
- Sae á rúa en Manresa a publicación quincenal *La Mujer Moderna*.

- Viu a luz a revista neomalthusiana ilustrada *Salud y Fuerza*, o seu lema é a «Procreación consciente y limitada. Revista mensual ilustrada de la Liga de Regeneración Humana».
- Constitúese en Barcelona e na liña anarquista Solidaridad Obrera (SO).
- Comeza a funcionar a Asociación Católica Internacional de Servicios a la Juventud Femenina.
- Nacemento de María Pilar Losada en Ávila, quen chegará a ser a primeira muller piloto no estado.

1905:

- O cirurxián Bulffi abre en Barcelona o primeiro centro de atención sexual e planificación familiar en España e o segundo en Europa despois do de Amsterdam.
- Dirixida pola cirurxá e comadroa Rosa Viñals Lladós, sae á rúa a revista *La Mujer y la Higiene*, con periodicidade quincenal e que reclama a igualdade de oportunidades e de dereitos para as comadroas profesionais.
- Nace Federica Montseny Mañé, que chegará a ser escritora e oradora anarquista e que formará parte da CNT e en 1936 será ministra de Sanidade.
- Nace Trinidad Revolto, que chegará a desenvolver actividade sindicalista e de secretaria da Unió de Dones de Catalunya.

1906:

- Dítase o Regulamento sobre o Servizo de Inspección de Trabajo.
- A artista galega María Gor Atienza participa na sección de arte decorativa da Exposición Nacional de Bellas Artes de Madrid.
- Publícase en Barcelona ata 1909 *El Gladiador*, dirixida por Ángeles López de Ayala.
- Un grupo de mulleres catalanistas crean a revista *Or i Grana*.
- As militantes do PSOE crean o Grupo Femenino Socialista madrileño.
- O partido catalanista Lliga Regionalista funda unha sección feminina: a Lliga Patriótica de Dames, coa meta de seren «os anxos das familias catalás».

1907:

- Impulsada polas mulleres da UGT, apróbase unha lei que prohibe o traballo das embarazadas entre catro e seis semanas despois do parto, tempo en que non cobran.
- No debate sobre a Lei electoral preséntanse no Senado dúas emendas solicitando o dereito electoral para as mulleres só para as eleccións municipais. Ambas serán rexeitadas.
- A revista *La Ilustración Catalana* comeza a publicar o suplemento «Feminal», no que os artigos de Carmen Karr defenden a igualdade de dereitos entre mulleres e homes.
- Comeza a cobrar visibilidade o sufraxismo, que se consolidará nos anos posteriores á Primeira Guerra Mundial.
- Creación da Junta de Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas.

1908:

- Alarcón y Meléndez publica *El libro de la mujer española*, considerado como o antecedente ideolóxico do feminismo católico.
- Isabel Oyarzábal funda a revista *La Dama*.
- Créase, na liña do feminismo católico, a Unión de Damas del Sagrado Corazón.
- Nace Dolors Vives Rodón, que chegará a ser aviadora e fundadora do Aero Popular de Barcelona, tamén loitará na aviación republicana entre 1936-1939.

1909:

- Semana Tráxica.
- Revolta masiva e, en principio, pacífica contra a decisión de Maura de enviar máis soldados reservistas a Marrocos.
- Comeza a ter efecto a presenza das mulleres nas aulas dos institutos.
- Fundación en Valencia do Sindicato Católico Femenino Obrero de la Inmaculada.
- Creación en Madrid do Sindicato de la Aguja y Similares Nuestra Señora de los Desamparados.
- Chega a Melilla Carmen de Burgos, *Colombine*.
- Pasamento da poetisa, escritora, xornalista, mestra e mitineira librepensadora Amalia Domingo Soler en Barcelona, onde a igrexa prohibiu enterrala en terra consagrada.

1910:

- Unha Real orde do 8 de marzo revoga a necesidade de solicitar un permiso especial para que unha muller se poida matricular libremente na ensinanza universitaria oficial.
- A partir dunha Real orde do 2 de setembro, a posesión de diversos títulos académicos habilitarán as mulleres para o exercicio de cantas profesións teñan relación co Ministerio de Instrucción Pública.
- Concepción Aleixandre Ballester, unha das primeiras licenciadas en Medicina do Estado, patenta dous sistemas de pesarios da súa invención para corrixir o descenso da matriz.
- Dolors Monserdá publica *Estudi feminista e Orientacions per la dona catalana*.
- Sae á rúa *El Libertador*, vinculado á Sociedad Progresiva Femenina de Barcelona e que terá unha curta duración debido á forte presión gubernativa exercida sobre el.
- Fundación da Residencia de Estudiantes en Madrid.
- Creación da CNT, vai ser o pilar do movemento sindicalista ata 1939.
- A sociedade sindical La Feminista agrupa as cigarreiras da Fábrica de Tabacos de Alacant ata que se forma a Unión Tabaquera.
- Grandes manifestacións anticlericais en Barcelona, ás que se suman máis de 20000 mulleres.

1911:

- A moda da saia-pantalón chega a Madrid e tamén o fai o escándalo que provoca.
- En Elx e no ramo téxtil, créase a sociedade feminista El Remedio para xestionar os socorros mutuos.

- Na liña do feminismo católico créase a Institución Teresiana.
- Nace en Barcelona Mercedes Núñez.
- Pasamento da escritora romántica Carolina Coronado.

1912:

- Apróbase a «Ley de la Silla», que impón aos patróns a obriga de proporcionar asentos ás mulleres empregadas en tendas e almacéns.
- Unha lei aprobada o 11 de xullo e que entrará en vigor o 14 de xaneiro de 1914 prohibe o traballo nocturno das mulleres en talleres e fábricas.
- As pintoras galegas Emilia Danet, María Escobar, Esperanza Enríquez, Rosario Garrido Casadevante e Elvira Santiso, entre outras, participan na Exposición Regional de Pintura Gallega celebrada en Madrid.
- No transcurso da realización do Congreso Nacional de la Libertad en Barcelona, Ángeles López de Ayala formula a súa petición de plenos dereitos políticos das mulleres.

1913:

- Neutralidade do estado ante a Primeira Guerra Mundial.
- Por iniciativa de Benita Asas Manterola e Pilar Fernández Selfa, créase en Euskadi a revista quincenal *El Pensamiento Femenino*.
- Folga no sector téxtil catalán.

1914:

- Publícase en Barcelona *El Gladiador del Librepensamiento*, vinculado á Sociedad Progresiva de Barcelona e que vai ter continuidade ata 1919.

1915:

- Unha Real orde crea o título de enfermeira sobre a base da regulación da formación práctica de mulleres segrares ou relixiosas nos hospitais.
- Créase en Catalunya a Escuela de Bibliotecarias.
- Fúndase en Madrid a Residencia de Señoritas.
- Os traballadores das fábricas de pastas Magín Quer e Centro Cooperativo Industrial de Barcelona desenvolven unha serie de folgas co obxectivo de conseguir o despedimento das traballadoras e que se elaboren bases laborais que prohiban que as mulleres traballen nas ditas fábricas.

1916:

- Emilia Pardo Bazán acada a primeira cátedra universitaria de España coa súa especialidade de Literatura Románica.
- A pintora galega Elena Olmos y Mesa participa no Concurso de carteis organizado pola revista *Blanco y Negro* e queda nos primeiros lugares.

1917:

- Autorízase a unha muller a solicitar a bolsa de estudo convocada pola Universidad de Salamanca.
- María Lájara publica *Feminismo, feminidad y españolismo*.

- Edítase en Madrid o xornal *La Voz de la Mujer*, dirixido por Consuelo González Ramos «Celsia Regis».
- Realización do I Congreso Catalán del Trabajo a Domicilio.
- Creación da Federación Anarquista Ibérica (FAI).
- Folga xeral convocada pola Unión General de Trabajadores (UGT), polo Partido Socialista Obrero Español (PSOE) e apoiada nalgún lugares pola Confederación Nacional del Trabajo (CNT).

1918:

- O estatuto de funcionarios acepta a entrada de mulleres na Función Pública.
- Fúndase a Asociación Nacional de Mujeres Españolas (ANME), de carácter moderado.
- Creación da Liga Española para el Progreso de la Mujer, sociedade constituída por redactoras de revistas feministas e mulleres de grupos feministas cataláns, valencianos, madrileños, galegos e andaluces.
- Mulleres da órbita do PSOE crean a Unión de Mujeres de España (UME).
- Pasamento da pintora modernista catalá Lluisa Vidal i Puig.

1919:

- Real decreto que prohíbe a elaboración e venda de anticonceptivos.
- O Instituto de Reformas Sociales, con actividade desde 1903, nomea as primeiras e únicas mulleres vogais desta institución: María de Echari e Ignacia de Egaña y Aranzabe.
- Aprobación do Decreto de xornada máxima de 8 horas como medida de carácter xeral.
- O conservador Manuel Burgos y Mazo presenta un proxecto de lei electoral a favor do voto das mulleres que non chega a ser debatido.
- A Liga Española para el Progreso de la Mujer dirixe ás Cortes unha petición para os dereitos políticos femininos.
- As asociacións de Valencia e Barcelona (La Mujer del Porvenir, La Progresiva Femenina, La Liga Española para el Progreso de la Mujer e a Sociedad Concepción Arenal) únense para crear o Consejo Supremo Feminista de España, presidido por María Espinosa de los Monteros.
- Fundación da Acción Católica de la Mujer coa finalidade de contrarrestar o movemento feminista laico simbolizado pola Asociación Nacional de Mujeres Españolas.
- Creación da Confederación Nacional de Sindicatos Obreros Católicos.
- Juana Salas imparte en Zaragoza unha conferencia en que presenta un programa de feminismo católico.

1920:

- A Liga Española para el Progreso de la Mujer e La Cruzada de Mujeres Españolas presentan no rexistro do Congreso cadansúa petición de voto para as mulleres; as dúas serán desestimadas.
- Fúndase a Asociación Española de Mujeres Universitarias (AEMU).
- Toma corpo a organización Juventud Universitaria Feminista (JUF).
- Créase o Partido Comunista de España (PCE).

1921-1940

- Desde os anos 20 organizacións dereitistas e a Igrexa católica asumen a tarefa de desacreditar o feminismo, de promover loitas contra o deporte de competición, contra as novas modas no vestir e a frivolidade das mulleres. Tamén comezan a aparecer organizacións de mulleres co obxectivo de contrarrestar estas reaccións.

1921:

- A Cruzada de Mujeres Españolas protagoniza a primeira manifestación a prol do sufraxio nas rúas de Madrid no mes de maio.
- Creación de *Mundo Femenino*, revista feminista, órgano da Asociación Nacional de Mujeres Españolas (ANME).
- Nace Rosario Benavent, que participará nun grupo de acción anarquista en Barcelona e morrerá a causa dunha explosión.
- Nace Asunción Linares Rodríguez, que chegará a ser catedrática de Facultade de Ciencias e será a primeira muller que desempeña ese cargo en España.
- Pasamento de Emilia Pardo Bazán.

1922:

- María Ascensión Chirivella Marín ingresa no Colexio de Avogados de Valencia, é no estado a primeira muller en facelo.

1923:

- Primo de Rivera concede ás españolas quince postos na Asamblea Nacional.
- Un decreto amplía a seis semanas o período de descanso logo do parto e estipula un subsidio de maternidade de 50 pesetas para aquelas que estean afiliadas ao réxime obrigatorio do retiro obreiro.
- Juan de la Cierva fai voar o seu primeiro autoxiro.
- Créase a organización Socorro Rojo no ámbito do asociacionismo de tipo asistencial.
- Un grupo de mulleres intelectuais funda o Lyceum Club, con carácter aconfesional e dedicado principalmente a actividades culturais e sociais.

1924:

- Concesión do voto ás mulleres xudicialmente libres por parte do Goberno de Primo de Rivera.
- A feminista católica María de Echarri foi nomeada concelleira de Madrid.
- Nalgúns xornais madrileños comézanse a pór de moda os concurso de beleza feminina.

1925:

- A xurista Victoria Kent defende un procesado na Audiencia de Madrid, é a primeira vez no estado que unha muller practica a avogacía.
- Na Escola Nacional de Puericultura créase un corpo de enfermeiras puericultoras

- María Cambrils publica *Feminismo socialista*, trátase dunha aposta polo feminismo de clase.

1926:

- Pacificación do protectorado marroquí.
- Reforma do bacharelato.
- No mes de febreiro a Alianza Republicana non consegue romper con divisións internas.
- División entre PSOE e UGT: uns colaboran co réxime, outros piden unión cos republicanos.
- A CNT é ilegalizada ao tempo que os moderados perden forza fronte a anarquistas.
- Desde o contorno da Residencia de Señoritas da Institución Libre de Enseñanza créase o Lyceum Club.

1927:

- O Decreto lei do 15 de agosto sobre o descanso nocturno esixe que entre xornadas debe existir un descanso mínimo de 12 horas e que as mulleres non poderán traballar entre as 22:00 e as 5:00 h. Fican excluídas da lei as mulleres dedicadas ao servizo doméstico, as que realizan traballo a domicilio e as que traballan en talleres de familia.
- Exposicións mundiais en Barcelona e Sevilla.
- Margarita Xirgú estrea a obra *Mariana Pineda*, de Federico García Lorca.

1928:

- A Lei orgánica do 23 de xullo equipara as traballadoras e traballadores a domicilio coas da industria fabril.
- Formación de grupos de oposición dentro do exército.
- Concepción Villalovos é unha das participantes da Exposición de Arte Gallego de Madrid.
- Intelectuais e estudantes crean a Fundación Universitaria Escolar (FUE) contra os poderes que na reforma dan privilexio ás universidades da Igrexa.
- Fundación da Asociación de Médicas Españolas, que terá actividade ata 1936.
- Creación do Opus Dei.
- Pasamento da a actriz e empresaria teatral María Guerrero.

1929:

- Un Real decreto do 22 de marzo establece o seguro obrigatorio de maternidade, que amplía e reforza o Subsidio de Maternidade de 1923. Este seguro garante, entre outras prestacións, a asistencia facultativa no embarazo e no parto. Para estes efectos, o Instituto Nacional de Previsión establece os primeiros convenios coas organizacións profesionais de médicos, farmacéuticos e matronas.
- Créanse os primeiros Institutos Femininos.
- Matronas, mulleres practicantes e enfermeiras contan coa publicación *La Matrona Hispalense*.
- A aviación comercial dá os seus primeiros pasos.

- Carmen Karr dirixe o Pavillón da Muller na Exposición Universal.

1930:

- Primo de Rivera presenta un plan ao Rei para saír da Ditadura ordenadamente. Non foi aceptado e o 28 de febreiro Primo de Rivera presenta a súa dimisión.
- A Alianza Republicana está en condicións de se opor á monarquía.
- As mulleres matriculadas nas universidades supoñen un 5%.
- Hildegart Rodríguez Carballeira publica *El problema eugénico: punto de vista de una mujer moderna*.

1931:

- O 14 de abril proclámase a Segunda República.
- As provincias poden devir en autonomías.
- A Constitución española reconece formalmente a igualdade entre homes e mulleres. Estas poden votar e ser elixidas para calquera cargo público.
- No terreo laboral: apróbase unha lei que establece igual salario polo mesmo traballo, decrétase a xornada laboral de oito horas, regularízase o traballo nocturno e obrígase a patronal a dar un descanso de oito horas para durmir, prohíbese contratar mulleres en traballos considerados perigosos ou duros que puidesen minar a súa saúde e a súa futura maternidade e apróbase a Ley de Descanso Dominical para todos os traballos agás para o servizo doméstico, onde practicamente só traballan mulleres.
- Tres mulleres obteñen a acta de deputadas: Clara Campoamor, Victoria Kent e Margarita Nelken.
- O ministro de Xustiza, Fernando de los Ríos, autoriza o acceso das mulleres aos cargos de rexistrador da propiedade e notario.
- Recoñécese o matrimonio civil e a igualdade de dereitos para fillos lexítimos e ilexítimos.
- Rosa Chacel publica a súa primeira novela, *Estación. Ida y vuelta*.
- Fundación do Patronato de Protección de la Mujer.
- Créase en novembro a Unión Republicana Femenina.
- Homenaxe das asociacións feministas a Clara Campoamor.
- Óbito de Teresa Claramunt, libertaria que participa na creación das primeiras entidades feministas catalás.

1932:

- Apróbase a Lei de matrimonio civil e a Lei de divorcio. Esta última reconece o divorcio por mutuo consentimento e inclúe o dereito das mulleres a ter a patria potestade da súa descendencia.
- Na Escuela Nacional de Sanidad créase un corpo de enfermeiras visitadoras preparadas para levar a cabo tarefas de supervisión e educación sanitaria das familias e das amas de casa.
- Fundación da sociedade Aspiraciones, agrupación de mulleres antirrepublicanas e antilaicistas.
- Pasamento de María Gutiérrez Blanchard, pintora vencellada ás vangardas e ao cubismo.

1933:

- Concordato coa Santa Sé.
- O 19 de novembro as mulleres participan por primeira vez nunhas eleccións xerais.
- Son elixidas cinco deputadas no Congreso: Margarita Nelken, Francisca Bohigas Gavilanes, Matilde de la Torre Gutiérrez, Veneranda García Blanco e María Lejárraga.
- Autorízase a incorporación de mulleres á procuradoría. A galeguista Emilia Docet é elixida Miss España.
- Créase a Asociación de Mujeres contra la Guerra y el Fascismo, que máis tarde se chamaría Mujeres Antifascistas. Un ano despois esta asociación foi declarada ilegal e pasou a se chamar Organización Pro-infancia Obrera.
- Fúndase en Madrid a Falange Española sobre as ideas básicas do antimarxismo e o antiliberalismo, e a defensa fanática do nacionalismo, o imperialismo, a orde xerárquica, a disciplina e o catolicismo.
- Morre asasinada pola súa nai a feminista e anarquista Hildegart Rodríguez Carballeira.
- Finamento da anarcocomunista catalá Francisca Saperas Miró.

1934:

- A orde do 16 de novembro nega o acceso das mulleres á fiscalía e xudicatura.
- Matronas, mulleres practicantes e enfermeiras contan coa publicación *La Visitadora Sanitaria*.
- Realízase en Madrid o primeiro congreso da organización Mujeres Españolas contra la Guerra y el Fascismo.
- Fundación da Asociación Profesional de Enfermeras Visitadoras.
- Creación da Sección Femenina da Falange.
- Folga xeral ou revolución folguista entre os días 5 e 19 de outubro alentada polo PSOU, UGT, sectores da CNT, FAI e PCE.

1934-1935:

- Bienio negro; socialistas e republicanos acoden divididos ás urnas, párase a reforma agraria, redúcese a influencia de sindicatos socialistas, restablecemento dalgúns poderes da Igrexa.
- Vaga de revoltas laborais promovidas polo anarcosindicalismo e a CNT.
- Suspensión do estatuto catalán, réxime baixo control militar.
- A Falange anima a militares á desobediencia.
- Aglutínanse os partidos republicanos.
- Os socialistas, divididos entre a parte que apoia o pacto con comunistas e a que prefere o pacto con republicanos.

1935:

- Decreto polo que se abole a prostitución regulamentada.
- Por terceiro ano consecutivo, a pintora galega Eulogia de Salvador expón a súa obra na sala Gaspar de Madrid.
- No mes de marzo e contando coa forza aglutinadora de mulleres antifascistas, créase o Comité Nacional de Ayuda a las Víctimas de la Represión de Octubre.

1936:

- Triunfo nos comicios da Frente Popular (unión de esquerdas: republicanos, socialistas, comunistas), creada a comezos de ano.
- A dirixente anarquista Federica Montseny é nomeada ministra de Sanidade e Asistencia Social; ata ese momento ningunha muller ocupara ese cargo.
- Son elixidas cinco deputadas no Congreso: Margarita Nelken, Victoria Kent, Dolores Ibárruri, Matilde de la Torre Gutiérrez e Julia Álvarez.
- Nos seis primeiros meses as mulleres poden formar parte do exército e ser mando.
- As Cortes españolas aproban por unanimidade a Ley de Jurados Mixtos, que permitirá a participación de mulleres.
- Traslado do Goberno a Valencia.
- Legalización do aborto na Generalitat de Catalunya.
- A través dun decreto do Goberno republicano créase a Comisión del Auxilio Femenino de Madrid.
- Franco é nomeado xefe de Goberno pola Junta de Defensa.
- O territorio español divídese en dúas zonas militares: republicana e fascista.
- Aparece a revista *Mujeres*, de periodicidade quincenal.
- Fúndase o Secretariado Femenino do POUM.
- Créase a agrupación Mujeres Libres, relacionada coa CNT.
- Creación das Milicias Armadas Obreiras e Campesiñas (MAOC) para se opor aos grupos armados nazis e fascistas, conta con gran número de milicianas.
- Creación da organización Unión de Muchachas, dirixida polas Juventudes Socialistas y Comunistas.
- As Xuventudes Socialistas e Comunistas crean Juventud Socialista Unificada (JSU), conta cun 20 % de mulleres nas súas ringleiras.

1937:

- Abolición da escravitude.
- A socialista Julia Álvarez Resano é nomeada gobernadora civil de Ciudad Real, é a primeira vez que unha muller ocupa este cargo.
- No mes de maio o Goberno de Juan Negrín expulsa definitivamente as mulleres da fronte.
- Por un decreto do xeneral Franco, firmado en Burgos o 7 de outubro, institúese na España nacional a obrigatoriedade do servizo social feminino. Esta organización, creada a semellanza do servizo militar, encadraba obrigatoriedade a todas as mulleres solteiras de 17 a 35 anos. Ficaban exentas as casadas, as viúvas con crianzas e as discapacitadas por algunha enfermidade.
- María Luísa Algarra é destituída como xuíza por Rafael Vidiella.
- Aparece a revista *Muchachas*, vinculada ao Partido Comunista.
- Incorporación de mulleres na industria de guerra.
- Creación en Bilbo do Segundo Comité de Mujeres Antifascistas.
- Primeira Conferencia del Secretariado Femenino do POUM.
- Desenvólvese en Madrid a Conferencia de la Unión de Muchachas.
- Primeira Conferencia Nacional de Mujeres Libres.

- En Valencia Segunda Conferencia Nacional de la Agrupación de Mujeres Antifascistas.
- Pasamento na fronte de Aragón de Felicia Browe, voluntaria das Brigadas Internacionais.

1938:

- *Goberno republicano*: despedida das Brigadas Internacionais.
- A deputada socialista Julia Álvarez Resano é nomeada maxistrada, é a primeira vez no estado que unha muller acada este posto.
- *Goberno fascista*: anulación de todas as reformas do Código civil republicano.
- Dítase o Fuero del Trabajo e reimplántase o Código Civil de 1889; as mulleres casadas quedan totalmente subordinadas aos seus maridos; reintrodúcese o delito de adulterio como causa fulminante de concesión de separación se a adúltera é muller; derróganse as leis do aborto, do divorcio e de matrimonio civil con efectos retroactivos; suprímese a escolaridade mixta; prohíbeselles ás mulleres o exercicio de profesións liberais.
- Mujeres Libres solicitan sen éxito seren recoñecidas como filial oficial do movemento libertario.

1939:

- O estado asina o Pacto Antikomintern.
- Fin da guerra, con derrota republicana e vitoria franquista.
- Lei de responsabilidades políticas e ilegalización de partidos, sindicatos e asociacións.
- A Junta de Gobierno de Abogados de Madrid suspende do exercicio da avogacía a Julia Álvarez e Victoria Kent.
- Prohíbeselles ás mulleres inscribirse como obreiras nas oficinas de colocación agás se son as cabezas de familia que manteñen co seu traballo, se carecen de medios de vida, se están separadas, se o seu marido está incapacitado ou se están solteiras ben sen medios de vida ben en posesión dun título que lles permita exercer certas profesións.
- Abólense as organizacións feministas. As mulleres só se poderán organizar na Sección Femenina, que se presenta como único organismo para orientar e formar as mulleres, ou en agrupamentos vinculados á igrexa como confrarías, e outros destinados a impartir catequeses ou a realizar obras de caridade.
- A Igrexa volve tomar o ensino nas súas mans.
- Un número importante de persoas son obxecto de exilios e represións.
- A Falange edita *La mujer y la educación de los niños*, na que se defende que as diferenzas entre homes e mulleres son naturais e que, polo tanto, a educación se debe conformar á natureza.
- A correspondente de guerra nas fronteas de Oviedo e Biscaia, Cecilia García Guillarte exíliase en México.
- Fidela Fernández, que saíra para a fronte con 16 anos, pasa a desempeñar o oficio de camioneira.
- Asasinato de «As trece rosas». Son trece adolescentes das Juventudes Socialistas Unificadas fusiladas en Madrid.
- Pasamento da pintora rexionalista asturiana Julia Alcayde y Montoya.

1940:

- Entrevista Hitler-Franco.
- Apróbase a Ley contra la Francmasonaría y el Comunismo, a Ley de Unidad Sindical e a Ley de Constitución de los Sindicatos, estas últimas sentan as bases do sindicalismo vertical.
- Regúlase o servizo social para as mulleres a cargo da Sección Feminina.
- Créase o Cuerpo de Divulgadoras Rurales Sanitario-Sociales, que, amais de desempeñar tarefas de adoutrinamento político entre as mulleres no ámbito rural, as informaba sobre elemento básicos de hixiene, coidado da casa e da familia.
- Julia Minguillón é galardoada na Exposición Nacional de Bellas Artes coa Medalla de Ouro pola obra *La escuela de Doloriñas*; é a primeira vez que unha muller recibe este premio.

1941-1960

1941:

- O réxime franquista instaure a obrigatoriedade de materias domésticas na educación regulada das mulleres.
- Un decreto publicado o 20 de novembro no BOE pon en marcha a creación de prisións especiais para mulleres caídas, aludindo con esta expresión ás prostitutas.
- A Dirección General de la Seguridad fai público un comunicado en que se prohíbe tomar o sol nas praias sen albornoz. O nome de quen infrinxa a lei publicarase na prensa diaria baixo a epígrafe de Sancións.
- Organízase a División Azul.
- Fúndase o Instituto Nacional de Industria (INI).
- Entrevista Mussolini- Franco.

1942:

- Créanse as Cortes españolas, que colaboran na elaboración de leis, aínda que a potestade lexislativa é exclusiva do xefe de estado.
- No mes de marzo créase o Patronato de Protección a la Mujer, presidido por Carmen Polo de Franco. Ten a tarefa de informar sobre o estado da moralidade en España e loitar polo seu predominio e pór en marcha unha rede provincial destinada a controlar a moral e denunciar os cines, piscinas ou locais de baile que contraveñan as normas da igrexa en relación con estes temas. Ademais disto e no tocante ás prostitutas, busca “impedir su explotación, apartarlas del vicio y educarlas con arreglo a las enseñanzas de la religión católica”.
- A Ley de Reglamentaciones implanta a obrigatoriedade do abandono do traballo por parte das mulleres ao se casar.
- Fúndase en Valencia a Unión de Mujeres Demócratas.
- Pasamento de Tina Modotti, fotógrafa brigadista na Guerra Civil española.

1943:

- A pintora galega Carmen Rodríguez de Legísima realiza a súa primeira exposición na sala Macarrón de Madrid.

1944:

- O Código penal reitera a subordinación das mulleres á vontade dos homes e a súa responsabilidade na salvagarda da moral católica.
- Institúese o exame obrigatorio de Fogar para as mulleres que queiran obter un título universitario.
- Na primeira edición do Premio Eugenio Nadal, o galardón recae na obra *Nada* de Carmen Laforet.

1945:

- A ONU condena o réxime español e nega a entrada de España na organización.
- Publicación dun decreto-indulto sobre responsabilidades políticas durante a guerra.
- Decreto de protección á familia.
- Condena total de prácticas abortistas con penas de prisión maior para mulleres, establecementos e profesionais que se impliquen nelas.
- Aprobación da lei que determina a segregación por sexos nas escolas por razóns de eficacia pedagóxica.

1946:

- Créase a organización Auxilio de Invierno, que posteriormente pasa a se chamar Auxilio Social. Nun primeiro momento preséntase como organización caritativa, mais o seu principal obxectivo é o de se encargar dos servizos sociais do novo Goberno.
- Pasamento de María Barrientos, soprano e compositora catalá.

1947:

- Decrétase a creación dos Jurados de Empresa.
- Isabel Carou convértese na primeira locutora da frecuencia EAJ4, siglas que responden a España Telegrafía Sen Fíos Emisora (4).

1948:

- Restablecemento de relacións diplomáticas con Arxentina.
- Protocolo Franco-Perón.
- María Campo Alange, pseudónimo de María de los Reyes Lafitte y Pérez, publica *La secreta guerra de los sexos*

1949:

- Morre a mestra, escritora e xornalista María Dolores Pérez Enciso.

1950:

- A Cámara de Representantes dos EE UU vota o primeiro crédito a favor de España.
- A ONU acepta o restablecemento de relacións diplomáticas.

- Derrógase a Lei de divorcio.
- Obrigatoriedade de matrimonio relixioso.
- Creación da axencia de noticias NO-DO.
- A Sección Femenina da Falange encárgase da educación física de escolas primarias e institutos e promove os cursos de artesanía popular, coros e danzas.
- Institúese a asistencia obrigatoria de todas as traballadoras, durante dúas horas ao día e durante seis meses, a cursos promovidos pola Sección Femenina.
- O exame de Fogar, que desde 1944 afecta ás universitarias, faise extensible ás estudantes de Maxisterio que queiran obter o título.
- María Moliner comeza a escribir o seu dicionario de lingua española.

1952:

- Ingreso de España na UNESCO.

1953:

- Apróbase o Regulamento de Jurados de Empresa.
- A Asociación Española de Mujeres Universitarias reanuda a súa actividade con delegacións en Oviedo e Madrid.
- Julia Montousse e Julia Rodríguez-Maribona, veciña de Avilés, patentan un dispositivo adaptable a baldes, cubos, caldeiros e similares para facilitar o fregado, lavado e secado de pisos, solos, corredores e locais en xeral (trátase da primeira fregona).

1954:

- A obra de Ana María Matute *Pequeño teatro* é galardoada co Premio Planeta.
- Finamento da pioneira do brigadismo internacional Salud Borrás Saperas.

1955:

- Pasamento da literata, investigadora e defensora dos dereitos das mulleres María Goyri.

1956:

- Publícase un decreto que prohibe a existencia das chamadas «casas de tolerancia» e establécense medidas para a reeducación das mulleres que traballan na prostitución.
- No mes de outubro créase a Televisión Española.

1957:

- O Ministerio de Trabajo publica unha listaxe de ocupacións que non poderán ser desempeñadas por mulleres.

1958:

- Apróbase a Ley de Convenios Colectivos.
- Unha lei permítelles ás mulleres ser titoras ou testemuñas nos testamentos aínda que as casadas seguen a precisar o permiso dos esposos.
- Créase o grupo Brais Pinto en Madrid.

1959:

- Morre Antonia Rufina Maymon, mestra racionalista, anarquista e naturalista.

1960:

- Promúlgase a Lei dos dereitos políticos, profesionais e laborais da muller e do neno.
- Créase en Madrid o Seminario de Estudos Sociolóxicos sobre la Mujer, cun equipo de traballo formado por María del Campo Alange, Lili Álvarez, Concepción Borreguero Sierra, Elena Catena de Vindel, Consuelo de la Gándara, María Jiménez de Obispo del Valle, Mary Salas e Pura Salas.
- Dolores Ibárruri accede á presidencia do Partido Comunista de España.

1961-1980

1961:

- A Lei do 22 de xullo sobre os dereitos políticos, profesionais e laborais da muller, foi un paso para promover e incrementar o número de mulleres no ámbito laboral.
- O Ministerio de Trabajo concerta un acordo coa Sección femenina para que esta prepare ás mulleres a través da formación profesional e facilitar que se incorporen a traballos remunerados que polo xeral as fan percibir nunha mesma categoría un 20 por cento menos do que se lles paga aos varóns.
- As regulamentacións de traballo e ordenanzas laborais comezan a deixar de conter cláusulas de despedimento por matrimonio.
- Lidia Falcón publica *Los derechos civiles de la mujer* e María Campo Alange *La mujer como mito y como ser humano*.

1962:

- Lidia Falcón publica *Los derechos laborales de la mujer*.
- Folgas mineiras en Asturias contan cunha alta participación de mulleres nas mobilizacións.
- Morre a pedagoga Julia Fernández Zabaleta, innovou os principios pedagóxicos e foi «depurada» durante o franquismo.

1963:

- María Campo Alange publica *La mujer en España: cien años de su historia (1860-1960)*.
- Sae o primeiro número da revista *Cuadernos para el Diálogo*, de tradición liberal e case monopolizada polos sectores vinculados ao catolicismo progresista de inspiración demócratacristiá.
- Créase o Movimiento Democrático de Mujeres (MDM) en Catalunya.
- Pasamento da pintora surrealista Remedios Varo.

1964:

- A Lei xeral de asociacións autoriza a creación de colectivos de mulleres dentro do marco da legalidade franquista.
- As mulleres de Acción Católica promoven a partir deste ano un plan de formación cívica das mulleres.
- Mujeres Libres edita *Mujeres libres en el exilio*.

1965:

- No mes de decembro publícase o número extraordinario de *Cuadernos para el diálogo, La mujer*.
- Desenvólvese a I Reunión General de Movimientos Democráticos, na que se crea o Movimiento Democrático de Mujeres (MDM), que en 1974 engade o sobrenome de Movimiento de Liberación de la Mujer (MLM).

1966:

- Unha lei aprobada no mes de decembro permite que as mulleres poidan optar a ser maxistrado, xuíz ou fiscal. Poden litigar tamén ante a Maxistratura de Traballo sen o permiso do marido.
- Permíteselles ás mulleres litigar ante as maxistraturas sen permiso expreso do marido.
- Créase a segunda canle da Televisión Española, tamén coñecida como UHF.
- María Aurelia Capmany publica *La dona a Catalunya*.

1967:

- Lei de partidos políticos.
- O Seminario de Estudos Sociolóxicos sobre la Mujer de Madrid publica *Habla la mujer: resultados de un sondeo de la juventud actual*, dirixido por María de Campo Alange.
- María Moliner publica o seu *Diccionario de uso del español*, unha das mellores achegas ao campo da lexicografía española.
- Lluïsa Vives publica o artigo «Per un plantejament democràtic de la lluita de les dones» na revista *Nous Horitzons*, no que expón os problemas do Movimiento Democrático de Mujeres en Catalunya.
- Mireia Bofill, M^a Luïsa Fabra, Anna Sallés, Elisa Vallés e Pilar Villarazo publican como colectivo de mulleres feministas de Barcelona o libro *La mujer en España*.
- Creación da Sección de Dereitos da Muller dentro do Departamento de Dereitos Humanos da Asociación de Amigos de la ONU (Barcelona).

1968:

- Tras a reforma da Ley de régimen local, a muller casada acada o dereito a elixir e a ser elixida nas eleccións municipais.
- Elena Martí é galardoada co Premio Antena de Oro polo seu labor en televisión.
- Creación da Agrupación de Mujeres Empresarias y Profesionales en diferentes puntos do Estado, que ofrece asesoramento en cuestións fiscais e xurídicas e promove a creación de bolsas de formación para mulleres.
- Fundación da Asociación Española de Mujeres Médicos, vinculada á Medical Women's International Association e que terá actividade ata 1975.

- Creación da organización asemblearia Asociación Castellana de Amas de Hogar, cun enfoque crítico e coa idea de que a figura da ama de casa ten que desaparecer.
- Desde este ano e ata 1974 funcionan en Barcelona e Madrid colectivos de mulleres feministas de autoconciencia e afondamento teórico.
- O MDM edita o boletín mensual *La Mujer y la Lucha*, destinado ás traballadoras.
- Folgas mineiras en Asturias contan cunha alta participación de mulleres nas mobilizacións.

1969:

- Lidia Falcón publica *Mujer y sociedad*.
- No mes de setembro desenvólvese en Madrid o Congreso da Federation International des Femmes des Carrières Juridiques.
- Creación da Asociación de Mujeres Juristas.
- Josefina Molina convértese na primeira muller que obtén o título de directora/realizadora na Escuela Oficial de Cine de Madrid.
- Pasamento: da pintora, crítica de arte, xornalista, parlamentaria socialista e comunista Margarita Nelken Mausberger; da artista de teatro Margarita Xirgú.

1970:

- Ley de Peligrosidad y Rehabilitación Social, que penaliza a homosexualidade e o exercicio da prostitución.
- Eliseo Bayo publica *Trabajos duros de la mujer*.
- María Aurelia Capmany publica *De profesión mujer e El feminismo ibérico*.
- *Cuadernos para el Diálogo* publica un número extraordinario subtitulado “La mujer”, composto por preto de corenta artigos que abordan aspectos, críticas e problemas sobre a situación das mulleres nos diferentes ámbitos de relación e acción social.
- No mes de xuño a Sección Femenina organiza o seu Congreso Internacional de la Mujer en Madrid.
- Entre este ano e o seguinte constitúese a Liga Comunista Revolucionaria (LCR).
- Ten lugar a Primera Reunión General de Mujeres Demócratas de España.
- Créase a delegación da Asociación Española de Mujeres Universitarias en Barcelona.

1971:

- Á revista *Triunfo* é sancionada polo Goberno franquista con catro meses de silencio logo de publicar un número extraordinario dedicado ao matrimonio.
- *Cuadernos para el Diálogo* publica o suplemento “Sociología del trabajo de la mujer”.
- María Aurelia Capmany e Carmen Alcalde publican *El feminismo ibérico*.
- Créase en Madrid a Asociación de Mujeres Juristas.
- Fundación da Asociación de Mujeres Empresarios.
- Créase na clandestinidade o Frente de Liberación Homosexual del Estado Español (FLHEE).

1972:

- As Cortes franquistas decretan a maioría de idade das mulleres aos 21 anos; deste xeito iguálase á dos homes.
- Rosa María Mateo é galardoada co TP de Oro á mellor presentadora.
- Creación da Asociación Castellana de Amas de Casa.
- Pasamento de Clara Campoamor.

1973:

- Unha lei permítelles ás mulleres solteiras abandonar o fogar paterno antes dos 25 anos e vivir pola súa conta.
- Comeza a emisión de *Informe Semanal* a cargo da xornalista feminista Carmen Sarmiento.
- María Aurelia Capmany publica *El feminisme a Catalunya*.
- Créase a Asociación de Mujeres Separadas Legalmente,
- Creación do Movimiento Democrático de Mujeres de Salamanca.
- Creación do Movimiento Democrático de Mujeres de Málaga.
- Finamento no exilio de María Trujillo Contreras, loitadora das Sociedades Hispanas Confederales, e da científica e teórica da educación Margarida Comas i Camps.

1974:

- *Cuadernos para el Diálogo* publica o suplemento “La condición jurídica y social de la mujer”.
- Entre este ano e o seguinte créanse delegacións da Asociación Española de Mujeres Universitarias en Granada, Valencia, Santander, A Coruña e Valladolid.
- Fúndase en Madrid a Asociación Universitaria para el Estudio de los Problemas de la Mujer (AUPEPM).
- Aparece en Barcelona un grupo denominado Mujeres Democráticas.
- Constitúese a Plataforma de Organizaciones y Grupos de Mujeres de Madrid, no que participan: Seminario de Estudios Sociológicos sobre la Mujer; Asociación Española de Mujeres Universitarias; Asociaciones de Amas de Casa de Tetuán e adxacentes, e Xetafe; Asociaciones de Amas de Hogar de Moratalaz-La Estrella, Ventas, Chamartín, Aluche; Asociación Castellana de Amas de Casa y Consumidoras, coas súas delegacións de Parla, Carabanchel Alto, Carabanchel Bajo, Legazpi, Usera, Leganés; Asociación de Cabezas de Familia de Alcorcón; Comisión del Año Internacional de la Mujer del Club de Amigos de la UNESCO; Asociaciones de Mujeres Separadas Legalmente (de recente creación); Movimiento Apostólico Seglar (MAS); Hermandad Obrera de Acción Católica (HOAC); Juventud Obrera Católica (JOC); Comisión de la Mujer del Colegio de Doctores y Licenciados.
- Falecemento: de Aurora Bertrana Salazar, que colaborou con outras mulleres no deseño do proxecto dunha Universitat Obrera Femenina en Catalunya; de Isabel Oyarzabal, nacida en Málaga foi periodista, dramaturga, etnóloga, escritora e formou parte do Consejo Supremo Feminista.

1975:

- Morre Franco e iníciase o proceso de apertura democrática.

- Juan Carlos é proclamado rei.
- A Lei 14/75 modifica a situación xurídica das mulleres casadas. Estas poderán firmar un contrato laboral e exercer o comercio sen autorización do marido.
- Aumenta o número de alumnas matriculadas nas universidades.
- No mes de agosto sae á rúa o número especial de *Cuadernos para el Diálogo* “Las mujeres”.
- Revitalización da Asociación Universitaria para el Estudio de la Problemática de la Mujer, órgano de debate interdisciplinar sobre a situación das mulleres.
- Fúndase en Barcelona Mujeres Democráticas.
- Creación dos primeiros centros de planificación familiar, que en principio van suplir a falta de asistencia médica da Seguridade Social e en xeral de toda a medicina dispensada ás mulleres.
- En febreiro créase a Asociación para la Promoción y Evolución Cultural (APEC), organización que quere camiñar cara ao humanismo igualitario.
- En setembro créase en Madrid o Seminario Colectivo Feminista.
- No mes de novembro en Barcelona toma corpo a Asociación de Comunicación Humana y Ecológica (ANCHE).
- Creación da Fundación del Front d’Alliberament Gai de Catalunya (FAGC).
- O 20 de febreiro en Madrid, ao tempo que se inaugura oficialmente o Ano Internacional da Muller no Pazo de Congresos e Exposicións, varias asociacións de veciñanza, amas de casa e consumidoras realizan un boicot en forma de folga de mercas contra a carestía da vida e a subida do pan. Por isto, van ser sancionadas coa suspensión de tres meses.
- No mes de marzo, en Barcelona, para celebrar o Día Internacional da Muller Traballadora, as Mujeres Democráticas de Barcelona distribúen panfletos nalgúns barrios da cidade; tamén se desenvolven asembleas de mulleres co fin de replicar a organización oficial do Ano Internacional da Muller, controlada pola Sección Feminina, que van servir como punto de partida do Moviment de Dones de Barcelona.
- No mes de abril, Betty Friedan e Esther Vilar visitan Madrid e Barcelona, e centran unha polémica sobre feminismo e antifeminismo nos medios de comunicación.
- En decembro, na ilegalidade e no barrio da Concepción de Madrid, realízanse as Primeras Jornadas Estatales para la Liberación de la Mujer en Madrid, organizadas por MDM, Asociaciones de Amas de Casa, Asociación Española de Mujeres Separadas, Asociación Española de Mujeres Universitarias, Seminario de Estudios Sociológicos sobre la Mujer, Club de Amigos de la UNESCO e grupos cristiáns de base. As xornadas reuniron máis de 500 mulleres de todo o Estado que, ademais de elaborar un documento en que se recollen as principais problemáticas, demandas e prioridades das mulleres, remiten un telegrama ao Rei esixindo unha amnistía xeral e rexeitando calquera goberno non emanado do pobo e que non garanta as liberdades democráticas.

1976:

- Disolución das Cortes franquistas e aprobación da Lei de reforma política. Adolfo Suárez presidente do Goberno.
- A Ley de Relaciones Laborales do 8 de abril reconece o dereito á folga.

- Iníciase na radio o programa feminista *Punto y aparte*.
- Créase a revista *Vindicación Feminista* en Barcelona.
- No mes de decembro editase en Barcelona o nº 1 de *Opción, Revista de la Mujer Liberada*.
- Desde xaneiro *Ciudadano. Revista de Información al Consumidor* publica mensualmente o dossier “La mujer”, que a partir do mes de marzo pasará a se denominar “Hacia la igualdad de la mujer”.
- Carmen Sarmiento publica o libro *La mujer. Una revolución en marcha*.
- Reorganizacións de Mujeres Libres en diferentes puntos do estado.
- Créase o Frente de Liberación de la Mujer (FLM).
- Fúndase o Colectivo Mujer y Socialismo vinculado ao PSOE.
- Créase a Associació Catalana de la Dona.
- Fúndase a Asamblea de Mujeres de Bizkaia-Bizkaiko Emakumeen Asanblada.
- Créase o Euskal Emazteak Beren Askatasunaren Alde (As Mulleres Vascas pola súa Liberdade).
- Fúndase a Unión Popular de Mujeres.
- Créase o Colectivo Feminista de Oviedo.
- Fúndase o Colectivo Feminista de Sevilla.
- Créase, como escisión do Seminario Feminista de Madrid, o Colectivo Feminista de Madrid.
- Fúndase a Asociación de Feministas Asturianas.
- Créase a Asociación Feminista Democrática de Asturias.
- Fúndase a Asociación Democrática de la Mujer del País Vasco.
- Créase a Coordinadora Provincial de Amas de Casa de Madrid.
- Fúndase a Asociación de Mujeres Divorciadas de Barcelona.
- Créase a Asociación Leonesa de Mujeres Flora Tristán.
- Fúndase a Asociación Democrática de la Mujer Aragonesa.
- Créase en Barcelona o grupo Lucha Antiautoritaria de Mujeres Antipatriarcales y Revolucionarias (LAMAR).
- Fúndase en Barcelona o Moviment de Dones de Banca.
- Créase en Mallorca a Associació de Dones de Mallorca.
- Fúndase o Grupo Independiente Feminista de Córdoba.
- Presentación da Coordinadora Provincial de Amas de Casa de Madrid, que reúne 17 organizacións sen legalizar.
- Creación da Coordinadora de Asociaciones Legales de la Mujer de Andalucía, na que participan 45 organizacións: 18 de Sevilla, 8 de Málaga, 6 de Granada, 4 de Córdoba, 4 de Cádiz, 4 de Huelva e 1 de Almería.
- Constitúese a Coordinadora de Grups de Dones del País Valencià, que reúne 69 grupos.
- Preséntase no mes de outubro a Plataforma de Organización y Grupos de Mujeres de Madrid, que integra as Asociacións de Amas de Casa de Tetuán, Getafe, Ventas, Chamartín e Aluche; a Asociación Castellana de Amas de Casa y Consumidoras; a Asociación Española de Mujeres Universitarias; a Asociación de Mujeres Separadas Legalmente; a AUPEM; a Asociación Pro Derechos Humanos; o Colectivo Feminista de Madrid; a Comisión de la Mujer del Club de Amigos de la UNESCO de Madrid; a Frente de Liberación de la Mujer; HOAC Diocesana; o Movimiento Apostólico Seglar; o Movimiento

Democrático de Mujeres / Movimiento de Liberación de la Mujer, e o Seminario Colectivo Feminista de Madrid.

- Coa creación do Casal de Lambda, en Catalunya toma corpo un espazo de encontro e orientación para lesbianas e gais.
- Creación das Asociacións Democráticas de la Mujer (ADM), vinculadas ao Partido del Trabajo de España (PTE).
- Reúnense máis de 4000 mulleres nas I Jornadas Catalanes de la Dona en Barcelona, nas que se encontran dúas correntes feministas: a radical e a de clase.
- No mes de setembro realízase a asemblea xeral do Movimiento Democrático de Mujeres / Movimiento de Liberación de la Mujer, que neste momento está implantado no País Valencià, Albacete, Málaga, Almería, Xaén, Galicia, Asturias, Salamanca, Logroño, Santander e Madrid, en fase de formación en Granada, Córdoba e Badaxoz.
- Os días 1, 2 e 3 de outubro teñen lugar as Jornadas Feministas en Ibiza.
- Realízase a II Asamblea do Movimiento Canario para la Liberación de la Mujer.
- Reúnense en Málaga as AUPEPM de Málaga, Granada, Cádiz, Barcelona, Valladolid, Burgos, Salamanca, Santander, Navarra e AUM de Sevilla. Deciden levar a cabo unha campaña sobre os dereitos democráticos da muller.
- No mes de outubro efectúase na Universidade de Madrid o Día da Muller Universitaria, convocado pola AUPEPM e apoiado polo Frente de Liberación de la Mujer e o Colectivo Feminista.
- No mes de novembro, grupos feministas maniféstanse en Madrid diante da Audiencia Provincial durante o desenvolvemento dunha causa por adulterio, pedindo a supresión do delito de adulterio recollido no artigo 449 do Código penal.
- No mes de decembro, a Asociación Española de Mujeres Juristas celebra o seu I Congreso Internacional.
- No mes de outubro 11 mulleres de Basauri son acusadas pola súa relación con prácticas abortivas con penas que van desde seis meses e un día ata os sesenta anos.
- Pasamento de Sol Ferrer, biógrafa e difusora das ideas de Ferrer y Guardia (o seu pai).

1977:

- Eleccións xerais.
- Saen elixidas 25 deputadas no Congreso.
- O Goberno da UCD crea a Subdirección General de la Condición Femenina, proposta que vai ser criticada abertamente por grupos, colectivos e organizacións feministas; a maioría maniféstanse en contra.
- Edítanse o boletín *Donas* e a revista *Mujeres Libres*.
- A Asociación Universitaria para el Estudio de los Problemas de la Mujer está implantada nos distritos universitarios de Barcelona, Madrid, Navarra, Burgos, Valladolid, Santander, Málaga, Granada, Salamanca, Sevilla e Cádiz.
- Legalización do Partido Comunista de España.
- O 14 de maio inaugúrase en Barcelona a Llibrería de Dones, que permanecerá activa hasta o verán de 1982.

- En Madrid créase a librería *Ámbito*, especializada en feminismo, nacionalismo e literatura infantil. No seu local chegaranse a reunir feministas independentes.
- Danse os primeiros pasos para a creación da Federación de Organizaciones Feministas (FOF), que se dissolve sen chegar a callar.
- Mujeres Libres retoma a súa actividade (cesara en 1939).
- Créase no País Valencià o Centre d'Estudis i d'Acció María Cambrils.
- Toma corpo o Movimiento de Objeción de Conciencia (MOC).
- Creación da Organización Feminista Revolucionaria (OFR).
- Fundación do Grupo Independiente de Lleida para la Lucha de la Mujer.
- Creación do Grupo Feminista de Cultura de Barcelona.
- Fundación da Asociación Segoviana para la Emancipación de la Mujer.
- Creación do Colectivo Feminista de Valencia.
- Fundación do Movimiento de Planificación Familiar de Madrid.
- Creación da Coordinadora Estatal de Planificación Familiar.
- Fundación do Grup de Lesbianas del País Valencià.
- Creación da Unión de Mujeres Republicanas de Madrid.
- Fundación da Agrupación Feminista de Reus.
- Creación da Unión para Liberación de la Mujer (ULM).
- Fundación da Asociación de Madres Solteras para la Igualdad Jurídico-Social de sus Hijos.
- Creación da Asociación de Madres Solteras de Castellón.
- Fundación da Bizkaiko Emakumeen Biltzarra (Asamblea de Mujeres de Vizcaya).
- Creación de Feministas Radicales Independientes de Sevilla.
- Fundación da Unión de Mujeres del Altoaragonés.
- Creación do Grupo Feminista de Comercial Unión.
- Creación da Asociación Catalana de Mujeres Divorciadas.
- Creación da Asociación de Viudas Rosario Acuña (Asturias).
- Fundación da Coordinadora de Asociaciones Legales de la Mujer de la Provincia de Sevilla, composta por asociacións de Amas de Casa, Amas del Hogar, Asociación Universitaria de Mujeres (AUM), Asociación de Mujeres Universitarias, coa intención de organizar unhas xornadas sobre a muller andaluza en Sevilla.
- Creación da Coordinadora Provincial de las Asociaciones Legales de Mujeres de la Región Castellano-Leonesa, composta por: Amas de Casa de Valladolid, Mujeres del Barrio de Santa Clara y San Pedro Apóstol, Mujeres Trabajadoras de Valladolid, AUPEPM de Valladolid, Comisión de Mujeres del Instituto Castellano-Leonés, Salas-Pombo de Salamanca, Mujeres Palentinas e Coordinadora Provincial de Asociaciones Legales de Burgos.
- Fundación do Secretariado de Asociaciones de la Mujer de Navarra.
- Creación da Coordinadora de Organizaciones Feministas del Estado Español (COOFFEE).
- Realízanse en Madrid as Primeras Jornadas sobre el Ama de Casa, organizadas pola Subdirección General de la Condición Femenina.
- Os días 8, 9 e 10 de decembro efectúanse as primeiras Jornadas de la Mujer en Euskadi e País Valencià.

- Desenvólvese en Madrid a Primeira Conferencia sobre la Mujer Trabajadora, organizada pola UGT.
- Nun acto pola derogación da Lei de perigosidade social, o Col·lectiu de Lesbianas de Barcelona le un comunicado sobre lesbianismo en Catalunya.
- As obreiras protagonizan numerosas protestas.
- O Movemento Feminista realiza unha campaña pola legalización dos anticonceptivos, por unha sexualidade libre e polo dereito ao aborto, esíxese tamén amnistía para as mulleres condenadas por «delitos específicos da muller» (aborto, adulterio...). Un exemplo disto é a concentración convocada diante do cárcere de Yeserías para esixir amnistía para as 350 presas polos citados delitos.
- O 28 de xuño ten lugar unha manifestación de lesbianas e gais en Barcelona.
- No mes de decembro un grupo de mulleres da ADM encérrase na basílica de San Miguel de Madrid en defensa do proxecto de lei de divorcio elaborado pola FOF.

1978:

- Promúlgase a Constitución española, establece o principio de igualdade como valor superior do ordenamento xurídico e como dereito fundamental a non discriminación por razón de sexo.
- No mes de febreiro o Congreso aproba a despenalización do adulterio e do amancebamento.
- Inicio do proceso autonómico.
- Abólese o delito de adulterio.
- Legalízanse os anticonceptivos.
- Derrógase a Lei de perigosidade social, polo que, a nivel legal, a homosexualidade deixa de ser considerada conduta perigosa.
- Un real decreto aprobado o 19 de maio polo Consello de Ministros suprime o Servizo Social Femenino. Desde que se establecera en 1937, pasaron por dicho servizo unhas 200000 mulleres por ano.
- Carmen Conde é elixida Académica da Real Academia Española.
- Primeiros números de *Mujer y Socialismo. Boletín de la Secretaría Federal de Formación* das comisións Muller e Socialismo do PSOE.
- Fúndase en Barcelona La Sal, edicións de les dones.
- Creación da Librería de Mujeres de Madrid e da Librería Feminista Dona en Valencia, que terá actividade ata 1984.
- Créase na Universitat Autònoma de Barcelona o Seminario de Estudios de la Mujer.
- A sala People de Madrid crea o Premio El Ovario de Oro.
- A Coordinadora de Barcelona edita o boletín *Dones en Lluita*.
- Créase a Coordinadora Feminista de Navarra.
- Créase o grupo feminista Mujeres Enseñantes.
- Creación de KAS Emakumeak.
- Creación do Grup de Lluita per l'Aliberament de la Dona.
- Creación da Unión de Mujeres Republicanas Revolucionarias.
- Creación en Madrid da Asociación de Mujeres Solteras (AMASOL).
- Créase en Madrid a Federación Provincial de Asociaciones de Mujeres Flora Tristán, que integra a Asociación de Amas de Casa Castellana, Concepción

Arenal de Chamartín, María Padilla del Distrito de Tetuán y Adyacentes, Los Calveles de Vantas e Rosalía de Castro de San Ignacio.

- No marco do 1º Congreso Confederal de CCOO constitúese a Secretaría de la Mujer, de dimensión estatal.
- No seu II Congreso o Movimiento Comunista crea un novo órgano interno que denomina Estructura de Mujeres, que marca un antes e un despois nas políticas do partido.
- Jornadas de la Condición Femenina (UCD).
- A Coordinadora Feminista de Barcelona organiza unha comisión contra as agresións ás mulleres.
- Teñen lugar en Barcelona Les Jornades de Dona i Educació.
- O 28 de xuño ten lugar a primeira manifestación de lesbianas e gais en Madrid.

1979:

- Eleccións lexislativas e provinciais. 19 deputadas no Congreso e seis senadoras.
- O Estatuto dos Traballadores establece o principio de igualdade entre homes e mulleres en todas as cuestións laborais.
- Carmen Conde ingresa na Real Academia Española, é a primeira muller que ocupa este lugar nesta institución.
- O Emakumearen Sexual Askatasunerako Mugimendua – Grupo de Liberación Sexual de la Mujer (ESAM), creado a comezos deste ano, publica o seu *Dossier lesbianismo*.
- A COOFFEE elabora e edita un proxecto de divorcio e, no mes de decembro, organiza as II Jornadas Feministas en Granada; neste encontro prodúcese a ruptura entre grupos e mulleres vencelladas ao feminismo radical e aquelas relacionadas co feminismo socialista.
- Créase na Universidad Autónoma de Madrid o Seminario de Estudios de la Mujer.
- Formación do Partido Feminista de España (PFE), que foi presentado en Barcelona no mes de maio.
- Fúndase o primeiro Casal de la Dona. En Barcelona, Sevilla, Valencia, Canarias, Valladolid, Oviedo, Madrid, Zaragoza, Galicia, Bilbo...
- Créase o colectivo de travestís e transexuais no seo da Coordinadora de Collectius per l'Alliberament Gai.
- O feminismo da diferenza xeneralízase dentro da corrente independente ou autónoma.
- Prodúcense numerosas manifestacións e encerros en apoio ás 11 mulleres de Bilbo acusadas por prácticas abortivas.
- Realízase en Madrid o I Encuentro Estatal de Lesbianas.

1980:

- A Subdirección General de la Condición Femenina, creada tres anos atrás, pasa a ser denominada Subdirección General de la Mujer.
- Dúas mulleres da Asamblea Feminista de Granada crean a Librería de Mujeres nesta cidade, que permanecerá aberta ata xuño de 1987.
- O Partido Feminista de España crea a revista teórica *Poder y Libertad*.

- O 8 de marzo publícase o primeiro número de *Mujeres. Boletín del Frente Feminista de Zaragoza*.
- Entre os días 10 e 12 de outubro desenvólvense as Primeras Jornadas de Feministas Independientes en Barcelona.
- No mes de xuño, teñen lugar unhas xornadas de lesbianas de todo o estado en Madrid.
- Encontro internacional sobre o aborto en Bilbo.
- Efectúanse as Jornadas del Patriarcat.
- Primer Encuentro de Feministas Independientes en Barcelona no mes de outubro. No mes de novembro comeza o proceso contra oito persoas do colectivo Los Naranjos de Sevilla acusadas de prácticas abortivas, o proceso durará nove anos.
- Lévese a cabo en Madrid no mes de novembro a Conferencia da Internacional Socialista de Mulleres.
- Pasamento de Josefina Carabias pioneira no xornalismo escrito e radiofónico e locutora de noticias e que en ocasións firmara co pseudónimo «Carmen Moreno».

1981-1990

Nalgunhas editoriais publícanse coleccións dedicadas a temas relacionados co feminismo e coas mulleres.

Créanse editoriais feministas.

1981:

- Dimisión de Adolfo Suárez e investidura de Leopoldo Calvo Sotelo.
- O 23 de febreiro, intento de golpe de estado a cargo do tenente coronel Tejero.
- O 7 xullo apróbase a Lei do divorcio.
- Entrada de España na OTAN.
- É galardoada co Premio Príncipe de Asturias de Comunicación e Humanidades a filósofa María Zambrano Alarcón.
- Victoria Sau publica o primeiro volume do seu *Diccionario ideológico feminista*, a segunda parte sairá á venda en 2008.
- Victoria Sendón de León publica *Sobre diosas, Amazonas y vestales utopías para un feminismo radical*.
- Publícanse os primeiros números da revista *Dones en Lluita*.
- Creación do Colectivo de Feministas Lesbianas de Madrid (CFLM).
- En Euskadi créase Aizan! coa finalidade de relacionar a loita feminista con outras loitas político-reivindicativas.
- Créase en Santander a Asamblea de Mujeres de Cantabria.
- Créase na comarca de Besaya a Asociación Feminista de Torrelavega.
- Segundas Jornadas de Feministas Independientes en Vigo no mes de xuño.
- Prodúcense varias manifestacións multitudinarias pola paz e contra a OTAN.
- Teñen lugar en Sevilla unhas xornadas feministas de carácter internacional para a legalización do aborto.

- No mes de decembro, a COOFFEE organiza en Madrid as Jornadas Feministas «Derecho al aborto. Las mujeres decidimos», nas que, por influencia das críticas de lesbianas, se acorda que a loita contra o aborto debe realizarse no marco dunha loita máis ampla contra o modelo heterosexual dominante.
- O colectivo de lesbianas de Valencia do Moviment d'Alliberament Gay del País Valencià e o Grupo de Mujeres Lesbianas da Asamblea de Dones de Valencia organizan as II Jornadas de Lesbianismo.
- No mes de marzo a Secretaría Federal de Política Sectorial do PSOE e o Grupo Federal de «Mujer y Socialismo» organizan en Madrid Jornadas sobre Feminismo y Socialismo.
- Pasamento de Amelia Torres Maeso, anarquista valenciana, enfermeira, directora do manicomio de Valencia durante a Segunda República, onde mandou queimar as camisas de forza.
- Finamento de María Martínez Vidal, a actriz murciana fundadora da agrupación a prol da cultura Faros de Mujeres Libres.

1982:

- Eleccións xerais. Goberno do PSOE. 22 deputadas no Congreso.
- A pesar das continuas e multitudinarias manifestacións pola paz e contra a OTAN, no mes de maio, a Cámara baixa aproba a entrada nesta organización de carácter militar; a pesar disto, no mes de xuño organízase a II Marcha a Torrejón.
- A COOFFEE presenta unha proposta de lei do aborto.
- Declárase o 24 de maio como Día das Mulleres pola Paz.
- Créanse os primeiros Centros de Información sobre los Derechos de la Mujer (CIDM), impulsados polo Ministerio de Asuntos Sociais.
- Primeiros números de *Hinojo y perejil. Boletín de la Comisión pro-derecho al aborto del Movimiento Feminista de Madrid*.
- Primeiros números de *Kollontai*, publicación periódica da Asamblea de Mujeres de la Complutense.
- Constitúese o Colectivo por la Paz y el Desarme en Zaragoza.
- A Asamblea de Mujeres de Bizkaia pon en marcha un Centro de Documentación de Mujeres.
- En Madrid, o Centro Feminista de Estudios y Documentación organiza unha exposición sobre o traballo das mulleres.
- A nivel estatal, grupos e colectivos feministas coordinados con feministas inglesas, leva a cabo accións contra o uso de armas nucleares.
- En Barcelona teñen lugar no mes de maio as II Jornadas de la Dona.
- En Donostia organízanse as III Jornadas de Feministas Independientes.

1983:

- Proxecto de lei para fomentar a igualdade das mulleres. As casadas poderán incluír os seus maridos na cartilla da Seguridade Social.
- Creación do Instituto de la Mujer, adscrito ao Ministerio de Cultura.
- O Parlamento inicia o debate sobre a despenalización dalgunhas prácticas abortivas.

- No mes de xuño despenálzase a esterilización de homes e mulleres mediante unha lei de reforma do Código penal.
- Despenálzase a operación de cambio de sexo, mais a legalización do cambio segue estando en mans da arbitrariedade dos xuíces.
- A escritora Elena Quiroga é elixida membro da Real Academia Española de la Lengua.
- Alison Assiter e Dorothy Tompson coordinan o libro *Antes muertas: mujeres contra el peligro nuclear*, publicado en LaSal.
- No mes de abril publícase o primeiro número de *La Mujer Feminista. Revista de la Unión de Mujeres Feministas* (UMF).
- Publícanse en Valencia os primeiros números da revista *Pandora*.
- Danse os primeiros pasos para unha coordinación estatal de grupos pacifistas, antimilitaristas, antiOTAN e ecoloxistas, que desembocarán na creación da Coordinadora Estatal de Organizaciones Pacifistas (CEOP).
- Presentación pública do Comité de Acción por la Paz e o Desarme (CAPD), no que se coordinan a Asociación por la Paz y el Desarme (APD), creada polo PCE, e o Movimiento por la Paz el Desarme y la Libertad (MPDL), impulsado polo PSOE.
- Créase na Universidade de Zaragoza o colectivo de mulleres Lisístrata.
- Fúndase o colectivo de Lesbianas Feministas de Bizkaia.
- O Colectivo por la Paz y el Desarme de Zaragoza organiza o Primer Encuentro de Organizaciones Pacifistas do Estado español e unha cadea humana que congrega a 25000 persoas.
- No mes de maio teñen lugar en Pastrana as II Xornadas de Mulleres pola Paz.
- Por iniciativa dun grupo de mulleres vinculadas a partidos políticos de esquerda teñen lugar as xornadas sobre a Corrente de Feminismo Socialista os días 29 e 30 de xaneiro en Madrid.
- A COOFFEE organiza as Jornadas de sexualidad en Madrid no mes de xuño.
- Os días 21 e 22 de maio ten lugar en Zamalvide o I Encuentro de Lesbianas de Euskadi.
- No mes de xullo efectúase o Primer Congreso del Partido Feminista de España.
- Os días 29 de outubro e 1 de novembro, teñen lugar as IV Jornadas de Feministas Independentes en Valencia.
- Os días 3 e 4 de decembro, organizadas pola Secretaría de la Mujer de CCOO, desenvólvense en Madrid as IV Jornadas de la Mujer, Encuentros sobre Mujer y Participación Sindical.
- Teñen lugar en Barcelona as II Jornades del Patriarcat, organizadas polo Departamento de Socioloxía da UAB.

1984:

- O día 21 de marzo de 1984 publícase no BOE o Instrumento de Ratificación do 18 de decembro de 1983 da Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller feita en Nova York o 18 de decembro de 1979.
- O Ministerio do Interior comeza a publicar cifras relativas a denuncias por malos tratos nas comisarías da policía.

- A Comisión de DDHH do Senado crea a Ponencia de Investigación de Malos Tratos a Mujeres e publica *o Informe de la Comisión de Relaciones con el Defensor del Pueblo*, esta última encargada do estudo da muller maltratada.
- Inagúrase o Centro de Información de la Mujer de Madrid.
- O Instituto da Muller organiza as primeiras Jornadas sobre Mujer y Sevicios Sociales.
- Elena Quiroga ingresa na Real Academia Española.
- Toma corpo a revista *Nosotras que nos queremos tanto*, editada polo Colectivo de Feministas Lesbianas de Madrid. Este colectivo organiza unha mesa redonda internacional o día 19 de xuño.
- Primeiros números da revista *Tribuna Feminista*, editada polo Centro de Documentación Feminista de Madrid, que ten actividade desde 1981.
- Primeira expedición de mulleres ao Himalaia.
- Créase a 1ª casa de acollida para mulleres maltratadas en Pamplona.
- No mes de marzo realízase a IV Marcha a Torrejón co lema «El Referéndum lo vamos a ganar. Fuera OTAN y bases ya».
- Comezan a organizarse os primeiros Comités Anti-Sida.
- Fúndase en Zaragoza unha Librería de Mujeres.
- Teñen lugar en Euskadi as Segundas Jornadas de las Mujeres Vascas.
- O 16 de maio teñen lugar en Madrid as Primeras Jornadas Mujer y Salud.
- Realízase o V Encuentro de Feministas Independientes en Madrid no mes de novembro.

1985:

- Regúlase a Lei do aborto, limitado a determinados supostos; desde entón, colectivos feministas reclaman a súa ampliación e que se poida abortar nos centros da rede sanitaria pública.
- O Goberno fai público o decreto que establece os requisitos precisos para a acreditación das clínicas abortivas.
- O Goberno asina un Estatuto dos Traballadores que inclúe por vez primeira o traballo no fogar suxeito a un réxime especial diferente ao xeral da Seguridade Social, que o mantén como traballo de segunda categoría.
- A fotógrafa Cristina García Roderó é galardoada co Premio Planeta.
- Celia Amorós publica *Crítica de la razón patriarcal*.
- Publícase *Mujer vasca. Imagen y realidad*, que recolle contribucións dun grupo de traballo dirixido por Teresa del Valle, que dedica unha parte importante do seu esforzo a rebater o mito do matriarcado vasco e o hipotético poder das mulleres.
- Sae o número cero de *Mujeres Libertarias*, revista do Colectivo de Mujeres Libertarias de Madrid.
- Créase en Valencia a librería Sal de Casa, que permaecerá activa ata 1994.
- Fúndase en Madrid o Fórum Política Feminista.
- Créase a Asociación de Mujeres para la Salud, de ámbito estatal e con grupos na Coruña, Bilbo, Xixón, Barcelona, Valencia, Castellón e Palma de Mallorca.
- En Barcelona desenvólvese a I Asamblea de Trabajadoras del Hogar, na que se denuncia o decreto lei que discrimina as empregadas do fogar fronte ao resto das traballadoras.

- A COOFFEE realiza en Madrid o «Tribunal contra as agresións ao dereito ao aborto» e no mes de novembro en Barcelona as Jornadas Feministas «Diez años de lucha del movimiento feminista».
- Teñen lugar en Barcelona no mes de novembro as V Jornadas de Feministas Independientes.
- O 24 de maio as mulleres de DOAN organizan un tren cheo de mulleres que se manifestan contra a instalación dunha academia militar de mulleres en Tortosa.

1986:

- Eleccións xerais. 33 deputadas no Congreso.
- Entrada na CEE. Referendo sobre a permanencia ou non do Estado español na OTAN.
- Promúlgase a Ley de la Ciencia, destinada á potenciación da actividade científica.
- Ata a súa desaparición en 1999, publícase a revista *Sorgiñak*, editada polos Colectivos de Lesbianas de Euskadi.
- A editorial feminista La Sal crea unha librería en Barcelona, que terá actividade ata 1990.
- Créase a revista en *Pie de Paz*.
- Fúndase en Madrid o colectivo Ligadura, vinculado á Asamblea de Okupas, que se dissolve definitivamente en 1994.
- Créase en Biscaia a Asociación de Trabadoras del Hogar (ATH-ELE), impulsada pola Asamblea de Mujeres de Bizkaia e que pretende conseguir un cambio de lei no traballo doméstico.
- O Colectivo Feminista Lanbroa de Bilbo comeza a súa segunda andadura.
- Fundación do Grupo de Lesbianas Feministas de Barcelona.
- Ten lugar en Santiago de Compostela o III Encontro polo Dereito ao Aborto, organizado pola COOFFEE.
- Desenvólvese nas Lagunas de Ruidera (Cidade Real) o VI Encuentro de Feministas Independientes, no que se presenta publicamente a Red de Amazonas coa intención de manter os lazos e a actividade das lesbianas independentes.
- Organízanse en Orio as xornadas Euskal Herriko Emakume Gazteen I. Topaketak.
- A Secretaría de la Mujer de CCOO organiza en Madrid, os días 26 e 27 de abril, as súas V Jornadas co título Mujer en la Economía Sumergida.
- No mes de outubro o Centre d'Investigació Històrica de la Dona desenvolve o Primer Col·loqui d'Historia de la Dona *De la casa a la fàbrica. Segles V-XX*.
- O Centro de Investigación y Formación Feminista e a Federación de Mujeres Flora Tristán pon en marcha a Escola Itinerante de Feminismo.
- No mes de decembro realízanse en Córdoba as II Jornadas sobre Agresiones y Malos Tratos.
- En Barcelona, o taller-exposición «El arte y su doble: A New York Perspective», organizado por Dan Cameron, reúne obras de temática feminista realizadas por Ashley Bickerton, Tim Rollins, Peter Schuyff, Cindy Sherman, Haim Steinbach, Philip Taaffe, Sarah Charlesworth, Robert Gober, Peter Halley, Jenny Holzer, Jeff Koons, Barbara Kruger, Louise Lawler, Sherrie Levine, Matt Mullican e KOS.

- En Madrid, dúas mulleres do grupo Mujeres Internacionalistas son detidas e maltratadas pola policía por bicarse na Porta do Sol. Este incidente levou a convocar unha bicada multitudinaria e, desde entón e ata 1996, as manifestacións do 28 de xuño finalizan na citada praza cunha bicada masiva. Na actualidade, esta acción séguese usando como forma de protesta pública fronte á discriminación e á homofobia.

1987:

- O Goberno introduce unha cota obrigatoria do 25% de mulleres nas listas electorais.
- A bioquímica María Cascales ingresa na Real Academia de Farmacia como membro de número, é a primeira vez que unha muller ocupa este cargo.
- O Seminario de Estudios de la Mujer da UAM organiza as VI Jornadas de Investigación Interdisciplinaria sobre la Mujer. El Trabajo de las Mujeres: Siglos XVI-XX.
- Baixo a dirección de Celia Amorós, créase en Madrid o primeiro grupo de investigación sobre muller e poder.
- Créase en Telde (Gran Canaria) a Asociación de Mujeres Isadora Duncan.
- Créase en Madrid, no mes de agosto, Transexualia. Asociación Española de Transexuales (AET).
- Entre os días 4 e 8 de febreiro, desenvólvense en Barcelona as Jornadas sobre Lesbianismo.
- Os días 6 e 7 de febreiro realízanse en Iruña os Primeros Encuentros contra las Agresiones a la Mujer (Emakumeek Jasandako Erasoen Aurkako Lehen Topaketak).
- As II Jornadas de Lesbianas Feministas de Euskadi teñen lugar entre os días 1 e 3 de maio en Orio.
- I Muestra Internacional de Teatro Feminista entre o 17 de xuño e o 5 de xullo en Madrid.

1988:

- Lei 35/1988, do 22 de novembro, sobre técnicas de reprodución asistida humana.
- O 24 de marzo derrógase o delito de escándalo público.
- O 23 de febreiro publícase no BOE o decreto que dá inicio ao programa de aceso das mulleres a diferentes corpos do exército.
- Creación do Instituto Andaluz de la Mujer.
- Fundación do Centro Asesor de la Mujer na Rioxa.
- Créase Emakunde-Instituto Vasco de la Mujer.
- Galardoada co Príncipe de Asturias das Letras a narradora Carmen Martín Gaité.
- A Real Academia de Ciencias Exactas, Físicas y Naturales por primeira vez admite unha muller como membro; trátase de Margarita Salas.
- Nove mulleres entran na Academia General Básica de Suboficiales do exército español.
- Lourdes Méndez publica *Cousas de mulleres. Campesinas, poder y vida cotidiana (Lugo 1940-1980)*, que pon en entredito o patriarcado con igualdade de dereitos e os traballos antropolóxicos androcentricamente nesgados e que

desembocan en xeneralizacións a-históricas e esencialistas sobre a Galicia rural e a cultura galega.

- Toma corpo a revista *Tríbadés*, editada polo Grupo de Lesbianas Feministas de Barcelona.
- Publícase en Madrid o número cero de *AMASOL. Boletín Informativo de la Asociación de Madres Solteras para la Igualdad Jurídica y Social de sus Hijos*.
- Desde xaneiro publícase *Menos Lobos. Revista de la Asamblea de Mujeres de Granada*.
- Licénciase a primeira promoción da Garda Civil que conta con mulleres nas súas filas.
- No seo da Koordinatorin Abertzale Sozialista (KAS) créase a organización feminista Egizan.
- Congreso do Partido Socialista (PSOE) no que se aproba unha cota do 25% de participación das mulleres.
- A COOFFEE organiza dúas xornadas estatais: as II Jornadas Estatales de Lesbianas entre os días 3 e 5 de xuño en Madrid e as Jornadas Feministas contra la Violencia Machista no mes de decembro en Santiago de Compostela.
- Desenvólvense en Iruña as Jornadas contra la Violencia a las Mujeres.
- Feministas lesbianas e mulleres do Movemento Feminista protagonizan unha campaña contra a RENFE por discriminación.
- O colectivo Escuela no-sexista de Asturias organiza, entre os días 8 e 10 de decembro, as Primeras Jornadas de Investigación-Acción Educativa a Favor de las Mujeres.

1989:

- Eleccións xerais. 54 deputadas no Congreso.
- Fundación do Institut Catalá de la Dona.
- Creación en Madrid da Dirección General de la Mujer.
- Baixo a coordinación de Fina Birulés e Montserrat Jufresa, créase o Seminario de Estudios sobre la Producción Filosófica de las Mujeres «Filosofía y género» na Universitat de Barcelona.
- Arantxa Sánchez Vicario gaña o trofeo Roland Garros.
- Créase a Plataforma Antidiscriminatoria con doce puntos que sintetizan as reivindicacións dos colectivos de lesbianas e que se publican na campaña «No se prive: es un consejo del Colectivo de Feministas Lesbianas».
- Creación do Grupo Feministas Autónomas de Madrid.
- Creación do Collectiu Dona de Vilafranca del Penedès.
- Reunión de mulleres no mosteiro de Veruela, convocadas pola revista *En Pie de Paz*, que tratan cuestións relacionadas coa entrada de mulleres no exército.
- No mes de xullo ten lugar en Madrid un Encontro Feminista Europeo de Saúde.
- Folga de traballadoras do sector téxtil.
- Pasamento de Dolores Ibárruri.

1990:

- Créase en Castela-A Mancha unha Dirección General de la Mujer.

- As traballadoras da empresa IKE en Asturias inician un peche que durará catro anos.
- Créase en Madrid a Asociación de Prostitutas de Madrid.
- Luís Bonino emprega o termo “micromachismo” para designar comportamentos de dominio, control e violencia exercidos polos homes sobre as mulleres na vida cotiá que por estar naturalizados e lexitimados polas lóxicas sociosexuais dominantes resultan invisibles.
- Finamento de Lola Iturbe, pertencente a Mujeres Libres e implicada na loita sindical e na guerra do 1936-1939.

1991-1995

1991:

- Creación da Dirección General de la Mujer de Murcia.
- Fúndase a Asociación Española de Investigación de Historia de las Mujeres (AEIHM).
- Créase a Subdirección General de la Mujer de Navarra.
- Outórgase o Premio Príncipe de Asturias das Artes á xeración lírica española, representada por Victoria de los Ángeles, Teresa Berganza, Montserrat Caballé, José Carreras, Plácido Domingo, Alfredo Kraus e Pilar Lorengar.
- Créase en Madrid a Editorial feminista Horas y horas.
- En Barcelona abre as súas portas ao público a Llibrería Pròleg, especializada en feminismos.
- *Menos Lobos. Revista de la Asamblea de Mujeres de Granada* supera o ámbito local e pasa se chamar a *Menos Lobos. Revista de la Coordinadora Andaluza de Organizaciones Feministas*.
- O Colectivo Feminista de Lesbianas de Bizkaia publica o seu *Dossier lesbianismo*.
- O Colectivo de Feministas Lesbianas de Madrid edita a revista *Desde Nuestra Acera*.
- O Movemento Feminista de Madrid publica unha serie de demandas contra a segregación e a criminalización das prostitutas.
- A Asociación de Trabadoras del Hogar crea en Euskadi unha asesoría legal gratuíta.
- Creación do Colectivo Reivindicativo Cultural de Lesbianas (CRECUL) como grupo autónomo dentro do movemento feminista.
- En Barcelona, realízanse do 21 ao 24 de marzo as Jornadas Europeas de Lesbianas, organizadas pola ILIS.
- Pasamento de María Zambrano, filósofa, exiliada, profesora na Universidade da Habana, premio Cervantes.

1992:

- O Parlamento Europeo aproba unha resolución en que solicita ao Goberno español que cesen as persecucións, xuízos e detencións por aborto.
- O Tribunal Constitucional resolve contra HUNOSA por discriminación sexual.

- Cátedra publica a obra de Alicia Puleo *Dialéctica de la sexualidad. Género y sexo en la Filosofía Contemporánea*.
- Créase a Federación Estatal de Gais y Lesbianas (FELG).
- Fúndase a Asociación de Identidad de Género de Granada.
- Preséntase en Zaragoza o Colectivo Ruda (Las Rudas).
- Créase o Colectivo de Transexuales de Catalunya.
- Lesbianas de varias cidades deciden denunciar o código 54 da RENFE, que lle permite ao servizo de seguridade identificar e expulsar a persoas de determinados «grupos de risco».
- Mulleres da comarca de Almadén en Castela-A Mancha organizan unha marcha de 214 quilómetros en protesta pola construción dunha incineradora na localidade.
- Pasamento de Casilda Hernáez Vargas, *Casilda la Miliciana*, militante de Mujeres Libres e de orixe cigana.

1993:

- Eleccións xerais. 65 deputadas no Congreso.
- Creación do Instituto Aragonés de la Mujer.
- Créase o Instituto Universitario de Estudios sobre la Mujer en Madrid.
- Editase en Euskadi a revista *Lanbroa.conspiración feminista*
- Sae á rúa o número 0 da revista *Amaranta*, editada pola Asamblea Feminista de Madrid.
- Coincidindo co inicio da guerra dos Balcáns, créase o grupo Mujeres de Negro de Zaragoza e, na mesma liña, o grupo Dones per Dones.
- Créanse o grupo de lesbianas LSD en Madrid.
- Créase o Centro de Identidad de Género de Granada, que máis adiante pasará a chamarse Asociación de Identidad de Género de Andalucía.
- O 20 de xuño a Generalitat de Catalunya legaliza o Colectivo de Transexuales de Catalunya.
- No mes de decembro a COOFFEE organiza as Jornadas Feministas «Juntas y a por todas» en Madrid.

1994:

- Apróbase a Ley de Arrendamientos Urbanos (LAU), que reconece as parellas de feito.
- A nova reforma laboral abre camiño á creación de empresas de traballo temporal.
- Creación do Instituto Canario de la Mujer.
- O Concello de Vitoria-Gasteiz abre o primeiro rexistro de parellas civís non exclusivo para heterosexuais.
- Galardoada co Príncipe de Asturias das Artes a pianista Alicia de Larrocha e co dos deportes Martina Navratilova.
- María-Milagros Rivera Garretas publica *Nombrar el mundo en femenino. Pensamiento de las mujeres y teoría feminista*.
- Cristina Molina Petit publica *Dialéctica feminista de la Ilustración*.
- Publícase en Granada o primeiro número de *Arenal. Revista de Historia de las Mujeres*.

- No mes de setembro publícase en Asturias o nº 0 de *Deva. Revista Cultural*.
- Créase o partido Mujeres para el Futuro de Europa, co fin de defender a existencia de democracia paritaria no Parlamento europeo.
- Créase na Universidad Complutense de Madrid a Asociación de Lesbianas, Gays, Bisexuales y Transexuales Erre Que Te Erre (RQTR), antigamente Rosa Que Te quiero Rosa.
- Fúndase a Asociación Transexualia de Valencia.
- Créase o grupo Lesbos dentro da Coordinadora Gai-Lesbiana de Barcelona.
- Constitúese a Red de Centros de Documentación y Bibliotecas de Mujeres, formada por unidades de información (públicas e privadas) de mulleres de diferentes comunidades autónomas e que vai organizar o seu primeiro encontro no Centro de Documentación-Biblioteca de Mujeres de IPES-Alkartea de Pamplona. O encontro xirou arredor da exposición de problemas comúns e o asentamento de bases de cooperación.
- Organízanse campañas e campamentos polo 0,7%, nos que se pretende que os partidos políticos asuman o compromiso de que a Axuda Oficial ao Desenvolvemento acade o 0,7% do PIB, que melloren o seu emprego e control facéndoa máis participativa e orientada a un verdadeiro desenvolvemento sostible e integral dos pobos empobrecidos.
- Desenvólvense en Euskadi as Terceras Jornadas de las Mujeres Vascas.
- Concentracións de mulleres vestidas de negro en diferentes puntos do territorio.
- O grupo LSD publica o n.º 0 da revista *Non grata*.
- O CFLM e o CRECUL poñen en marcha o servizo de atención telefónica Info-Lesbo.
- Pasamento da escritora Rosa Chacel.

1995:

- Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual.
- O Ministerio de Educación y Ciencia diferencia o uso do masculino e feminino nos títulos oficiais.
- Fundación do Instituto Navarro de la Mujer.
- Galardoada co Príncipe de Asturias dos Deportes Hassiba Boulmer.
- Realízase na Biblioteca de Mujeres de Madrid o II Encuentro de Centros de Documentación y Bibliotecas de Mujeres, centrado na creación da rede e na elaboración dun rexistro de centros que vai dar lugar á publicación da primeira *Guía de bibliotecas y centros de documentación de mujeres en España 1996*.
- Créase Hetaira, Colectivo en defensa de los derechos de las trabajadoras del sexo.
- Creación en Eibar da Asociación Marimatraka Feminista Taldea.
- Organízase en Madrid o foro Voces del Planeta, 50 años bastan.
- Desenvólvense en Barria as xornadas Euskal Herriko Emakume Gazteen II. Topaketak.
- Defunción: da pintora Maruja Mallo en Madrid: da actriz e directora Ana Mariscal; da escritora e xornalista santanderina Concha Espina, quen chegara a ser candidata ao Premio Nobel.

1996-2000

1996:

- Eleccións xerais. Goberno do PP. 98 deputadas no Congreso.
- Real decreto 91/1996, do 26 de xaneiro, de medios adscritos aos servizos da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 2834/1983, do 5 de outubro, en materia de protección da muller e a súa asignación á Consellaría de Familia, Muller e Xuventude.
- Ana María Matute ingresa na Real Academia Española.
- No mes de abril a AUPEM realiza en Málaga as súas primeiras xornadas baixo o rótulo *El trabajo de las mujeres*.
- No mes de setembro ten lugar na Biblioteca do Instituto de Estudios de la Mujer da Universidad de Granada o III Encuentro de Centros de Documentación y Bibliotecas de Mujeres.
- Con motivo da conmemoración dos 18 anos da constitución de 1978, activistas de colectivos e grupos de mulleres poñen de manifesto as ausencias nas obras de historia de todo o referente aos feminismos no Estado español.
- Ocúpase en Madrid o centro social de mulleres La Eskalera Karakola.
- Efectúanse en Catalunya as xornadas de conmemoración dos vinte anos do movemento feminista en Catalunya.
- Realízanse unhas xornadas de grupos de lesbianas de todo o estado en Alcalá de Henares.
- Pasamento de Carmen Conde, escritora e poetisa nomeada en 1978 membro da RAE, e de Carmen Martín Belinchón, enlace guerrilleira na guerra do 1936-1939.

1997:

- Real decreto 738/1997, do 23 de maio, polo que se aproba o Regulamento de axudas ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual.
- Real decreto 774/1997, do 30 de maio, polo que se establece a nova regulación do Instituto da Muller.
- O Consello de Ministros aproba o «III Plan para la igualdad de oportunidades entre mujeres y hombres» e celebra unha Conferencia Sectorial Extraordinaria sobre la Violencia, na que se acorda elaborar un «Plan de acción sobre a violencia contra as mulleres».
- Créase en Cantabria a Dirección General de la Mujer.
- Fúndase en Valencia a Dirección General de la Mujer.
- Publícase a obra de Amelia Valcarcel *La política de las mujeres*.
- Ten lugar en Madrid o II Encuentro Intercontinental por la Humanidad y contra el Neoliberalismo.
- No mes de marzoponse en marcha en Valencia a librería feminista virtual ou telelibrería Sidecar. Libros sobre rodas.
- Efectúanse as II Jornadas Feministes al País Valenciá.
- Realízase un encontro estatal de mulleres antimilitaristas en Madrid.
- Ten lugar o IV Encuentro de Centros de Documentación y Bibliotecas de Mujeres no Centre de Documentació, Institut Català de les Dones. Os principais

temas tratados xiraron arredor da legalización da rede e os contactos internacionais con bibliotecas de mulleres respecto á igualdade entre mulleres e homes.

- Entre o 6 e o 8 de decembro desenvólvense en Bilbo as III Jornadas de Lesbianas de Euskal Herria.
- En Donosti ten lugar o taller-seminario «Solo para tus ojos: el factor feminista en relación a las artes visuales».
- Créase en Xixón o colectivo de transexuais Soy Como Soy.
- En Barcelona, no mes de novembro, un grupo de mulleres ocupa La Morada.
- Nas Jornadas Estatales de Okupación, efectuadas en Barcelona, ten lugar unha mesa sobre a relación okupación-mulleres, xermolo de Mujeres Preokupando.
- Convocatoria dunha manifestación unitaria do Movimiento Gay, Lésbico y Transexual pola legalización das parellas de feito en Madrid.
- Morte da cineasta Pilar Miró.

1998:

- O Consello de Ministros aproba o «Plan de Acción contra la violencia doméstica (1998-2000)».
- Apróbase en Catalunya a primeira lei de parellas de feito.
- Informe do Defensor do Pobo sobre «Violencia contra las Mujeres».
- Circular da Fiscalía Xeral do Estado sobre a intervención do Ministerio Fiscal na persecución de malos tratos.
- Sete mulleres de todos os continentes reciben o Premio Príncipe de Asturias da Concordia: Fátima Boudiaf, Olainka Koso-Thomas, Graça Machel, Fatana Ishaq, Somaly Mam, Rigoberta Menchú e Enma Bonino; o dos Deportes, Arantxa Sánchez-Vicario.
- Organizado pola Concellaría da Muller de Telde, realízase no Concello de Telde (Gran Canaria) o V Encuentro de Centros de Documentación y Bibliotecas de Mujeres.
- Creación da Asociación de Centros de Documentación y las Bibliotecas de Mujeres María Moliner, de ámbito estatal, constituída por bibliotecas e centros de documentación xurdidos do movemento feminista.
- Realízanse en Madrid os Siete días de lucha social.
- Teñen lugar no Centro Social Hamsa (Barcelona) Les Jornades Creatives d'Art Apart.
- A policía desaloxa a casa ocupada por mulleres La Morada no mes de febreiro e, no mes de maio, ocupan La Fresca.
- Óbito da escritora e poetisa feminista catalá María Mercé Marçal.

1999:

- Lei orgánica 14/1999, do 9 de xuño, de modificación do Código penal de 1995, en materia de protección ás vítimas de malos tratos e da Lei de axuízamento criminal.
- Lei 39/1999, do 5 de novembro, para promover a conciliación da vida familiar e laboral dos e das traballadoras.
- Decreto 312/1999, do 11 de novembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de muller.

- Apróbase unha lei de parellas de feito que inclúe a adopción nas comunidades de Aragón e Navarra.
- Creación do Instituto Asturiano de la Mujer.
- Fundación en Castela-León da Dirección General de la Mujer e Igualdad de Oportunidades.
- Victoria Prego recibe o Premio do Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales a la No Violencia contra las Mujeres.
- I Congreso Estatal «La violencia impide la igualdad» no mes de maio.
- Galardoada co Príncipe de Asturias dos Deportes Steffi Graf.
- O Movimiento Feminista de Euskal Herria crea unha plataforma nacional na que participan grupos autónomos de mulleres e áreas de sindicatos.
- Realízanse en Madrid os «Siete días de lucha social».
- Ten lugar no Centro de Estudios y Documentación Fundación 8 de Marzo de Mérida o VI Encuentro de Centros de Documentación y Bibliotecas de Mujeres.

2000:

- Eleccións xerais. 132 deputadas no Congreso.
- Real decreto 1368/2000, do 19 de xullo, de desenvolvemento das prestacións económicas de pago único por nacemento de terceiro ou sucesivos fillos/as e por parto múltiple.
- Real decreto 1686/2000, do 6 de outubro, polo se crea o Observatorio de la Igualdad de Oportunidades entre Mujeres y Hombres.
- Modifícanse determinados artigos do Regulamento do Rexistro Civil en materia relativa ao nome e apelidos e a súa orde.
- Apróbase unha lei de parellas de feito que inclúe a adopción en Valencia.
- Creación do Institut Balear de la Dona.
- A historiadora Carmen Iglesias ingresa na Real Academia Española.
- Galardoada co Príncipe de Asturias das Artes a cantante Barbara Hendricks.
- A ciclista de montaña Margalida Fullana Riera obtén o primeiro posto nos Xogos Olímpicos de Sydney.
- Fúndase La Eskina de Safo, que máis tarde se chamará El Rincón de Safo.
- Créase a Línea de Investigación y Cooperación con Inmigrantes y Trabajadoras Sexuales (LICIT).
- Creación da Red Feminista de Gran Canaria.
- No mes de decembro a COOFFEE organiza as Jornadas Feministas «Feminismo es... y será» en Córdoba.
- A Asociación de Mujeres Rosa Chacel de Valladolid organiza en Medina del Campo o VII Encuentro de Centros de Documentación y Bibliotecas de Mujeres.
- Pasamento de Felicita Díaz, membro da CNT, que, entre outras cuestións, foi encargada do centro de refuxiados de Terrassa en 1936 e en 1938 foi vicesecretaria do Comité Regional de Mujeres Libres
- Finamento da escritora salmantina Carmen Martín Gaité; da loitadora pola independencia feminina, a liberdade dos presos sociais e a ecoloxía Vicenta Berenguer, e da activista lesbiana e feminista Gretel Amman.

Século XXI

2001-2005

2001:

- Real decreto 1251/2001, do 16 de novembro, polo que se regulan as prestacións económicas do sistema da Seguridade Social por maternidade e risco durante o embarazo.
- Creación do Instituto de la Mujer de Extremadura.
- Margarita Salas ingresa na Real Academia Española.
- É galardoada co Príncipe de Asturias das Letras Doris Lessing.
- A revista *En Pie de Paz* pecha as súas portas.
- O 28 de xuño ten tugar a Primeira Asamblea Stonewall.
- Alecrín. Grupo de Estudios sobre a Condición da Muller de Vigo organiza nesta cidade o VIII Encuentro de Centros de Documentación y Bibliotecas de Mujeres.
- Pasamento de Sonia del Río, historiadora libertaria do Ateneo Enciclopédico Popular de Barcelona.

2002:

- Modificación do Código civil en materia de nacionalidade.
- Creación do Instituto de la Mujer de Castilla – La Mancha.
- Creación do Instituto de la Mujer de la Región de Murcia que será eliminado en 2010.
- A Concellaría da Muller do Concello de Xixón organiza nesta cidade o IX Encuentro de Centros de Documentación y Bibliotecas de Mujeres.
- A Universidad de La Laguna edita a revista *Clepsydra*.
- Un grupo de científicas crea a Asociación de Mujeres Investigadoras y Tecnólogas (AMIT).
- En Euskadi créase Euskal Herriko Bilgune Feminista.
- A organización Lambroa crea Alberdi Feminista (Partido Feminista).
- Créase en Murcia o Comité de Apoyo a las Trabajadoras del Sexo (CATS).
- A sección española de Amnistía Internacional lanza unha campaña de sensibilización a favor da moza nixeriana Safiya Hussaini, condenada a morrer lapidada por adulterio.
- A Coordinadora Feminista de Barcelona ocupa a Oficina de Treball da Generalitat OTG-INEM para denunciar a situación das mulleres novas e as inmigrantes.
- Hetaira convoca a primeira manifestación de traballadoras do sexo en Madrid.
- Médicos del Mundo-España organiza entre os días 22 e 23 de febreiro o Forum Internacional de Género en la Acción Humanitaria y Desarrollo. «La corresponsabilidad de mujeres y hombres. Hacia una sociedad más justa».

2003:

- Real decreto lei 2/2003, do 25 de abril, de medidas de reforma económica, en relación coas mulleres traballadoras.
- Lei orgánica 11/2003, do 29 de setembro, de medidas concretas en materia de seguridade cidadá, violencia doméstica e integración social dos estranxeiros.
- Lei 27/2003, do 31 de xullo, reguladora da Orde de protección das vítimas da violencia doméstica.
- Lei 30/2003, do 13 de outubro, sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o Goberno.
- O Centro de Documentación Emakunde/Instituto Vasco de la Mujer organiza en Vitoria o X Encontro de Centros de Documentación y Bibliotecas de Mujeres.
- Foron galardoadas co Príncipe de Asturias das Letras Fátima Mernissi e Susan Sontag; co de Investigación Científica e Técnica, Jane Goodall; co da Concordia, Joanne Kathleen Rowling.
- O Centro de Estudios sobre la Mujer da Universitat d'Alacant publica a revista *Feminismo/s*.
- Xorde, nas xornadas de xénero celebradas en Sevilla, o grupo Retóricas de Género, que máis adiante pasará a chamarse Grupo de Trabajo Queer (GTQ).
- No Museu d'Art Contemporani de Barcelona ten lugar o evento «Maratón Postporno. Pornografía, pospornografía: estéticas y políticas de representación sexual».
- O 24 de maio, «Día das Mulleres pola Paz», grupos de mulleres de todo o mundo maniféstanse contra a invasión de Irak.

2004:

- Eleccións xerais. Goberno do PSOE. 127 deputadas no Congreso (36,3%) e 65 senadoras (25,1%). María Teresa Fernández de la Vega é nomeada vicepresidenta do Goberno.
- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- O Centro de Documentación do Instituto de la Mujer da Rexión de Murcia organiza o XI Encontro de Centros de Documentación y Bibliotecas de Mujeres.
- Pasamento de Alicia Giménez Barlett «La Pastora», tamén coñecida como a guerrilleira hermafrodita.

2005:

- Reforma da Lei do divorcio.
- Apróbase a Lei de matrimonio civil sen discriminación por razón de opción sexual.
- O Instituto Cervantes asina un convenio coa Real Academia Galega (RAG) para promover a presenza da lingua e da cultura de Galicia en todos os centros do Instituto.
- O Premio Príncipe de Asturias das Artes recae en Maya Plisetskaya e Tamara Rojo; o das Letras en Nélica Piñón; o de Cooperación Internacional en Simone Weil.
- Tomasa Cuevas publica *Presas. Mujeres en las cárceles franquistas*.

- En Madrid a policía desaloxa a Eskalera Karakola.
- Créanse os grupos LGBT Medeak e Ningún Lugar.
- No mes de xuño o Centro de Documentación María Zambrano do Instituto Andaluz de la Mujer organiza en Sevilla o XII Encuentro de Centros de Documentación y Bibliotecas de Mujeres.

2006-2010

2006:

- É declarado Ano da Memoria.
- O 3 de marzo o Consello de Ministros dá o visto e prace ao Anteproxecto de Lei Orgánica de Igualdade entre Mulleres y Homes. Apróbase a lei pola que se regulan os matrimonios homosexuais.
- María Teresa Miras Portugal é elixida presidenta de Real Academia de Farmacia.
- No mes de outubro a filósofa Celia Amorós é galardoada co Premio Nacional de Ensaio.
- O Premio Príncipe de Asturias de Ciencias Sociais recae en Mary Robinson.
- En Barcelona e despois dun proceso de okupación, créase o Momento Autónomo de Mujeres y Bolleras Osadas, que son desaloxadas pola policía ao ano seguinte.
- Unha serie de grupos feministas e *queer* constitúen en Madrid o Bloque Alternativo, un bloque crítico co mercado rosa.
- Créase en Madrid a Asociación de Mujeres Cineastas y de Medios Audiovisuales (CIMA).
- Constitúese Las Otras Feministas, unha corrente de opinión que aglutina feministas de diferentes organizacións que non teñen como finalidade a creación dunha nova organización e que, co documento titulado «Un feminismo que también existe», inician unha campaña de recollida de sinaturas. Realizan tamén o seu primeiro Encontro en Madrid.
- Morte de María José Urruzola, feminista e autora de guías pedagóxicas non sexistas.
- A Biblioteca do Servicio Provincial de la Mujer da Deputación de Málaga organiza na dita cidade e no mes de xuño o XIII Encuentro de Centros de Documentación y Bibliotecas de Mujeres.

2007:

- É declarado Ano da Ciencia.
- O venres 23 de marzo de 2007 o BOE publica a Lei orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que ten a finalidade de acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes e a eliminación de toda discriminación por razón de sexo, en particular a que afecta ás mulleres.
- En marzo o Congreso dos Deputados aproba a Lei de identidade de xénero; as e os transexuais poderán cambiar o seu nome e sexo no Rexistro Civil e no DNI sen necesidade de operacións de cambio de sexo.

- Creación en Madrid do Bloque Alternativo por la Liberación Sexual (BALS), que engloba os colectivos Panteras Rosas, Towanda, Liberación, RQTR, colectivo feminista Lilas e GTQ, entre outros.
- O XIV Encuentro de Centros de Documentación y Bibliotecas de Mujeres é organizado este ano no mes de maio pola Biblioteca Clara Campoamor da Casa de la Mujer do Concello de Alcobendas.
- Obras de artistas feministas dan corpo á exposición *Kiss kiss Bang Bang* no Museo de Bellas Artes de Bilbo.
- Pasamento da hispanista Soledad Carrasco Urgoiti.
- 71 mulleres asasinadas por violencia sexista.

2008:

- Eleccións xerais; Goberno do PSOE; 126 deputadas no Congreso, paridade no Consello de Ministros.
- Creación do Ministerio de Igualdad.
- Inés Fernández Ordóñez ingresa na Real Academia Española.
- Ingrid Betancourt é galardoada co Premio Príncipe de Asturias da Concordia e Margaret Atwood co das Letras.
- Ana Romaní é galardoada co Premio Atlántida á mellor xornalista de radio.
- Galardoada co Premio Comadre de Oro a Asociación de Clínicas Acreditadas para la Interrupción Voluntaria del Embarazo.
- Baixo o lema «La igualdad no es una utopía», efectúase en Madrid a X edición do Encontro Internacional Mundos de Mujeres 2008.
- Despois de 14 anos, realízanse as IV Jornadas Feministas de Euskal Herria.
- Desenvólvense as II Jornadas Feministas: NI Putas NI Sumisas.
- Con motivo da celebración o 28 de xuño do Día do Orgullo, o BALS e o Encuentro Social Alternativo al Petroleo (ESAP) organizan en Madrid unha marcha co slogan «Liberación sexual sin consumismo. No más sangre por petróleo».
- XV Encuentro de Centros de Documentación y Bibliotecas de Mujeres, realizado no mes de maio en Palencia e organizado polo Centro de Documentación para la Mujer en Castilla y León da Junta de Castilla y León.
- A Asociación de Mujeres Cineastas y de Medios Audiovisuales (CIMA) adquire dimensión estatal.
- Finamento de Rosario Sánchez Mora, miliciana coñecida como «La Dinamitera»; de Luisa Isabel Álvarez de Toledo y Maura «Duquesa de Medina Sidonia», tamén coñecida como «Duquesa Roja»; de Mercè Sala, política e economista; da científica Piedad de la Cierva Viudes, e da primeira arquitecta española Matilde Ucelay Maórtua.
- 84 mulleres asasinadas por violencia sexista.

2009:

- Yelena Isinbayeva é galardoada co Premio Príncipe de Asturias do Deporte.
- O Día das Letras Canarias (21 de febreiro) dedícase á escritora Mercedes Pinto.
- Celia Sánchez Ramos, investigadora e inventora da UCM con 448 patentes, é nomeada Mellor Inventora Internacional pola Organización Mundial da Propiedade Intelectual.

- Publícase a obra de Amelia Valcárcel *Feminismo en un mundo global*.
- No mes de decembro a COOFFEE organiza en Granada as Jornadas Feministas «Treinta años después: aquí y ahora».
- No mes de xuño e organizado pola Biblioteca Francesca Bonnemaison, ten lugar en Barcelona o XVI Encuentro de la Red de Centros de Documentación y Bibliotecas de Mujeres.
- Realízase o II Encuentro de las Otras Feministas.
- Óbito: da doutora en prehistoria e activista feminista Encarna Sanahuja; da escritora Corín Tellado.
- 68 mulleres asasinadas por violencia sexista.

2010:

- Presidencia española do Consello da Unión Europea.
- Apróbase a Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de salud sexual y reproductiva y de la interrupción voluntaria del embarazo.
- O Goberno presenta no Congreso o Proyecto de Ley del Registro Civil, no que se pretende rematar coa histórica prevalencia do apelido paterno fronte ao materno, sistematízase e axilízase o procedemento de cambio de nomes e apelidos, e elimínase toda referencia á filiación non matrimonial, con plena equiparación á matrimonial.
- Creación do Instituto Canario de la Igualdad.
- O Día das Letras Canarias dedícase á investigadora, docente, crítica literaria e escritora María Rosa Alonso.
- Soledad Puértolas ingresa na Real Academia Española.
- O Premio Príncipe de Asturias de Investigación Científica e Técnica recae en Linda Watkins, David Julius e Baruch Minke, referentes mundiais da Neurobioloxía sensorial.
- O Premio de la Crítica de Poesía Castellana recae na obra de Juana Castro *Heredad seguida de cartas de enero*.
- O Premio Dulce Chacón de Narrativa Española recae na obra de Belén Gopegui *Deseo de ser punk*.
- Outórgaselle o Premio Miguel de Cervantes a Ana María Matute.
- Primeira edición dos Premios Mujeres en las Artes Visuais (MAV) para o recoñecemento das traxectorias de mulleres esenciais para o sistema da arte no Estado español.
- María de la Cruz Sánchez Escobedo publica *Mujer y creación de empresas. Tendencias de investigación*.
- M.^a Isabel Menéndez Menéndez publica *Representación mediática de la violencia de género. Análisis de la prensa balear (2004-2008)*.
- Publícase a obra, dirixida por Christine Fauré, *Enciclopedia histórica y política de las mujeres, Europa y América*.
- Jesús Palomares Ibáñez publica *Mujeres universitarias. El colegio mayor Santa María del Castillo (1949-1981)*.
- A UNED publica *Dramaturgias femeninas en la segunda mitad del siglo xx, espacio y tiempo. Actas del XIV Seminario Internacional del Centro de Investigación de Semiótica Literaria, Teatral y Nuevas Tecnologías*.

- A Fundación Isonomía organiza en Castellón o Congreso Las Mujeres en el Ámbito Literario: el Estado de la Cuestión.
- O Emakumeen Dokumentazio Zentrua “Maite Albiz” organiza no mes de maio en Bilbo o XVII Encuentro de Centros de Documentación y Bibliotecas de Mujeres.
- Desenvólvense en Barcelona as Jornadas Transfeministas en Construcción os días 17 e 18 de maio.
- Pasamento: da escritora Luzía Dueso Lascorz; da política e ex-ministra de Educación María Jesús Sansegundo.
- 85 mulleres asasinadas por violencia sexista.

2011-2015

2011:

- Ano Internacional do Alzheimer.
- O Goberno do PP gaña as eleccións xerais e fórmase un primeiro executivo composto por catro mulleres e nove homes.
- Trece das dezaseis comunidades autónomas celebran eleccións autonómicas.
- Créase en Murcia a Dirección General de Asuntos Sociales, Igualdad e Inmigración.
- Ningunha muller é galardoada nos Premios Príncipe de Asturias.
- Juan Sisinio Pérez Garzón publica na Editorial Catarata *Historia del Feminismo*.
- Organizado polo Programa Municipal para la Mujer do Concello de L’Hospitalet, ten lugar o XVIII Encuentro de Centros de Documentación y Bibliotecas de Mujeres.
- Teñen lugar en Donostia, entre os días 28 de outubro e 1 de novembro, as Jornadas Activistas Transfeministas (Re)pensando las prácticas feministas.
- No mes de abril, Alcalá de Henares convértese na sede do III Encuentro Otras Voces Feministas.
- Las Lobas, grupo feminista de La Fabrika, organiza a I Jornada Feminista Empodérate Mujer.
- Realízanse en Barcelona as I Jornades d’acció feminista autónoma per a dones lesbianes i trans.
- Desenvólvense, na Facultad de Ciencias Políticas y Sociología da UCM, as Jornadas Feministas: Redefiniendo el feminismo, deconstrucción y teoría crítica.
- A Asamblea de Mujeres Combativas Liza organiza no mes de novembro en Valladolid as Jornadas Feministas: Ni víctimas ni pasivas, mujeres combativas.
- Ten lugar en Madrid o Ciclo de vídeo, debate y performance: La internacional cuir.
- Realízanse en Valencia, no mes de decembro, as Jornades Bordes.
- No mes de xuño, efectúase en Alacant, na Finca El Cerezo, o XII Encuentro Intercultural de Mujeres.
- Créase a Plataforma de Mujeres Creadoras, iniciativa dixital que persegue ser punto de encontro e visualización das obras de mulleres.
- Finamento da escritora e pedagoga Josefina Aldecoa.

- Sesenta e sete mulleres asasinadas por malos tratos infrinxidos polas súas parellas.

2012:

- Creación do Instituto Navarro para la Familia y la Igualdad.
- Marta C. Nussbaum é galardoada co Premio Príncipe de Asturias ás Ciencias Sociais.
- A escritora Carme Riera é nomeada membro da Real Academia Española.
- Entre o mes de xuño deste ano e o de febreiro do seguinte, ten lugar no Museo de Arte Contemporáneo de Castilla y León o proxecto expositivo Genealogías Feministas en el Arte Español: 1960-2010.
- Efectúase na Universidade de Salamanca o seminario Documentación y Estudios de Género.
- Teñen lugar na Universidad de La Laguna as II Jornadas de Investigaciones Feministas y Análisis de Género. Avances y Propuestas.
- Realízanse en Barcelona as II Jornades d'acció feminista autònoma per a dones, lesbianes i trans «Se va a armar la gorda».
- Organízase en Zaragoza o primeiro Febrero Feminista.
- O Centro Social Okupado y Autogestionado de Móstoles La Casika presenta as súas Jornadas Feministas no mes de marzo.
- Organízase o Marzo Feminista en Granada.
- O Fórum de Política Feminista de Málaga organiza as xornadas Feminismo: empoderamiento, redes y pactos entre mujeres.
- Efectúanse en Madrid as I Jornadas Internacionales Estrategias Feministas.
- O Fórum de Política Feminista de Málaga organiza en novembro as xornadas En-redes feministas.
- No mes de marzo desenvólvense en Cantabria as Jornadas Feministas: Todas las mujeres, todos los derechos, todos los días.
- En maio efectúanse en Donostia as xornadas internacionais Redes y movimientos feministas del norte y del sur en el tratamiento de los derechos humanos de las mujeres.
- No mes de xuño realízase en Alicante, na Finca El Cerezo, o XIII Encuentro Intercultural de Mujeres.
- O colectivo da UAM La Gatera organiza no mes de marzo unhas xornadas feministas.
- En Plasencia, no mes de marzo, teñen lugar as xornadas Mujeres: historia, realidad y visibilización.
- A Asamblea de Mujeres Combativas Liza organiza en Valladolid, con motivo da celebración do 8 de marzo, unhas Jornadas Feministas.
- A artista Mareta Espinosa crea o Festival Miradas de Mujeres, coa finalidade de difundir o papel das mulleres dentro de tódolos ámbitos profesionais das artes visuais (creación artística, comisariado, crítica, investigación e xestión).
- No mes de abril desenvólvense en Canarias as xornadas Feminismos: cuerpos e identidades en rebelión.
- No mes de outubro ten lugar en Vigo o XIX Encuentro de la Red de Centros de Documentación y Bibliotecas de Mujeres.

- Pasamento de Carmen Rodríguez Campoamor, feminista e militante do PCE, e da presentadora de televisión e actriz Marisa Medina.
- Cincuenta e sete mulleres asasinadas por malos tratos infrinxidos polas súas parellas.

2013

- Susana Díaz é elixida presidenta da Junta de Andalucía.
- Tres activistas de Femen protagonizan no Congreso dos Deputados unha protesta pola reforma da lei do aborto promovida polo Goberno do Partido Popular.
- A fotógrafa estadounidense Annie Leibovitz é galardoada co Premio Príncipe de Asturias de Comunicación e Humanidades.
- Saskia Sassen é galardoada co Premio Príncipe de Asturias de Ciencias Sociais.
- A Fundación 1 de Maio concede o seu Premio Valores de Igualdad deste ano a Empar Pineda.
- Ingresa na Real Academia Española Aurora Egido Martínez co discurso titulado «La búsqueda de la inmortalidad en las obras de Baltasar Gracián».
- Créase en Barcelona o Observatori Cultural de Gènere para denunciar a escasa presenza de mulleres no ámbito cultural.
- No mes de xuño realízase en Alcalá de Henares o IV Encuentro de Otras Voces Feministas.
- No mes de outubro realízase en Granada o XX Encuentro de Centros de Documentación y Bibliotecas de Mujeres.
- Ten lugar en Alcalá de Henares o IV Encuentro de las Otras Feministas.
- Actívase en León un proxecto colaborativo entre varias organizacións feminista que dará forma ao Archivo de Feminismos de León.
- Morte das cantantes e actrices Sara Montiel e Marifé de Triana, da feminista Victoria Sau e da pintora e artista gráfica Ángeles Santos Torroella.
- Cincuenta e sete mulleres asasinadas por malos tratos infrinxidos polas súas parellas.

2014:

- Abdica Juan Carlos I e Felipe VI é proclamado rei.
- Aprobación da Lei de seguridade cidadá, tamén coñecida como «Lei mordaza».
- A historiadora Carmen Iglesias é elixida directora da Real Academia de la Historia.
- Outórgaselle o Premio Princesa de Asturias da Concordia a Caddy Adzuba, reconecida activista pola liberdade de prensa, a reconstrución da paz e os dereitos humanos, especialmente os das crianzas e as mulleres en zonas de conflito.
- O 1 de febreiro e o 22 de novembro realízanse manifestacións en Madrid contra o proxecto de reforma da lei do aborto.
- No mes de outubro ten lugar en Toledo o XXI Encuentro de la Red de Centros de Documentación y Bibliotecas de Mujeres.
- Finamento da militante comunista Concha Carretero, da bailarina María de Ávila, das escritoras Ana María Matute e Mercedes Salisachs Roviralta e da xornalista María Antonia Iglesias González.

- Cincuenta e nove mulleres asasinadas por malos tratos infrinxidos polas súas parellas.

2015:

- Eleccións xerais no mes de decembro. Os resultados non permiten formar goberno. Do total das 350 cadeiras do Congreso dos Deputados, 138 van estar ocupadas por mulleres. Do total de 266 cadeiras do Senado, 104 corresponden a senadoras.
- Esther Duflo é galardoada co Premio Princesa de Asturias de Ciencias Sociais e Jennifer Anne Doudna co de Investigación Científica e Técnica.
- *La Vanguardia*, a Fundació La Caixa e o Observatori Cultural de Gènere crean o Premio María Luz Morales para artigos xornalísticos dedicados ao empoderamento das mulleres.
- Manifestación feminista diante do Congreso dos Deputados en protesta contra a reforma da lei del aborto que se debate na Cámara baixa para impedir que as menores poidan abortar sen consentimento paterno.
- No mes de maio ten lugar en Salamanca o XXII Encuentro de la Red de Centros de Documentación y Bibliotecas de Mujeres.
- Pasamento da locutora de radio Isabel Carou; da xurista e fiscal da Sala contra la Violencia sobre la Mujer Soledad Cazorla; da xinecóloga, escritora, política e activista feminista Elena Arnedo.
- Sesenta e dúas mulleres asasinadas por malos tratos infrinxidos polas súas parellas.

2015-2020

2016

- Eleccións xerais no mes de xuño. Goberno do Partido Popular. 139 deputadas dun total de 350 cadeiras. 98 senadoras dun total de 266 cadeiras.
- Dúas mulleres son galardoadas co Premio Princesa de Asturias, Nuria Espert co das Artes e Mary Beard co de Ciencias Sociais.
- Para celebrar os seus corenta anos de actividade a Asamblea de Mujeres de Araba articula a exposición 40 años de Feminismo en Gasteiz.
- Entre os días 26 de xuño e 11 de setembro ten lugar no Museo de Arte Contemporánea de Castela e León a exposición Feminismos León. De la Buhardilla del CCAN a la Insumisión Transfeminista.
- Os días 3, 4 e 5 de xuño, Xarxa Feminista organiza en Barcelona as xornadas Radical-ment Feministes, nas que participan máis de 150 organizacións.

MUNDO

MEDIEVO

- A vida conventual é escollida como lugar-refuxio por mulleres, sobre todo pertencentes á nobreza e á burguesía e que non dispoñen de dote para casar axeitadamente. A cantidade de dote requirida para a entrada no convento é menor que a necesaria para casar.

- Nos conventos e abadías xeracións de mulleres exercen a tarefa de copiar e elaborar miniaturas ilustrando códices e libros de salmos.

- Mulleres con oficios, entre outros moitos: carniceiras, ferraxeiras, fabricantes de redes, zapateiras, fabricantes de luvas, faixeiras, camiseiras, fabricantes de carteiras, sombreireiras, comadroas, esfoladoras, encadernadoras, pintoras, fiadeiras de seda, bordadoras, salgadeiras, campesiñas, lavadeiras, creadoras de ourives. Tamén algunhas mulleres son ás veces mestres gremiais.

- A anulación matrimonial e a posibilidade de ter novas nupcias están reservadas para casos de incapacidade de reprodución biolóxica.

- Nos séculos V-XI a Lex Gotica permite que as mulleres dispoñan de propiedade. A maioría dos matrimonios son civís, comezan a realizarse tamén matrimonios eclesiásticos.

- No século VI santa Radegunda exerce os poderes propios dunha raíña no ámbito xudicial e administrativo, contrariando ao seu marido.

- No século VII existen mosteiros con seccións separadas para monxes e monxas unidas polo goberno dunha abadesa.

- Ata o século IX é común entre reis e nobres a práctica da polixinia.

Século X:

- A monxa castelá Ende realiza unha serie de miniaturas para ilustrar un códice sobre a fin do mundo, as súas son cualificadas como obra mestra.

Século IX:

- Dhuoda, nacida nunha familia da alta nobreza, aprende a vivir soa, a gobernar os campos, a pedir préstamos a cristiáns e xudeus para armar o seu marido e escribe un manual de educación.
- A igrexa comeza a elaborar as súas estratexias futuras para se inmiscir nas prácticas sexuais e matrimoniais da poboación.

Século XI:

- Coa Reforma Gregoriana (1075) institúese o celibato eclesiástico como condición necesaria para o sacerdocio e aumentan os referentes e referencias ás mulleres e ao corpo sexuado femia como símbolo de maldade.

- Trótula é unha médica da Escola de Salerno, centro médico non conectado coa igrexa e no que as mulleres poden aprender, exercer e ensinar medicina; a obra de Trótula máis coñecida é *De passionibus mulierum ante in et post partum*.
- Murasaki Shikibu escribe a obra *Genji monogatari*; trátase dunha novela de cincuenta capítulos e miles de páxinas.

Século XII:

- A burguesía comeza a se configurar como unha clase distinta e diferenciada dos señores.
- As mulleres nobres son donas do espazo da casa, asumen a plena responsabilidade do seu coidado e deciden todo, incluído o mando e castigo de criados e criadas.
- O traballo comeza a ser definido como unha actividade pola que a cambio se recibe unha paga.
- Fórmanse e desenvólvense numerosas institucións educativas, unhas están ligadas á Igrexa, outras teñen un carácter máis independente.
- O alto clero goza de recoñecemento máximo-mítico baseándose na escritura e no ensino.
- A Igrexa ten as súas propias normas e conta con tribunais especiais.
- Coa imposición do matrimonio monogámico e indisoluble a Igrexa trata de moralizar os propios costumes eclesiásticos, transformar a nobreza e someter o resto do pobo de Deus ao imperialismo eclesiástico.
- Aumento da participación das mulleres na vida social, espiritual e intelectual medieval como oíntes, lectoras, mecenas, transmisoras de grandes heranzas e titoras.
- En Europa Central están en auge as beguinas, que son mulleres cristiás laicas que se asociaban libremente, sen regras nin orde xerárquica, para axudar a persoas pobres, enfermas e anciás e a mulleres, vivindo para iso preto de hospitais e igrexas.
- A cosmóloga e médica Hildegarda de Bingen escribe e ilustra importantes textos de ciencias naturais, bioloxía, botánica, astronomía e medicina.
- A científica e médica Herrad Landsberg escribe *Hortus deliciarum*, enciclopedia de relixión, historia, astronomía, xeografía, historia natural e botánica médica.
- Existen mulleres que realizan o oficio de miniaturistas fóra da vida conventual. A miniaturista Claricia autorepréséntase nun libro de salmos.
- En 1164 morre Heloísa do Paráclito, daquela abadesa do convento do Paráclito.
- En 1179 falece Hildegarda de Bingen, quen se convertera nunha autoridade pública grazas ás súas visións proféticas e á publicación de libros sobre elas como *Scivias*, *Liber vitae meritorium* ou *Liber divinorum operum*.

Século XIII:

- A formación das universidades supón o ordenamento, agrupación e xerarquización de oficios e unha redución das posibilidades educativas das mulleres.
- A finais deste século, Guillermine de Bohemia crea unha igrexa de mulleres á que acoden tanto mulleres do pobo como burguesas e aristócratas; foron denunciadas pola Inquisición a comezos de século XIV.
- Fúndase, no marco de certos movementos relixiosos, a orde das Madalenas, comunidades en que as prostitutas debían facer penitencia e iniciar unha nova vida.

- As ordes mendicantes inflúen de forma notoria na expansión de conventos femininos que funcionan como seccións subordinadas ás masculinas.

XIII-XIV:

- Na Universidade de Boloña, unha das poucas que admiten mulleres, a anatomista Alessandra Giliani (1275-1326) ideou a técnica de inxectar líquidos nos vasos sanguíneos.

-Século XIV:

- Institúense formas de control social tanto inquisitoriais como de policía urbana. Fanse máis estritas as leis que someten as mulleres á autoridade do marido.
- Xorde a figura do vagabundo pobre ligada á desconversión da sociedade feudal.
- Tense constancia de que nas universidades estudaban e ensinaban mulleres; cando menos nas de Salamanca e Boloña.
- Nas cidades, a partir de 1350 unha parte importante da actividade produtora, comercial e investigadora está nas mans de mulleres.
- En 1310 a mística e escritora francesa Margarita Poret é queimada viva.
- En 1322 a bula do papa Xoán XXII condena tanto a Ars Nova como as tendencias modernistas na música.
- Fúndase en Viena unha casa para aloxar mulleres libres dedicadas á prostitución que desexen «corrixirse».
- En 1361 Bocaccio escribiu *De mulieribus claris*, tratado mitolóxico-literario no que se recollen 104 biografías das mulleres máis notables do mundo antigo.

Século XV

- As obras da pintora Susana Horenbout chegan a ter unha gran sona.

1405:

- Aparición da obra de Cristine de Pizan *Le livre de la cité des dames*; esta autora, ao quedar viúva, traballa de copista e ilustradora para manter a súa familia.

1431:

- A Igrexa condena á fogueira a Xoana de Arco.

1492:

- Seguindo a estrutura do *Decameron*, Margarita de Navarra escribe un volume de 200 contos e historias titulado *Heptameron*.

A finais da Idade Media institucionalízase a prostitución; as prostitutas constitúen daquela un dos primeiros colectivos asalariados que non contan con irmandades e que se someten a normas profesionais impostas polos donos dos prostíbulos; isto é, as autoridades reais, relixiosas e municipais.

Século XVI

- Actividade inquisitorial contra mulleres: queima de bruxas. Estas condenas prólónganse ata o s. XVIII.

- Aparición do beguinato como busca de educación por parte dalgunhas mulleres excluídas das universidades.

- Na segunda metade do século, os países protestantes do norte de Europa abolen o culto mariano, mentres nas áreas católicas do sur a Virxe segue a ser o centro da devoción.

1527:

- Carlos I confirma a dona Aldonza de Villalobos como gobernadora da Illa Margarita, logo da morte do seu pai.

1539:

- Isabel de Bobadilla recibe o encargo do seu marido, Hernando Soto, de desempeñar a gobernación de Cuba na súa ausencia.

1541:

- Dona Beatriz de la Cueva consegue que o cabido de Guatemala a nomee gobernadora.

1542:

- A gobernadora de Tetuán, Sayyida al-Hurra, é destituída.

1545:

- O Decreto do Concilio de Trento deste ano e o do ano 1563 configuran o matrimonio como regulador da sexualidade.

1555:

- Joana de Gama escribe sobre as limitacións sufridas polas mulleres desde que o mundo é mundo.
- Sofonisba Anguissola pinta *Juego de ajedrez*, obra considerada como unha das mellores do seu xénero neste século.

1556:

- Nace en Dinamarca Sofie Brahe, quen chegará a ser unha importante astrónoma e a traballar co seu irmán Tycho; as súas observacións serán cruciais para que Kepler poida determinar as órbitas elípticas dos planetas.
- Nace en Venecia Marietta Robusti, *La Tintoretto*, quen chegará ser unha pintora de grande éxito.

1563:

- O Concilio de Trento decreta que as mulleres teñen alma.

1565:

- Nace Marie Le Jars de Gournay, que chegará a ser literata, filósofa e alquimista.

1566:

- Pío V aproba o *Catecismo Tridentino*, escrito por Carlos Borromeo. Entre outras cuestións, restrinxe a sexualidade á reprodución dentro do matrimonio.

1575:

- A gravadora Diana Scultori Ghisi, coñecida como Diana Mantovana, obtén o permiso papal para asinar, imprimir e vender os seus traballos, será a primeira muller en obter este dereito.

1576:

- Pasamento de Levina Teerline, recoñecida miniaturista inglesa e a mellor pagada das e dos miniaturistas da súa época.

1581:

- Francesca Caccini compón a ópera *La liberazione de Ruggiero*; é a primeira vez que unha muller realiza unha tarefa destas características.

1593:

- Nace en Roma Artemisa Gentileschi, que chegará a ser unha das poucas pintoras que puido traballar e vivir como artista naquela época.

A finais de século créase unha gran diferenza cultural entre contextos católicos e protestantes no concernente ao matrimonio. Mentres no ámbito protestante o matrimonio é sinónimo de poder social, no católico a condición de célibe é considerada superior á condición de pai.

Século XVII

- En Francia comezan a súa andadura os Salóns como espazo público; neles as mulleres teñen unha presenza notoria e protagonizan o movemento literario e social coñecido como preciosismo.

- 1623-1673: No campo da astronomía adóptase o sistema copernicano.

1622:

- Marie Le Jars de Gournay publica *De l'égalité des hommes et des femmes*.

1923:

- Cavendish defende a capacidade das mulleres para elaborar coñecemento científico, creativo e orixinal.

1626:

- Marie Le Jars de Gournay publica *Les femmes et Grief des dames*.
- Nace Mary Boyle, que chegará a ser unha gran coñecedora da aplicación das plantas no ámbito da medicina.

1640:

- Martine de Beausoleil, considerada como a primeira xeóloga do mundo, insta ao rei de Francia para que faga uso dos ricos xacementos minerais do país.

1646:

- Nace en Venecia Helena Cornaro Piscopia, unha das primeiras científicas en acadar o grao de doutora.
- A gravadora, escultora, pintora e escritora holandesa Anna María van Schurman publica unha obra en que se pregunta se o estudo das letras é adecuado para unha muller cristiá.

1647:

- Nace Maria Sybilla Merian, que chegará a ser unha das entomólogas máis citadas ao longo do século XVIII.

1648:

- Nace en México Juana Inés de la Cruz, quen chegará a ser unha destacada monxa, poeta, escritora, polemista, ensaísta e precursora da educación das mulleres.

1650:

- A mediados de século créanse varias seitas; algunhas delas inclúen as mulleres como predicadoras e admiten que o espírito pódese expresar a través delas.
- Arredor de 1650, Madeleine de Scudéry, literata e muller de gran cultura e elocuencia, convértese nunha das principais impulsoras do Preciosismo en Francia.

1653:

- Morre a poetisa, filósofa e humanista italiana Lucrecia Marinelli. As súas obras ocúpanse maioritariamente nos dereitos das mulleres.

1658:

- A pintora Elisabetta Sirani abre unha escola de pintura para mulleres en Boloña.

1660:

- Fúndase a institución científica Royal Society de Londres, que non admite mulleres como membros.

1666:

- Fundase a Académie des Sciences en Francia, que non admite mulleres como membros.

1673:

- A obra do cartesiano Poulain de la Barre *De l'égalité des deux sexes* adóptase como punto de arranque da polémica moderna sobre a igualdade dos sexos.

1686:

- En Suecia, que nesta altura incluía Finlandia e Estonia, o Estado e a Igrexa reformadora deciden abordar conxuntamente a alfabetización do pobo para que puidese entender a Biblia.

1688:

- Aphra Behn, escritora e precursora do feminismo en Inglaterra, escribe a obra *Oroonoko: or, the Royal Slave. A True History*, na que subverte as ideas do seu tempo sobre os pobos «non civilizados», obra considerada por moitas persoas como a primeira novela filosófica en lingua inglesa.

1689:

- Nace Lady Mary Montagu, quen chegará a introducir en Europa a vacina contra a variola.

1692:

- Comeza o xuízo das bruxas de Salem.

1693:

- En Inglaterra un grupo de mulleres presenta unha petición pola paz na Cámara dos Comúns.

1694:

- A inglesa Mary Astell escribe a primeira parte de *A Serious Proposal to the Ladies, for the Advancement of Their True and Greatest Interest*. A segunda será publicada tres anos despois. Ambos os libros presentan un plan para establecer un novo tipo de institución para mulleres, garantindo educación relixiosa e secular, e propoñen aumentar as opcións que se lles ofrecen ás mulleres máis alá de ser nais ou monxas.

Século XVIII

A prensa comeza a perfilarse como unha forma de expresión e formación da opinión pública. Montagu (1689-1762), Châtelet (1706-1749), Bassi (1711-1778) e Agnesi (1718-1799) defenden a capacidade das mulleres para elaborar coñecemento científico, creativo e orixinal. Continúan a ser moitas as mulleres que cos seus traballos en eidos como as matemáticas, a física, a química, a filosofía, a política ou a medicina seguen a demostrar que o antedito é real.

1700:

- Créase a Societas Regia Scientiarum (posteriormente chamada Akademie der Wissenschaften) en Berlín.

1702:

- A astrónoma María Winkelman descubre un cometa.

1703:

- Morre a filósofa francesa Gabrielle Suchon, autora do *Traité de la morale et de la politique*, publicado en 1693.

1706:

- Nace Emilie du Chatelet, chegará a ser unha importante matemática, traducirá os *Principia* de Newton e divulgará os conceptos de cálculo diferencial e integral nos seus escritos.

1711:

- Nace Laura Bassi, tradutora e estudosa da física de Newton e responsable da súa implantación en Italia.

1715:

- Considerado como o primeiro grito revolucionario feminista da literatura portuguesa, editase o libro de cordel de Paula da Graça *Bondade das mulheres vendicada e malícia dos homens manifesta*.

1718:

- Nace María Gaetana Agnesi, que como matemática realizará importantes estudos sobre tanxentes e curvas.

1720:

- A pintora italiana Rosalba Carriera lanza a moda da pintura ao pastel durante a súa estancia en París.

1721:

- Montesquieu publica *Lettres persanes*.

1723:

- Nace Nicole Reine, quen chegará a realizar medicións astronómicas relacionadas coa volta do planeta Halley e da eclipse solar do ano 1764.

1724:

- A dinastía borbónica funda na Cidade de México o primeiro convento para indíxenas de monxas cacicas de Corpus Christi.

1726:

- Nace Anna Blackburne, chegará a ser unha das fundadoras do museo de Oxford Hall.

1729:

- Morre a compositora francesa Elisabeth C. Jacquet.

1732:

- Laura Bassi obtén o seu doutoramento en Filosofía na universidade de Boloña.

1738:

- Publícase o estudo de Gabrielle-Émilie Le Tonnelier de Breteuil *Disertación sobre a natureza e propagación do lume*.

1742:

- Dorothea Christine Leporin defende o dereito das mulleres a cursar estudos universitarios.

1744:

- Nace Sara Banks, chegará a ser unha importante naturalista inglesa.

1745:

- A pintora de orixe española Françoise Duparc chega a Francia e perfecciona a súa técnica.

1748:

- Nace en Francia Jacques Louis David, quen chegará a ser pintor de cámara de Napoleón e un dos poucos artistas que se ocupou de facer escola con mulleres e de formar artistas.

1750:

- Nace Caroline Herschel, que chegará a ser unha importante astrónoma; constrúe grandes telescopios xunto co seu irmán, descubre oito cometas, mil estrelas dobres e outros fenómenos.

1756:

- No volume 6 de *L'Encyclopédie*, Jaucourt argumenta que é posible que a subordinación das mulleres no matrimonio sexa unha construción social.
- Nace en Hannover Caroline Herschel, quen realizará importantes traballos relacionados coa astronomía.

1758:

- Nace Marie-Anne Paulze (Mme. Lavoiser), quen chegará a ser, xunto co seu home, unha das principais promotoras da química como ciencia experimental; publica *Memorias de química* baixo o nome do seu marido.

1761- 1762:

- Rousseau publica *Julie, Émile e Du contrat social*, que establece teses misóxinas como a superioridade dos homes sobre as mulleres e que a función social destas últimas debe ser satisfacer os homes e atender as crianzas.

1761:

- Publícanse en Lisboa dous textos a favor e en defensa das mulleres: *Primeira Carta Apologética em Louvor e Defesa das Mulheres escrita por Dona Gertrudes Margarida de Jesus ao Irmão Amador do Dezenano* e *Segunda Carta Apologética em Louvor e Defesa das Mulheres escrita por Dona Gertrudes Margarida de Jesus*.

1762:

- Madame de Beaumer funda *Le Journal des Dames*.

1764:

- Morre en Versalles a marquesa de Pompadour, mecenas da arte.

1774:

- En Francia prohibese ás mulleres a participación en calquera tipo de actividade política.

1776:

- Trece colonias americanas decláranse independentes.
- Nace Shopie Germain, quen chegará a ser coñecida pola súa teoría das superficies elásticas.

1780:

- En Norteamérica, o recoñecemento da educación como esixencia pública, que aparecera no proceso revolucionario da Independencia, plásmase na Constitución de Massachusetts.
- Judith Sargent Murray publica un escrito a favor da igualdade de educación para homes e mulleres.

1783:

- Elisabeth Louise Vigée-Lebrun é admitida na Académie Royal de París co apoio de María Antonieta; neste momento esta institución só conta coa presenza de Anne Vallayer e dúas mulleres máis.

1787:

- Na obra *Lettres d'un bourgeois de New Haven à citoyen de Virginie*, Condorcet defende o dereito das mulleres a votar.
- Publícase a obra de Madame de Coicy *Mémoire pour le sexe féminin contre le sexe masculin*.
- A astrónoma Caroline Herschel, entre cuxos traballos destaca o ordenamento do British Catalogue de Flamsteed, é nomeada axudante de astrónomo da corte de Inglaterra.

Agroma o feminismo como movemento social e político vencellado á Ilustración e á Revolución Francesa.

1789:

- O 1 de xaneiro mulleres de diferente condición social dan a coñecer a *Petición de Mulleres do Terceiro Estado* con reivindicacións como o dereito ao voto, o dereito á instrución, igualdade de dereitos no matrimonio, medidas contra a dobre moral, libre acceso a todos os oficios, garantías de igualdade laboral e participación das mulleres nas transformacións sociais.
- As mulleres ocupan un lugar fundamental no decurso da Revolución Francesa (1789-1795), protagonizan a toma da Bastilla o 20 de xuño lideradas por Théroigne de Mericourt e marchan a Versalles en outubro lideradas por Louison Chabry e Renée Audon; malia isto, a Declaración dos Dereitos do Home e do Cidadán exclúeas da cidadanía.

1790:

- Publícase a obra de Condorcet *Sur l'admission des femmes au droit de cité*. A Asemblea Nacional francesa proclama a igualdade ante a lei excluindo ás mulleres.

En Europa, a década dos noventa representa unha radicalización do discurso crítico e das demandas prácticas das mulleres.

1791:

- Promúlgase a primeira Constitución francesa, que exclúe as mulleres da cidadanía.
- Abólense os dereitos feudais en Francia.
- Publícase a obra de Olimpe de Gouges *Déclaration des droits de la femme et la citoyenne*, que reclama a igualdade xurídica e política das mulleres.

1792:

- Legalízase o divorcio en Francia.
- Publícase a obra de Mary Wolstonecraft *Vindication of the Rights of Woman*, que reclama a igualdade xurídica e política das mulleres e rexeita as teses misóxinas de Rousseau.
- Théroigne de Mericourt incita as mulleres francesas a crear un corpo armado e Pauline León fai unha petición á Asemblea, asinada por centos de mulleres, para organizar a Garda Nacional Feminina.
- Durante este ano e no seguinte, as lavandeiras do Faubourg Saint-Antoine de París, na súa loita contra a fame, asaltan os mercados.

1793:

- Pauline Léon e Claire Lacombe fundan o Club de Cidadás Republicanas Revolucionarias, vinculado ao movemento dos Enragés, situado na esquerda política, mais despois dunha gran campaña antifeminista péchanse clubs de mulleres en Francia.
- Morren guillotinas Olimpe de Gouges e Mme. Roland por defenderen os dereitos das mulleres.

1793-1794:

- Petición de dereitos das mulleres nas novas repúblicas do territorio italiano.
- En Holanda fábase dos dereitos das mulleres.
- Nas escolas alemás débátese sobre a diferenza entre os sexos.
- Os políticos ingleses ridiculizan as demandas dos dereitos políticos das mulleres.

1794:

- En Francia renóvase a expulsión das mulleres das tribunas públicas dos clubs.
- A química Elisabeth Fulhame publica *An Essay on Combustion*, libro en que anticipa conceptos como a catálise, que se adianta en 40 anos ao descubrimento dela. Tamén estuda a posibilidade de imprimir imaxes a partir de sales de prata pola acción da luz, 10 anos antes do descubrimento da fotografía.

1795:

- As mulleres volven tomar as rúas de París reclamando a restitución da Constitución Montañesa de 1793, que recolle o dereito á instrución e ao sufraxio universal; non obstante, calquera movemento político de carácter revolucionario é reprimido e a lexislación establece que o único suxeito político é o propietario e vólvese prohibir a participación das mulleres nas asembleas públicas.

1799:

- Nace Mary Anning en Inglaterra, chegará a ser unha das máis importantes xeólogas da súa época.

A finais do século XVIIIponse de manifesto a emerxencia da economía de mercado e do Estado liberal como dous grandes procesos de transformación que se producen coa continuidade de fondo da sociedade patriarcal das sociedades occidentais.

Século XIX

- A prensa consolídase como forma principal de expresión e formación da opinión pública. Ao longo deste século van tomar forma as teorías evolucionistas e bioloxistas na explicación dos sexos e das relacións sociais.

- No conxunto da Europa occidental, as fábricas convértense en símbolo dunha sociedade cada vez máis competitiva, na que a organización do traballo se basea cada vez máis en criterios disciplinarios e despersonalizados.

- Ao logo deste século, nas sociedades occidentais, a existencia de desexo sexual nas mulleres vai ser negada tanto pola moral cristiá como por unha parte da ciencia. Ambas están de acordo en considerar as mulleres como seres inmateriais cunha sexualidade que só se activa para cumprir a súa «función» reprodutiva.

- Tamén é este o século dos grandes movementos sociais emancipatorios, que contan coa participación de mulleres. O feminismo de carácter internacional emana dun grupo social que se constitúe como tal e intenta definir a un tempo a identidade e o lugar das mulleres nun todo social.

- As mulleres móvense, viaxan e migran atraídas polo mercado laboral das cidades; as campesiñas traballan sobre todo como empregadas domésticas e costureiras, as burguesas como institutrices.

- Na práctica existen lugares (políticos, militares, xudiciais, intelectuais, deportivos...) vedados para as mulleres e outros que se lles adxudican case con exclusividade como: lavadoiros, tendas, salóns de té...

- Segundo avanza o século a esixencia do matrimonio por amor tórnase máis insistente.

- Desde mediados de século comeza a construción dos Estados nacionais en América Latina.

1800-1850

- Desenvolvemento do feminismo liberal e do feminismo de clase: socialista, comunista e anarquista.

- Gran debate sobre a capacidade biolóxica das mulleres para o estudo (Frances Gall).

1801:

- Fanny Raoul publica *Opinion d'une femme sur les femmes*, obra en que expón de modo rotundo que a clave de todo tipo de dominación radica na desigualdade entre os sexos.

1802:

- Madame de Staël (Anne-Louise Germaine Necker) publica a novela *Delphine*, na que defende o divorcio e critica os convencionalismos sociais, aspecto que disgusta a Napoleón, que a obriga a se exiliar a Alemaña.

1803:

- Pasamento de Adélaide Labille-Guiard, pintora francesa dedicada a temas de historia e retratos.

1804:

- Código napoleónico, que vai influír na consideración das mulleres como suxeito menor e incapaz e como propiedade do marido.

1806:

- Edítase en Francia o xornal *Ateneo das Mulleres*.
- Pasamento de Charlotte Smith, poetisa e novelista inglesa que denunciara a sociedade patriarcal.

1807:

- Germaine de Staël publica *Corinne*.
- Pasamento de Jeanne Baret, botánica francesa que chegara a se embarcar na primeira circunnavegación francesa arredor do mundo, na que se realiza un catálogo de especies botánicas de todo o planeta.

1808:

- Charles Fourier publica *Théorie des quatre mouvements*.

1812:

- En Nottingham as mulleres érguense contra a fame.

1813:

- A Asemblea Xeral declara libres as fillas e fillos das e dos escravos do Río da Prata.

1814-1815:

- Ten lugar o Congreso de Viena, encontro internacional convocado co obxectivo de reestablecer as fronteiras de Europa tras a derrota de Napoleón I. Desemboca na restauración das monarquías absolutas.

1815

- Abolición do tráfico de escravos e escravas.

1816:

- Juana Azurduy de Padilla lidera a derrota das tropas españolas en Bolivia.

1818:

- Créanse en Inglaterra as Female Reform Societies.
- Mary Shelley publica *Frankenstein*.
- Nace Emily Brönte, célebre literata inglesa.
- Nace María Mitchell, chegará a ser unha importante astrónoma.

Anos vinte:

- En Europa prodúcense severas restricións na liberdade de prensa e de asociación.
- Desenvólvese a revolución grega.
- En Europa publicanse diversos tratados sobre a educación das mulleres.
- Nos Estados Unidos de América do Norte organízase o movemento abolicionista feminino formando parte da loita pola abolición da escravitude, neste contexto moitas mulleres toman consciencia da súa propia condición de mulleres explotadas.

1820-1840:

- En Gran Bretaña o movemento obreiro expulsa progresivamente as mulleres das *inns* (tabernas) e pubs que antes frecuentaban.
- Nas localidades da Provenza as mulleres retíranse das *chambretes*.
- Nace Florence Nightingale, chegará a facer importantes contribucións para a mellora das condicións sanitarias.

1821:

- Morre Napoleón. O código napoleónico vai ter unha grande influencia nos códigos civís e lexislacións respecto da muller en todo o mundo.

1822:

- Primeira Constitución portuguesa.
- Brasil transfórmase en nación independente.
- Edítase en Lisboa a publicación periódica *O Toucador das Damas*.

1824:

- En Suíza, no Cantón de Gaus prohibese o traballo nocturno de homes e mulleres nas fábricas de fiados.

1825:

- Ana Wheeler e William Thompson publican *Appeal of One Half of the Human Race, Women, Against the Pretensions of the Other, Men*, obra en que lle responden a James Mill, quen, cinco anos antes, defendera a ampliación do voto con exclusión das mulleres; denuncian a subordinación política, social e doméstica das mulleres no sistema capitalista; e propoñen que a cooperación social só será posible se as mulleres rachan coa «estúpida e servil submisión aos homes».

1830:

- Coroación do rei Luís Filipe en Francia por temor á revolución.
- Revolución polonesa.
- Independencia de Bélxica.
- O 15 de setembro inaugúrase a primeira liña de ferrocarril con automoción de vapor Liverpool-Manchester.
- Exploración da Antártida.
- Emerxencia do positivismo científico e das súas teorizacións.
- O feminismo emana dun grupo social que se constitúe como tal e intenta definir a un tempo a identidade e o lugar das mulleres nun todo social.

1831:

- Nace Amelia Barr, novelista e escritora; entre os seus traballos destaca a historia de Inglaterra, Escocia e América.

1832:

- A pesar da petición de voto para as solteiras que paguen impostos, presentada por Mary Smith, as reformas británicas exclúen explicitamente o sufraxio das mulleres.

- Marie Smith, muller solteira de Yorkshire, fai un escrito pedindo o voto das mulleres non casadas.
- Marie-Reine Guindorf e Jeanne-Désiree Véret fundan o xornal feminista francés *La Femme Libre*, co subtítulo *Apostolat des Femmes*. Máis adiante, mudáraselle o nome por *La Tribune des Femmes* e será dirixido por Suzanne Voilquin.
- En Londres, 60 mulleres crean a Sociedade de Traballadoras, unha cooperativa para garantir a distribución xusta do produto do seu traballo.

1833:

- Ao fio do movemento antiescravista nos EEUU, as mulleres establecen novas formas organizativas.
- Eugénie Niboyet funda o *Conseiller des Femmes* (Consello das Mulleres) en Lyon.
- A pensadora feminista e socialista Flora Tristán publica o libro en que recolle as súas experiencias de viaxes por Perú.
- A escola Prudence Crandall admite unha nena negra na súa escola; é a primeira vez que isto ocorre en Norteamérica.
- Pasamento da xornalista Claire Démar, quen, desde as páxinas de *La Femme Libre*, reclamara a derogación da lei de matrimonio por ser a causa da escravitude das mulleres, opuxérase ao poder paterno e á herdanza, defendera o amor libre e propuxera a idea dunha «nai social» ou «*nodriza* funcionaria» para solucionar o dilema de manter a independencia no traballo das mulleres se estas tiñan, ademais, que coidar as crianzas. Deixou, ademais, unha obra póstuma na que reclama o matriarcado.

1834:

- En Inglaterra o intento de federar todos os gremios ten como resultado a creación da Great Trade Union ou Grand National Consolidated Trades Union, que conta entre a súa filiación cun gran número de mulleres e cun periódico propio, *The Pioneer*, no que as obreiras teñen un espazo para expoñer as críticas aos patróns e aos seus maridos, pois axiña se fixo evidente o vínculo entre economía e o poder dos homes.

1835:

- Pasamento da economista e activista feminista francesa Marie Armande J. Gancon-Dufour, quen deixou un número importante de obras opostas ao establecido no código napoleónico e que desmentían o patriarcado desde olladas científicas.

1836:

- Flora Tristán escribe o seu primeiro panfleto feminista, *Nécessité de faire bon accueil aux femmes étrangères*.
- Créase en México a Junta de Señoras de la Casa de Cuna.

1837:

- Código morse.
- Campañas de reforma da situación da muller no xudaísmo.
- Sarah Grimké escribe *Letters on the Equality of the sexes. Addressed to Mary S. Parker, President of the Boston Female Anti-Slavery Society*; nelas establece unha

unidade dialéctica imprescindible entre a loita pola abolición da escravitude e a feminista.

1838:

- En América do Norte, máis concretamente en Massachusetts, créase a Escola Normal para mulleres, xermolo das que se coñecerían a finais do XIX como as Seven Sisters Colleges (Sete Escolas Irmás), primeiras universidades só de mulleres; catro no estado xa citado, dúas en Nova York e unha en Pensilvania.
- Sae á luz en Lisboa a publicación periódica *O Beija-flor*.

1839:

- Guerra do Opio entre China e Inglaterra.

1840:

- Celébrase en Londres a Convención Mundial contra a Escravitude, nela négaselles a Lucrecia Mott e Elizabeth Candy Stanton o seu dereito a falar.

1842:

- Gran Bretaña legisla a prohibición do traballo das mulleres nas minas.
- Nace Agnes Mary Clarke, astrónoma e escritora inglesa que formou parte da Real Sociedade Astronómica.
- Pasamento de Elisabeth Louise Vigée-Lebrun, a pintora francesa con máis sona neste século.

1843:

- Dáse a coñecer a obra de Flora Tristán *L'union ouvrière*, que contén un capítulo dedicado a expor a situación das mulleres e propón reformas educativas para o progreso das traballadoras.
- Publícase a obra de Marion Reid *A Plea for Women*.
- Leis de Mendel sobre a herdanza biolóxica.

1844:

- Nace nos Estados Unidos de Norteamérica Mary Cassat, que chegará a ser unha relevante pintora impresionista.
- Prohíbeselles ás mulleres en Gran Bretaña o traballo nocturno e limítaselles a xornada laboral a 12 horas.
- Pasamento de Flora Tristán.

1845:

- Fúndase en Londres a Sociedade de Demócratas Fraternalis como espazo aglutinante de refuxiados e refuxiadas políticas de Europa.
- Aurore Dupin, co pseudónimo de «George Sand», publica *Histoire de ma vie*.

1847:

- Charlotte Brontë publica a obra autobiográfica *Jean Eire*.
- Pasamento da compositora e pianista Fanny Hensel Mendelssohn.

1848:

- Revolucións en París, Berlín, Viena, etc.
- Abolição da escravitude nas colonias francesas. Publicación do *Manifest der Kommunistischen Partei*.
- «Declaration of Sentiments» en Séneca Falls, que dá lugar ao denominado feminismo sufragista; este cobra forza desde mediados de século nos EEUU e Inglaterra.
- Jean Deroin edita o xornal *Voix des Femmes*.
- Auguste Comte publica *Système de politique positive*.
- Primeira Convención sobre os Dereitos da Muller en Nova York.
- Pasamento: de Caroline Herschel, astrónoma alemá e primeira muller en descubrir un cometa; da pintora americana Mary Stevenson Cassatt.

1849:

- Louise Otto-Peters potencia a creación do *FrauenZeitung*, o xornal seguirase editando ata 1952.
- Nace Mercedes Cabello de Carbonera, que chegará a ser considerada iniciadora da novela moderna en Perú.

1850:

- Brasil suprime o comercio de escravas e escravos.
- Celébrase en Frankfurt o Congreso Universal dos Amigos da Paz.
- A danesa Mathilde Fibiger, primeira telegrafista e funcionaria pública en Dinamarca, publica co pseudónimo de Clara Raphael *Tolv Breve*, doce cartas que demandan a independencia da muller como persoa.
- Fúndase en Inglaterra o Comité do Sufragio Feminino.
- Jeanne Deroin, que, xunto con Pauline Roland, organizara as traballadoras, é encarcerada polo Goberno republicano e, desde o seu encerro, saúda as feministas norteamericanas remarcando a solidariedade nunha loita sen fronteiras.
- Nace Sofía Kovalevskaia, que chegará a ocupar un importante lugar como matemática rusa.
- Pasamento de Margarita Teller, muller de grande influencia na filosofía norteamericana.

1851-1900

1851:

- Celébrase en Akron (Ohio) a Primeira Convención Nacional polos Dereitos da Muller, na que a activista negra Sojourner Truth toma a palabra e pregunta: acaso eu non son unha muller?.
- O movemento Amantes libres crea a cidade ensaio Modern Times en Long Island; nela a liberdade elixese ao mesmo tempo entre toda a comunidade; as propiedades son individuais, véndese e mércase a prezo de custo; non existe sistema de autoridade municipal, xudicial nin carcerario e a dieta da comunidade é opcionalmente vexetariana.

- Nace en Berlín Carolina Michaëlis de Vasconcelos.
- Pasamento da escritora Mary Shelley, autora de *Frankenstein*.

1852:

- Harriet Beecher-Stowe publica *Uncle Tom's Cabin*, obra convertida en manifesto antiescravista dunha época.
- Jeanne Deroin publica o *Almanach des Femmes*, con artigos en francés e inglés.
- Marie Vernet loce con grande éxito entre a aristocracia parisiense as creacións do seu marido, o modisto Charles Worth; isto convértea na primeiro modelo de moda.
- Pasamento de Ada Byron, quen destaca por escribir o primeiro programa matemático para unha computadora.

1853:

- En Lisboa sae á rúa a publicación periódica *O Mensageiro das Damas*.

1854:

- A participación de voluntarias civís na guerra de Crimea supuxo o primeiro paso para a secularización do oficio de enfermeira, que, ata daquela, estaba en mans de relixiosas.

1856:

- Nace en Freiberg Sigmund Freud.

1857:

- As mulleres danesas maiores de 25 anos adquiren a libre disposición das súas ganancias, fortuna e herdanza.
- Mulleres dos talleres de costura maniféstanse en Nova York esixindo mellores condicións de traballo e dereito ao voto.

1858:

- Proudhon publica *De la justice*.
- Juliette Lamber publica *Idées antiproudhoniennes*.

1859:

- As universidades rusas admiten mulleres como lectoras.
- Darwin publica *On the Origin of Species by Means of Natural Selection, or the Preservation of Favoured Races in the Struggle for Life*.
- Pasamento da escritora alemá Bettina Brentano.

1860:

- Guerra civil nos Estados Unidos de Norteamérica.
- As universidades suízas comezan a admitir mulleres.
- A científica Florence Nightingale profesionaliza as tarefas de enfermaría ao establecer a primeira escola de enfermaría no Hospital Saint Thomas de Londres.
- Auxe do feminismo socialista en Europa; as súas reivindicacións céntranse sobre todo na formación de mozas e no salario das traballadoras.

1861:

- Nace Lou Andreas Salomé, filósofa alemá e única muller aceptada na Sociedade Psicanalítica de Viena.

1863:

- O imperio tsarista ruso permite o acceso das mulleres á universidade só para cursar Medicina.
- Créanse en Lisboa as publicacións periódicas dirixidas ás mulleres *O Recreio das Damas* e *O Boudoir*.

1864:

- Acta de nacemento da Asociación Internacional do Traballo (AIT), con seccións europeas e comité central en Londres.
- Edítase na cidade de Porto a publicación periódica dirixida ás mulleres *O Porto Elegante*.
- Nace Camille Claudel, quen chegará a ser unha importante escultora.

1864-1865:

- Abolición formal da escravitude nos Estados Unidos de Norteamérica.

1865:

- Comezo da Guerra da Triple Alianza, que enfrontou a Arxentina, Brasil e Uruguai contra Paraguai. Rematará catro anos despois con resultado favorable aos tres primeiros.
- Abolición formal da servidume en Rusia.
- Fundación da Asociación Xeral Alemá de Mulleres.

1866:

- Na Internacional do Traballo dos Homes ábrese o debate sobre o traballo das mulleres.
- Comézanse a fabricar máquinas de escribir nos Estados Unidos, o que provoca mudanzas no prestixio e na figura dos secretarios así como a creación das figuras subalternas de mecanógrafas e dactilógrafas.
- Publícase a obra de Julie-Victorie *La femme pauvre*.

1867:

- John Stuart Mill, deputado por Wetminster, presenta unha emenda no Parlamento inglés na que solicita a inclusión das mulleres no dereito ao voto.

1868:

- Bakunin funda en Xenebra a Alianza da Democracia Socialista.
- Emily Davies argumenta que, para a súa entrada na universidade, as mozas inglesas pasen polo mesmo exame que os mozos.
- En Manchester un grupo de mulleres intentan inscribirse nas listas electorais mais non van ser admitidas.
- En París un grupo de mulleres defende o dereito ao traballo para as mulleres.
- Nos EEUU fúndase a National Woman Association.

- Publícase o primeiro xornal feminista portugués.

1869:

- O estado de Wyoming reconece o dereito das mulleres a votar.
- Inglesas e galesas son capacitadas para intervir nas eleccións locais.
- Ábrense debates arredor da capacidade psíquica e mental das mulleres para a educación.
- John Stuart Mill publica *The Subjection of Women*.
- A antropóloga, filósofa e científica Clérence Royer publica *Origine de l'home et des sociétés*.
- Nos EEUU fúndase a American Woman Association, de carácter máis conservador que a creada o ano anterior.
- Créase en Arxentina a Sociedad de Damas de Caridad.
- Pasamento de María Victoria de Trevenot, filla do inventor da taquigrafía e primeira taquígrafa coñecida na historia.

1870:

- Nos EEUU apróbase á 15ª emenda; concede o dereito ao voto a homes negros e aos defensores dos dereitos da poboación afroamericana.
- Inglesas e galesas son capacitadas para intervir nos consellos escolares.
- En Europa e nos EEUU iníciase o denominado «Segundo período do movemento feminista», cuxa data de remate se sitúa no caso dos EEUU en 1920 e de Europa en 1945.
- As universidades inglesas comezan a admitir mulleres.
- A abolicionista, activista social e poeta norteamericana Julia Ward escribe a «Proclama do Día das Nais», un apaixonado chamamento á paz e ao desarmamento mundial.
- Nace María Montessori, primeira muller en obter o título en Medicina en Italia
- Atentados atómicos contra a poboación civil de Hiroshima e Nagasaki.

1871:

- Fráguase a sublevación de mulleres e homes da Comuna de París, o primeiro intento de goberno obreiro da historia.
- Créase a Primeira máquina simple para producir electricidade.
- Charles Darwin publica *The Descent of Man and Selection in Relation to Sex*.
- Grazas á invención do xelatino bromuro comezan a facerse as primeiras instantáneas fotográficas na rúa.
- Creación da Unión de Mulleres.
- Fúndase a Sociedade de Mulleres Danesas.
- Fúndase a Comuna de París e a Unión das Mulleres pola Defensa de París.
- Manifestacións de mulleres en Francia. En París esixen a fixación dos prezos e, no mes de abril, organizan unha marcha sobre Versalles pedindo ao Goberno que remate a guerra.

1872:

- O anarquismo constitúe unha AIT paralela con predominio das Federacións española e italiana.

- Pasamento de Mary Fairfax Somerville, científica e matemática escocesa que apoiou e defendeu a emancipación e educación das mulleres.

1873:

- Tendo como principal impulsora a Emily Davies, fúndase en Cambridge o Dirton College, primeira institución feminina de carácter universitario co obxectivo de conseguir que as mulleres sexan admitidas aos mesmos exames que os homes, de que reciban a mesma titulación e de defender as causas da profesionalización e da cidadanía das mulleres.
- Mulleres de 18 cidades estadounidenses realizan unha reunión do Día das Nais polos dereitos das mulleres e pola paz; este tipo de reunións seguiranse celebrando en Boston, cando menos durante unha década máis.
- Nace Sidonie Gabrielle, *Colette*, que chegará a ser escritora; parte da súa obra publícase co nome do seu marido.
- Pasamento da cubana Gertrudis Gómez de Avellaneda, escritora e loitadora contra a escravitude.

1874:

- Fúndase en Xapón a primeira escola normal para mulleres.
- En Londres créanse gremios de mulleres encadernadoras, tapiceiras e costureiras.
- En Inglaterra, Emma Paterson crea a Women's Protective and Provident League (Liga de Protección e Previsión das Mulleres).

1875:

- O traballo doméstico é sometido a regulamentación xurídica en Paraguai.
- Revolta de mulleres de Porto (Portugal) pola subida do prezo do pan.
- Nace a educadora americana de orixe rusa Mary Bethume Mc. Lear, quen será directora da División de Asuntos das Minorías Negras.

1876:

- Traslado da sede da AIT a Nova York.
- Nesta altura Graham Bell patenta o teléfono e os seus instrumentos de transmisión.
- Hubertine Auclert, Marguerite Durand e León Richer fundan a sociedade feminista *Le droit des femmes*.
- As irmás Ángela e Ezra Heywood son encarceradas ao publicar o folleto *O dereito natural e a necesidade do autogoberno sexual*; nel defenden que o amor libre é inseparable da prevención anticonceptiva.
- Créase na cidade de Braga a publicación periódica dirixida ás mulleres *A Borboreta*.
- Pasamento de Aurora Dupin, *George Sand*, escritora socialista francesa, fundadora da *Revue Indépendante* e da *Revue Sociale*.

1877:

- Nos EEUU aséntanse as bases do segregacionismo racial e organízase o Comité Norteamericano para a Prevención e Legalización da Prostitución.
- Unha lei federal suíza rebaixa a xornada laboral a 11 horas para mulleres e homes.

- A xornalista librepensadora Annie Besant é encarcerada por publicar un libro sobre o control da natalidade con anotacións médicas e orientacións sobre onde conseguir anticonceptivos.
- Edítase na cidade de Porto a publicación periódica *O Jornal das Senhoras*.

1878:

- Celébrase en París o primeiro dunha serie de 23 Congresos Internacionais sobre os Dereitos das Mulleres.
- Lucy Parsons publica *The Socialist*, obra en que anima as obreiras, as persoas paradas, as sen teito e indixentes a sublevarse contra os poderes establecidos e perseguir a igualdade entre clases, razas e sexos.
- Ve a luz na cidade de Porto a publicación periódica dirixida ás mulleres *O Biscuit*.
- Nace en Viena a física Lise Meitner, codescubridora da fisión nuclear.
- Nace Marie Curie, quen descubrirá que a radioactividade é unha propiedade intrínseca da materia.
- Nace en Perú María Jesús Alvarado, quen co tempo se desenvolverá como escritora, xornalista e feminista.

1879:

- Inicio da Guerra do Pacífico, tamén chamada do Guano e o Salitre, que terá unha duración de cinco anos.
- Ferrocarril eléctrico en Berlín.
- August Bebel escribe *Frau und der Sozialismus*, obra en que toma en consideración as aspiracións sociais das mulleres dentro do movemento obreiro; con anterioridade, e salvo excepcións, eran consideradas seres incapaces.
- Créanse na cidade de Porto as publicacións periódicas dirixidas ás mulleres *O Alçafate da Costura* e *O Alfinete*.
- Pasamento da fotógrafa inglesa Julia Margaret Cameron e da antiescravista e defensora dos dereitos das mulleres Angelina Grimké.

1880:

- En Arxentina, o estado soberano de Socorro outórgalles ás mulleres o dereito ao voto, mais non a ser elixidas.
- Inicio do conflito palestino.
- As universidades francesas comezan a admitir mulleres.
- A partir deste ano, nos países industrializados a maternidade pasa a ser unha cuestión nacional e os Estados lexislan para facilitarlles a maternidade ás traballadoras.
- Pasamento de Mary Ann Evans, escritora británica que escribiu baixo o alcume de George Eliot, e da ministra cuáquera, antiescravista e defensora dos dereitos das mulleres Lucrecia Mott.

1881:

- Fúndase en Milán a *Liga Promotice degli Interessi Femminile* (Liga Promotora dos Intereses Feministas).

1882:

- Nace Virginia Woolf, quen chegará a ser considerada como unha das figuras máis destacadas da narrativa moderna inglesa.

1882-1884:

- Campañas do Movemento Sufraxista Británico polo recoñecemento do dereito de propiedade ás mulleres casadas.

1883:

- A antropóloga Alice Fletcher recoñece que as «omaha» perden o dereito a seren propietarias e ao se lles impor as leis occidentais.
- En Norteamérica Lillian Harman, Lillie D. White e Lois Waisbrooker asumen a edición do semanario anarquista e libre pensador *Lucifer*.
- Edítase no municipio portugués de Montemor-o-Novo a publicación periódica dirixida ás mulleres *O Bijou*.
- Fúndase en Francia *Le Suffrage des Femmes*.
- Pasamento: da pintora impresionista francesa Eva Gonzalès, da feminista abolicionista negra Sojourner Truth, quen pensaba que o sufraxismo estaba a invisibilizar as diferenzas entre brancas e negras.

1884:

- Publícase a obra de Engels *Der Ursprung de Familie, des Privateigentums und des Staats*.
- Belva Lockwood preséntase como candidata á Presidencia dos Estados Unidos polo Partido Nacional dos Dereitos Iguais; trátase da primeira muller que o fai.
- Theodore Stanton publica *The Woman Question in Europe*.
- En Inglaterra, as Damas de Branco maniféstanse nas portas dos prostíbulos contra a lei de enfermidades contaxiosas e contra a trata de brancas.
- A anarquista, feminista e socialista Charlotte Wilson entra como membro na Fabian Society.

1985:

- Créase en Coimbra a publicación periódica dirixida ás mulleres *Cartão de Visita*.

1886:

- O 1 de maio iníciase as revoltas obreiras polos Mártires de Chicago nas que se reclama a xornada laboral de oito horas, durará varios días e rematará co asasinato por parte do Goberno americano de varios sindicalistas anarquistas.
- Edítase na cidade de Lisboa a publicación periódica dirixida ás mulleres *A Guarda Avançada dos Domingos*.

1888:

- Coa aprobación da Lei áurea, abólase a escravitude en Brasil.
- Exposición Internacional en París.
- Un grupo de mulleres negras crean en Cuba a revista *Minerva*.
- Sae á luz na cidade de Porto a publicación periódica dirixida ás mulleres *O Dedal*.

1889:

- Proclamación da República do Brasil.
- Bertha Von Suttner publica a novela autobiográfica *Abaixo as armas!* Nela revélase contra a imposición do servizo militar obrigatorio e expón o pacifismo como calidade innata nas mulleres, por natureza dialogantes e portadoras de vida.
- No Congreso Obreiro Socialista celebrado en París tómase o acordo de celebrar o 1º de maio como Día Internacional dos Traballadores ou Día Internacional do Traballo.
- Realízase en París o Congreso Universal de Librepensadores.
- Jane Adams e Ellen Gates Starr crean a Hull House en Chicago, un centro-laboratorio de servizo social de acollida para mulleres abandonadas, nais solteiras, viúvas, prostitutas, obreiras e obreiros en paro, folguistas.
- Desenvólvese en París o Congrès Français et International du Droit des Femmes.

1890:

- Conferencia Internacional do Traballo en Berlín. Nela propónse a prohibición do traballo nocturno e subterráneo das mulleres, así como a limitación da xornada laboral a un máximo de 11 horas diarias, restricións nos traballos, especialmente insalubres e perigosos, e un período de catro semanas de alonxamento do traballo para as nais logo do parto.
- Voltairine de Cleyre publica *Sex Slavery*, obra que rexeita o modelo de beleza imperante para as mulleres e contra os abusos maritais.
- Un grupo de prostitutas da Habana crean o semanario *La cebolla*, prohibido logo de editar catro números.
- O movemento sufragista norteamericano crea a National American Woman Suffrage Association.

1891:

- Segunda Internacional.
- Fúndase a Federación Abolicionista Internacional.
- Bertha von Suttner colabora na creación dun grupo pola paz en Venecia, inicia a Sociedade Austríaca pola Paz e comeza a elaborar un fondo para establecer a Oficina da Paz de Berna.
- Lucy Parsons e Lizzye Holmes editan a revista mensual revolucionaria anarcocomunista *Freedom*.
- Desde este ano e ata 1917, Clara Zetkin, líder destacada do socialismo alemán, edita o xornal *Igualdade*, desde o que defende a idea básica de conxunción entre feminismo e socialismo.
- Nace Fanny Livermore Asthonm, escritora que colaborou no *Agitator Woman's Journal*.
- Pasamento da matemática Sofía Kovalevskaya.

1892:

- A sufragista americana Elizabeth Cady Stanton dirixe un chamamento ao Congreso dos Estados Unidos a favor do voto das mulleres co escrito titulado *La solitudine dell'io* (*A soidade do eu*), no que defende a conexión inseparable entre individualidade, dereito ao voto, liberdade de conciencia e autodeterminación.

- Marie Huot lanza a consigna antinatalista «A folga de ventres», as nais como traballadoras reprodutivas teñen dereito a se declarar en folga.
- Lévese a cabo en París o Congrès General des Sociétés Féministes.

1893:

- Recoñecemento do dereito ao voto para as mulleres en Nova Zelandia.
- O III Congreso da Segunda Internacional pronúnciase a favor dunha lexislación protectora especial para mulleres.
- En Canadá fúndase o Consello Nacional de Mulleres de Canadá.
- A exploradora Mary Kingsley percorre o Congo Francés.
- Josephine Cochran presenta en Chicago o seu modelo de lavapratos.

1894:

- Algúns estados australianos recoñecen o dereito ao voto das mulleres.
- Fúndase en Alemaña a Bund Deutscher Frauenvereine [Unión de Asociacións Alemás de Mulleres].
- Créase na cidade de Porto a publicación periódica dirixida ás mulleres *A Bordadeira*.
- Pasamento da María de Deraismes, activista polos dereitos da muller en Francia e militante feminista.

1895:

- Henrietta Leavitt incorpórase como voluntaria no observatorio de Harvard, traballará no establecemento da «secuencia do norte polar de magnitudes» adoptada polo Comité Internacional de Magnitudes Fotográficas.
- En Perú, a imprenta de Clorinda Matto de Turner (escritora, indixenista, feminista ilustrada e anticlerical) foi desmantelada polas forzas do Goberno.
- Pasamento da pintora impresionista francesa Berthe Morisot.

1896:

- Italia e Alemaña repartense Etiopía.
- A italiana María Montessori doutórase en Medicina, é a primeira muller en acadar este título no seu país.
- Ten lugar en París o Congrès Féministe International.
- Un grupo de católicas francesas crean unha organización e a revista homónima *Le Féminisme Chrétien*, co obxectivo de conciliar a igualdade sexual co catolicismo.
- Pasamento da compositora e concertista austríaca Clara Schumann.

1897:

- Este ano é considerado como o ano de nacemento do Movemento Sufraxista.
- Publícase en Francia *La Fronde*, primeiro xornal francés dirixido e escrito por mulleres e con continuidade ata 1902.
- Primeiro Congreso de Mulleres Checoslovacas.
- Realízase en Zürich o International Congress on Protective Labor Legislation, con sindicalistas de distintas tendencias, no que se rexeita a proposta de prohibición do traballo para as mulleres casadas e se aproba a loita a favor de medidas de

protección do traballo das mulleres, como unha baixa maternal de oito semanas a cargo do Estado e a xornada laboral de non máis de oito horas.

- Lydia Becker e Millicent Garret Fawcett, na liña do sufraxismo moderado, fundan a NUWSS: National Union of Women's Suffrage Societies (Unión Nacional de Sociedades de Mulleres Sufraxistas).

1898:

- Primeira intervención norteamericana en Cuba, considerada como a primeira guerra do capitalismo imperialista.
- Porto Rico deixa de ser colonia española e as mulleres van formar parte das xuntas revolucionarias.
- Na Universidade da Sorbona, Alphonse Aulard, historiador da Revolución Francesa, dedica un curso ao feminismo entre os anos 1790-1791.
- Nace Teresa Neumann, que chegará a ser unha filósofa mística recoñecida.

1899:

- En Dinamarca as mulleres casadas conseguen a libre disposición da súa fortuna persoal.
- Créase o Consello Nacional de Mulleres Danesas.
- Efectúase en Londres un congreso organizado polo International Council of Women.

1900:

- Suecia aproba unha lei que obriga os patróns a garantir un permiso de maternidade de catro semanas tras o parto.
- A Kodak saca á venda as primeiras cámaras fotográficas portátiles de carrete circular e baixo custo.
- As universidades alemás comezan a admitir mulleres.
- A paleobotánica Marie C. Stopes explora Xapón en busca de flores de setenta millóns de anos de antigüidade.
- Transformacións na vestimenta das mulleres de clases medias, os xustillos de corpo enteiro son substituídos polos medios xustillos, máis liviáns e flexibles.
- Nadezhda Krupskaya publica *A muller traballadora*.
- Pasamento: de Mary Kingsley, antropóloga e naturalista afeccionada e autodidacta e que durante anos explorou diferentes partes de África; da pintora rusa Tamara de Lempicka.

Século XX

1901-1920

1901:

- Xeneralízase o dereito ao voto das mulleres en Australia.
- En Noruega as mulleres obteñen o voto municipal e o dereito a seren elixidas.

- A constitución aprobada o 21 de febreiro en Cuba deixa as mulleres sen dereito ao voto.
- Primeira cerimonia de entrega dos Premios Nobel de Literatura, Física, Química e Medicina.
- Elvira López presenta na Universidad de Buenos Aires a súa tese de doutoramento *El movimiento feminista*.
- Publícase en Francia a primeira revista ilustrada dedicada integramente ás mulleres.
- Creación da Asociación de Universitarias Arxentinas.
- Pasamento de Eleanor Ormerod, destaca por desenvolver un novo campo de investigación: a entomoloxía económica.

1902:

- Recoñecemento do dereito ao voto para as mulleres en Australia.
- Outórgase o Nobel da Paz a Élie Ducommun e a Albert Gobat.
- Fúndase en Washington a Alianza Internacional para o Sufraxio Feminino.
- Louise van den Plas funda en Bélxica o grupo Le Féminisme Chrétien.

1903:

- Outórgaselles o Nobel de Física a Pierre Curie, Henri Becquerel e Marie Curie.
- Esta última convértese na primeira muller admitida na Royal Society.
- Primeira edición dos premios literarios Goncourt.
- En Inglaterra as sufraxistas de liña máis combativa forman a WSPU: Women's Social and Political Union (Unión Política e Social de Mulleres), tamén son coñecidas como «suffragettes».
- Nace en Inglaterra a organización sindical de mulleres Women's Trade Union League (WTUL).
- Mary Anderson patenta un modelo de limpiaparabrisas.

1904:

- Congreso Internacional de Mulleres da Federación Abolicionista Internacional en Berlín, centrado na loita polo sufraxio das mulleres.
- Créase en Alemaña a Liga para a Protección da Nai (solteira e crianzas ilexítimas) e o seu órgano de prensa *Protección da Nai. Revista para a Reforma da Ética Sexual*.
- Pasamento de Isabelle Eberhardt, exploradora anarquista suíza.

1905:

- Outórgaselle o Nobel da Paz a Bertha Von Suttner.
- Ana de Castro Osorio publica o libro *Mulheres portuguesas*.
- Toma corpo a organización anarcosindicalista, socialista e feminista norteamericana Workers of World, que defende o dereito das mulleres a satisfacerse sexualmente, a establecer relacións de amor libre comezándoas e rematándoas por vontade propia e o dereito ao control da natalidade.
- Serafina Dávalos funda en Paraguai o Colegio Mercantil de Niñas, con titulación de Peritos Mercantís e Contadoras.
- En Londres 50 000 obreiras desfilan contra o ministro Balfour.
- A alemá Christabel Pankurst é encarcerada por reclamar en público o dereito ao voto para mulleres.

- Pasamento en Marsella da revolucionaria Louise Michel.

1906:

- En Finlandia concédese o voto ás mulleres.
- En Irán Mizar Hasan Khan é elixida parlamentaria.
- En Inglaterra as sufraxistas fan chamamentos de acción violenta para obter o voto.
- En Francia as sufraxistas propoñen non pagar impostos mentres non se consiga o dereito a voto.
- Conferencia Internacional do Traballo en Berna.
- En Portugal créase o primeiro liceo para mulleres en Lisboa e publícase ata 1920 *O Jornal da Mulher*.
- Nace Josephin Baker, que chegará a ser cantante e bailarina e a formar parte da loita antirracista e antinazi.
- Pasamento de Mary Jacobi Putman, pioneira da Física e estudosa da Anatomía, en Marsella, e da revolucionaria Louise Michel.

1907:

- En Noruega concédese o voto ás mulleres.
- A italiana María Montessori pon en práctica o seu novo método educativo en que as técnicas tradicionais de ensino son substituídas por unha ensinanza baseada na estimulación das múltiples facetas do alumnado.
- Créase en Inglaterra a Liga de Homes para o Sufraxio Feminino, composta por intelectuais, académicos, clérigos, avogados, escritores e políticos de diferentes tendencias.
- No mes de febreiro toma corpo en Inglaterra a Mud March (Marcha de Barro).
- Nos EEUU de Norteamérica Elizabeth Gurley Flynn organiza xunto con outras mulleres e homes o sindicato obreiro industrial Workers of the World. Celébrase en Stuttgart a primeira Conferencia da Internacional Socialista de Mulleres, nela désígnase presidenta do Secretariado Internacional desta nova organización a Clara Zetkin.

1908:

- Convocadas pola WSPU, concéntranse 250 000 persoas en Hyde Park para reclamar o dereito das mulleres a votar.
- Mulleres socialistas celebran nun teatro de Chicago o Womans Day, reivindicando o dereito ao voto e manifestándose contra a escravitude sexual.
- Congreso de mulleres en San Petesburgo.
- Créase a Liga Republicana das Mulheres Portuguesas (LRMP).
- Fúndase en Londres a Women's National anti-Suffrage League (Liga Nacional de Mulleres anti-sufraxio).
- Nace Simone de Beauvoir.

1909:

- Selma Lagerlöf é galardoada co Nobel de Literatura.
- Alexandra Kollontai publica *Sotsial'nye osnorry zhenskogo voprosa*.

- O 15 de febreiro obreiras do sindicato da confección de Nova York convocan unha xornada de loita no East Side, piden melloras nas condicións de vida e laborais, a eliminación do traballo infantil e o dereito ao voto.
- O último domingo de febreiro celébrase nos EEUU o Día Nacional da Muller.
- En Inglaterra as *suffragettes* rompen regularmente as cristaleiras de edificios oficiais e inician un pulso coas autoridades.
- Pasamento de Clorinda Matto, peruana que a través da súa imprenta La Equitativa, onde só traballan mulleres, arremeteu contra a igrexa e os valores femininos tradicionais.

1910:

- Proclamación da República Portuguesa, decreto de abolición da nobreza.
- Créase en Italia un subsidio de maternidade mediante contribucións do Estado, do empresariado e das traballadoras.
- Fúndase a Liga Republicana das Mulheres Portuguesas.
- Realízase en Bos Aires o Primer Congreso Femenino Internacional, organizado pola Organización de Universitarias Argentinas. Deriva deste encontro a formación da Asociación Femenina Panamericana.
- María del Carmen Corredoyra concorre á Exposición Internacional de Bellas Artes celebrada en Bos Aires.
- Na segunda Conferencia da Internacional Socialista de Mulleres propónse a celebración dun Día Internacional da Muller Traballadora. Pasamento de Elisabeth Blackwell, primeira doutora en Medicina dos EEUU de Norteamérica.

1911:

- Apróbese en Gran Bretaña unha lei nacional de seguro que inclúe un plan de prestacións por maternidade que cobrarán as mulleres.
- Outórgaselle o Nobel de Química a Marie Curie.
- Créase en Estocolmo a International Correspondance, chamada inicialmente International Women's Labor Association, dirixida pola holandesa Mrie Rutgers-Hoitsema.
- O 19 de marzo millóns de traballadoras europeas saen á rúa en lembranza das xornadas revolucionarias de marzo de 1948.
- Durante este ano e o seguinte, as *suffragettes* encarceradas reclaman o status de presas políticas. Non lles é concedido e comezan entón con folgas de fame.
- O 25 de marzo morren calcinadas 146 obreiras encerradas na fábrica Triangle Shirtwaist de Nova York.
- Numerosas protestas convocadas pola Liga Sindical de Mulleres percorren as principais cidades norteamericanas e europeas.
- A aparición dunha muller con saia-pantalón nun teatro de París provoca o escándalo.
- Créase en Xapón o Movemento Seito Sha de Liberación da Muller.
- Créase en Uruguai a Sección Feminina.
- Publícase en Portugal o primeiro número de *A Madrugada*, xornal da LRMP.

1912:

- En Australia apróbase unha lei que garante asignacións por maternidade a todas as mulleres con independencia da súa situación laboral e conxugal.
- En Suecia unha proposta governamental de seguro obrigatorio de maternidade, baseada no pagamento das traballadoras e o empresariado empregador, levanta protestas entre as obreiras por medo de que puidese desanimar a contratación de mulleres.
- Carolina Michaëlis de Vasconcelos e Maria Amália Vaz de Carvalho son nomeadas socias de mérito da Academia das Ciéncias de Lisboa.
- Fúndase en Cuba o Partido Nacional Feminista.
- Ten lugar en Zürich o II Congreso Internacional de Tráballo a Domicilio.
- En Massachusetts preto de mil mulleres péchanse na factoría en que traballan e maniféstanse na rúa reclamando igualdade salarial con respecto aos homes; difunden e asentan un lema cargado de simbolismo: ‘pan e rosas’ (seguridade económica e mellora na calidade de vida).
- A militante sufraxista Mary Richardson, en protesta pola detención de Emmeline Pankhurst, ataca a *Venus* de Velázquez cun coitelo de carne na National Gallery.

1913:

- Recoñecemento do dereito ao voto para as mulleres en Noruega.
- En Holanda, unha lei de seguro de enfermidade obrigatorio inclúe prestacións por maternidade.
- Aprobación da Lei do aborto en Uruguai.
- Créanse en Cuba o Partido Sufragista e o Partido Nacional Sufragista.
- Un grupo de sufraxistas dinamita a casa de campo do chanceler británico Lloyd George.
- En Rusia, o Goberno tsarista reprime a mobilización polo Día das Obreiras e deporta as organizadoras a Siberia.
- A londiniense Emily Wilding Davison leva a cabo un atentado suicida no Derby Real; o seu enterro convértese nunha das máis numerosas manifestacións sufraxistas.
- Morre Mathilde Marchesi, cantante e profesora de música en varios conservatorios europeos.

1914:

- Ruptura do internacionalismo proletario e fragmentación da Segunda Internacional.
- Primeira Guerra Mundial, o 14% das súas vítimas serán civís.
- O presidente estadounidense Woodrow Wilson declara oficialmente o Día das Nais; significou unha crecente comercialización desta data e o esquecemento da proclama escrita por Julia Ward Howe en 1870 e que facía desta celebración un chamamento para a paz e o desarmamento internacional.
- A Alianza Internacional polo Voto da Muller (International Woman Suffrage Alliance), en nome de doce millóns de mulleres de 26 países, fai un manifesto que insiste entre outras cousas na necesidade de buscar vías dialogadas para afrontar os conflitos entre nacións.
- Participación activa de mulleres no seo da Segunda Internacional na defensa do pacifismo: Rosa Luxemburgo, Alexandra Kollontai.

- Mary Richardson, líder feminista inglesa en folga de fame, é obrigada a alimentarse pola forza.
- Conferencia Internacional de Mulleres.
- Amnistía para as sufragistas inglesas encarceradas por defender o dereito ao voto das mulleres.

1915:

- En Dinamarca modifícase a Constitución para que as mulleres poidan votar e ser elixidas.
- Recoñecemento do dereito ao voto para as mulleres en Islandia.
- Reunión de mulleres socialistas contra a guerra en Berna, onde elaboran un documento contra a guerra.
- Fundación do Partido da Muller pola Paz (Woman's Peace Party) nos EEUU.
- Primeiro Congreso Internacional de Mulleres pola Paz na Haia, entre as súas principais promotoras atópanse Aletta Jacobs e Jane Addams.

1916:

- I Congreso Feminista Nacional en Yucatán (México).
- O grupo de Milán foi perseguido a consecuencia dunha petición a favor da paz que Rosa Geroni fixo circular en decembro.
- Pasamento da pintora impresionista francesa Marie Bracquemond e da matemática Mary Everest Boole.

1917:

- Seguindo fórmulas diferentes, concédese o voto ás mulleres en Holanda, Rusia, Alemaña, Austria, Checoslovaquia, Bielorrusia, Países Baixos, Ucraína e Polonia.
- As mulleres ocupan un lugar destacado na Revolución Soviética e obteñen o dereito ao voto e a ser candidatas, o dereito ao divorcio, o acceso á educación universal e gratuíta, igual salario que os homes, o dereito ao aborto.
- Nadezhda Krupskaya é nomeada responsable da montaxe do sistema educativo e a rede de bibliotecas do Estado Soviético.
- Grupos de mulleres pola paz comezan a ter boicots nos seus mitins.
- A espía holandesa Margar Gertrudis Zelle, *Mata-Hari*, é detida nun hotel de París.

1917-1918:

- Auxe da Cruzada de Mulleres pola Paz en Inglaterra.

1918:

- Fin da Primeira Guerra Mundial.
- Legalización do matrimonio civil en Perú.
- Reforma electoral en Inglaterra, que inclúe o recoñecemento como electoras ás mulleres maiores de trinta anos que xa votasen nas eleccións municipais, ocupasen unha vivenda ou fosen esposas de varóns de dereito ao voto.
- Recoñecemento do dereito ao voto para as mulleres en Irlanda do Norte, Canadá e Luxemburgo.
- A historiadora Nina Bang é elixida membro do Parlamento de Dinamarca.

- Faise difícil de crer, tal e como fixeran as sufraxistas, que as mulleres, en si mesmas, fosen unha forza de paz, se ben houbo mulleres resistentes á guerra, tamén as houbo cómplices.
- Fúndase a Unión Feminista Nacional en Arxentina.
- En Rusia celébrase o Primeiro Congreso das Mulleres Obreiras de Rusia, apróbase o código sobre o matrimonio, a familia e o coidado infantil, e o código do traballo, que recolle as primeiras medidas de conciliación familiar e de axuda á maternidade.
- En Washinton celébrase unha Conferencia Internacional do Traballo.
- Créase en Cuba o Club Femenino.

1919:

- Lenin e Trotsky fundan A Terceira ou Internacional Comunista.
- En Austria, Checoslovaquia, Alemaña, Polonia e Suecia, as mulleres obteñen o dereito ao voto e a ser elixibles.
- Obtense en Dinamarca a igualdade de salarios entre homes e mulleres.
- Rosika Schwimmer é nomeada embaixadora.
- Creación da Organización Internacional do Traballo (OIT).
- Fúndase en Rusia o Zenotdel, departamento feminino de carácter governamental.
- Creación da Bauhaus en Alemaña.
- Sentenza en contra da reclamación de Edith Stein para ser habilitada como profesora na Universidade de Gotinga, dereito este que lle fora negado con anterioridade pola maioría dos profesores por ser muller.
- Primeira folga de obreiras en Medellín.
- Primeiro Congreso Internacional de Mulleres Traballadoras.
- Creación da Federación Canadense de Mulleres Universitarias.
- Fundación da Asociación Internacional da Reconciliación (International Fellowship of Reconciliation).
- Andrea López Chao é elixida vicepresidenta segunda da sociedade Hijas de Galicia.
- Segundo Congreso Internacional de Mulleres pola Paz en Zürich, asisten mulleres de 16 países.
- Nace Casey Miller, que chegará a ser unha escritora pioneira na defensa dunha linguaxe non sexista.
- I Exposición de Arte Gallego en Bos Aires.
- A xornalista e revolucionaria alemá de orixe polaca Rosa Luxemburgo é asasinada polo exército alemán.

1920:

- As mulleres obteñen o dereito ao voto nos EEUU de Norteamérica e en Hungría.
- A Unión Soviética legaliza o aborto.
- Perú legaliza o aborto.
- Julieta Lanteri preséntase ás eleccións de Arxentina polo Partido Feminista Nacional.
- Primeiras emisións de radio nos EEUU e Francia (Radiola), en menos de 10 anos vaise converter nun dos máis importantes medios de comunicación.
- A pintora María Blanchard triunfa no Salón dos Independentes de París coa súa obra *La comuiente*.

- A francesa Adrienne Bolland cruza o Canal da Mancha en avión; é a primeira muller que realiza esta travesía.
- Esmorece a Asociación Nacional da Muller Sufraxista (National Woman Suffrage Association. NWSA), asociación feminista radical independente de igrexas e de partidos políticos e fundada polas antropólogas Candy Stanton e Susan B. Anthony, entre outras.
- Pasamento de Ana María Mozzoni, librepensadora, anarquista, defensora do amor libre e cofundadora do Partido Socialista Italiano en 1893.

1921-1940

1921:

- Recoñecemento do dereito ao voto para as mulleres en Suecia.
- Nos Estados Unidos de Norteamérica apróbase a Lei Sheppard-Towner, que outorga permiso de maternidade seis semanas antes e despois do parto para todas as traballadoras.
- Olimpíada feminina en Montecarlo, organizada contra a rixida actitude do CDI, que restrinxe a participación das mulleres nas Olimpíadas e limita a súa indumentaria.
- Constitución da Federación de Sociedades Galegas en Bos Aires.
- Primeiras publicacións de prensa amarela nos EEUU de Norteamérica
- Créase a Federación Nacional de Asociaciones Femeninas de Cuba.
- Marie Stopes abre en Londres unha clínica dedicada ao control da natalidade.
- Nos EEUU fúndase a American Birth Control League (Liga Americana para o Control da Natalidade).

1922:

- Recoñecemento do dereito ao voto ás mulleres en Canadá.
- Chegada do Fascismo ao poder en Italia.
- Publícase o *Ulises* de Joyce.
- Fuco Gómez funda na Habana o Comité Revolucionario Arredista Galego.
- Créase a organización *komminterniana* Socorro Vermello Internacional.
- Victor Margueritte publica *La Garçonne*, novela que provoca o escándalo ao recoller a idea dunha muller nova que vive a súa sexualidade con liberdade de ataduras morais. Asemade, *Garçonne* dá orixe a un termo que fará referencia a un novo tipo de muller que reivindica os dereitos das mulleres, a igualdade entre os sexos e adopta unha estética andróxina rebelándose contra os modelos de feminidade tradicionais.
- Pasamento da librepensadora e feminista francesa Nelly Roussel.

1923:

- Oficialización do Nacional Socialismo en Alemaña.
- Desenvólvese na Habana o Primer Congreso Interamericano de Mujeres.
- Nace en Alemaña a futura escultora Meier Dennighoff.

1924:

- Recoñecemento do dereito ao voto para as mulleres na República de Mongolia.
- Nina Henriette Wendeline Bang é nomeada primeira ministra de Dinamarca, é esta a primeira vez historia que unha muller acada este posto.
- Simone Weil e Simone de Beauvoir licéncianse en Filosofía.
- Inclúense mulleres no V Congreso do Socorro Vermello Internacional.

1925:

- A imprenta de María Jesús Alvarado (educadora, xornalista, militante feminista e proindixenista) é atacada a marteladas por axentes oficiais de Perú.
- Sigmund Freud escribe o artigo «A cuestión da muller»; Karen Horney respóndelle.
- Primeiras emisións da BBC.
- Comercialización do leite esterilizado condensado e en po.

1926:

- Milna Sillanpa chega a ser ministra do Goberno de Finlandia.
- Outórgaselle o Nobel de Literatura a Grazia Deledda.
- Celébrase o X Congreso da Alianza Internacional para o Voto das Mulleres.

1927:

- En Alemaña unha lei dá permiso por maternidade seis semanas antes e despois do parto.
- A Universidade de Oxford restrinxe o número de mulleres admitidas como estudantes.
- A Liga de Nacións publica *Report of the Special Body of Experts on Traffic in Women and Children*.
- Pasamento: da bailarina e innovadora do ballet clásico Isadora Duncan; de María Josefa Saavedra, primeira avogada boliviana.

1928:

- As mulleres obteñen o dereito a votar en Gran Bretaña.
- Nos Estados Unidos de Norteamérica abólese a Lei Sheppard-Towner, aprobada en 1921.
- Créase en Copenhague, nun congreso sobre a reforma sexual, a World League for Sexual Reform.
- Radclyffe Hall publica a novela *The Well of Loneliness*, primeira alegación moderna a favor do lesbianismo.
- Amelia Earhart, pioneira na aviación nos Estados Unidos de Norteamérica, fai a travesía do Atlántico.
- Pasamento da sufragista inglesa Emmeline Pankhurst e da escritora boliviana enfrontada aos conservadores Adela Zamudio.

1929:

- Recoñecemento do dereito ao voto para as mulleres en Ecuador.
- Margaret Bondfield ocupa o cargo de ministra; é a primeira vez en Inglaterra que unha muller acada este posto.
- Crac bolsista de Nova York.

- Virginia Woolf escribe *A room of One's Own*.
- A pintora Concha Vázquez Martínez participa na Exposición de Arte Gallego en Bos Aires.

1930:

- Recoñecemento do dereito ao voto para as mulleres na Unión Sudafricana.
- Celébrase o Primeiro Congreso de Mulleres de Oriente en Damasco.
- Existen en Cuba 320 asociacións de mulleres rexistradas de forma legal.
- Pasamento da investigadora matemática Christine Ladd-Franklin.

1931:

- Recoñecemento do dereito ao voto para as mulleres en Sri Lanka.
- O Parlamento sueco aproba a prestación estatal por maternidade.
- Outórgaselles o Nobel da Paz a Jane Addams e a Nicholas Murray Butler.
- Fúndase a revista *Sur*, na que participan importantes escritoras e escritores deste século.
- Inaugúrase no Ateneo Feminino de Bos Aires a 1ª Exposición de Libros de Mulleres.
- Nace en Bos Aires Rosa Graciela Castagnola de Fernández Meijide, quen vai desenvolver un importante labor político.
- Hannah Arendt licénciase en Humanidades pola Universidade de Heilderberg.
- Pasamento de Charlotte Angas Scott, a primeira profesora do Bryn Mawr College de aritmética, álgebra e xeometría plana.

1932:

- Recoñecemento do dereito ao voto para as mulleres en Tailandia, Uruguai e Brasil.
- Nace Dian Fossey, que chegará a ser unha zoóloga especializada en gorilas.

1933:

- Antonieta de Barros é elixida deputada en Brasil; é a primeira vez que unha negra ocupa este cargo no país.
- Convención sobre os Dereitos do Home.
- Hitler chega ao poder en Alemaña.
- Congreso Internacional de Mulleres Antifascistas e constitución da Organización de Mujeres Antifascistas de Europa.
- Pasamento de Clara Zetkin, dirixente comunista e feminista alemá.

1934:

- Apróbase en Cuba o artigo 39 sobre o sufraxio feminino.
- Recoñecemento do dereito ao voto para as mulleres en Turquía.
- Hitler autoproclámase xefe do Estado e do Goberno alemán.
- En Noruega as mulleres poderán acceder a cargos oficiais do Estado e da Igrexa.
- No mes de agosto ten lugar en París o Congreso Mundial de Mulleres contra a Guerra e o Fascismo.
- Nace en México Nancy Cárdenas, que chegará a ser escritora.
- Morre en París a dúas veces Premio Nobel Marie Sklodowska (de casada Marie Curie).

- Pasamento da feminista inglesa Kate Sheppard; da aviadora francesa Hélène Boucher, e de Cecilia Grierson, primeira médica arxentina, hixienista e educadora.

1935:

- Recoñecemento do dereito ao voto para as mulleres en India e Birmania.
- Islandia legaliza o aborto.
- Outórgaselles o Nobel de Química a Irène Joliot-Curie e Frédéric Joliot.
- Créase en Venezuela a Unión Nacional de Mujeres, composta por mulleres do Partido Comunista e a Agrupación Cultural Femenina, a iniciativa de Lola Morales de Lara.
- Pasamento de Amalia Emmy Noether, quen, entre outras cuestións, enunciou o Teorema de Noether, tan esencial na teoría da relatividade e no estudo de partículas elementais, e de Adelaide Cabete, unha das primeiras xinecólogas lusas especializadas en obstetricia.

1936:

- Pacto *antikomintern*; Alemaña e Xapón contra a URSS e a Internacional Comunista.
- Golpe de estado do xeneral Metaxas en Grecia.
- Berta Lutz, unha das creadoras das bases do feminismo no Brasil, asume a acta de deputada no parlamento; as súas liñas de acción encamiñanse a mudar a lexislación laboral en relación ao traballo das mulleres e mais das crianzas.
- Margaret Higgins Sanger, despois de 20 anos de loita por fabricar e expandir o seu uso, logra que a xustiza federal dos Estados Unidos de Norteamérica non considere delito contra a obscenidade a propagación e uso do preservativo e do diafragma.
- En Inglaterra Stella Browne, Dora Russell e outras mulleres socialistas forman a Asociación para a Reforma da Lei do Aborto (ALRA).
- En Venezuela e promovida, entre outras, por Luisa del Valle Silva e Ada Pérez créase a Asociación Venezolana de las Mujeres.
- Maruja Mallo participa na Exposición Internacional do Surrealismo celebrada en Londres.
- María del Pilar e María del Carmen Álvarez de Sotomayor expoñen na Sociedade Nacional de Belas Artes de Lisboa.

1937:

- Recoñecemento do dereito ao voto para as mulleres en Filipinas.
- Hitler descobre os seus plans de conquista do mundo mediante a violencia.
- Italia adhírese ao pacto *antikomintern*.
- Guerra chinesa-xaponesa.
- Stalin lanza unha campaña contra o divorcio e o aborto, coa prohibición deste último, agás nos casos de seren terapéuticos, e cunha subida dos custos dos xuízos de divorcio.
- A Liga de Nacións autoriza a formación do Comité da Condición das Mulleres.
- Promúlgase a Constitución da República Irlandesa, na que se teñen en conta os dereitos das mulleres.
- Morre Edith Warton Hawbold, feminista, escritora e arquitecta.

1938:

- Apróbese en Suecia unha lei do aborto.
- O III Reich anexiona Austria. Conferencia de Múnic entre Hitler, Mussolini, Chamberlain e Deladier.
- Trotsky funda a Cuarta Internacional para defender a revolución permanente.
- Premio Nobel de Literatura para a norteamericana Pearl S. Buck.
- Helena Swanwick publica o seu credo pacifista co título *The Roots of War (As raíces da guerra)*, co que reafirma a súa crenza de que as mulleres son máis pacifistas que os homes.

1939:

- Apróbese en Dinamarca unha lei do aborto.
- Pacto de non agresión xermano-soviético.
- Italia invade Albania. Alemaña ataca Polonia. Francia e Inglaterra declaran a guerra contra Alemaña.
- Comeza a Segunda Guerra Mundial, ao seu remate o 50% das vítimas son civís.
- Primeiros microscopios electrónicos nos EEUU.
- En Suíza créase o insecticida antipragas DDT.
- Pasamento de Madeleine Pelletier, psiquiatra, antropóloga e activista comprometida co anarquismo e co socialismo dentro e fóra da masonería, e convencida de que o individuo é un fin en si mesmo independentemente do seu sexo.

1940:

- En Venezuela celébrase a Conferencia Femenina Nacional co obxectivo de promover leis máis xustas para as mulleres.
- Pasamento de Emma Goldman, escritora e anarquista.

1941- 1960

- De Gaulle crea en Londres un Comité Nacional de Franceses Libres.

1941:

- Comezo da guerra no norte de África.
- Pacto neutralidade URSS-Xapón. Pacto anglosoviético contra Alemaña. Bombardeo en Pearl Harbour.
- Os EEUU declaran a guerra a Xapón, Alemaña e Italia. Sinatura da Carta do Atlántico entre Churchill e Roosevelt.
- Nace en Bulgaria Julia Kristeva, que chegará a converterse nunha figura destacada no mundo do pensamento francés, en concreto, e no do feminismo en xeral.
- Nace en Suecia Elfrida Andrée, que chegará a ser unha importante compositora e organista.
- A poetisa portorriqueña Julia de Burgos participa en seminarios públicos sobre a independencia de Porto Rico.
- Pasamento de Virginia Woolf.

1942:

- Recoñecemento do dereito ao voto para as mulleres na República Dominicana.
- Ghandi insta a Gran Bretaña para que abandone a India.
- Conferencia de ministros latinoamericanos en Río de Xaneiro.
- Decídese a intervención na guerra contra as potencias do eixe.
- A actriz norteamericana Hedy Lamarr, en colaboración co músico George Antheil, obtén a patente estadounidense para un sistema de comunicacións secreto destinado a torpedos teledirixidos por radio imposibles de detectar polo bando contrario.
- Nace Aretha Franklin, que chegará a ser unha destacada cantante de soul, gospel e rhythm blues.
- Pasamento da fotógrafa Tina Modotti, que na Guerra Civil española (1936-1939) traballara coas Brigadas Internacionais.

1943:

- Disolución do Komintern -Internacional Comunista-.
- «Revolta da rúa das Rosas» en Berlín, semana de actos de protesta de mulleres casadas con xudeus contra a detención dos seus maridos polo réxime nazi.
- A escritora Joyce Kussu participa na loita armada contra o nazi-fascismo en territorio italiano ata 1945 e acada o grao de capitán de reserva do exército. Pasamento: de Simone Weil, filósofa e escritora francesa, traballadora de empresa automobilística, que se alistara na Columna Durruti no 1936; de Helene Stölcker, xornalista, pedagoga e fundadora da Liga Mundial para a Reforma Sexual.

1944:

- Francia concédelles ás mulleres o dereito ao voto.
- Resistencia francesa e expulsión das tropas alemás de ocupación.
- Constitúese o Consello de Galiza en Montevideo.
- Representantes de varios países chegan a acordos para instaurar un sistema monetario e financeiro internacional e crean as bases de institucións financeiras: Fondo Monetario Internacional (FMI), Banco Mundial (BM), Organización Mundial do Comercio (OMC), Banco de Pagos Internacionais (BPI).
- Outórgase o Premio Goncourt á obra de Elsa Triolet *Le premier accroc coûte 200 Francs*.

1945:

- Recoñecemento do dereito ao voto para as mulleres en Italia, Liberia, Portugal, Guatemala e Mónaco.
- Capitulación do exército alemán.
- Lanzamento das bombas atómicas sobre Hiroshima e Nagasaki.
- Capitulación e desarmamento de Xapón.
- Fin da Segunda Guerra Mundial, no seu decurso moitas mulleres forman parte do Movemento de Resistencia na Loita contra o Nazismo.
- Proclámase a República Democrática de Vietnam.
- Fundación da Liga Árabe. Proceso de Núremberg.
- División do mundo en dous bloques.
- Recoñecemento do dereito ao voto ás mulleres en Francia e Italia.

- A Royal Society admite como membros a: Marjory Stephenson e Kathleen Lonsdale.
- Outórgaselle o Nobel de Literatura a Gabriela Mistral.
- No mes de novembro, Placeres Castellanos acode ao Congreso Internacional de Mulleres celebrado en París representando a Marsella; neste mesmo congreso fúndase a Federación Democrática Internacional de Mujeres (FDIM).
- Créanse en Italia a Unione della Donna Italiana e comisións de mulleres nos partidos políticos.
- Pasamento de María Lacerda de Moura, considerada como unha das pioneiras feministas brasileiras; de Odette Churchill, antifascista francesa, torturada pola Gestapo, internada no campo de Ravensbrück, e de Ana Frank, que morre asasinada polos nazis en Auschwitz.

1946:

- Recoñecemento do dereito ao voto para as mulleres en Albania, O Salvador, Xapón, Panamá, Romanía e Iugoslavia.
- Na Arxentina apróbase a Ley de Derechos Políticos de la Mujer, inclúe o dereito ao voto.
- A ONU crea a súa Comisión da Condición Xurídica e Social da Muller.
- Seis mulleres son elixidas membros do Parlamento xaponés.
- No xuízo de Núremberg non se recoñece que a violación é un crime de guerra ou contra a humanidade.
- Outórgaselles o Nobel da Paz a Emily Greene Balch e a John R. Mott.

1947:

- Inicio nos EEUU da doutrina Truman (acción militar económica contra a expansión comunista).
- Programa de reconstrución europea (Plan Marshall).
- Proclamación de independencia da India.
- En Venezuela, Bulgaria, China e Paquistán, as mulleres obteñen o dereito ao voto e a seren elixidas.
- A Igrexa nacional danesa admite as mulleres sacerdote.
- En Finlandia concédese o voto ás mulleres.
- Gerty Cory é galardoada co Premio Nobel de Fisioloxía e Medicina polo seu traballo sobre o metabolismo dos hidratos de carbono.
- Nace Petra Kelly.

1948:

- Proclámase o estado de Israel en territorio palestino.
- En Groenlandia, Israel, Corea e Bélxica, as mulleres obteñen o dereito ao voto e a ser elixibles.
- Fundación da ONU e promulgación da actual Declaración Universal dos Dereitos Humanos, que contempla a igualdade entre os sexos.
- A ONU condena o réxime español e nega a entrada de España na organización.
- A socióloga holandesa Hilde Verwey-Jonker escribe que é perigoso aceptar que a guerra é asunto de homes e a paz de mulleres.

- A antropóloga Margaret Mead publica *Male and Female*, libro en que amosa empiricamente a arbitrariedade cultural da construción do masculino e do feminino.
- Pasamento: da investigadora do metabolismo bacteriano Marjory Stephenson; da matemática Mileva Maric.
- Asasinato de Ghandi.

1949:

- Recoñecemento do dereito ao voto para as mulleres en Costa Rica, Indonesia, Chile e Siria.
- Proclámase a República Popular de China.
- Separación da India e Paquistán.
- Consello de Europa.
- Créase a OTAN.
- A convención de Xenebra non recoñece a violación como crime de guerra ou contra a humanidade.
- Simone de Beauvoir publica *Le deuxième sexe*; este libro vai ser recoñecido como o impulso para o renacer do feminismo dos anos setenta, representado nos EEUU por feministas como Betty Friedan, Sulamith Firestone ou Kate Millet.

1950:

- Recoñecemento do dereito ao voto ás mulleres en Xapón, Haití e no Quebec.
- Apróbase en Finlandia unha lei do aborto.
- A estas alturas do século XX o protagonismo das mulleres no movemento pola paz e o pacifismo nuclear é innegable.

1951:

- Convención sobre o estatuto de refuxiados.

1952:

- Recoñecemento do dereito ao voto para as mulleres en Bolivia, Grecia, Líbano.
- Galardoada co Premio Goncourt a obra de Beatrice Beck *Léon Morin, Prêtre*.
- Pasamento de María Montessori, pedagoga italiana, primeira en conseguir a graduación médica, e de Victoria Ocampo, importante escritora arxentina, que fora a primeira muller que ocupou o cargo de Académica das Letras Arxentinas.

1953:

- Recoñecemento do dereito ao voto para as mulleres en México.
- Rosalind Franklin descobre a estrutura helicoidal da molécula do ADN.

1954:

- Recoñecemento do dereito ao voto para as mulleres en Colombia.
- Premio Goncourt para Simone de Beauvoir polo seu ensaio *Mandarins* sobre a condición das mulleres.
- Coco Chanel presenta o seu «Look Total», unha combinación de deseño innovador cunha actitude relaxada e que evoca o ocio.
- Pasamento de Frida Kahlo.

1955:

- Recoñecemento do dereito ao voto para as mulleres en Perú, Honduras, Nicaragua e Vietnam.
- Celébrase en Losana e a iniciativa do FDIM un Congreso Mundial das Nais.
- Fúndase nos EEUU a rede de centros Hijas de Bilitis, integrada por feministas lesbianas.
- Pasamento de Milly Witkop Rooquer, anarquista rusa que escribiu unha importante obra sobre o sindicalismo.

1956:

- A Igrexa católica inclúe *Le deuxième sexe*, de Simone de Beauvoir, na lista de libros prohibidos.
- Primeiro Congreso da Emigración Galega en Bos Aires.
- 20 000 mulleres negras marchan en África do Sur contra a discriminación racial e sexual.
- Bette Nesmith Graham patenta o Tippex.
- Pasamento de Irene Juliot-Curie, Premio Nobel de Física en 1935.

1957:

- Tratado de Roma, no que, entre outras cuestións, se establece a creación da Comunidade Económica Europea (CEE) e a Comunidade Europea da Enerxía Atómica, e sinálase que os estados da Comunidade aplicarán o principio de igualdade salarial entre mulleres e homes que desempeñen o mesmo posto de traballo.

1958:

- Fin da Guerra de Corea e división do país en norte e sur.
- O 4 de setembro fúndase en Sierra Maestra o grupo «Mariana Grajales», pelotón militar de mulleres.
- Nace Marina da Silva, quen destacará como loitadora sindicalista e chegará a ser ministra de Medio Ambiente en Brasil.
- Pasamento de Rose Macaulay, antropóloga, poetisa e periodista inglesa, Prix Femina–Vie Hereuse.

1959:

- A ONU subscribe a Convención sobre os Dereitos Políticos da Muller.
- Triunfo da Revolución Cubana.

1959-1975:

- Guerra entre Vietnam do norte e Vietnam do sur, Xot únese á guerrilla contra a ocupación estadounidense.

1960:

- Sirimavo Bandaranaike é nomeada primeira ministra de Sri Lanka, é a primeira vez que unha muller ocupa este cargo.
- Apróbase en Noruega unha lei do aborto.

- Fúndase nos EEUU o Students Nonviolent Coordinating Committee, un grupo de loita polos dereitos das persoas afroamericanas no que se integran un número importante de mulleres.
- Ponse á venda a primeira pílula anticonceptiva, denominada «Enovid».
- Pasamento de Melanie Klein, unha das mais importantes psicanalistas do século XX.

Na década dos sesenta instálanse ordenadores só nalgúñas institucións debido ao elevado custo dos equipos

1961-1980

1961:

- Pasamento da doutora en Ciencias Fisicomatemáticas Nina Karlovna Bari.

1962:

- Independencia de Alxeria.
- Creación da Conferencia das Mulleres Africanas con carácter cultural.
- Galardoadada co Premio Goncourt a obra de Anna Langfus *Les bagages de sable*.
- A aviadora Jacqueline Auriol bate a marca do mundo feminino de velocidade.
- Nos EEUU créase o Students for a Democratic Society para defender os dereitos sociais e oporse á guerra do Vietnam e que vai contar cun importante número de mulleres.
- Pasamento da pintora rusa do cubo-futurismo Natalia Goncharova.
- Asasinato de Luther King.

1963:

- Outórgase o Premio Nobel de Física a Maria Goeppert-Mayer, Eugene Wigner e J. Hans D. Jensen.
- Betty Friedan publica *The feminine mystique*, obra pola que obterá o Premio Pulitzer ao ano seguinte.
- A cosmonauta Valentina Vladimirovna Treshkova orbita a terra, farao noutras tres ocasións ao longo da súa vida.
- Congreso Mundial das Mulleres en Moscova.

1964:

- Margaret Chase presenta a súa candidatura á Casa Branca (EEUU).
- Liselotte Welskopf é a primeira muller que entra como membro de pleno dereito na Akademie der Wissenschaften de Berlín.
- Outórgaselle o Nobel de Química a Dorothy Crowfoot Hodgkin e o de Medicina (compartido) a Dorothy Crawford.
- Pasamento: de María Miramontes e da activista ecoloxista Rachel Louise Carson.

1965:

- A Comisión da Condición Xurídica e Social da Muller da ONU, na súa XVIII reunión realizada en Teherán, ocúpase, entre outras cuestións, da elaboración dun proxecto de declaración para eliminar as discriminacións das mulleres; dá así cumprimento á resolución da ONU de 1921.
- Créase en Xapón o Club Seikatsu, trátase dun grupo de nais preocupadas pola alimentación das crianzas.
- Créase en Italia o colectivo DEMAU.
- En Francia, o movemento pola planificación familiar acada 100 000 adeptas, o que obriga aos partidos políticos a cambiar o Código civil e liberar as mulleres do poder dos maridos.

1966:

- Indira Gandhi é elixida primeira ministra da India.
- Pacto internacional sobre os dereitos civís e políticos.
- Fúndase nos EEUU a National Organization of Women (NOW), grupo de ideoloxía liberal do que forman parte Betty Friedan e Margaret Mead.
- Pasamento da neoiórquica Margaret Higgins Sanger, unha percusora da saúde mental e reprodutiva feminina, da eutanasia, dos dereitos das nais solteiras, do aborto e do uso libre de anticonceptivos.

1967:

- A ONU proclama a declaración sobre a eliminación da discriminación contra a muller.
- En Francia facilítase a venda de anticonceptivos e despenalízase o aborto.
- Mulleres guineanas protestan pola discriminación na educación.
- Créase en Chicago a Women's Liberation Union (Unión para a Liberación da Muller), de orientación socialista.
- Asasinato de Ernesto *Che* Guevara.
- Pasamento da escritora, editora e poetisa Lilith Lorraine (pseudónimo de Mary Maud Wrigth), pioneira da ciencia ficción e autora de historias utópicas nas que imaxina futuros con sociedades socialistas e feministas.

1968:

- Apróbase no Parlamento británico unha lexislación liberal do aborto.
- Organización do Maio francés por estudantes e intelectuais e no que o movemento feminista ten tamén un importante lugar.
- Valerie Solanas publica o *Manifesto SCUM (Society for Cutting Up Men)*.
- Créase en EEUU o xornal *The Voice of the Women's Liberation Movement*.
- Entre este ano e o seguinte créanse nos Estados Unidos de Norteamérica varios grupos feministas socialistas que responden ao nome de Women's International Terrorist Conspiracy from Hell (WITCH).
- Creación en Berlín do Consello de Acción para a Liberación da Muller.
- Realización do Primer Seminario para la Evaluación da Condición Femenina Venezolana.

- Fúndase a organización feminista socialista New York Radical Women, que propón os grupos de autoconciencia, nomeados *consciousness-raising* por Sarachild, como ferramenta para impulsar a capacidade de loita de cada muller.
- Créase en Suíza o Movemento para a Liberación da Muller (FBB en Zürich e MLD en Xenebra).
- Fundación de Cell 16 (Célula 16), considerada a primeira organización do feminismo separatista lesbiano, que estará activa ata 1973.
- Pasamento de Lise Meitner, quen investigara sobre a radioactividade e a física nuclear.

1969:

- Créase *arpanet*, núcleo da actual internet.
- Gran número de folgas de traballadoras portuguesas de diferentes sectores industriais ao longo de todo o ano.
- Tras a disolución da New York Radical Women algunhas das súas ex-membros fundan Redstockings.
- Créase o Centro de Mulleres de Vancouver.
- Créase en Londres o Centro de Liberación da Muller.
- Créase en Inglaterra a revista *Shrew*.
- Sheila Rowbotham publica *Women's Liberation and the New Politics*.
- Lesbianas e gais enfróntanse á represión policial nos arredores de Stonewall In, bar de Nova York.
- Morre Alexandra David-Neel, feminista e exploradora francesa que elaborou un folleto feminista sobre os dereitos das mulleres no fogar; fora a primeira muller que chegou ao Tibet en solitario.

1970-1980:

- Na década de setenta emerxe a Teoría do Punto de Vista Feminista (Feminist Standpoint) da man de sociólogas e filósofas familiarizadas cos escritos de Marx, Engels e Luckas.
- As grandes mobilizacións dos grupos feministas céntranse no dereito ao aborto, no cumprimento da igualdade civil e educativa, contra a violación e o acoso sexual e o acceso a novos campos de acción.
- O movemento feminista dos anos setenta impulsa o desenvolvemento da historia das mulleres. Os traballos de Tilly Scott, Gerda Lerner, Christine Delphy e Natalie Davis serán importantes referencias á hora de abordar o punto de encontro entre traballo, familia e consumo.

1970:

- O papa Pablo VI declara a Santa Teresa Doutora da Igrexa; é a primeira muller que acada ese título.
- Nos EEUU Kate Millet publica *Sexual Politics* e Sulamith Firestone *The Dialectic of Sex: A Case for Feminist Revolution*.
- En Italia créase Rivolta Femmine (Revolución Feminista), feminismo da diferenza, e en relación con esta corrente publícase o libro de Carla Lonzi *Sputiamo su Hegel*.
- Creación do Instituto Argentino de Cultura Gallega en Bos Aires.

- Primeiras manifestacións de mulleres en Xapón.
- En Inglaterra celébrase a primeira Conferencia Nacional do Movemento pola Liberación da Muller.
- En Dinamarca créase o movemento feminista As Medias Vermellas.
- En Francia lánzase o «Manifesto das 343», asinado por mulleres de relevancia social e cultural que reclaman a legalización do aborto e a necesidade de que este se practique en condicións saudables.
- Pasamento en México Mará Lombardi, loitadora italiana perseguida polo fascismo.

1971:

- Recoñecemento do dereito ao voto ás mulleres en Suíza.
- Créase o *e-mail*.
- A Unión Suíza para a Legalización do Aborto (USDA) comeza unha campaña a prol da gratuidade e legalidade deste.
- Créase nos EEUU o Partido Feminista.
- En Alemaña un grupo de mulleres funda Loita Revolucionaria.
- Erin Pizzey, socióloga e xornalista inglesa, funda nas aforas de Londres a primeira residencia para mulleres maltratadas de toda Europa.
- Fúndase en Francia a organización Choisir la Cause des Femmes.

1972:

- O Goberno de Zambia aproba unha lei do aborto de corte liberal.
- Declaración de Estocolmo xurdida ao fio da celebración nesta cidade da Primeira Conferencia sobre o Medio Natural Humano, máis coñecida como Cumio da Terra, trátase dunha reunión de líderes mundiais organizada pola ONU para abordar os desafíos medioambientais do planeta; chégase ao convencemento de que para defender o medio natural cómpre atender os problemas da poboación máis pobre e acórdase levar a cabo reunións futuras cunha periodicidade de 10 anos.
- Créase na India, no estado de Uttar Pradesh, o movemento Chipko, liderado, entre outras, por Mira Behn, Sarala Bhen e Sunderlal Bahuguna, como contestación crítica ao crecente proceso de explotación dos recursos forestais que foron minguando as formas autóctonas de explotación e xestión comunal da terra.
- A líder negra Ángela Davis, membro do Partido Comunista, é absolta da acusación de proporcionar armas a tres revolucionarios.
- Fundación do Centro de Mulleres de Ottawa.
- Creación do Centro de Información Feminino en París.
- En Londres fúndase o Grupo Londiniense de Acción a prol do Aborto (WACC).
- Creación da Alianza de Acción das Mulleres, que ofrece información dos diferentes grupos de mulleres que se foron formando desde Novo México ata Alaska e desde Nova York a Los Ángeles.
- Fundación en Bélxica do Grupo para a Responsabilidade Política da Muller, o Partido Feminista Unificado e Infor-Femmes.
- Créase en Italia o Movimento di Liberazione della Donna.
- Na súa obra *Sex, Gender and Society*, a socióloga feminista Ann Oakley postula a distinción entre sexo e xénero.

- Publicación de *Novas cartas portuguesas*, considerado como o primeiro manifesto feminista portugués; as súas autoras, María Isabel Barreno, María Teresa Horta e María Fátima Velho (as tres Mariás), son detidas e a publicación confiscada.
- Jo Freeman publica o artigo titulado «The Tyranny of Structurelessness», no que analiza esta cuestión no caso dos colectivos feministas norteamericanos.
- Pasamento: da física nuclear de orixe polaca María Goeppert-Mayer: da xenetista botánica e antinazi Elisabeth Schieman.

1973:

- Toma corpo no Himalaia o movemento Chipko.
- Mobilizacións a prol do dereito ao aborto, en particular en Francia e Italia; nos EEUU promúlgase a regulación xurídica e legal de tal dereito e Dinamarca aproba a lei sobre o aborto libre.
- Mary Daly publica *Beyond God the Father: Toward a Philosophy of Women's Liberation*.
- Logo de que as súas concepcións filosóficas fosen condenadas oficialmente por parte das autoridades húngaras, a socióloga Ágnes Heller emigra a Australia e imparte clases en Adelaida.
- Créase en Nova York a Organización Nacional de Mulleres Negras.
- Fúndase en Montreal o Lugar das Mulleres.
- En Bélxica o Grupo de Busca e de Información Feminista publica a revista *Cahiers du Griff*.
- Créase en Roma La Magdalena, asociación cultural feminista e centro de investigación e documentación sobre a muller.
- En Xapón publícase a revista feminista de tendencia radical *Onna-Eros* (Muller-Eros).
- Rozsa Peter é nomeada primeira muller matemática da Academia Húngara das Ciencias.
- Tras o golpe de estado de Pinochet, Lily Traubman, laica, feminista e iniciadora do Grupo Socialista, trasládase a vivir a Kibutz. Helene Cixous publica *Portrait du Soleil*.
- Pasamento da sufragista inglesa Helen Pankhurst, e de Elise Ottensen-Jensen, pioneira da educación sexual e da planificación familiar.

1974:

- Gro Harlem Brundtland, membro do Partido Laborista, é nomeada ministra de Medio Ambiente de Noruega.
- En Francia apróbase a lei do aborto.
- Revolución dos Cravos en Portugal, o 20 de maio mulleres portuguesas crean o Movemento pelo Divórcio.
- Primeira Conferencia das Nacións Unidas sobre poboación.
- A Federación Democrática Internacional de Mulleres pide ante a ONU que 1975 sexa declarado como Ano Internacional da Muller.
- En Etiopía, 3000 mulleres marchan ata o palacio do emperador Haile Selassie, reclamando mellores condicións de traballo.
- A Conferencia das Mulleres Africanas define o seu obxectivo principal: a integración das mulleres na sociedade.

- D'Eaubonne, figura emblemática do movemento feminista francés e cofundadora en 1971 da Fronte Homosexual de Acción Revolucionaria (FHAR), cuña a noción de ecofeminismo.
- Juliet Mitchell publica *Psychoanalysis and Feminism. Freud, Reich, Laing and Women*.
- Annie Leclerc publica *Parole de femme*.
- Luce Irigarai publica *Spéculum de l'autre femme*.
- Heidi Hartmann presenta a súa tese de doutoramento na Universidade de Yale titulada *Capitalism and women's work in the home, 1900-1930*.
- Créase en Francia a Liga dos Dereitos da Muller.
- Créase a Fronte de Mulleres de Dinamarca.
- Créase en Boston o Combahee River Collective, que, activo ata 1980, defende que a experiencia das mulleres brancas non é a experiencia de todas as mulleres.
- En Dinamarca publícase a revista *Kvinder*.
- A activista feminista radical Roxanne Dunbar-Ortiz inicia a súa actividade no Movemento Indio Americano e no Consello do Tratado Indio Internacional.

1975:

- Independencia de Angola.
- Lei de protección do emprego.
- O Goberno portugués revisa o Concordato coa Igrexa católica de xeito que se permite o divorcio civil para os casamentos celebrados pola Igrexa.
- Australia aproba unha lei que permite o aborto durante o primeiro trimestre.
- Na República Popular China apróbase unha restritiva lei do aborto.
- A ONU declara o 1975 como Ano Internacional da Muller e organiza en México a I Conferencia Mundial sobre a Muller, onde se inicia un prazo de dez anos para o desenvolvemento e a mellora da situación das mulleres no mundo.
- Créase o Fondo de Desenvolvemento das Nacións Unidas para a Muller (UNIFEM).
- Gran manifestación de mulleres en Calcuta contra a tradición do dote porque provoca o asasinato de moitas nenas.
- Susan Brownmiller publica *Against Our Will: Men, Women and Rape*.
- Zillah Eisenstein publica *Patriarcado capitalista y feminismo socialista*.
- No ensaio titulado *The Traffic in Women: Notes on the 'Political Economy' of Sex*, a antropóloga Gayle Rubin acuña o concepto sistema sexo/xénero para facer referencia ao conxunto de disposicións polas que unha sociedade transforma a sexualidade biolóxica en produtos da actividade humana.
- En Perú fúndase a Comisión Nacional de la Mujer Peruana e declárase o Año de la Mujer Peruana.
- En Portugal o Movemento de Libertação das Mulheres fai a súa primeira convocatoria pública, as empregadas do fogar tamén se organizan e crean sucursais en todas as cidades.
- Fundación do Partido Feminista Unificado en Francia e Bélxica.
- En Francia mulleres artistas forman o grupo Dialogue.
- En Inglaterra créase o Wires, centro de información nacional do movemento feminista.
- En Nova York miles de mulleres marchan pola avenida Broadway en demanda da igualdade de dereitos (ERA).

- En Irlanda nace un gran número de grupos feministas, como Mulleres Irlandesas Unidas (IWU) ou Acción, Información, Motivación (AIM).
- Créase en Venezuela a Comisión Femenina Asesora de la Presidencia de la República, unha de cuxas actividades é a convocatoria do I Congreso Venezolano de Mujeres.
- Danse os primeiros pasos para a creación do Comité de Madres de Desaparecidos de El Salvador.
- En Suíza a Alianza das Sociedades Femininas Suízas, fundada a comezos de século, volve cobrar impulso.
- Ten lugar en Berlín o Congreso Internacional de Mulleres Demócratas.
- O 2 de xuño, máis de cen prostitutas ocupan a igrexa de Saint-Nizier en Lyon para chamar a atención sobre a súa mala situación e as represalias que reciben da policía. Desde entón, prostitutas e asociacións latinoamericanas e europeas en defensa do sexo celebran, de maneira non oficial, o Día Internacional das Putas.
- Pasamento: da filósofa xermano-estadounidense Hannah Arendt; de Doria Shafik, feminista, sufraxista e activista exipcia.
- Asasinato de Anna Mae Pictou Aquash, india canadense, membro activo do American Indian Movement e loitadora para que se introducise nas escolas unha educación bicultural.

1976:

- Remate da guerra de Vietnam.
- Catro mulleres entran a formar parte do Goberno de Roma.
- Comezo da década das Nacións Unidas para a muller.
- Apróbase en Portugal unha constitución en que se declara a igualdade de dereitos entre homes e mulleres.
- A República Federal de Alemaña aproba unha lei do aborto e outra pola que a muller casada poderá manter o seu apelido de solteira.
- Entre o 4 e 8 de marzo, contando coa representación de 28 países de Europa, América e África, constitúese en Bruxelas o Tribunal Internacional de Crimes contra as Mulleres.
- Outórgaselles o Nobel da Paz a Betty Williams e Mairead Corrigan.
- No mes de setembro créase en Portugal a União de Mulheres Alternativa e Resposta.
- En Bélxica fúndase o Centro de Mulleres en Liexa.
- En Irlanda créase o Movemento de Mulleres para a Paz, formado por mulleres protestantes e católicas.
- En Roma créase a radio Donna.
- En Portugal constitúese a União de Mulheres Alternativa e Resposta (UMAR).
- Efectúanse por primeira vez os Xogos Paralímpicos.
- Pasamento da escritora inglesa de novelas de suspense Agatha Christie.

1977:

- Outórgaselles o Nobel de Medicina a Rosalyn Yalow, Roger Guillemin e Andrew V. Schally.
- No Quebec publícase o periódico feminista *Les Têtes de Pioche*.
- En Portugal fúndase a Cooperativa Editorial de Mulheres.

- En Zürich fúndase a Organización pola Causa da Muller (OFRA).
- En Kenya Wangari Maathai organiza o Movemento Cinturón Verde.
- En Suíza créase Isis, Centro de Información e Documentación no Movemento Internacional da Liberación da Muller.
- En Nicaragua créase a Asociación de Mujeres Nicaraguanas Luisa Amanda Espinoza.
- En Arxentina toman corpo en abril as Madres de Plaza de Mayo e meses máis tarde Abuelas de Plaza de Mayo.
- Festival feminista en Holanda.
- En París os días 19-20 de maio lévase a cabo un encontro para a formación da I Internacional Feminista; nos debates interviñeron o Partido Feminista Unificado Francés, o Partido Feminista Unificado de Bélxica, o Partido Feminista de Alemaña, os colectivos de Barcelona e Madrid e a Organización Feminista Revolucionaria de Cataluña.
- Ten lugar en Malta a II Conferencia Socialista do Mediterráneo, na que se toma o acordo de realizar unha conferencia de mulleres do Mediterráneo.

1978:

- Directiva 79/7/CEE, do 19 de decembro de 1978, que obriga os Estados membros a aplicar progresivamente o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres en materia de seguridade social.
- Despois das mobilizacións populares masivas dos anos 70, o Goberno italiano regula a Lei do aborto.
- Publícase en Portugal o primeiro número da revista *Mulheres*.
- Publicación en Portugal dos primeiros números da revista *Mulher d'Abril. Publicação Mensal da União das Mulheres Antifascistas e Revolucionárias (UMAR)*.
- Desenvólvese en Londres a primeira reunión para preparar unha campaña internacional para o dereito ao aborto.
- Pasamento da artista dadaísta alemá Hannah Höch e da antropóloga Margaret Mead.

1979:

- Maria de Lurdes Pintasilgo toma posesión do cargo de primeira ministra de Portugal.
- Margaret Thatcher é elixida primeira ministra de Inglaterra e exercerá este cargo ata 1990.
- A ONU adopta a convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller.
- O Goberno francés regula por lei o aborto.
- Yvonne Choquet-Bruhat convértese na primeira muller membro da Académie des Sciences francesa.
- Outórgaselle o Premio Nobel da Paz á madre Teresa de Calcuta.
- Zillah Eiesenstein publica *Capitalist Patriarchy and the Case for Socialist Feminism*.
- Fúndase o partido de Los Verdes (Die Grünen) en Alemaña.
- Óbito da pintora francesa de orixe rusa Sonia Delaunay.

1980:

- Independencia de Zimbabwe logo de vinte anos de guerra contra a supremacía branca.
- En Portugal noméase por vez primeira unha gobernadora civil, Mariana Calhau Perdigão.
- En Noruega Gro Brundtland é elixida primeira ministra e escolle un Consello de 8 mulleres.
- Indira Gandhi é nomeada presidenta da India.
- Vigdis Finnbogadottir é elixida presidenta de Islandia.
- Conferencia Mundial do Decenio das Nacións Unidas para a Muller.
- Revisión do Plan de Acción de Copenhague (ONU).
- Organízase a conferencia «Mulleres e vida na terra» na cidade de Amherst coa finalidade de difundir ideas ecofeministas.
- Entra na Academia da Lingua Francesa Marguerite Yourcenar.
- Maurice Godelier distingue entre proceso de traballo orientado á produción de valores de uso, que comprenderían aspectos unicamente económicos, e o proceso de traballo orientado á produción social, isto é, como proceso que xera un conxunto de relacións sociais.
- As relacións entre feminismo, heterosexualidade e lesbianismo xeran divisións entre feministas materialistas.
- No mes de xullo ten lugar o Festival Internacional de Mujeres Artistas en Dinamarca.
- Pasamento: da militante anarquista do Movemento Libertario Portugués María Antonia Barreto Aquino; da revolucionaria cubana Celia Sánchez Manduley; da matemática e defensora da igualdade de oportunidades e dos dereitos das afroamericanas Martha Euphemia Lofton-Haynes.

1981-1985

- Nas guerras que se van producir ao longo das décadas dos oitenta e noventa, un 80% son vítimas civís.

1981:

- Entrada en vigor da Convención sobre a Discriminación contra a Muller (ONU).
- Sandra Day O'Connor é nomeada xuíza na Corte Suprema dos EEUU.
- Apróbase en Holanda unha lei do aborto.
- O ensaio de Ellen Willis *Lust Horizons: Is the Women's Movement Pro-Sex?* entende o corpo, a sexualidade e a pornografía como espazos posibles de resignificación e empoderamento político para as mulleres e as minorías sexuais; dá orixe ao termo *pro-sex feminism* (feminismo prosexo).
- Publícase a antoloxía de textos escritos por mulleres negras *This Bridge Called My Back: Writings by Radical Women of Color*.
- Angela Davis publica *Women, Race & Class*.
- Comezan a organizarse os encontros feministas de América Latina e O Caribe financiados pola «cooperación internacional»; no primeiro destes encontros xorde a

proposta de facer do 25 de novembro un día de reflexión e denuncia contra as diferentes formas de violencia contra as mulleres; desde 1982 e en diferentes puntos do planeta fanse celebracións, pero será na Conferencia Internacional da Muller, organizada por Terre de Hommes en maio de 1987, cando se declare oficialmente Día Internacional pola non Violencia contra a Muller, tamén chamado Día Internacional Contra a Violencia de Xénero.

- Comeza a se articular a Red de Educación Popular entre Mujeres de América Latina y el Caribe (REPEN).
- Un grupo noruegués de mulleres pola paz no mes de xuño inicia unha marcha en Copenhague que chega a París no mes de agosto.
- A actriz e política Melina Mercuri é nomeada ministra de Cultura en Grecia.
- Créase a Rede Europea de Mulleres.
- Iníciase a marcha de mulleres contra a OTAN, durará 13 anos.
- O debate feminista xira arredor de dúas grandes liñas: igualdade e diferenza.

1982:

- Outórgaselles o Premio Nobel da Paz a Alva Myrdal e a Alfonso García Robles.
- Tamara Haraven distingue entre ciclo vital das mulleres, que discorre a partir das pautas biolóxicas; curso da vida, resultado das distintas decisións ou opcións tomadas en contextos determinados, e ciclo familiar, suxeito ás fases de formación e desenvolvemento.
- A petición de grupos feministas, en Francia establécese o 8 de marzo como día festivo.
- En Francia, créase a Axencia de Mulleres da Información.
- Mulleres israelís, tras decatarse da súa invisibilización nos grupos de paz mixtos, comezan a actuar pola súa conta.
- Grupos de mulleres nórdicas pola paz parten de Estocolmo nunha marcha ata Moscova.
- No mes de setembro 40 mulleres de Gales, do grupo Mulleres pola Vida e a Terra, xunto con algúns homes, fan unha marcha desde Cardiff ata a base aérea da OTAN en Greenham Common, protestan pola decisión de instalar nela 96 mísiles nucleares de cruceiro e establecen campamento permanente; este campamento convértese en referencia do movemento pola paz e móntanse campamentos noutras bases; 250 mulleres bloquean as instalacións e houbo 34 detidas, o campamento foi desalojado en maio, mais recolócanse constantemente; no mes de decembro fan unha cadea humana de abrazo á base; o campamento permanece na base ata o ano 2000.
- Confirmase que Alaide Foppa, escritora feminista de Guatemala, fora asasinada había dous anos polo Goberno do ditador Romeo Lucas García.
- Masacre de mulleres labregas en El Petén (Guatemala).
- Pasamento de Helena Wright, médica inglesa pioneira no control da natalidade.

1983:

- Primeiro programa de acción comunitaria para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 1983-1985 proposto pola Comisión Europea.
- Chegan os primeiros mísiles á base aérea da OTAN en Greenham Common e no mes de abril 70000 persoas forman unha cadea humana arredor da base.
- Convención en Berlín por unha Europa desnuclearizada.

- Outórgaselle o Nobel de Medicina a Barbara McClintock.
- Nancy Harstock publica *El punto de vista feminista: desarrollando las bases para un materialismo histórico específicamente feminista*.
- Petra Kelly publica *Loitar pola esperanza. Sin violencia hacia un futuro verde*.
- Pasamento: de Leda Eafanelli; de May Picqueray, anarquista francesa encargada do periódico *Le Refractarie*; da escritora portuguesa María Lamas; de Marie-Adèle Anciaux, unha das pioneiras na loita pola defensa animal e contra a vivisección.

1984:

- O Parlamento portugués aproba o proxecto sobre a despenalización do aborto.
- Adopción da recomendación relativa a accións positivas a favor das mulleres (ONU).
- Convención en Perugia por unha Europa desnuclearizada.
- A obra de Marguerite Duras *L'Amant* é galardoada co Premio Goncourt.
- A escritora feminista mozambicana Paulina Chiziane inicia a súa actividade literaria.
- Un grupo de artistas norteamericanas feministas crean o grupo Guerrilla Girls.
- Morre asasinada a primeira ministra da India, Indira Gandhi.

1985:

- Conferencia Mundial da ONU sobre as Mulleres en Nairobi; faise balance do conseguido nos diferentes países desde 1975.
- O Parlamento Europeo adopta no mes de marzo a Recomendación sobre a Violencia no Seo da Familia.
- No mes de decembro o Parlamento Europeo establece o Premio Sajarov para a Liberdade de Conciencia.
- A bióloga e filósofa feminista Donna Haraway publica o seu manifesto *Cyborg*.
- Luce Irigaray publica *This Sex Which Is Not One* e *Speculum: Of the Other Woman*.
- Nace no mes de xaneiro en Portugal a revista *Artemisia. Textos Feministas*, proxecto aberto a todos os discursos e tendencias feministas.
- No mes de decembro lévase a cabo en Madrid o I Encontro Europeo de Mulleres Emigrantes Españolas.
- Entre o 26 de outubro e o 2 de novembro ten lugar en Berlín a Semana Lesbiana.
- Pasamento: de Simone de Beauvoir; da pintora e fotógrafa suíza Meret Oppenheim, e de Margaret Michaelis, fotógrafa austríaca que realizou reportaxes durante a Guerra Civil española de 1936-1939.

1986-1990

1986:

- A ONU adopta a recomendación da reunión de expertos sobre violencia no fogar e os seus efectos nas mulleres.
- Segundo programa de acción comunitaria para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 1986-1990 proposto pola Comisión Europea.

- O Parlamento Europeo adopta resolucións sobre as agresións á muller.
- Desenvólvese en Bruxelas, na sede do Parlamento Europeo, un Congreso Internacional de Prostitutas, organizado polo grupo Arco Iris e a Comisión Internacional de Dereitos das Prostitutas.
- A Rede de Mulleres Europea crea o Tribunal Europeo Contra a Feminización da Pobreza.
- Créase a Liga dos Dereitos das Mulheres Portuguesas.
- O Frente Continental de Mujeres contra la Intervención (FCMCI) realiza unha xira por Arxentina, Perú, Uruguai... na loita pola paz.
- Entre os días 6 e 8 de marzo lévase a cabo en Trinidad e Tobago un Encontro de Mulleres Caribeñas.
- Mobilizacións de mulleres en Chile contra a ditadura de Pinochet.
- No mes de marzo ten lugar en Xinebra a VIII Conferencia Internacional de Lesbianas organizada polo International Lesbian Information Service (ILIS).
- Entre os días 25 de outubro e o 1 de novembro realízase a segunda semana de lesbianas en Berlín.
- Pasamento de Ada Rogato, a primeira aviadora de Brasil e de toda América do sur.

1987:

- Os presidentes dos EEUU e URSS asinan o Tratado para as Forzas Nucleares de alcance intermedio (Intermediate-range Nuclear Forces Treaty).
- A OCDE introduce o concepto de «receptividade administrativa», entendida como unha predisposición das administracións para comprender a capacidade que cada persoa posúe para facer fronte ao proceso administrativo, facilitando o seu acceso ás prestacións que ten dereito a esperar.
- No mes de marzo ten lugar en Oxford unha conferencia sobre leis europeas de igualdade.
- Outorgan o Premio Nobel de Química a Jean-Marie Lehn, Donald J. Cram e Charles J. Pedersen.
- A Coordinadora Europea de Mulleres organiza o seminario Violência contra as Mulheres en Lisboa.
- En Portugal constitúese a Coordinadora Nacional de Mulheres.
- Un grupo de mulleres italianas dá os primeiros pasos para asentarmos o primeiro campamento internacional de mulleres pola paz no estreito de Gaza.
- Celébrase en México o I Encuentro Lésbico-Feminista.
- Créase en Nova York, no Centro para a Comunidade Lesbia, Gai, Bisexual e Transxénero, o grupo Act Up co obxecto de conseguir lexislacións favorables e de promover a investigación científica e a asistencia a doentes ata conseguir políticas necesarias para acadar a fin da SIDA.

1987-1993:

- Primeira Intifada e en Israel créanse numerosos grupos de mulleres a favor da paz.

1988:

- Benazir Bhutto é elixida xefa do Goberno de Paquistán; é a primeira muller que ocupa este cargo nun país islámico.

- Organización Mundial da Saúde declara o 1 de decembro como o Día Internacional contra a SIDA.
- Outórgaselles o Nobel de Medicina a Gertrude B. Elion, Sir James W. Black e George H. Hitchings.
- Carole Pateman publica *The Sexual Contract*. Con este termo refírese ao pacto social segundo o que as mulleres deberían satisfacer as necesidades dos varóns relativas ao coidado da vida para que estes poidan cumprir coa condición de cidadáns e traballadores asalariados ou empresarios.
- Créase en Israel Mulleres de Negro (Women in Black), rede mundial de mulleres contra a guerra, a violencia e o militarismo, que neste ano se manifestan contra a ocupación militar israelí e constrúen pontes de paz coas mulleres palestinas.
- As mulleres da Asociación pola Paz de Italia deciden constituírse como Mulleres de Negro.
- O 12 de setembro constitúese en Guatemala o grupo CONAVIGUA, composto por mulleres de orixe maia contra a violencia xeneralizada impulsada polo exército contra comunidades indíxenas.
- Créase a Associação Portuguesa de Mulheres Juristas.
- Barbara Blaine funda a Rede de Superviventes de Abusos por parte do Clero.
- Entre os días 1 e 8 de outubro efectúase a Cuarta Semana de Lesbianas de Berlín.
- Ten lugar en Frankfurt o congreso feminista Mulleres contra a Tecnoloxía Xenética e Reprodutiva.
- Na Universidade de Amsterdam realízase o Congreso Feminista Internacional sobre Atención á Saúde Mental das Mulleres.
- Manifestación antinuclear fronte á embaixada francesa en Bonn.
- Morre María Teresa de León, escritora republicana comprometida contra a guerra.

1989:

- Caída do Muro de Berlín.
- Adopción por parte da ONU da Convención sobre os Dereitos do Neno.
- Publícase unha resolución do Parlamento Europeo sobre transexuais que lles solicita aos Estados membros que os tratamentos corran a cargo da Seguridade Social e, ademais, a preparación de documentos de identidade, a existencia de prestacións por desemprego...
- Progresiva disolución da Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas (URSS).
- Alice Echols publica *Daring to Be Bad: Radical Feminism in America, 1967-75*.
- A xornalista e escritora Nelida Piñón pasa a formar parte da Academia Brasileira de Letras.
- Inicio dun proceso de diálogo entre mulleres israelís e palestinas en Bruxelas.
- A organización Redstockings crea The Archives for Action.

1990:

- Entrada en vigor da Convención sobre os Dereitos do Neno.
- Mary Robinson é elixida presidenta de Irlanda.
- Margaret Thatcher dimite como primeira ministra do Reino Unido.
- Outórgaselle o Premio Sajarov a Aung San Suu Kyi, activista e líder birmana contra a violencia.
- Creación do Lobby Europeo das Mulleres.

- Créase en Nova York a Queer Nation, unha organización de loita a favor dos dereitos LGBT e contra a homofobia.
- Marcha pola Paz en Xerusalén, que congrega a mulleres israelís, palestinas, americanas e europeas.
- Myrna Mack é asasinada por un comando do Estado Mayor Presidencial de Guatemala.
- Pasamento da matemática e investigadora Dame Mary Lucy Cartwright.

1991-1995

Uso da categoría de xénero para analizar a organización social das relacións entre os sexos e as relacións desiguais de poder. Insístese no carácter relacional da dita categoría e en que non debe nin pode identificarse xénero con mulleres.

Nos anos noventa, coa presión de mulleres de África e de todo o mundo, as axencias de Nacións Unidas logran colocar o problema da ablación nas axendas da saúde e dereitos humanos das mulleres.

Poténciase o uso do ordenador e da internet como elemento de comunicación.

Xeneralízase o uso da telefonía móbil.

1991:

- Referendo pola independencia de Croacia. Apróbase o Tratado de Maastricht.
- Terceiro programa de acción comunitaria para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 1991-1995 proposto pola Comisión Europea.
- A Unión Europea crea o Programa NOW destinado ao apoio das iniciativas empresariais, laborais e profesionais das mulleres; o nome do programa quere ser unha homenaxe a Betty Friedan.
- Tim Beiners-Lee funda en Suíza a World Wide Web (www).
- Guerra do Golfo.
- Ten lugar en Miami a Conferencia preparatoria para o Cumio da Terra de Río de Xaneiro de 1992.
- Hazel Johnson é nomeada Nai do Movemento pola Xustiza Ambiental no Primeiro Cumio Nacional de Liderado Ambiental celebrado en Washington.
- Nadine Gordimer é premiada co Nobel de Literatura.
- A xornalista e feminista Susan Faludi é galardoada co Premio Pulitzer e publica *Backlash: the undeclared war against American women*.
- Naomi Wolf publica *Beauty Myth*.
- O grupo australiano VNS Matrix publica na internet o *Manifiesto ciberfeminista para o século XXI*.
- O Partido das Mulleres (Zest) de Belgrado fai un chamamento á responsabilidade histórica dos distintos parlamentos ante os conflitos militares.

- Constitúese tamén en Belgrado o Parlamento de Mulleres o 8 de marzo como resposta á baixísima presenza delas no Parlamento oficial, 1,6%.
- Constitúense Mulleres de Negro en Italia contra a guerra do Golfo Pérsico.
- En Belgrado e Pancevo fórmanse grupos de Mulleres de Negro contra a Guerra (Zene u Crnom Prativ Rata).
- Créase Le Network of Sex Work Projects.
- Pasamento: de Ruth Badvin Cowan, correspondente de guerra durante a Segunda Guerra Mundial; da actriz alemá Marlene Dietrich; de Ursula Hirschmann, política socialdemócrata alemá que traballou na liña antifascista (desde 1932), na formación do Movemento Federalista Europeo (1943) e na creación do grupo Femmes pour l'Europe (1975).

1992:

- Cumio da Terra en Río de Xaneiro no que se aproba a Carta da Terra e o *Programa/Axenda 21*, en que se expón un plan detallado de acción encamiñado a que o mundo abandone o actual modelo de crecemento económico na consecución do desenvolvemento sostible, e recoméndanse formas de reforzar o papel das mulleres, dos sindicatos, das e dos agricultores, das crianzas, da xuventude, dos pobos indíxenas, da comunidade científica, das autoridades locais, do empresariado, da industria e das ONG para a consecución de obxectivos.
- Directiva 92/85/CEE, do 19 de outubro de 1992, para a aplicación de medidas para promover a mellora da seguridade da saúde no traballo da traballadora preñada, que parise ou en período de lactancia.
- O Parlamento Europeo aproba unha resolución solicitando ao Goberno español que cesen as persecucións, xuízos e detencións por aborto.
- Entre as conclusións da conferencia internacional celebrada en Praga sobre Mulleres de Europa do Leste, inclúese o acordo de que a violación é considerada crime de guerra.
- Declaración de Atenas, na que as mulleres amosan o seu interese en asinar un novo contrato social e en establecer, dunha vez para sempre, unha democracia paritaria.
- Concédese o Nobel da Paz a Rigoberta Menchú, activista a favor dos dereitos humanos e das mulleres indíxenas.
- Outórgaselles o Premio Sajarov ás Madres de Plaza de Mayo e o Premio Cervantes á cubana Dulce María Loynaz.
- Saen á rúa en Tegucigalpa os primeiros números da revista *Entre Amigas*.
- No mes de novembro mulleres do grupo Tresnjevka de Zagreb informan aos medios de comunicación da existencia de campos de violación e morte nos territorios ocupados de Bosnia-Hercegovina e Croacia e inclúen unha lista detallada de lugares de localización.
- Nais de soldados serbios esixen o regreso dos seus fillos da fronte.
- Comeza a se comercializar en Inglaterra o preservativo feminino.
- Pasamento: da fisicomatemática Grace Murray Hopper; da loitadora feminista Petra Kelly; da poeta feminista lesbiana e negra Audre Lorde.
- A loitadora social peruana María Elena Moyano é asasinada por Sendero Luminoso.

1993:

- A ONU adopta a Declaración da Eliminación da Violencia contra as Mulleres.

- Levase á conferencia polos dereitos humanos celebrada en Viena a petición de que a violación sexa considerada crime de guerra.
- No mes de xaneiro, Amnistía Internacional publica un informe sobre violacións e abusos sexuais en Bosnia-Herzegovina.
- Vandana Shiva e Maria Mies publican a obra *Ecofeminism*.
- Con motivo da Conferencia das Nacións Unidas sobre os Dereitos Humanos celebrada en Viena, o Foro Mundial das ONG desenvolve a súa campaña co lema «Os dereitos das mulleres son dereitos humanos».
- Creación en Nova York do primeiro grupo Lesbian Avengers. Un ano despois existen grupos noutros estados norteamericanos, Canadá, Alemaña, Inglaterra e Xapón.
- Cerca de 600 mulleres maniféstanse diante da sede das Nacións Unidas de Xenebra para protestar polas violacións de mulleres de Bosnia-Herzegovina cometidas polas tropas serbias e croatas e piden que estes actos sexan considerados «crimes contra a humanidade». Similar pedido formulan as mulleres en Alemaña e Italia.

1994:

- Declarado Ano Internacional da Familia pola ONU. Tamén esta organización nomea un responsable en temáticas de violencia contra a muller e celebra a Conferencia do Cairo.
- Xenocidio en Ruanda: 800000 mortes en cen días, estímase que o 2,3 % dos perpetradores son mulleres.
- Matanza no mercado de Saraievo, que remata coa guerra da antiga Iugoslavia. Posteriormente a ONU intervén no conflito.
- A xinecóloga, columnista e novelista Talisma Nasrin recibe o Premio Sajarov.
- En Sudáfrica grupos de mulleres forman unha federación antiapartheid.
- Celébrase en Brighton a Primeira Conferencia Mundial sobre a Muller e o Deporte, na que se xera a Declaración de Brighton e se crea o Grupo de Traballo Internacional sobre Muller e Deporte.
- Na primaveira publícase en Portugal *!Mulibu!. Orgão de expressão e informação do Colectivo de Mulheres Libertárias Unidas*.
- Asemblea xeral do Lobby Europeu de Mulheres en Lisboa.
- En protesta contra a lei de inmigración británica antilesbiana, as Lesbian Avengers organizan a súa primeira acción pública.
- Pasamento da matemática Helena Rasiowa e da actriz e política grega Melina Mércuri.

1995:

- Marina da Silva é nomeada ministra do Medio Ambiente de Brasil.
- O Premio Sajarov é outorgado á escritora kurda Leyla Zana.
- Marcha «Pan e rosas» de dez días contra a pobreza no Quebec.
- Cuarta conferencia da ONU sobre as mulleres en Beijing co lema «A igualdade – legal e real– entre homes e mulleres é un dereito básico»; paralelamente, lévase a cabo unha conferencia alternativa de mulleres de todo o mundo, que supera en número ás participantes na conferencia oficial e á que asisten unha gran cantidade de mulleres feministas; acórdase comezar a deseñar un proxecto para que as

mulleres de todo o mundo se unan ao longo do ano 2000 na MMM (Marcha Mundial das Mulleres).

- No informe do proxecto «Mulleres e Guerra», realizado polo Panos Institute, recóllense máis de douscentos testemuños de mulleres de 12 países onde houbo guerra ou confrontacións armadas.
- No VII Encuentro Feminista de Cartagena (Chile) confróntanse feministas institucionais e autónomas.

A mediados dos anos noventa, calcúlase que no mundo hai arredor de cen millóns de persoas refuxiadas e desprazadas internas, das que o 80% son mulleres e crianzas.

1996-2000

1996:

- Cuarto programa de acción comunitaria para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 1996-2000 proposto pola Comisión Europea.
- Nélida Piñon é nomeada presidenta da Academia Brasileira das Letras.
- Outórgaselle o Nobel de Literatura á polaca Wislawa Szymborska.
- Roberta Hamilton publica *Gendering the Vertical Mosaic: Feminist Perspectives on Canadian Society*.
- A bióloga e filósofa Donna Haraway publica co título *Cyborgs, and Women: The Reinvention of Nature* unha compilación dos seus artigos escritos entre 1978 e 1989.
- Lia Cigarini desenvolve as súas aproximacións arredor do «tempo de vida e tempo de traballo».
- Créase en Colombia o grupo Mujeres Resistiendo por la Vida.
- Sesenta feministas francesas crean Les Penélopes, unha das primeiras webs de mulleres.
- Desenvólvese en Serbia o V Encontro Internacional de Mulleres de Negro, unha rede de solidariedade de mulleres contra a guerra.
- Ten lugar en Chiapas o I Encontro Intercontinental pola Humanidade e contra o Neoliberalismo.
- Pasamento da escritora e cineasta Marguerite Duras e da socióloga feminista norteamericana Jessie Bernard.

1997:

- Centrado no Cambio Climático, a Asemblea Xeral da ONU celebra o Cumio da Terra en Kyoto, que deriva nas seguintes recomendacións: adoptar obxectivos xuridicamente vinculantes para reducir a emisión de gases de efecto invernadoiro causantes do cambio climático, avanzar decididamente cara a modalidades sostibles de produción, distribución e utilización da enerxía e centrarse na erradicación da pobreza como requisito previo para o desenvolvemento sostible.
- A ONU declara o primeiro decenio para a eliminación da pobreza.
- O Parlamento Europeo adopta unha resolución sobre a tolerancia cero ante a violencia contra as mulleres.

- Co apoio político e económico do Consello Nórdico dos Ministros, UNESCO, UNICEF e o Consello de Europa, lévanse a cabo seis conferencias nórdicas e internacionais sobre os roles e valores masculinos e femininos.
- Aminata Dramane Traoré é nomeada ministra de Cultura e Turismo de Mali. Dimitirá do cargo en 2000 para poder manter a súa liberdade de palabra.
- Salima Ghezali, directora do semanario *La Nation*, é galardoada co Premio Sajarov.
- Sadie Plant publica *Zeroes + Ones: Digital Women and the New Technoculture*.
- Nun artigo de dúas investigadoras suecas publicado na revista *Nature* móstrase que os homes teñen o dobre de oportunidades de conseguir bolsas posdoutorais.
- A Plataforma Anti-Maastricht promove a I Marcha Europea contra o Paro e a Pobreza.
- Ten lugar en Madrid o II Encontro Intercontinental pola Humanidade e contra o Neoliberalismo.
- Tres mulleres pacifistas entran na fábrica da British Aerospace, inutilizan compoñentes armamentísticos de avións militares e penduran pancartas denunciando a matanza de Santa Cruz no Timor Leste en 1991.
- En Kassel, o 20 de setembro, no marco da mostra internacional de arte contemporánea Documenta X, desenvólvese a I Internacional Ciberfeminista.
- Creación de Mulleres pola Paz de Nepal.
- Fúndase en Berlín a organización internacional ciberfeminista Old Boys Network.
- Mulleres israelís e palestinas promoven a campaña «Compartir Xerusalén: dúas capitais para dous estados».
- A francesa Laurence de la Ferriere chega ao Polo Sur en solitario.
- Lucy Roberts, Croline Hamilton, Pam Oliver e Zoe Hudson chegan ao Polo Norte.

1998:

- A ONU adopta o Estatuto da Corte Penal Internacional (xulga crimes contra a humanidade, xenocidios e crimes de guerra).
- O Parlamento Europeo fai un chamamento á comunidade internacional en apoio ás mulleres afganas. Radhika Coomaraswamy, relatora especial de Nacións Unidas sobre a Violencia contra as mulleres, resalta a participación de mulleres nos exércitos insurxentes e que as mulleres comezan a ser acusadas de crimes de guerra.
- Organízase en Xenebra a Acción Global dos Pobos (AGP) contra o libre comercio.
- Cerca de tres mil mulleres chilenas realizan unha gran marcha para repudiar o acceso de Pinochet a unha senaduría vitalicia.
- Outórgaselle o Nobel de Economía a Amartya Sen.
- Encontro preparatorio da MMM no Quebec coa participación de 140 mulleres de 65 países; realízase unha análise das mulleres no mundo e concrétase unha plataforma reivindicativa para loitar contra a pobreza e a violencia.
- Toma corpo o primeiro encontro *Queeruption* en Londres, que terá continuidade anual.

1999:

- Ano Internacional das Persoas Maiores.
- O 17 de decembro de 1999, a Asemblea Xeral das Nacións Unidas declarou o 25 de novembro como Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres.
- Foro Social Mundial en Seattle. Conferencia de París o 17 de abril.
- Directriz europea da paridade como principio democrático fundamental.

- Desenvólvese en Gran Bretaña o proxecto Athena, ten a finalidade de promover a presenza de mulleres na ciencia, na enxeñaría, na tecnoloxía, na educación superior e na investigación.
- Constitución da Plataforma Europea da MMM.
- Creación da rede Indymedia de centros de medios de información independentes de todo o mundo.

2000:

- Ano internacional dunha Cultura Pola Paz.
- A Asemblea Xeral das Nacións Unidas xúntase en Nova York co lema «Igualdade de xénero, desenvolvemento e paz para o século XXI» para facer balance da implementación da plataforma de acción de Beijing.
- Foro Social Mundial en Porto Alegre.
- Conferencia Nacional pola Paz de Somalia en Arta, Djibuti.
- I Folga Mundial de Mulleres «Paremos o mundo para cambialo».
- Artículase en Brasil a primeira Marcha das Margaridas en homenaxe à ex-líder sindical Margarida Maria Alves, asasinada en 1983, na porta da súa casa, por latifundistas.
- Convocatoria da Plataforma Europea da MMM en Bruxelas (14 outubro) e da Plataforma Mundial en Washington (15 outubro) e Nova York (17 outubro).
- A Organización Femenina Popular e a Ruta Pacífica de las Mujeres de Colombia acordan constituír un grupo de Mulleres de Negro, estanse a dar os primeiros pasos da Ruta Pacífica de las Mujeres Colombianas.
- Ten lugar en Olympia, Washington, o primeiro Ladyfest, que é un colectivo internacional autoxestionado que se manexa no plano *underground*, compartindo, modelando e intercambiado ideas feministas, antixenófobas, *queer* e anticapitalistas e que participa constantemente no activismo social mediante música, conferencias, talleres, cine, perfomances e distintas formas de arte ou antiarte.
- Pasamento da fotógrafa húngara Kati Horna e da anarquista italiana Luce Fabbri, responsable da revista *Studi Sociali* editada en Montevideo.

Século XXI

2001-2005

2001:

- No mes de xullo a ONU celebra en Bonn o Foro Internacional dos Pobos Indíxenas e as Comunidades Locais, e no mes de decembro en Marraquech a Xunta de Pobos Indíxenas e Comunidades Locais.
- Galardoada co Premio Sajarov a profesora universitaria israelí Nurit Peled.
- Galardoada co Millenium Peace Prize for Women a Ruta Pacífica de las Mujeres Colombianas.
- Promovido polo departamento de Women's Studies da Universidade de Utrecht, realízase o Noise European Summer School in Women's Studies.
- Antonella Pichio desenvolve o concepto de «Economía do coidado».

- Créanse grupos de Mulleres de Negro en Tokyo.
- Pasamento de Emilie Schindler, responsable, xunto co seu marido, da salvación de máis de 1200 xudeus durante a II Guerra Mundial.

2002:

- A Asemblea Xeral da ONU celebra o Cumio da Terra en Johannesburgo, as conclusións inclúen novas metas relacionadas co medio natural e co desenvolvemento sostible prestando particular atención ás necesidades concretas de África e dos pequenos Estados insulares en vías de desenvolvemento e a novas cuestións.
- Créase a Unión Africana, composta por 53 países.
- Créase o International Committee on the Rights of Sex Workers in Europe.
- O grupo de Helsinki sobre Mulleres e Ciencia, despois de estudar a situación dos 15 Estados membros da UE, pon de manifesto que a presenza de mulleres na investigación científica diminúe a medida que se ascende nos cargos de decisión e responsabilidade.
- Co lema «Contra a guerra, o racismo e o liberalismo», ten lugar en Florencia o Primeiro Foro Social Mundial Europeo.
- Marcha de mulleres polo deserto de Chihuahua (México) ata Ciudad Juárez, reclamando xustiza para as mulleres desaparecidas e asasinadas desde 1993.
- En Colombia o Movemento de Mulleres contra a Guerra organiza unha marcha en que participan 40000 mulleres.

2003:

- Ano Internacional da Auga Doce.
- Celébrase no Cairo o Primeiro Cumio Unión Europea-África.
- Nina Pacarí, integrante do Goberno de Ecuador desde 1997, asume o cargo de Ministra de los Negocios Extranjeros, sendo a primeira vez nese país que unha muller asume este cargo.
- Celébrase en Bruxelas a Conferencia Europea sobre Traballo Sexual, Dereitos Humanos, Traballo e Migración.
- Outórgaselle o Nobel da Paz á avogada e activista iraniana Shirin Ebadi.
- Marina Silva, «Senadora da Selva», é galardoada co Premio ao Desenvolvemento Sustentable.
- Créase en Coimbra a Rede Lilás.
- Mobilizacións de grupos de mulleres con participación activa da MMM nas diferentes mobilizacións en contra da guerra de Iraq.
- Reunión internacional de Mulleres de Negro en Marina di Massa (Italia).
- É encarcerada Aung San Kyi, fundadora da Liga Nal para a Democracia Birmana.
- Un mozo exaltado queima viva a moza de 18 anos Sohane Benziane.
- Pasamento de Monique Wittig, escritora e teórica feminista francesa, e da actriz estadounidense Katherine Hepburn.

2004:

- O Tribunal Internacional contra Crimes de Guerra réunese en Tokyo para xulgar os crimes levados a cabo polo exército xaponés contra as mulleres durante a Segunda Guerra Mundial.

- Directiva 2004/113/CE, do 13 de decembro de 2004, pola que se aplica o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres ao acceso a bens e servizos e a súa subministración.
- O Premio Nobel de Medicina recae en Linda B. Buck e Richard Axel; o da Paz en Wangari Muta Maathai.
- NextGenderation fai unha campaña que, co lema «Non no noso nome», denuncia a instrumentalización á que son sometidas as mulleres musulmás, tratadas como vítimas nas representacións occidentais e do feminismo branco.
- Convocatoria da Plataforma Europea da MMM na cidade de Vigo.
- Celébrase en Nepal unha Conferencia Internacional sobre Muller e Deporte e en Ecuador o V Congreso Pan-Americano sobre Muller e Deporte.
- Pasamento de Susan Moller Okin, unha das teóricas feministas máis destacadas do século XX, e da novelista, ensaísta e activista Susan Sontag.

2005:

- Ano Internacional de Física. O Goberno israelí desaloxa colonias xudías de Gaza.
- Aprobación da Carta das Mulleres.
- Ellen Johson é nomeada presidenta de Liberia, é a primeira muller que desempeña ese cargo nun país africano.
- Outórgaselles o Premio Sajarov ás Damas de Blanco de Cuba e á avogada nixeriana Huawa Ibrahim.
- A Hellenic Association for the Advancement of Women in Sport celebra o seminario Mulleres e Deporte na Cultura Mediterránea; a International Association of Physical Education and Sport for Girls and Women un congreso sobre aprendizaxe e liderado das mulleres na política.
- Pasamento da escritora e activista feminista Andrea Dworkin.

2006-2010

2006:

- O 17 de maio o Parlamento Europeo e o Consello da Unión Europea declaran o ano 2007 como Ano Europeo da Igualdade de Oportunidades para Todos.
- Na normativa europea varios antigos actos lexislativos son derogados e substituídos pola Directiva 2006/54/CE, do 5 de xullo de 2006, relativa á aplicación do principio de igualdade de oportunidades e igualdade de trato entre homes e mulleres en asuntos de emprego e ocupación. Esta Directiva define a discriminación directa, a discriminación indirecta, o acoso e o acoso sexual. Así mesmo, pídelles aos empresarios que adopten medidas preventivas para loitar contra o acoso sexual, endurece as sancións en caso de discriminación e prevé a creación, nos Estados membros, de organismos encargados de promover a igualdade de trato entre mulleres e homes.
- En decembro o Parlamento Europeo e o Consello constitúen o Instituto Europeo da Igualdade de Xénero (EIGE), con sede en Vilna (Lituania), co obxectivo xeral de contribuír a fomentar e reforzar a igualdade entre homes e mulleres con medidas como a integración da dimensión de xénero en todas as políticas nacionais e da UE.

- Celébrase en Nixeria o Primeiro Cumio África-América Latina.
- Montenegro declara a súa independencia de Serbia.
- Michelle Bachelet é a gañadora das eleccións presidenciais chilenas; Evo Morales, das bolivianas.
- Despenalización do aborto en Colombia.
- Tarja Halonen é reelixida Presidenta de Finlandia.
- Entre os días 15 e 19 de novembro celébrase en Gana un Fórum Feminista Africano; nel apróbase unha Carta de Principios Feministas co compromiso de loitar pola erradicación do patriarcado en África.
- Na casa de María Casares en La Vergne créase La Maison du Comédien Maria Casarès.
- O Parlamento de Bosnia-Herzegovina recoñece que as mulleres violadas polos militares serbios entre 1990 e 1992 son tamén vítimas de guerra.
- Celébrase en Xapón a IV Conferencia Mundial sobre Muller e Deporte.
- Pasamento: de Betty Friedan, precursora do movemento feminista; de Iris Marion Young, unha das teóricas feministas máis destacadas do século XX; da compositora rusa Galina Ustvolskaya; da activista estadounidense Coretta Scott King; da autora neocelandesa Margaret Mahy.

2007:

- Ano Internacional da Heliofísica.
- Cristina Fernández vence nas eleccións presidenciais arxentinas.
- Ciudad de México e Portugal despenalizan o aborto.
- Ano Europeo da Igualdade de Oportunidades para Todas e Todos.
- O 23 de outubro é declarado Día Internacional pola Despatoloxización Trans e ten lugar en varias cidades do mundo a primeira convocatoria de manifestación da campaña internacional Stop Trans Pathologization (STP-2012), consistente en denunciar publicamente a psiquiatrización das identidades e as graves consecuencias do chamado «trastorno de identidade sexual ou de xénero» (TIG) así como en facer visible a violencia que se exerce sobre as persoas intersexuais mediante os procedementos médicos vixentes.
- Margarita Salas Falgueras é elixida membro estranxeira da Academia Nacional de Ciencias dos Estados Unidos.
- Frances Allen recibe o Premio Turing (de informática), é a primeira vez que unha muller recibe este galardón.
- Galardoada co Nobel de Literatura Doris Lessing.
- Obras de artistas feministas dan corpo a exposicións no Museum of Contemporary Art de Los Ángeles e no Brooklyn Museum de Nova York.
- Publícase en Portugal a revista *Faces de Eva*.
- Ten lugar en Tokyo o VI Congreso da Japan Society for Sport and Gender Studies. Centenario do nacemento de Frida Kalo.
- Pasamento: de Grisélidis Real, escritora, prostituta, poetisa e defensora dos dereitos das prostitutas; da política ecuatoriana Guadalupe Larriva; da activista surafricana Adelaide Tambo; da activista feminista, escritora e xornalista Ellen Willis; da escritora infantil en idioma bengalí Leela Majumdar; da matemática americana Emma Lehmer.

2008:

- Ano Internacional da Pataca.
- Kosovo fai unha declaración formal de independencia.
- Fidel Castro renuncia á xefatura do Estado cubano.
- Gloria Rubin e Lilian Soto son confirmadas respectivamente como ministra da muller e encargada do traspaso na Secretaría de la Función Pública de Paraguai.
- Eleccións presidenciais nos EEUU, resulta elixido Barack Hussein Obama; é a primeira vez que un negro acada este posto.
- Baixo o lema «La igualdad no es una utopía», celébrase en Madrid a X edición do encontro internacional Mundos de Mujeres 2008.
- Despois de oitenta anos sen celebrar encontros deste tipo, organízase un Congreso Feminista en Lisboa.
- XI Encuentro Feminista Latinoamericano y del Caribe.
- A científica Françoise Barré-Sinoussi comparte con dous investigadores o Nobel de Medicina.
- Celébrase en Osaka o VII Congreso da Japan Society for Sport and Gender Studies, centrado nos medios de comunicación, e en Grecia un Foro Internacional sobre a Xuventude e Deporte con Perspectiva de Xénero.
- Primeira edición da Copa Mundial Femenina de Fútbol Sub-17, que se realizará cada dous anos.
- Toma corpo o proxecto re.act.feminism, un arquivo de documentación videográfica e cinematográfica que aglutina traballos realizados desde as décadas dos 60 e 80 do século XX arredor do feminismo, do *queer* e das estratexias artísticas, que son unha serie de obras performativas que permiten ver as relacións de poder inscritas nos corpos, nas súas posibilidades de resistencia e pracer e na descuberta de subxectividade singulars.
- Pasamento da última falante nativa e xefa da tribo ayak, Marie Smith Jones; da activista polaca Irena Shendler «O anxo do gueto de Varsovia»; da activista arxentina Alicia Zubasnabar de la Cuadra; da activista feminista e unha das escritoras máis innovadoras da ficción portuguesa contemporánea María Gabriela Llansol; da activista chilena Otilia Vargas, e da activista feminista do Oriente Medio Maha Nasar.

2009:

- Rose Francine Rogombé accede á Presidencia de Gabón.
- Barack Obama accede á presidencia dos EEUU, é a primeira vez que un negro ocupa este cargo.
- Outórgaselle o premio Sájarov á Liberdade de Conciencia á organización Memorial, en recoñecemento á súa defensa dos dereitos civís en Rusia.
- A autora francosenagalesa Marie Ndiaye é galardoada co premio Goncourt pola súa novela *Trois femmes puissantes*.
- O indio Venkatraman Ramakrishnan, o estadounidense Thomas A. Steitz e a israelí Ada Yonath reciben o Nobel de Química.
- Elizabeth H. Blackburn, Carol W. Greider e Jack W. Szostak reciben o Nobel de Fisioloxía ou Medicina por descubrir como se protexen os cromosomas por telómeros e polo enzima telomerasa.

- Venkatraman Ramakrishnan, Thomas A. Steitz e Ada E. Yonath reciben o Nobel de Química polos seus estudos da estrutura e funcións.
- Herta Müller é galardoada co Nobel de Literatura.
- Elinor Ostrom e Oliver Williamson reciben o Nobel de Economía polos seus traballos en xestión económica.
- A Federación Internacional de Periodismo pon en marcha un Consello de Xénero, que se ocupa da mellora da imaxe das mulleres nos medios de comunicación.
- A Comisión Europea publica *She figures 2009: Women and Science. Statistics and Indicators*. Celébrase en Filipinas o Foro Beijing+15 e en Tokyo o VIII Congreso da Japan Society for Sport and Gender Studies, centrado na relación deporte e xénero no leste asiático.
- Pasamento: da escritora uruguaia Idea Vilariño; da cantante arxentina Mercedes Sosa; da activista mexicana Esther Chávez Cano; da bailarina clásica Georgina Parkinson; da defensora dos dereitos do pobo indíxena de Ecuador Tránsito Amaguaña.

2010:

- Julia Gillard é elixida primeira ministra de Australia.
- Eufrosina Cruz Mendoza é elixida presidenta do Parlamento de Oaxaca.
- Presidencia española do Consello da Unión Europea.
- Directiva 2010/41/UE, do 7 de xullo de 2010, na que se establecen obxectivos para a aplicación do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres que exercen una actividade autónoma, incluídas as actividades agrícolas, así como sobre a protección da maternidade, e pola que se derroga a Directiva 86/613/CEE do Consello.
- A Comisión Europea aproba a Carta da Muller para promover de forma máis eficaz a igualdade entre mulleres e homes en Europa e no mundo.
- No mes de xuño a Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa aproba unha resolución en que se pide a fin dos estereotipos sexistas nos medios de comunicación.
- Ten lugar en Sydney a V Conferencia Mundial sobre Muller e Deporte.
- Celébrase en Cancún unha Conferencia sobre o Cambio Climático, que dá lugar á emisión do Acordo de Cancún, no que se amplían as medidas recollidas no Protocolo de Kyoto.
- Apróbase en Portugal a lei que permite os matrimonios entre persoas do mesmo sexo.
- Celébrase en Nagasaki a III Conferencia Mundial de UNI Mulleres, centrada nos problemas das mulleres no mercado laboral mundial.
- Como parte da Terceira Acción Internacional da Marcha Mundial das Mulleres, celébrase un Encontro Feminista Europeo en Istanbul.
- Os Premios Goncourt e os Nobel son outorgados integramente a homes.
- Pasamento: da estadounidense Zelda Rubinstein, actriz e activista dos dereitos humanos; da escultora e artista plástica francoestadounidense Louise Bourgeois; da cantante de boleros cubana Olga Guillot.

2011-2015

2011:

- Dilma Rouseff toma posesión do cargo de presidenta do Brasil.
- Celébranse as eleccións parlamentarias en Tailandia, polas que Yingluck Shinawatra é elixida primeira ministra por maioría absoluta.
- En México, no mes de decembro, o Consejo Nacional para la Cultura y las Artes (Conaculta) institúe o Reconocimiento Rosario Castellanos a la Trayectoria Cultural de la Mujer.
- Directiva 2011/36/UE, do 5 de abril, relativa á prevención e loita contra a trata de seres humanos e á protección das vítimas. Esta Directiva substitúe a Decisión marco 2002/629/JAI do Consello, dispón a aproximación das sancións pola trata de seres humanos nos distintos Estados membros e das medidas de apoio destinadas ás vítimas, e pide aos Estados membros que estuden a adopción de medidas para tipificar penalmente o uso de servizos que son obxecto de explotación a sabendas de que a persoa é vítima da trata a fin de desalentar a demanda; tamén crea a función de coordinador da UE para a loita contra a trata de seres humanos.
- A presidenta liberiana (Ellen Johnson-Sirleaf), a activista liberiana Leymah Gbowee e a activista iemení Tawakkul Karman obteñen o Premio Nobel da Paz.
- Reactívase o arquivo móbil de *performance re.act.feminism*, que ata 2013 circulará por diferentes países da Europa Oriental e Occidental, do mundo árabe e de Centro, Norte e Sur América.
- Celébranse as I Jornadas Feministas de Algeciras «Medicalización de los ciclos reproductivos, partos intervenidos y alternativas en Andalucía».
- Pasamento: da poetisa e defensora dos dereitos humanos Susana Chávez; da activista rusa polos dereitos humanos Yelena Bónner; da avogada arxentina e activista polos dereitos da muller Florentina Gómez Miranda; da actriz e política chilena María Malvenda; da escritora holandesa Hella Haasse; da bióloga estadounidense Lynn Margulis; da novelista alemá Christa Wolf; da cantante caboverdiana Cesária Évora; da cantante inglesa Amy Winehouse; da escritora, activista política e xornalista Elena Poniatowska; da ecofeminista kenyana Wangari Maathai; de Albert Freedman, profesional da psiquiatría comprometido cos dereitos civís e que tivo un papel determinante no proceso que levou a retirar a homosexualidade da lista do *Manual de diagnóstico de enfermedades mentais*.

2012:

- Ano Internacional das Cooperativas e da Enerxía Sostible.
- Ningunha muller é galardoada co Premio Nobel.
- Dous activistas iranianos, a avogada Nasrin Sotoudeh e o director de cine Jafar Panahi reciben o Premio Saharov á Liberdade de Conciencia.
- Pasamento de Shulamith Firestone, unha das figuras centrais do feminismo radical norteamericano; da pensadora feminista francesa Françoise Collin; da cantante costarrriqueña Chavela Vargas (Isabel Vargas Lizano); da cantante e compositora uruguaia de tango Nina Miranda; da fotógrafa estadounidense Eve Arold; da escritora costarrriqueña Carmen Naranjo; da guionista estadounidense de cine mudo de Hollywood Federica Sagor Maas; da cantante e senadora portorriqueña Ruth

Fernández; da deseñadora de vestiario xaponesa Eiko Ishioka; da poetisa polaca Wislawa Szymborska; da soprano surafricana Elizabeth Connel, da líder obreira e feminista boliviana Domitila Chúngara; da compositora cubana Elena Casals; da activista arxentina e membro das Abuelas de la Plaza de Mayo Nélica Gómez de Navajas; da escritora belga Jacqueline Harpman; da física e astronauta estadounidense Sally Ride; da pianista romanesa Michaela Ursuleasa; da ximnasta brasileira Eduarda Mello de Queiroz; da neuróloga e senadora italiana Rita Levi-Montalcini; da Premio Nobel de Medicina Rita Levi-Montalcini.

2013

- A Asemblea Xeral do Parlamento de Turquía aproba unha modificación dos seus regulamentos internos, vixentes desde 1923, para permitirlles ás parlamentarias vestir pantalóns, chaquetas e vestidos durante as sesións.
- Alice Munro é galardoada co Premio Nobel de Literatura.
- Malala Yousafzai é recoñecida co Premio Sájarov á Liberdade de Conciencia.
- A xurista conservadora Zarela Villanueva Monge é elixida presidenta da Corte Suprema de Xustiza de Costa Rica.
- No mes de decembro a reverenda Pat Storey foi consagrada bispo da Igrexa de Irlanda; trátase da primeira vez que unha muller ocupa este posto.
- Pasamento de Margaret Thatcher, da escritora e periodista polaca Teresa Toranska, da bioquímica francesa Marianne Gruberg-Manago, da actriz mexicana Lilia del Valle, da activista dos dereitos de gais e lesbianas e mestra estadounidense Jeanne Manford.

2014:

- Ano Internacional de Solidariedade co Pobo Palestino.
- A ONU salienta a necesidade de garantir o recoñecemento da diversidade sexual e o respecto dos dereitos de lesbianas, gais, bisexuais e transxénero na normativa das políticas públicas de todos os países e estados.
- Referendo para a independencia de Escocia.
- Catherine Samba-Panza ocupa de xeito interino a Presidencia da República Centrafricana.
- Anne Hidalgo accede á Alcaldía de París.
- Premio Nobel da Paz a Malala Yousafzai e de Medicina a May-Britt Moser, xunto a John O'Keefe e Eduard J. Moser.
- Pasamento da poeta xaponesa Yōko Mitsui, da actriz mexicana Alma Muriel, da activista comunista Marina Ginestà e da actriz e produtora de cine hindú Anjali Devi.

2015:

- Dilma Rousseff inicia o seu segundo goberno á fronte de Brasil.
- No mes de decembro, a Comisión Europea publica o Compromiso Estratéxico para a Igualdade de Xenero 2016-2019, un documento de traballo para dar continuidade e seguimento á Estratexia para a Igualdade entre Mulleres e Homes 2010-2015.
- A Corte Suprema dos EEUU legaliza o matrimonio entre persoas do mesmo sexo ao declarar inconstitucionais todas as leis contrarias que existían nos distintos estados.

- O Foro Iberoamericano de Entidades Médicas aproba a Declaración de Santiago de Compostela, na que describen a violencia de xénero como unha manifestación inaceptable de discriminación, desigualdade e inequidade amais dun grave problema para a saúde pública.
- O Vaticano reconece a Palestina como unha nación soberana e independente.
- No mes de xullo, na marcha polo orgullo gai realizada en Xerusalén, un fanático relixioso apuñala unha ducia de asistentes.
- Pasamento de Fátima Mernissi, pioneira do feminismo musulmán; Isabel Rosado, educadora, traballadora social, activista e política portorriqueña; Epitacia Zamora Teodoro, destacada loitadora mexicana do movemento Zacualpan; a autora de manga japonesa Cocoa Fujiwara; a antropóloga Nancy Sullivan; da astrónoma peruana María Luisa Aguilar Hurtado, primeira graduada nesta especialidade no seu país; da activista francesa, supervivinte de Auschwitz e fundadora da Asociación da Memoria dos Deportados e Resistentes de Europa Yvette Farnoux.
- Asasinato da activista transexual argentina e dirixente do Movemento Antidiscriminatorio de Liberación (MAL) Diana Sacayán.

2016-2020

2016

- Leïla Slimani é galardoada co Premio Goncourt pola súa novela *Chanson douce*.
- Nadia Murad e Lamiya Aji Bashar son galardoadas co Premio Sájarov á Liberdade de Conciencia.
- Pasamento da escritora estadounidense Nelle Harper Lee, autora do libro antirracista *Matar a un ruiseñor*.
- Ten lugar en Varsovia (Polonia), entre os días 9 e 11 de marzo, o congreso Identidade de Xénero en Galicia.
- Pasamento da escritora inglesa Doris Lessing.

Siglas

ADM: Asociación Democrática da Muller /Asociación Democrática de la Mujer
ADMG: Asociación Democrática da Muller Galega Concepción Arenal
ADN: Ácido Dexosirribonucleico
AEIHM: Asociación Española de Investigación de Historia de las Mujeres
AELG: Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega
AEMU: Asociación Española de Mujeres Universitarias
AET: Transexualia. Asociación Española de Transexuales
AFIPRODEL: Asociación «Finisterrae» de profesionais de desenvolvemento local
AGASEX: Asociación Galega de Saúde Sexual
AGM: Asociación Galega da Muller
AGP: Acción Global dos Pobos
AIT: Asociación Internacional dos Traballadores
ALAS: Asociación pola Liberdade Afectiva Sexual
AMA: Asemblea de Mulleres de Arousa
AMASOL: Asociación de Mujeres Solteras
AMC: Asemblea de Mulleres da Coruña
AM-GN: Asemblea de Mulleres de Galiza Nova
AMI: Asemblea da Mocidade Independentista
AMIT: Asociación de Mujeres Investigadoras y Tecnólogas
AMP: Asemblea de Mulleres de Pontevedra
ANCHE: Asociación de Comunicación Humana y Ecológica
ANEGA: Asemblea Nacional de Estudiantes Galegas
ANME: Asociación Nacional de Mujeres Españolas
ANPG: Asemblea Nacional Popular Galega
APAIOGA: Asociación profesional de Axentes de Igualdade de Oportunidades Galega
APD: Asociación por la Paz y el Desarme
APEC: Asociación para la Promoción y Evolución Cultural
AS-PG: Associação Sócio-Pedagógica Galega
ASTANO: Astilleros y Talleres del Noroeste
ATH-ELE: Asociación de Trabajadoras del Hogar Etxeko Langileen Elkartea
AUM: Asociación Universitaria de Mujeres
AUPEPM: Asociación Universitaria Pro Estudio do Problema da Muller
BALS: Bloque Alternativo por la Liberación Sexual
BNG: Bloque Nacionalista Galego
BOE: Boletín Oficial del Estado
BOGA: Bolleras de Galicia
CAE: Comités Abertos de Estudiantes
CAF: Comités Abertos de Facultades
CAPD: Comité de Acción por la Paz e o Desarme
CATS: Comité de Apoyo a las Trabajadoras del Sexo
CCAN: Club Cultural de Amigos de la Naturaleza
CCG: Consello da Cultura Galega
CCGG: Coordinadora de Colectivos Gais de Galicia
CCGL: Colectivo Coruñés de Gais e Lesbianas

CCLL: Comisións Labregas
CCOO: Comisiones Obreiras / Comisións Obreras
CEE: Comunidade Económica Europea
CEOP: Coordinadora Estatal de Organizaciones Pacifistas
CEXEF: Centro de Estudos de Xénero e Feminismo da Universidade da Coruña
CFD: Coordinadora Feminista Donicela
CFG: Coordinadora Feminista Galega
CFG: Colectivo Feminista Independente Galego
CFLM: Colectivo de Feministas Lesbianas de Madrid
CFV: Coordinadora Feminista de Vigo
CGLOU: Colectivo Gai e Lésbico Ourenán
CHC: Homosexual de Compostela
CIDM: Centro de Información sobre Los Derechos de la Mujer
CIDM: Comisión para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres
CIFEX: Centro de Investigacións Feministas e de Estudos de Xénero
CIG: Confederación Intersindical Galega
CIMA: Asociación de Mujeres Cineastas y de Medios Audiovisuales
CLI-NTCS: Colectivo de Lesbianas Independiente Nosotras Tal Como Somos
CME: Colectivo de Mulleres Ensinantes
CMERV: Colectivo de Mulleres Ensinantes do Rosa ao Violeta
CNMMM: Coordinadora Nacional da Marcha Mundial de Mulleres
CNOOFF: Coordinadora Nacional de Organizacións Feministas
CNOP: Coordinadora Nacional de Organizacións pola Paz
CNT: Confederación Nacional de Trabajo
COFG: Coordinadora de Organizacións Feministas Galegas
COFLHEE: Coordinadora de Frentes de Liberación Homosexual del Estado Español
COOFFEE: Coordinadora de Organizaciones Feministas del Estado Español
COOFFG: Coordinadora de Organizacións Feministas de Galicia
COSAL: Comité de Solidariedade con América Latina
CRECUL: Colectivo Reivindicativo Cultural de Lesbianas
CRG: Confederación Regional Galaica
CSIC: Consejo Superior de Investigaciones Científicas
CUT: Central Unitaria dos Traballadores
CXTG: Confederación Xeral de Traballadores Galegos
DDHH: Dereitos Humanos
DM: Departamento da Muller / Departamento das Mulleres
DOAN: Dones Antimilitaristes
DOG: Diario Oficial de Galicia
EAJ4: España Telegrafía Sen Fíos Emisora (4)
EEUU: Estados Unidos de Norteamérica
EG: Esquerda Galega
EI: Estudiantes Independentistas
ENDESA: Empresa Nacional de Electricidad, SA
ERGA: Estudiantes Revolucionarios Galegos
ESAP: Encuentro Social Alternativo al Petroleo
ESO: Educación Secundaria Obrigatoria
FADEMUR: Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia
FAGC: Fundación del Front d' Alliberament Gai de Catalunya
FAVEC: Federación de Asociacións Veciñais de Vigo «Eduardo Chao»
FCMCI: Frente Continental de Mujeres contra la Intervención

FDIM: Federación Democrática Internacional de Mujeres
FEIN: Feministas Independentes
FELG: Federación Estatal de Gais y Lesbianas
FENOSA: Fuerzas Electricas del Noroeste
FER: Fronte Estudiantil Revolucionario
FHAR: Fronte Homosexual de Acción Revolucionaria
FIGA: Feministas Independentes Galegas
FLHEE: Frente de Liberación Homosexual del Estado Español
FLM: Frente de Liberación de la Mujer
FOF: Federación de Organizaciones Feministas
FPG: Fronte Popular Galega
FRAP: Fronte Rovolucionario Antifascista e Patriota
FRE: Federación Regional Española
FTRE: Federación de Trabajadores de la Región Española
FUE: Fundación Universitaria Escolar
GALEGA: Gais e Lesbianas de Galicia
GMF: Grupos de Mulleres de Facultades
GMM: Grupo de Mulleres de Medicina
GMP: Grupo de Mulleres de Pontevedra
GMU: Grupos de Mulleres da Universidade
GTQ: Grupo de Trabajo Queer
HOAC: Hermandad Obrera de Acción Católica
HUNOSA: Hulleras del Norte Sociedad Anónima
IDEGA: Instituto de Estudios y Desarrollo de Galicia
ILIS: International Lesbian Information Service
INEM: Instituto Nacional de Empleo
INTG: Intersindical Nacional Galega
JOC: Juventud Obrera Católica
JSU: Juventud Socialista Unificada
JUF: Juventud Universitaria Feminista
KAS: Koordinadora Abertzale Sozialista
LAMAR: Lucha Antiautoritaria de Mujeres Antipatriarcales y Revolucionarias
LAU: Ley de Arrendamientos Urbanos
LCR: Liga Comunista Revolucionaria
LGBT: Lesbianas, Gais, Bisexuais, Transexuais
LH: Libertaçom Homosexual
LICIT: Línea de Investigación y Cooperación con Inmigrantes y Trabajadoras Sexuales
LRMP: Liga Republicana das Mulheres Portuguesas
MAOC: Milicias Armadas Obreiras e Campesiñas
MAS: Movimiento Apostólico Seglar
MAV: Mujeres en las Artes Visuais
MCG: Movimento Comunista Galego
MCR: Movimento Comunista Revolucionario
MDM: Movimiento Democrático de Mujeres / Movimento Democrático de Mulleres
MDMG: Movimento Democrático da Muller Galega
MFG: Movimento Feminista Galego
MGR: Mocidade Galega Revolucionaria
ML: Mulheres Livres
MLM: Movimiento de Liberación de la Mujer
MLU: Mulleres Lúdicas

MMM: Marcha Mundial de Mulleres
MNG: Mulleres Nacionalistas Galegas / Mulheres Nacionalistas Galegas
MOC: Movimiento de Objeción de Conciencia
MP: Mulleres Progresistas
MPDL: Movimiento por la Paz el Desarme y la Libertad
MPG: Museo do Pobo Galego
MUFEST: festival de cine feito por mulleres.
MUGACON: Mulleres Galegas na Comunicación
MXA: Mulleres Xoves Area
NODO: Noticiarios y Documentales
NOW: Nuevas Oportunidades para as Mulleres
NUWSS: National Union of Women's Suffrage Societies
OCDE: Organización para la Cooperación y el Desarrollo Económicos
OCLE: Organización Coruñesa de Lesbianas
OFR: Organización Feminista Revolucionaria
OIT: Organización Internacional do Traballo
ONG: Organización Non Gubernamental
ONU: Organización de Nacións Unidas
ORGA: Organización Republicana Gallega
OTAN: Organización do Tratado do Atlántico Norte
OTG: Oficina de Treball da Generalitat
PC: Partido Comunista
PCE: Partido Comunista de España
PCG: Partido Comunista de Galicia
PFE: Partido Feminista de España
POUM: Partido Obrero de Unificación Marxista
PP: Partido Popular
PSdeG: Partido Socialista de Galicia
PSG: Partido Socialista Galego
PSOE: Partido Socialista Obrero Español
PST: Partido Socialista de los Trabajadores
PTE: Partido de Trabajo de España
RAG: Real Academia Galega
RENFE: Red Nacional de los Ferrocarriles Españoles
REPEM: Red de Educación Popular entre Mujeres de América Latina y el Caribe
RQTR: Asociación de Lesbianas, Gays, Bisexuales y Transexuales Erre Que Te Erre
RSO: Resposta Sexual Oleiros
RST: Raras Somos Todas
RTVG: Radio e Televisión de Galicia
SC: Santiago de Compostela
SGAI: Servizo Galego de Igualdade
SGPIHOM: Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller
SGTE: Sindicato Galego de Traballadores do Ensino
SIDA: Síndrome de Inmuno Deficiencia Adquirida
SIP: Sindicato de Industria Pesquera
SLG: Sindicato Labrego Galego
SM: Secretaría da Muller
SMU: Seminario Muller e Universidade
SO: Solidaridad Obrera
SOG: Sindicato Obreiro Galego

STEG: Sindicato de Traballadores do Ensino Galego
STP: Stop Trans Pathologization
UA: Unións Agrarias
UAB: Universidad Autónoma de Barcelona
UAM: Universidad Autónoma de Madrid
UCD: Unión de Centro Democrático
UCM: Universidad Complutense de Madrid
UDC: Universidade da Coruña
UE: Unión Europea
UGT: Unión General de Trabajadores
UHF: Ultra High Frequency (Frecuencia Ultra Alta)
ULM: Unión para Liberación de la Mujer
UMAR: União das Mulheres Antifascistas e Revolucionárias
UME: Unión de Mujeres de España
UMF: Unión de Mujeres Feministas
UMG: Unión da Mocidade Galega
UNESCO: Organización das Nacións Unidas para a Educación a Ciencia e a Cultura
UNIFEM: Fondo de Desenvolvemento das Nacións Unidas para a Muller
UPA: Unión de Pequenos Agricultores e Gandeiros
UPG: Unión do Pobo Galego
URSS: Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas
USC: Universidade de Santiago de Compostela
USTG: Unión Sindical de Traballadores de Galicia
UTEG: unión de Traballadores do Ensino Galego
UVigo: Universidade de Vigo
UXT: Unión Xeral de traballadores
VNS: Venus
VVAA: Varias Autorías
WACC: Grupo Londiniense de Acción a prol do Aborto
WITCH: Women's International Terrorist Conspiracy from Hell
WTUL: Women's Trade Union League
www: World Wide Web